

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 13

Sesión plenaria
24 de novembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794, PL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 06.10.2020

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 39, do 02.11.2020

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (doc. núm. 2624, 11/PL-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 06.10.2020

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 44, do 11.11.2020

Punto 2. Comparecencia

2.1 5465 (11/CPP-000026)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

Punto 3. Mocións

3.1 5327 (11/MOC-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de Seguimento de Contactos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3635, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

3.2 5329 (11/MOC-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3563, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020



3.3 5339 (11/MOC-000012)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno Central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3652, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 3466 (11/PNP-000371)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

4.2 3552 (11/PNP-000381)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia Innova 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

4.3 4440 (11/PNP-000501)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 04.11.2020

4.4 4898 (11/PNP-000560)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 44, do 11.11.2020

4.5 4961 (11/PNP-000566)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 44, do 11.11.2020



4.6 5010 (11/PNP-000574)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 44, do 11.11.2020

Punto 5. Interpelacións**5.1 582 (11/INT-000017)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

5.2 1027 (11/INT-000044)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

5.3 4381 (11/INT-000286)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 04.11.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 5446 (11/POPX-000009)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para protexer as mulleres durante a pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

6.2 5447 (11/POPX-000010)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego da evolución da crise sanitaria, social e económica xeadas pola covid-19 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 3691 (11/POP-000463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da información e asesoramento que reciben, co actual marco regulatorio, os concellos, as comunidades rurais e de montes, así como a veciñanza en xeral, para poder negociar con garantías cos promotores eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

7.2 5302 (11/PUP-000083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a impulsar a Xunta de Galicia para frear a ocupación ilegal de vivendas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.3 5001 (11/PUP-000080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das partidas orzamentarias inseridas en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

7.4 4558 (11/POP-000587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do perigo que supón de cara á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade o proxecto da Deputación Provincial de Ourense para o acondicionamento e a mellora integral da estrada de acceso a San Pedro de Rocas, no concello de Esgos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

7.5 5435 (11/PUP-000081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do apoio do galego como lingua vehicular do ensino, dando cumprimento aos informes do Consello de Europa que demandan a eliminación das actuais limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación e a publicación das avaliacións pendentes do Decreto do plurilingüismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.6 5441 (11/PUP-000082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos inseridos en diversos estudos e informes oficiais que reflicten un forte incremento dos casos de violencia sexual en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.7 1580 (11/POP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e tres deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción das medidas necesarias para solucionar a situación en que se encontra a sanidade pública no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio, no concello de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.8 4826 (11/POP-000624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención e a axuda que precisan as persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar aprobado con carácter extraordinario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia de D. Daniel Pérez López (BNG), que delega o seu voto en D^a Ana Pontón Mondelo (BNG), e a de D^a María Guadalupe Murillo Solís (P), que delega o seu en D. Pedro Puy Fraga (P). (Páx. 12.)

Debate de totalidade do proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 12.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 18.) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 27.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 30.) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 32.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 34.)



Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 38.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 42.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 47.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 51.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 52.)

Rolda de peche do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 54.)

A señora Rodil Fernández (BNG) pide a palabra para intervir. (Páx. 55.) *O señor presidente denégalla.* (Páx. 55.)

Votación dos textos lexislativos

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e de cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional con motivo do Día da Infancia, que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 56.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 59.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 69.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 72.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 76.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 80.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 85.) *Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S)* (Páx. 85.), *a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 87.), *a señora Amigo Díaz (P)* (Páx. 89.) e *o señor conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 91.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de Seguimento de Contactos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 97.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 100.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 103.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 112.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 115.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 117.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 123.)

Nova intervención da señora González Iglesias (BNG). (Páx. 126.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de Seguimento de Contactos: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)



Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Solicítase a votación por puntos na moción presentada por D. Daniel Pérez López (BNG), que se vai votar a seguir. (Páx. 129.)

Votación do punto 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Votación do punto 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos: *aprobado por 59 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 129.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 133.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 136.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia Innova 2020. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 141.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)* (Páx. 145.) *e Sra. Vázquez Domínguez (P).* (Páx. 148.)

A señora Gallego Sanromán (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 151.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 155.) e *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 158.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 160.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia e fixeron delegación de voto, en concreto, don Daniel Pérez López —que delega o seu voto na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo— e dona María Guadalupe Murillo Solís —que o delega no deputado don Pedro Puy—.

E, sen máis, entramos na orde do día cos textos lexislativos

Debate de totalidade do proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Efectivamente, a Xunta de Galicia trae ao Pleno do Parlamento o Proxecto de lei de acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia, unha lei feita para a nosa comunidade autónoma e que pretende establecer unha regulación actualizada e global no eido das relacións exteriores. Polo tanto, cumprimos hoxe un compromiso que era ambicioso dende o principio, que era o de dotar a Galicia dunha norma pioneira por moitos aspectos e que aspira a mellorar a nosa proxección a través da coordinación de toda a acción exterior galega —por suposto, a que fai a propia Administración autonómica pero tamén todos aqueles axentes que actúan no exterior—. Polo tanto, señorías, este texto normativo é froito dun traballo e dun compromiso de goberno no que se vén traballando hai anos. Hai que recordar que no ano 2014 a aprobación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, que despois foi seguida pola Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outro acordos internacionais, abriu as portas por primeira vez á proxección exterior das comunidades autónomas. Polo tanto, con este aval e dentro sempre —e quero insistir moito porque é un dos eixos, probablemente o fundamental, non podería ser doutra maneira, que preside este proxecto de lei— ..., dentro sempre, como dicía, da indispensable e imprescindible lealdade constitucional, a Xunta de Galicia xa aprobou no ano 2015 o Decreto 178, do 26 de novembro, que regulaba a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia. E, despois, no ano 2017 —o 9 de marzo— tamén aprobamos o Decreto de cooperación para o desenvolvemento, que buscaba simplificar e actualizar a normativa de desenvolvemento dunha lei que



xa quedara anticuada polo paso do tempo, a Lei do ano 2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

Polo tanto, e con estes antecedentes, a Xunta de Galicia, con carácter previo á aprobación deste proxecto de lei, xa o 1 de febreiro de 2018 aprobou a Estratexia galega de acción exterior horizonte post-2020. Non tivo ningún voto en contra no Parlamento de Galicia o informe que se presentou respecto desta estratexia. E, como saben, no punto 33 desta estratexia reflectíase o compromiso, que hoxe cumprimos, de elaborar e traer para a súa aprobación un proxecto de lei de acción exterior.

Polo tanto, señorías, estamos ante unha lei importante que responde aos novos retos —retos dinámicos e cambiantes— que sempre se dan no contexto internacional. A acción exterior é vital nun mundo cada vez máis interdependente, cada vez máis globalizado, cada vez mellor comunicado. Polo tanto, cada vez é máis susceptible de que inflúa cada cousa que pasa no resto dos países, nas comunidades autónomas e nos actores que actúan no contexto internacional. Polo tanto, temos que apostar e regular por lei unha actuación responsable e solidaria —e tamén a lei lle dedica unha parte importante— na cooperación cos países menos desenvolvidos.

Como coñecen, existe soamente un precedente, a Lei de acción exterior de Cataluña. E, como tamén coñecen, tivo que ser fundamente revisada logo de afrontar serios conflitos de constitucionalidade co Goberno central. Polo tanto, é perfectamente entendible que, con estes antecedentes, e tendo presente que é unha lei de acción exterior pioneira e que presenta moitas novidades pero unha lei que se presenta nunha comunidade autónoma que forma parte dun Estado, esa lealdade constitucional nos leve a non repetir —ou, polo menos, intentar non repetir— os erros que levaron a todos os problemas que tivo esa lei de acción exterior de Cataluña —tamén dende o punto de vista constitucional—. Polo tanto, quixemos facer as cousas ben, elaborar unha lei de consenso, elaborar unha lei con lealdade e, por iso, dialogamos e contamos dende o principio coa participación do Ministerio de Asuntos Exteriores. E, por suposto, despois dunha negociación que houbo, unha negociación longa dende o punto de vista político, dende o punto de vista técnico, ao final contamos co seu visto bo, co visto bo do Ministerio de Asuntos Exteriores, da Unión Europea e de Cooperación.

Polo tanto, este proxecto de lei que hoxe presentamos respecta os principios de unidade de acción no exterior e de lealdade institucional, que deben guiar —así o dicía a lei aprobada polo Estado hai cinco anos— a acción exterior de calquera comunidade autónoma que queira emprendela e normativizala.

Polo tanto, a acción exterior de Galicia está presidida —e quero insistir moito nisto— pola lealdade constitucional. Sen lealdade constitucional, na acción exterior —nin en hai nada, señorías, pero especialmente na acción exterior— non hai cooperación nin hai coordinación co Goberno central nin mesmo ten sentido a acción exterior que queiramos facer. O proxecto pasou por todos os procesos de participación pública, conseguiu o informe favorable do Consello Galego de Acción Exterior e do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento —este último informe foi por unanimidade, creo que é importante salientalo—.



E, polo tanto, con estes antecedentes, e antes de entrar un pouco máis polo miúdo no seu contido, gustaríame salientar en liñas xerais que se trata dunha norma pioneira. É a segunda que se fai —a primeira en coordinación— en cooperación e co informe favorable do Ministerio de Asuntos Exteriores; é dicir, do propio Estado, que ten ao final —non o esquezamos— a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais. E aspiramos con ela a mellorar a proxección de Galicia a través da coordinación da nosa acción exterior.

Pretendemos regular a participación galega na negociación de tratados internacionais —tamén isto é moi importante, moito máis agora que se abre un novo período económico en Europa—. Queremos mellorar a atención dos galegos no exterior, consolidar a importantísima relación —que vén de moitos anos— da eurorrexión Galicia-norte de Portugal. Queremos proxectar a acción de Galicia nos países da lusofonía e dotar a Galicia do maior protagonismo posible na cooperación para o desenvolvemento. E, por suposto, no referente á imaxe exterior de Galicia, tamén a acción exterior en materia de turismo se vai centrar na marca Galicia e, ás portas do Xacobeo 2021, especialmente no Camiño de Santiago.

Entrando en detalle dos obxectivos da lei, ¿que pretendemos con esta lei? Decía antes o de propoñer respostas aos novos e cambiantes retos que se dan no contexto internacional e saír reforzados con estas propostas. Buscamos, entre outras cousas, aproveitar as oportunidades, ás que antes me refería, que abre a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción do servizo exterior do Estado e tamén a Lei 25/2014, de tratados e outros acordos internacionais. Dan oportunidades que hai que aprobeitalas elaborando unha lei no ámbito autonómico, e por iso a facemos e a presentamos.

Queremos tamén proxectar Galicia na Unión Europea e no resto da escena internacional —moito máis nestes momentos—. Queremos tamén mellorar a coordinación dos actores públicos e axentes privados galegos que actúan no exterior. Queremos ensamblar, renovar e darlle sentido —e que siga sendo dinámica— á cooperación galega na acción exterior para o desenvolvemento. Eu creo que a experiencia de máis de tres lustros na xestión da política de cooperación para o desenvolvemento permite agora —escoitando as ONGD, as que están sobre o terreo— incorporar solucións máis axeitadas, cunha xestión que ten que seguir gañando —e xa ten moita— en eficiencia a prol dos beneficiarios e das iniciativas, que se fan sempre en escenarios moi complicados e sempre necesitados de moita coordinación e moita precisión no apoio que se lles dá.

Pasemos ás medidas concretas contidas nesta lei, a como imos facer todo isto ao que me estou referindo. Grazas a que imos contar —e así o agardo— co marco xeral necesario que nos dá esta lei, vainos permitir facer moitas cousas no plano concreto, imos poder determinar os principios reitores da acción exterior galega; por exemplo, imos contribuír á converxencia real cos indicadores socioeconómicos da Unión Europea a través da nosa propia acción exterior; imos poder seguir actuando na diversificación dos mercados exteriores; imos poder actuar máis directamente na captación de capital mercantil e industrial para investimento produtivo, e tamén de capital humano cualificado —isto é moi importante— para a consolidación económica de Galicia; imos traballar para favorecer o retorno dos emigrantes e dos seus descendentes que queiran facelo —teñen sempre as portas de Galicia abertas e esta lei



vai ser un instrumento importante—; e imos afondar tamén —o que é moi importante— na execución dos obxectivos da axenda global de desenvolvemento das Nacións Unidas.

Tamén a lei permite a concentración na figura da presidencia da Xunta de Galicia da representación exterior da nosa comunidade autónoma e dálle tamén a capacidade para subscribir acordos internacionais no que se refire á Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se concretan moito máis os suxeitos da acción exterior, tanto públicos como privados, dándolles unha especial relevancia a aqueles que actúan no ámbito territorial da eurorrexión. Prevese unha maior transparencia nas viaxes oficiais ao exterior, consonte coa Estratexia galega de acción exterior, que xa o prevía no seu momento, e con ese informe anual que se leve ao Parlamento. Tamén queremos regular e informar —isto é moi importante e, ademais, foi unha das demandas que nos pediu o Ministerio de Asuntos Exteriores— todas as recepcións e visitas que se fagan de mandatarios e axentes estranxeiros —de calquera tipo, público e privado— que veñan a Galicia, e levar unha relación e unha coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores.

Recoñécese, como dicía antes, o carácter estratéxico da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e tamén é moi importante todo o que ten que ver coa lusofonía. Cada vez é máis estreita a cooperación con Portugal, cos países lusófonos, e, polo tanto, temos que aproveitar esta enorme vantaxe.

Abordamos tamén cuestións relacionadas coa participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea a través da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE). Vemos que é un instrumento aínda non dabondo explotado. Ten que ter moitísima máis capacidade, ten que mellorar moito a coordinación das comunidades autónomas coa Administración xeral do Estado a través da CARUE. Cremos que é o instrumento axeitado e queremos tamén nesta lei regular o xeito en que cremos que Galicia debe participar, en sentido ascendente e descendente, na elaboración dos acordos que se levan á CARUE para efectos de coordinación.

Tamén regulamos a participación nas conferencias sectoriais que teñen que ver con política exterior, como no Grupo de Traballo de Asuntos Europeos e Acción Exterior ou no Comité Europeo das Rexións —que é fundamental e no que Galicia tivo un protagonismo especial nos últimos anos—. Todo isto está previsto na Lei de acción exterior.

Ten especial relevancia tamén a participación de Galicia en Europa fóra do marco xurídico da Unión Europea. ¿Por que? Pois, evidentemente, polo momento actual que vivimos e por todas as dificultades que están plantexando os acordos derivados do *Brexit*. Polo tanto, queremos poder regular a negociación de tratados e a súa execución en Galicia fóra do marco da Unión Europea, cando proceda, e os acordos internacionais administrativos e os non normativos, previsión doutros acordos, novas figuras que poidan suxerir, comunicación e rexistro destes instrumentos, coordinación outra vez co Ministerio de Asuntos Exteriores e tamén a homologación de memorandos, que cada vez son un instrumento xurídico que ten máis uso no ámbito das relacións internacionais.

É unha lei, ademais, que ten unha profunda vocación transversal; polo tanto, regula todos os departamentos da Xunta de Galicia e sistematízalos para a súa acción exterior. En materia



de emigración, por exemplo, imos velar polos dereitos da cidadanía galega no exterior e para facilitar —como dicía antes— o seu retorno a Galicia nun momento en que cremos que conseguir este obxectivo é especialmente importante. En materia de emerxencias imos aínda coordinar máis. Xa empezamos cos proxectos Ariem co norte de Portugal, pero cremos que hai moito máis campo de desenvolvemento. Primeiro, para ser moito máis áxiles —e, canto menos burocráticos, mellor— na resposta ás emerxencias que teñen un carácter fronteirizo; e tamén, cando se require axuda internacional —aínda que non sexa en ámbitos próximos—, que o sistema funcione moi axilmente, que non se perda un só minuto cando se demanda esa axuda internacional. Galicia pode emitila, e ao revés —e esperemos que nunca sexa necesaria—, cando fixera falta aquí, en Galicia, esa axuda internacional por parte doutros países e que haxa un procedemento que a facilite dun xeito áxil.

Tamén na Escola Galega de Administración Pública haberá, prevese, un sistema de formación do persoal empregado público en materia de relacións exteriores e de interese europeo e internacional. Por suposto, en facenda toda a planificación económica ten que ter —xa o ten, pero ten que seguir tendo, e moito máis agora que xa é un novo período económico— unha óptica moi relacionada e moi conectada coa xestión de fondos europeos.

En medio ambiente apostaremos pola cooperación ambiental exterior.

En economía, nas relacións económicas da Xunta de Galicia coas empresas galegas, priorizaremos todas aquelas que teñan unha vocación exterior. Hai moitísimas e moi boas, que creo que son exemplo en toda España e en todo o mundo de vocación de mirar cara ao exterior e cara á exportación; polo tanto, haberá que seguir potenciándoas. Están aquí radicadas en Galicia e, dende logo, son un instrumento que temos que aproveitar. Por iso no primeiro trimestre de cada ano a Administración autonómica avaliará o Estudo *Doing Business*, do Banco Mundial, presente para isto, para avaliar e poñer en marcha medidas para seguir mellorando esta atracción de capital foráneo e seguir axudando as empresas que miran cara ao exterior na súa actividade comercial e industrial.

Na educación fomentaremos os intercambios europeos de profesionais do ensino e de estudantes. Xa se está facendo cun exitoso programa co norte de Portugal, o Programa Iacobus, e queremos seguir facéndoo. Hai moitas máis posibilidades de seguir crescendo neste eido. Imos primar no financiamento universitario a internacionalización das universidades galegas. Seguiremos participando nos programas de voluntariado social da Unión Europea —cada vez máis potentes—. E en cultura e lingua seguiremos promovendo a difusión dos valores culturais e a visibilización exterior do tecido cultural galego, o ensino da lingua e a literatura galegas, e aproveitar por suposto —como dicía antes— todas as potencialidades que nos dá a lusofonía.

En turismo ofertaremos unha imaxe de marca Galicia moi orientada, como dicía antes —e moito máis neste momento—, sobre o que ten que ver cos valores do Camiño de Santiago, que é o feito diferenciador e o que máis nos reconece a nivel internacional. Pero non só iso. Cremos que temos moitísimas cousas que ofrecer como marca-Galicia, como marca-país, como destino turístico tamén; e, polo tanto, unha coordinación na promoción exterior tamén a prevé esta lei, o que facilitará moito as cousas.



En sanidade promocionaremos a atracción de servizos sanitarios para a súa prestación en Galicia, igual que están facendo outros países da Unión Europea.

No que ten que ver co mar e coa pesca —tan importante en Galicia— hai un apartado específico para defender os intereses do mar no exterior, cunha política activa de acordos da Unión Europea con terceiros estados non-membros para aprovisionarnos de produtos do mar e para estimular acordos con estados non-membros e tamén da Unión Europea para poder acceder ás súas augas.

En cooperación galega xa dixen que actualizamos os seus obxectivos. Estamos creio que francamente satisfeitos de como traballan as ONGD, do apoio que se lles dá desde a Xunta de Galicia para que fagan a súa política sobre o terreo. E que estea todo isto recoñecido e coordinado nunha lei de acción exterior vainas axudar, sen dúbida, dun xeito moi directo.

Tamén —e remato xa, señor presidente— actualizamos o relativo ás delegacións e oficinas públicas no exterior. Adaptamos as súas previsións á Lei, do 2014, de acción e do servizo exterior do Estado, e, sen solaparnos en absoluto con ela, queremos seguir mantendo, en leal coordinación e colaboración co Goberno do Estado e co Ministerio de Asuntos Exteriores, a presenza galega naqueles sitios, a través dunha oficina, onde os galegos demandan que esta presenza sexa máis patente e máis duradeira.

Constituímos o Asento de galegos no exterior para reforzar os vínculos con Galicia, identificamos as empresas galegas no exterior e creamos redes a través do Asento de empresas e profesionais galegos no exterior e regulamos o Rexistro voluntario de foráneos con intereses en Galicia, con especial vínculo e afecto a Galicia, para que aquí, dentro de Galicia, fagan *lobby* cara a fóra, cara aos seus países, de todo o que vén aquí, e que nos axuden tamén a ser embaixadores nos seus lugares de orixe de todo o que viven aquí e de todo o que percibiron aquí.

Polo tanto, en definitiva, señorías, cumprimos un compromiso demandado por moitos sectores da sociedade, aproveitamos a oportunidade que nos deron as leis do Estado de facer unha lei de acción exterior de Galicia. Temos clarísimo cales son os marcos constitucionais dos cales non debemos movernos, pero tamén temos claro que, dentro deses marcos, se poden facer moitísimas cousas e non deberíamos desaproveitar esta oportunidade.

É unha lei dunha comunidade autónoma que aspira a ter protagonismo propio no exterior, pero non é unha lei dun estado. O estado é o Estado español e, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...queremos facer esa coordinación, queremos seguir exercendo esa lealdade constitucional. Non queremos caer nos erros da outra lei de acción exterior que existía agora mesmo na comunidade autónoma, e queremos ser pioneiros nun momento en que tomar a dianteira nas relacións internacionais, sen dúbida —se o facemos ben e para iso é imprescindible unha lei—, lle vai dar moitas vantaxes no futuro a Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución, e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Estamos diante dun texto que pretende legislar sobre cuestións importantes para Galicia, dada a súa especial proxección exterior dentro das comunidades autónomas do Estado por motivos basicamente históricos, como é o feito de que, segundo certos cálculos, 1 de cada 5 emigrantes europeos —que pasaron dos 60 millóns entre 1850 e 1950— era galego ou galega. A singularidade que representa esa diáspora galega e o feito de atoparnos nun mundo cada vez máis globalizado e interdependente requiren, dende logo, un axuste moi fino das políticas da nosa comunidade dentro do ámbito da súa autonomía. Pero non podemos perder de vista que en calquera estado federal —e España é, polo menos en boa medida, un estado federal— o normal é que as políticas exteriores formen parte do ámbito de acción da estrutura central do estado, por razóns lóxicas e ben fundamentadas de eficiencia e coherencia; polo que a tentación centrifugadora que poida ter algunha forza política desta Cámara non ten sentido de ningún tipo, nin dende o punto de vista da racionalidade estrutural do Estado nin dende o punto de vista das tendencias do mundo no século XXI. O que si ten todo o sentido é dotar a Galicia, dentro da racionalidade e do ordenamento xurídico, dunha acción exterior eficaz e eficiente; eficacia e eficiencia da que vén carecendo tradicionalmente —singularmente nos últimos once anos—.

A diáspora galega, que todos coñecemos, foi unha historia, en boa medida, trágica; a dun país do cal tiña que emigrar o pobo para sobrevivir. Pero, dentro desa traxedia, a diáspora foi tamén enriquecedora polo feito de que chegase un punto no cal podía dicirse que había un galego en cada rincón do mundo, dende Australia ata Canadá, pasando por Sudáfrica ou o Amazonas. E iso imprime carácter, marca cultura e dota este país dun activo infrautilizado pola incapacidade xestora na materia do Goberno galego e a incapacidade dese mesmo goberno para imaxinar formas de poñer en rede esa enorme comunidade galega exterior, que implica un gran potencial cultural pero tamén económico se Galicia é capaz de aproveitalo. E iso non se soluciona con esta lei, nin parece que estea en camiño de solucionarse.

Está moi ben crear rexistros e censos de empresas e residentes no exterior, que é o que faría unha administración decimonónica. Pero no século XXI esta lei pasa de puntillas sobre como poñer en rede todo ese potencial e aproveitar as sinerxías do capital exterior de Galicia —que é moito e reiteramos que está infrautilizado—. En troques, parece que o que máis lle importa á Xunta é o clientelismo. As axudas discrecionais e os convenios de colaboración cos centros galegos —que con demasiada frecuencia serven para manipular o voto exterior— proliferaron na campaña e na precampaña, despois de que hai menos dun ano soubésemos que o Tribunal de Contas do Estado, nun control aleatorio, abriu expediente de responsabilidade contable



pola desviación de 300.000 euros que teoricamente estaban destinados a axudar a comunidade española de Venezuela —que, como sabemos, é en boa parte galega—, e que foron destinados a finalidades espurias de tipo e de carácter electoral. E, para máis inri, o xornal *El Diario* titulaba unha información do 20 de febreiro deste ano dicindo: «*Un alto cargo de la Xunta de Galicia nombrado por Alberto Núñez Feijóo ha trazado un plan en Venezuela para que una fundación pública cubra con fondos propios el agujero de 300.000 euros detectado por el Tribunal de Cuentas en la gestión de las ayudas de emergencia a españoles en aquel país durante 2015 y 2016, dos años electorales*». Referíase esa información ao señor Rodríguez Miranda, que foi recentemente ratificado como secretario xeral de Emigración. E as posibilidades de que o Tribunal de Contas do Estado detecte unha desviación nunha partida dese tipo son francamente baixas, porque non fiscaliza máis ca unha mínima parte do gasto público. Así que podemos inferir que esa falcatuada —que, por certo, presenta evidentes indicios delictivos— é soamente a punta do iceberg, o cal dá idea de cales son as prioridades da Xunta, do señor Feijóo e do señor Rodríguez Miranda no tocante aos herdeiros da nosa diáspora.

En todo caso, na elaboración desta norma non se percibe unha implicación suficiente por parte dos actores interesados, nin da comunidade exterior galega, ao tempo que se achegaron poucas alegacións no período de audiencia, relativamente poucas. E estamos ante unha norma atrapallada, moi extensa, que abunda en cuestións kafkianamente burocráticas e declaracións tan prolixas como baleiras de contido. Ademais é imprecisa en canto aos medios cos que pretende conseguir os múltiples e, sen dúbida, ben intencionados obxectivos que marca; algúns tan etéreos como promover Galicia como polo de excelencia científica e tecnolóxica.

E permítame que me deteña aquí porque se trata dun obxectivo completamente alleo á realidade, cando Galicia está moi lonxe da media de investimento en I+D+i do conxunto do Estado, que, pola súa banda, está ben lonxe da media europea. Por non falar de que o concepto «polo de excelencia» é lingüisticamente tan equívoco como xuridicamente indeterminado. Pero, en todo caso, o que temos que considerar é que o único lugar onde pode considerarse Galicia como un polo de excelencia científica e tecnolóxica que hai que promover no exterior é nas mentes calenturientas e recalentadas dos propagandistas do señor Feijóo. Pero non debería en ningún caso plasmarse algo así nunha lei, porque Galicia está ben lonxe de ser excelente no eido científico e tecnolóxico, por moita propaganda que nos metan en vea. Antes ben, a pesar de ser receptora de inxentes cantidades procedentes dos fondos europeos, Galicia caeu a plomo retrocedendo 27 posicións entre o ano 2013 e o ano 2019 no ránking de competitividade rexional que elabora a Unión Europea. E, por suposto, sabemos que a competitividade está intimamente ligada á ciencia e á tecnoloxía. Pero, a este ritmo e con este goberno, as posibilidades de que Galicia se converta, como di a lei, nun polo de excelencia científica e tecnolóxica son tan elevadas como as de que se converta no País das Marabillas polo que se desenvolvía con certa soltura a Alicia de Lewis Carroll.

Por tanto, dicir hoxe que hai que promover Galicia no exterior como polo de excelencia científica e tecnolóxica é un disparate, unha ensoñación, unha tomadura de pelo ou as tres cousas ao mesmo tempo. E plasmalo por escrito nunha lei é un exercicio de tolemia política e lexislativa. E, en troques de delirios, non contempla apenas esta lei unha regulación coherente de algo tan importante como é a acción de promoción económica no exterior, máis alá de obxectivos evidentes, como atraer investimento estranxeiro; moi loable se non fose, en primeiro



lugar, porque Galicia é sistematicamente, ano tras ano, unha comunidade que recibe moitísimo menos investimento directo que a media do Estado. Por exemplo, no último ano, o 2019, que foi publicitado pola Xunta de Galicia como grande éxito na captación de investimento, captou 112 millóns dos 14.792 do Estado, do conxunto do Estado —é dicir, menos do 1 % do total, cando o seu peso no PIB e na poboación do conxunto do Estado supera o 5 %—. E no ano 2018, un ano moito máis estándar, moito máis regular, captou o 0,14 %; é dicir, 35 veces menos do que correspondería en función do seu peso económico e poboacional. Son cifras absolutamente demoledoras que desmenten o atractivo investidor de Galicia e a facilidade para facer negocios nela, diferentemente do norte de Portugal, que capta capital galego e fórráneo a moreas mentres a Xunta mira para outro lado e se desentende dese feito.

En segundo lugar, porque non se contemplan nesta lei os medios para facer de Galicia un país máis competitivo no eido internacional máis alá da delirante idea de examinar cada ano, como mencionou o señor Rueda, o Informe *Doing Business*, do Banco Mundial.

E neste aspecto quero determe especialmente. Resulta insólito que unha lei estableza a obriga de que alguén no Goberno galego lea un informe tan importante como o *Doing Business*, ademais de que parece implicar que ata o de agora ninguén na Xunta se molestou en ler ese informe, cousa que parece confirmar o que xa pensabamos. Pero resulta inaudito por varios motivos. En primeiro lugar, ese informe tradúcese ao castelán, así que ata o señor Feijóo, que non fala nin entende inglés, pode lelo perfectamente. En segundo lugar, non é un informe moi extenso —unhas 130 páxinas—, así que non lles vai levar moito tempo. En terceiro lugar, se non ten tempo o señor Feijóo ou o señor Rueda ou o señor Conde, teñen moreas de asesores que poden facerlles un resumo executivo.

E aquí o problema é novamente de fondo. O Igape é un desastre tanto na promoción exterior de Galicia como na captación de investimento estranxeiro. Tanto é así que, a pesar de que ten entre os seus fins a promoción do comercio exterior de Galicia e a captación de investimento estranxeiro, só un dos seus departamentos —que son catro ou cinco— ten entre as súas funcións esas finalidades. É dicir, arredor de 20 dos aproximadamente 120 traballadores do Igape teñen como unha das súas tarefas a acción económica exterior de Galicia. Polo que parece ser que o Igape está moito máis pendente de repartir subvencións entre certas empresas afíns que de promover a economía galega no exterior, que é, ou debería ser, unha das súas principais finalidades. É unha enorme desproporción con respecto á importancia desa acción económica exterior no século XXI, algo do que a Xunta do señor Feijóo semella que nin se enterou, como demostra o feito de que en once anos de goberno a única acción de captación de investimento estranxeiro por parte dese autodenominado gran xestor, que é o señor Feijóo, foi a do caso Pemex, que consistiu en que uns meses antes das eleccións do 2016 o presidente da Xunta anunciou un acordo marabilloso polo cal Pemex mercaba o estaleiro Barreras e ademais ía construír en España máis de 20 barcos —que ao final quedaron en dous— e un centro loxístico para toda Europa no porto exterior de Punta Langosteira, do que nunca máis se soubo absolutamente nada. E o resto da historia —por certo, para mal— é ben coñecida.

Outro problema da acción exterior galega que non solventa esta norma é a dispersión na súa dirección, que por unha banda se atopa na Secretaría Xeral de Emigración, que depende do



señor Feijóo, e, por outra, na Dirección Xeral de Acción Exterior, que creo que depende do señor Rueda. Así é moi difícil coordinar as políticas no eido exterior, ademais de tratarse dunha anomalía, se facemos unha comparativa con outras comunidades autónomas. Outro é o de rebaixar o rango da Secretaría Xeral de Acción Exterior da época Fraga e tamén da lexislatura de Emilio Pérez Touriño. Todo o anterior, e moito máis, dá mostra da escaseza de determinación dunha lei, que semella por momentos completamente allea á realidade, que avoga por captar inmigrantes especializados no exterior cando Galicia padece por motivos basicamente económicos unha crise demográfica tan aguda que presenta os peores datos de España e unhas cifras de paro que duplicaban as da OCDE antes de que se disparasen pola crise derivada da actual pandemia. Señoritas e señores do PP, ¿como vai Galicia captar inmigrantes especializados cando a xuventude mellor preparada da historia de Galicia ten que marchar fóra de Galicia para atopar traballo? É outra abismal incoherencia, outra abismal incoherencia entre a Galicia oficial e a Galicia real. Na Galicia oficial captamos inmigrantes especializados —iso si, sobre o papel— mentres na Galicia real os mozos e mozas, despois de dedicar anos da súa formación con apoio público e esforzo persoal e familiar, teñen que facer as maletas para atopar un traballo minimamente digno.

Esta lei dedica un título, o noveno, ás delegacións e ás oficinas autonómicas permanentes no exterior, no que semella un intento de mimetizar actuacións de comunidades como Cataluña, que foron ben polémicas nos últimos anos e que semellan moi pouco atinadas, na medida en que coa actual crise é previsible unha contracción dilatada no tempo dos recursos públicos dispoñibles, que en todo caso son limitados e escasos e, como tales, francamente valiosos. E, por outra banda, óbvias a existencia dunha ampla rede de embaixadas e oficinas comerciais do Estado no exterior que poidan servir —e de feito veñen servindo dende hai décadas e, por certo, están infrautilizadas— para as finalidades que se contemplan nesta lei sen necesidade de investir os escasos recursos públicos galegos en novos edificios carentes de utilidade. E, en xeral, en todas as súas políticas públicas deberían vostedes cambiar a mentalidade. A Xunta dedicouse durante décadas a construír edificios baleiros, e a acción exterior de Galicia, como o resto das políticas da nosa comunidade, non vai ser mellor por ter máis edificios baleiros ou carentes de sentido e, xa que logo, diso que lles gusta tanto, que é «o sentidiño».

A lei dedica un título, o décimo, ás novas redes de intereses galegos no exterior, dun xeito totalmente impreciso e, con toda probabilidade, estéril. A Xunta destaca como unha novidade a creación do Asento de galegos no exterior e mais o Asento de empresas galegas no exterior, así como o Rexistro de foráneos con intereses en Galicia, que incluírá voluntariamente aquelas persoas non españolas e residentes fóra de España que teñan un especial vínculo con Galicia. Pero, á parte de dicir que van existir eses rexistros, non establece o que vai facer con eles. Polo tanto, estamos ante outra deriva kafkiana dunha lei que parece que tivese o mesmo Kafka no seu equipo redactor.

En conclusión —e para finalizar—, entendemos que se trata dunha lei ben intencionada pero que afronta os problemas da acción exterior galega entre o inmovilismo, a autocompracencia e unha visión extremadamente burocrática —que sería case optimista cualificala de propia do século XX— cando estamos no século XXI.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día, señor Rueda.

Teño que dicirlle que me decepcionou hoxe no seu inicio da intervención o comedimento dos seus autoeloxios, porque falou vostede de que era unha lei pioneira pero non dixo iso de que era a máis avanzada de Europa, o que acostuman a dicir sempre cando presentan aquí unha lei. Non deben estar moi convencidos.

Ben, o que lle queremos dicir neste debate, e por iso presentamos unha proposta de devolución, é que temos moitas discrepancias de fondo, de forma e de contido a respecto deste texto legal. E pensamos que hai unha posibilidade, unha oportunidade, de chegar a acordos para que sexa unha lei que teña un amplo respaldo institucional, político e social. Sería bo que acontecese iso. Ímoslle explicar os motivos das nosas discrepancias, e pensamos que hai camiño por diante para intentar chegar a esas aproximacións ou a eses acordos.

A primeira cuestión é de concepto xeral da lei. Nós pensamos que é unha lei menor, unha lei raquítica, unha lei acomplexada e falta de ambición. E, realmente, se non fose pola parte de cooperación, o desenvolvemento quedaría nun simple decreto. Para iso xa tiñamos o decreto de 2015, porque esta lei o que fai é coller ese decreto, tunealo un pouco e convertelo nunha lei. E para iso, desde logo, xa tiñamos o decreto. E, ademais, é unha norma tutelada, unha norma sometida ao control preventivo do Goberno do Estado. E a nós sorprendeunos moito a súa afirmación aquí de que, despois da aprobación da Lei do 2014, da acción exterior do Estado, se abridan as portas á proxección exterior das comunidades autónomas. Entón, ¿que estiveron facendo todos os anos anteriores? ¿Que se estivo facendo neste país? ¿Non se fixo proxección exterior? Eu non sei, pero hai moita xente que incluso aquí, na dereita, bota de menos a política exterior que fixo o señor Fraga Iribarne. Desde logo, a que están facendo agora quédalles moi lonxe, por non citar outras etapas. E, ademais, pensamos que expresa de maneira enfermiza a submisión a Madrid, a obediencia a Madrid, que é algo que está machaconamente reiterado no texto.

E, despois, hai unha cuestión que nos parece absolutamente central e fundamental. Esta non é a lei da política exterior de Galiza, é a lei da acción exterior da Xunta de Galiza do Partido Popular. E, se isto non quedase claro, xa deixan expreso no texto o feito de que esta lei é a lei do «xefe supremo». Non lle chaman «xefe supremo» porque, se non, parecería copiada de Corea do Norte. Chámanlle «xefe supremo da política exterior galega» ao presidente da Xunta. Por certo, un xefe supremo que suspende a súa axenda internacional, unha viaxe institucional a Estados Unidos, para vir a unha manifestación coa ultradereita na praza de Colón en Madrid. *(Aplausos.)* ¿Esa é a política exterior que queren vostedes? Para esas viaxes non contan con nós, porque o presidente da Xunta deshonra o seu país cando suspende a súa axenda internacional para vir acompañar esa dereita machista, antigalega e fascista. Para esas viaxes non contan con nós.



E, mire, esta é unha lei que pon de manifesto unha política exterior devaluada, devaluada na planificación. Porque non hai estratexia. Non se lle pode chamar á Egaex unha verdadeira estratexia, porque é un texto expositivo, non é un texto propositivo. É unha divagación, e remítome para iso ao informe demoledor que entendemos que fixo respecto deste texto o Eixo Atlántico. Non digo máis. É unha norma devaluada e minimizada tamén pola degradación xeral que vostedes fixeron da política exterior. Desde unha época en que foi unha secretaría xeral vostedes pasárona a unha simple dirección xeral, que nin é dirección nin é xeral, porque realmente non ten capacidade de coordinación xa non digo de todos os axentes da política galega na súa promoción e proxección exterior senón que non ten nin sequera capacidade de coordinación do Goberno. Non ten, cada un vai por libre. Isto é un reino de taifas, neste goberno cada quen vai á súa bóla en canto á súa promoción e proxección exterior.

E tamén lle quero comentar algúns aspectos formais que me parecen importantes, que tamén devalúan esta lei. Por exemplo, quero referirme ao feito de que non teña informe do CES. Cando vostedes lle dan tanta importancia precisamente ao comercio exterior, á internacionalización da nosa economía, á captación de investimentos, resulta que non lles parece que unha lei desta categoría teña que ter o informe do CES. Eu creo que é unha carencia grave. Vostedes, na documentación que teño aí, ocultan todas as alegacións e os informes que fixo o Ministerio de Asuntos Exteriores. Deberían estar no expediente e non están. Vostedes ocultan tamén as deliberacións e os acordos do Caex, do Consello de Acción Exterior, e non me estraña que o fagan. Vostede fixo referencia a que tivo o apoio unánime do Consello de Cooperación Exterior pero non din nin palabra do que pasou no Caex. Non tiveron o apoio, primeiro, do IGADI —que é o organismo máis importante que hai neste país en análise e investigación a nivel internacional—. Non a apoiou, e por algo sería. Non tiveron o apoio da Fegamp e non tiveron o apoio do Eixo Atlántico. Pero iso non aparece na documentación.

E, despois, a proba do raquitismo está, evidentemente, no feito de que teña unha memoria económico-financeira que non hai por onde collela. Eu creo que esa memoria económica reflicte perfectamente a falta de ambición que ten esta norma. Fíxese, mire o que di esta memoria: «A regulación desta lei non provoca impacto económico-financeiro adicional, dado que non diminúe os ingresos e os gastos previstos nas diferentes aplicacións orzamentarias». É dicir, vostedes colleron un corta e pega do que poñen habitualmente e non se molestaron nin en analizar o impacto económico que debería ter, loxicamente, unha lei que queira proxectar a Galiza no mundo. Porque iso non se fai gratis, iso custa cartos. Pero, ademais, son cartos que hai que investir, porque son cartos que dan rendemento material, pero sobre todo rendemento inmaterial, para un país. E non lle vou dar os datos —pódollos dar despois, que agora non me dá tempo— da comparativa do que invisten distintas comunidades autónomas do Estado español, porque é a proba do que cren no seu país e do que queiren para a súa promoción e proxección exterior.

Vostedes están obsesionados con Cataluña. Efectivamente, teñen unha especie de complexo con Cataluña, pero hai outros territorios, outras comunidades, outras nacionalidades, outras nacións no Estado, que teñen realmente unha política ambiciosa e que lle dedican diñeiro a iso, porque non sae gratis.



Miren, con respecto á estrutura do proxecto, é unha lei Frankenstein. ¿Por que? Porque vos-
tedes xuntaron dúas leis nunha, e resulta que fixeron unha lei cunha parte analizada, es-
tructurada, xerarquizada, planificada, con instrumentos, con recursos, con medios, que é a
de cooperación para o desenvolvemento. E despois fixeron outra parte que é absolutamente
deslavazada e mal estruturada na forma, que é a de acción exterior. Curiosamente, a parte
de cooperación para o desenvolvemento encargáronlla a unha consultora externa, negociá-
rona cos sectores; e na outra non houbo nada disto. Por iso ese resultado.

E feitas estas consideracións xerais, de contido xeral e formal, quixera entrar no detalle e
analizar algunhas cuestións concretas que me parecen especialmente relevantes, tanto no
ámbito xeográfico coma no ámbito sectorial. Desde logo, nin queremos nin cremos que esta
lei deba estar centrada na diáspora. Non é a lei da diáspora, loxicamente. Non é unha lei de
emigración. Para empezar, vostedes ni sequera teñen as competencias da emigración dentro
das relacións exteriores, é outro departamento que se dedica a outras cousas. Non imos en-
trar agora nelas porque sería un pouco prolixo, e ao mellor sacarlalle as cores aquí a respecto
do que fan vostedes. Pero voume referir a cuestións do ámbito xeográfico.

Chama a atención, por exemplo, que vostedes non consideren o Estado español como ámbito
da acción exterior. Nós pensabamos que estaban colonizados, pero non tanto, ¡de verdade!
Pensabamos que non estaban tan colonizados. Desde logo, Galiza ten que exercer, en pri-
meiro lugar, a súa acción exterior no Estado español, que é o exterior do noso país. É o ex-
terior. E hai outro ámbito que é fundamental —e vostedes non entenden realmente o que
significa—, que é o de Portugal e a lusofonía. Porque vostedes dedícanlle a este título oito
artigos, e resulta que sete artigos están destinados a falar da rexión norte de Portugal; e un,
sobre Portugal e todo o resto da lusofonía, é dicir, sobre Portugal, sobre Brasil, sobre Angola,
sobre Mozambique, sobre Cabo Verde, sobre Guinea-Bissau... ¡En fin! Pero ¿que clase de vi-
sión teñen vostedes de Portugal e da lusofonía se a rexión norte é parte do interior do país,
é parte da vocación e da proxección de Galiza como territorio, como país, como nación? Non
é exterior realmente, falando en termos reais, de relacións. E estamos a falar dun territorio
que ten 6,5 millóns de habitantes, que ten máis poboación que Dinamarca, que Finlandia ou
que Irlanda. E si que debe ser realmente un polo atlántico de desenvolvemento, de integra-
ción, de interrelación, de comunicación e proxección do noso país. Pero vostedes non teñen
esa visión, vostedes entenden a rexión norte para captar fondos europeos. ¡E así nos vai!
¡Así nos vai! Non teñen ambición nesa proxección.

Con respecto a Portugal e á lusofonía, vostedes non entenden o significado que ten neste
momento, por exemplo, entrar na CPLP, pero entrar pola porta grande, non pola porta de
atrás, como nos quere facer pasar o Ministerio de Asuntos Exteriores, coma un apéndice.
Nós temos dereito a estar na CPLP como organismo asociado, non como organismo consul-
tivo. Porque temos motivos para estar —e despois, se quere, explícollo—. E tamén temos
que ter unha proposta para desenvolver en todas as súas potencialidades a Lei Paz-Andrade,
que vostedes converteron en papel mollado, que non desenvolveron en todo o enorme po-
tencial que ten porque realmente non cren niso.

Claro, polo que atinxe a Europa... Bueno, a Europa non, porque vostedes sempre falan da
Unión Europea, que non é o mesmo que Europa. Xa llelo explicamos unha vez pero non aca-



ban de entendela. Teñen unha visión absolutamente reduccionista. E nesta lei non vemos as ferramentas e os instrumentos para ter unha política exterior de defensa dos intereses do noso país en todos os ámbitos —e tamén nos da Unión Europea— e para ter a capacidade de influenciar nas políticas europeas, que é o que fan outros países: influír nas políticas europeas.

E despois está o resto do mundo. O resto do mundo nesta lei non existe, é un baleiro, é un espazo en branco. E isto parécenos que é toda unha declaración de intencións. Vostedes, neste sentido, practican unha política exterior, unha diplomacia, terraplanista; porque está o Atlántico e despois hai un abismo, non hai nada máis. Non fan ningunha mención a como Galiza debe estar neses outros espazos xeopolíticos, xeoestratéxicos, que son neste momento absolutamente fundamentais para este país. E ademais hai persoas neste país moi capacitadas para traballar neses ámbitos.

Mire, con respecto ao ámbito sectorial, padece de moitas eivas, unha delas é o predominio desa perspectiva economicista, que despois se traducen en experimentos como o que fixeron vostedes coa Pexga, que foi ruinoso, foi desastroso, coa Confederación de Empresarios —crearon 14 oficinas e foi un auténtico fiasco, custou moitísimos cartos e non serviu para nada, ou para moi pouco—.

No ámbito da cultura, non pasa dos lugares comúns e das vaguidades. No ámbito da promoción da lingua no exterior, miren, antes de promocionar a lingua no exterior teñen que promocionala en Galiza (*Aplausos.*), ¡en Galiza!, como lingua propia do país, como lingua vehicular do país en todos os ámbitos, para que non sexa unha lingua perseguida, unha lingua sometida a *apartheid*. Iso é o primeiro que hai que facer para promocionar a lingua no mundo.

Con respecto ao que vostedes din da I+D+i, «promover Galiza como un polo de excelencia científica e tecnolóxica», é unha declaración rimbombante. Pero iso non se fai cunha lei, iso faise con orzamentos, tendo orzamentos e tendo un trato digno para os investigadores deste país, que neses momentos están maltratados polas políticas da Xunta do Partido Popular.

E, mire, vou rematar enumerando dez propostas que lles brindamos, que lles ofrecemos neste Parlamento para o debate, para o diálogo, para chegar a aproximacións e, se é posible, a acordos. Espero que me dea resposta a elas.

Primeira. Relacións Exteriores debe de ser un departamento co máximo rango institucional —cando menos, como secretaría xeral—, que teña capacidade de coordinar a todo o Goberno; e non só a todo o Goberno, senón que ten que ter tamén capacidade de dialogar e de acordar co resto das institucións e das entidades do país unha política exterior —coas universidades, cos concellos, coa Fegamp, co Eixo Atlántico; en fin, con todos os organismos que se queira—.

Segunda. Debemos ter unha política exterior planificada, estratéxica, con prioridades. Non se pode facer todo ao mesmo tempo. E débese crear e desenvolver a marca país. Vostedes non falan dunha cuestión tan fundamental como a marca país neste documento.



Terceira. A importancia dos procesos e da participación: o Caex hai que cambialo por completo, ten que ser un órgano participativo, de impulso e tamén de avaliación das políticas da Xunta. Temos que ter instrumentos estábeis e dotados de medios, e, efectivamente, con delegacións no exterior. Nós formulamos propostas concretas. Nós pensamos que neste momento Galiza ten que ter delegacións permanentes en Madrid, en Lisboa e en Bruxelas. É imprescindible, hai que acabar co modelo asistencialista do pasado, temos que ter outra presenza no mundo, empezando por estes ámbitos. Iso custa cartos, efectivamente, pero dá resultados, dá moitos beneficios.

Cuarta. Temos que ter obxectivos claros e ambiciosos en relación coa lusofonía, coa entrada na CPLP, a creación dun observatorio da lusofonía e unha estratexia de desenvolvemento da Lei Paz-Andrade.

Quinta. A promoción exterior de Galiza a través do deporte. Vostedes ignoran completamente a función que poden ter os deportistas de elite —Xabier Gómez Noya, Teresa Portela, Verónica Boquete..., e, en fin, moitísimos máis— para promocionar a imaxe do país. As seleccións nacionais, as seleccións deportivas —como lles queiran chamar—, son a imaxe tamén da proxección dun país no mundo. Ignóranos por completo.

Sexta. A proxección internacional de Galiza a través da cultura. Para iso pensamos que hai que crear un organismo propio, un instituto, que se pode chamar Rosalía de Castro, que lle pode dar nome a un aeroporto, que lle pode dar nome a unha estrela, pero que lle pode dar nome a todo o máis grande que poida facer este país. E, por certo, se queren crear un faro de igualade, teñen Padrón, teñen Compostela e teñen a Rosalía de Castro, que é a máis grande figura que creou este país ao longo da súa historia, e que é a mellor imaxe, a mellor marca país que pode ter Galiza no mundo.

Sétima. Aliñamento internacional de Galiza co internacionalismo, coa diversidade lingüística, co pacifismo, coa defensa da soberanía dos pobos. Iso tamén, por ser un país de acollida nestes momentos tan dramáticos que vive o mundo.

Oitava. Cooperación para o desenvolvemento co incremento orzamentario, poñendo a Galiza na media do Estado. Só pedimos iso e a creación dunha axencia galega de cooperación para o desenvolvemento.

Novena. Utilización do capital relacional da diáspora, da vella pero, sobre todo, da nova diáspora, que temos que conseguir que volva pero que, mentres non volva, ten que ser tamén unha ferramenta de promoción, de impulso e de proxección do país.

Remato, señor presidente.

Queremos unha lei de política exterior de máximos, señor Rueda, non de mínimos, unha lei empoderada e non tutelada, unha lei de Galiza e non da Xunta, unha lei de todos e todas, non do Partido Popular, non a lei dunha rexión nin dun territorio, senón a lei dunha nación no mundo que se chama Galiza.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo non emendante, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme que comece esta intervención cun agarimoso recordo para a familia de Carlos Mantilla, que nos deixou esta madrugada. Dende aquí, o recoñecemento do Grupo Popular a un home cunha traxectoria política, profesional e persoal intachable, a un galego dos bos e xenerosos. Dende aquí queremos mandar unha fonda aperta á súa familia, que está pasando momentos moi difíciles. Descansa en paz, querido Carlos Mantilla.

Centrándonos no que fai relación ao debate que hoxe nos trae aquí, eu quero empezar felicitando o Goberno pola aprobación da Lei de acción exterior, porque con esta lei Galicia vai converterse, como dicía o vicepresidente primeiro da Xunta, na segunda comunidade autónoma en aprobar un instrumento legal que lle permita optimizar todas as capacidades de proxección exterior recoñecidas na normativa estatal.

Ademais, Galicia vaise converter na primeira comunidade autónoma en aprobar esa normativa dende a lealdade institucional ao conxunto de España, sen convertela, polo tanto, nun instrumento de confrontación e conflito con outras administracións do Estado. É unha lei que nos vai permitir proxectar Galiza no mundo, extraer todo o seu potencial económico, turístico, lingüístico, cultural e solidario; unha lei que nos vai permitir afondar na relación coa Galicia exterior e reivindicar vínculos cos millóns de galegos que viven lonxe da nosa terra; unha lei que nos vai permitir consolidar as nosas relacións na eurorrexión e cos países da lusofonía, e converternos ou explotar esa compoñente de ponte xeoestratéxica coa lusofonía, co conxunto tamén do cono sur americano; unha lei que permite mellorar a cooperación para o desenvolvemento, consolidando a vocación solidaria amosada por Galicia dende hai xa algúns lustros.

É unha lei nacida do diálogo, porque ten os seus fundamentos na estratexia galega de acción exterior, que foi aprobada neste Parlamento sen ningún voto en contra, e unha lei enriquecida polo diálogo, o diálogo, entre outros, co Goberno de España, co cal conseguimos alcanzar un acordo que parece que hoxe non se valora suficientemente.

É unha lei que nos gustaría aprobar co máximo consenso posible, como foi posible no Consello de Acción Exterior, no que pasou sen ningún voto en contra —con algunha abstención, é certo, pero iso indica discrepancias de matiz e non a radical oposición que amosaron hoxe aquí algúns grupos—.

É unha lei que, igual que a Estratexia galega de acción exterior, ten unha vocación de pervivencia máis aló deste ou de calquera outro goberno, e que pretende superar as lexítimas diferenzas ideolóxicas para converterse nun instrumento de país.



O BNG, ademais dunha visión nostálgica da acción exterior do goberno de Fraga —que, en fin, agradecemoslla profundamente aínda que chega un pouco tarde a valoración, agradecemoslla profundamente no que vale—, plantéxanos hoxe unha emenda á totalidade dende unha concepción de Galicia como nación independente, unha concepción politicamente lexítima pero que hoxe en día terán que recoñecer que non é compartida por máis que apenas unha minoría do pobo galego. Vostedes consideran unha febleza o que o Goberno da Xunta, o partido e o grupo parlamentario que o sustenta consideran unha fortaleza. Vostedes non consideran unha fortaleza que coordinemos a acción exterior das comunidades autónomas, dos concellos, das entidades, co conxunto da acción exterior do Estado. E para nós iso é unha plena fortaleza. Vostedes aspiran a unha acción exterior de carácter soberanista que non conta co respaldo do pobo ao que pretenden representar. Acúsannos de falta de visión porque confunden iso con que simplemente teñamos visións diferentes. Táchana de lei desequilibrada porque non comparten a nosa actitude de respecto á arquitectura institucional do Estado. E cualifícanos de autolimitada simplemente porque non comparten o sentido de pertenza a un proxecto común, que é España, o que si comparten a inmensa maioría dos galegos.

Eu si lle pido unha cousa, señor Bará. Vostede fixo aquí un esforzo por tender a man. E eu creo sinceramente que, se a ideoloxía non foi un impedimento para alcanzar gobernos con partidos —en teoría— de distinta orientación ideolóxica á súa, tampouco debería ser unha escusa —¿verdade?— para non construír país e para alcanzar consensos arredor do sentimento maioritario da Galicia de hoxe. E esa Galicia, a Galicia de hoxe, a Galicia na que vostedes teñen que traballar e pola que vostedes teñen que traballar, é unha Galicia que se sente tan galega como española. E, polo tanto, nós pedímoslles que fagan aportacións dende esa visión maioritariamente compartida polo conxunto dos galegos. (*Aplausos.*) E isto, señoría, non significa, en absoluto, que lles pidamos que renuncien aos seus postulados ideolóxicos, tan só que recoñezan que non se corresponden cos da maioría das galegas e dos galegos.

Oxalá cheguemos a eses acordos que nos ofertou, señor Bará. Pero hoxe a realidade é que vostedes o que están a plantexar é un ministerio galego de asuntos exteriores. E eu coincido con vostedes en que o vicepresidente da Xunta, o señor Rueda, sería un magnífico ministro de exteriores. Pero non se precipite, aínda é novo, todo se andará e tempo haberá para que ocupe ese tipo de responsabilidades. Por agora déixenos que continúe atendendo a acción exterior de Galicia e as outras obrigas que o ocupan no seu día a día —que son moitas e que son importantes—. Afortunadamente témolos hoxe en día centrado aquí, onde se precisa, en Galicia, que, desde logo, non pode agora mesmo renunciar ao traballo que están facendo todos e cada un dos membros do Goberno galego.

De todas maneiras, eu si teño que recoñecer —e fágoo publicamente, igual que o fixen durante a tramitación da Estratexia galega de acción exterior— o traballo do Bloque Nacionalista Galego. Sempre o recoñecín. E, dende a discrepancia profunda, hoxe tamén lle recoñezo a vontade de intentar facer achegas e a vontade de intentar enriquecer o texto legal que se lles presenta. Non podo dicir o mesmo do Grupo Socialista. E iso que si llo agradecín, especialmente, durante a tramitación da Estratexia galega de acción exterior. Creo que a emenda que presentou o Partido Socialista de Galicia define á perfección a súa estratexia política: a defensa a ultranza de calquera decisión do goberno de Sánchez excepto cando chega a un



acordo coa Xunta de Galicia —esa é a única excepción á norma xeral dos socialistas galegos, e é certamente curiosa— e tamén unha insistencia permanente en mentiras que xa foron desmentidas en multitude de ocasións, pero que a vostedes lles serven para elaborar teorías conspiranoicas sobre a acción clientelar da Xunta de Galicia no exterior. Eu quero recordarlle que o único axente electoral que viaxou ao exterior, financiado con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia, non tiña o carné do Partido Popular. Aquí teño a noticia: «A Xunta pagou unha viaxe a Arxentina dun axente electoral». Se ten dúbida de que goberno, mire vostede a foto que acompaña a noticia. Ningún destes dous cabaleiros milita no Partido Popular. Foron vostedes. Así que lle agradecería que fixera un mellor exercicio de memoria e un menor exercicio de demagogia, señor Arangüena. *(Aplausos.)*

Na súa emenda non hai nin visión ideolóxica nin unha mínima análise rigorosa, nin sequera a mínima aspiración galeguista. Xa non lle digo soberanista, como a do BNG. Non, non, digo galeguista. É que vostedes fixeron unha emenda á totalidade cun carácter absolutamente recentralizador. É unha cuestión certamente sorprendente nun partido que aspiraba a ser o socio de goberno do segundo partido máis votado de Galicia —e cada vez explícase máis por que é o BNG e non son vostedes—. Eu simplemente lle teño que dicir do folio este que presentaron que é un mal exercicio de estilismo literario, máis cercano aos xogos florais que a un documento parlamentario, repleto de vaguidades e politicamente tan desenfocado que chega a acusarnos de mimetismo co independentismo catalán. ¡O que hai que oír!

Isto, efectivamente, é unha emenda á totalidade, é unha emenda á totalidade da traxectoria do Grupo Parlamentario Socialista. Porque esta lei fundaméntase na Estratexia galega de acción exterior que consensuamos nun 99 % co Grupo Socialista, entón representado polo señor Villoslada. E, por certo, a este si lle teño que recoñecer, como fixen no seu momento e consta nos diarios da Cámara, o traballo profundo que fixo durante a tramitación desa lei. Pero parece ser que a falla de pago nas cotas do Partido Socialista na Coruña desacredita por completo o seu traballo e a súa traxectoria, permitíndose incluso que o seu propio grupo o tire por terra nesta Cámara.

A emenda é unha emenda á totalidade ao proceso de diálogo que mantivo a Xunta co goberno do señor Sánchez, que parece ser que semella unha insuficiente garantía de constitucionalidade e de lealdade para o propio PSdeG. Eu non o entendo. ¿Desconfían vostedes do criterio do entón ministro Borrell —hoxe, por certo, vicepresidente da Comisión Europea e alto representante de Asuntos Exteriores e Política de Seguridade—? Porque, ¡home!, acordamos con el, pero parece que a vostede lle seguen suscitando dúbidas os acordos que alcanzamos co señor Borrell e co seu equipo. É unha emenda á totalidade ao traballo desenvolvido polo Caex e polo Congacode —que, por certo, referendaron esta lei—, traballo que vostede bota por terra, con total displicencia, nun folio. ¡Este é o traballo que desenvolveron vostedes! ¡Esta é a súa emenda á totalidade! Se lle quitamos o encabezamento e a sinatura, ¡é unha carilla!

Eu, sinceramente, o único que podo dicir deste folio é que é un folio trapalleiro, displicente, berborreico, superficial, moi frívolo, enormemente preguiceiro e que, aínda que formalmente está asinado polo señor Caballero, eu non lle vou atribuír a responsabilidade da súa redacción, porque quero ser xusto co líder do Partido Socialista de Galicia. Sei que el firma isto



porque lle corresponde, pero, dende logo, non é o autor intelectual deste folio. O autor é anónimo, aínda que eu diría que facilmente recoñecible naquela definición —que se lle atribúe a Oscar Wilde— que afirmaba de certa xente que mantiñan longas conversas consigo mesmos e que eran tan, tan intelixentes, que ás veces non entendían nin unha soa palabra do que eles mesmos dicían. (*Aplausos.*)

En definitiva, de verdade, paréceme moi pouco serio, ¡moi pouco serio!, que se poida vir aquí a facer a intervención que se fixo desbotando un traballo de anos, que foi desenvolvido por multitude de persoas, que conta con aportacións de todo tipo de organizacións que si toman en serio a acción exterior de Galicia e que permitiron que chegamos a un punto de encontro, a un punto de consenso, no que probablemente non se recollen ao cen por cento as sensibilidades de todos e cada un deses actores pero no que se alcanzou un equilibrio no que todos eles se senten razoablemente representados e, polo tanto, poden dar o seu respaldo a unha lei que hoxe presentamos aquí; unha lei que, durante o seu trámite parlamentario, debería ser enriquecida.

Iso é o que eu lles pido, que traballemos xuntos. Eu pídolle ao Partido Socialista dos galegos que abandonen esta actitude displicente, esta actitude do non polo non, esta actitude da permanente crítica —incluso aos textos acordados cos representantes nacionais do seu propio partido—, e que empece a facer algo por Galicia.

En definitiva, señorías, menos autosuficiencia, menos arrogancia, máis aportacións, máis propostas útiles, ou, se vostede o prefere, señoría, menos samba e máis traballar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, no seu habitual ton faltón, falta de respecto (*Aplausos.*), sistematicamente falta de respecto, e no seu estilo de parlamentarismo que parece que trata de emular a Jack Nicholson en *O resplandor* —porque frecuentemente me lembra vostede, a min polo menos, esa película—, vén aquí cunha especie de animosidade, animadversión, que non entendo en sede parlamentaria. Pero, bueno, vostede saberá... Entendo que é teatro. Pero, como teatro, é malo; é dicir, é moi mal teatro. Pero, certamente, volvo insistirle en que me lembra un Jack Nicholson sobreactuado en *O Resplandor*.

Fala vostede da nosa emenda e fala de defensa a ultranza do goberno de Sánchez. Nin na emenda nin no que eu dixen hoxe aquí fixen ningunha defensa de ningún tipo, nin a ultranza



nin a non-ultranza do goberno de Sánchez. Non falei do Goberno central para nada. E di que a nosa emenda demostra que non temos visión ideolóxica. Pero ¿que visión ideolóxica teñen vostedes en materia de acción exterior? ¿Cal é a visión ideolóxica que se pode ter en materia de acción exterior? Francamente nós descoñecemos cal é esa visión ideolóxica cando do que se trata é de promocionar Galicia, o comercio exterior galego, traer investimento ou facilitar a cooperación e o desenvolvemento, de cousas que teñen ben pouco que ver coa ideoloxía e moito máis coa xestión —por certo, xestión da cal vostedes carecen sistematicamente nesta materia—.

E xa, para nota, dinos que ten un carácter recentralizador. A min o único que me cabe é especular sobre se vostede consumiu *[algún tipo de substancia]* (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente e polo propio orador ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) cando me escoitou hoxe ou cando leu a nosa emenda. (*Fortes murmurios.*) Porque falar dun carácter recentralizador...

O señor PRESIDENTE: ¡Un momento, un momento!

¡Perdón, señor Arangüena! ¡Perdoe! (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor! Interrompín eu o debate porque non é normal, dende unha tribuna dun parlamento, facer unha alusión ao consumo de ningún tipo de substancia. Porque, entre outras cousas, estanos escoitando moita xente, e pode ser iso unha política moi mal inducida dende o propio Parlamento. Entón, pídolle que retire esa expresión.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Por suposto que a retiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Comprenderá vostede que tiña un carácter irónico.

O señor PRESIDENTE: Pero coidado coas ironías. Estou de acordo, e son o primeiro defensor da ironía, coñéceseme ben. Pero coidado con ese tipo de ironías. A ironía hai que saber facela e saber en que momentos se fai. Esa é unha ironía que non me convenceu moito.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non teño ningún problema en retirar a miña ironía. Encantado e con moito gusto.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Retirada.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non mencionamos na primeira intervención que en materia de cooperación para o desenvolvemento non temos —á diferenza do que ocorre no resto— especial obxección que facer ou que poñerlle a esta lei. O problema é que Galicia, máis alá da lei e do papel, como sucede sempre, dedica o 0,06 % do seu orzamento —este ano e o anterior, 2020 e 2021—. É dicir, once veces menos da xa clásica reivindicación do 0,7 % do PIB. Con ese investimento en cooperación para o desenvolvemento pódense facer moitas leis, pero moi pouca utilidade e traballo.



O capítulo europeo da lei non contén novidades de interese e, dende logo, nada que contribúa a reverter o feito de que a Fundación Galicia Europa —que ten como finalidade promover a acción exterior de Galicia nun ámbito tan fundamental como é a Unión Europea— viu reducido o seu orzamento aproximadamente un 50 % na última década, coincidindo cos gobernos do señor Feijóo. Un señor Feijóo que, a pesar de que a política galega se xoga tanto hoxe tanto en Bruxelas como en Madrid e a pesar de que a nosa participación nos fondos europeos é vital —non baixa dos 400 millóns de euros cada ano e non está en absoluto garantida—, se prodiga ben pouco por Europa, talvez porque —como dicía antes— carece por completo do coñecemento desa lingua franca do mundo internacional, que é o inglés, o cal fará, seguramente, que non se atope cómodo nese ámbito. En cambio, si se prodiga un pouco máis por Latinoamérica, co problema de que moitas veces a xente coa que fai fotos acaba en prisión, como o exdirector xeral de Pemex, don Emilio Lozoya.

O que hai que facer no ámbito da acción exterior, na nosa opinión, é ter claro por onde van os tiros do mundo no século XXI —cousa na que parece que os estadistas da Xunta andan desnortados— e deseñar unha estratexia coherente, aproveitar os recursos públicos cada vez máis escasos e saber que a presencialidade no século XXI cede paso á virtualidade; saber que onde, por exemplo, para facer un estudo de mercado tradicionalmente había que estar sobre o terreo, hoxe se pode obter a información sen moverse practicamente.

Falando de deseñar unha estratexia —para rematar—, á parte de pintar nun papel unha serie de obxectivos e, no mellor dos casos, indicadores de resultados, sería bo que esa estratexia, a Egaex, se revisase e se analizase por parte de quen ten que facelo, que é este Parlamento, que, en teoría, tería que recibir conta dela cada ano, o cal non se cumpre, como tampouco se reúne coa periodicidade requirida mínima o Consello Galego de Acción Exterior.

Por tanto, o que nós consideramos que hai que modificar, que hai que emendar pola vía das emendas parciais e que hai que conseguir é que a acción exterior do Goberno de Galicia programe verdadeiramente a través da Egaex, máis alá do papel, que se unifique —e para iso non fai falta lei— a dirección da acción exterior galega subsanando e superando a actual dispersión e, ademais, reformar o Igape para convertelo nun auténtico organismo dinamizador da acción económica exterior de Galicia, que é o que non foi ata o de agora en ningún momento e o que tería que chegar a ser e non vai chegar a ser con esta lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: O BNG trae aquí unha proposta de máximos e non de mínimos; é dicir, a idea de que esta lei ten que aspirar ao máximo e non quedar no teito pero por abaixo. Pedimos unha lei dunha nación ou, se queren, dunha nacionalidade histórica ou, se queren,



dun país. Pero é que eu lles digo a vostedes que son acomplexados porque, cando a República Francesa, a través do seu Ministerio de Cultura, declarou Galiza país invitado no Festival de Lorient, vostedes, na nota de prensa, faláron de «territorio convidado». Esa é a diferenza: vostedes tiran para baixo e nós tiramos para arriba; temos ambición, ambición de país. Eu creo que esa é unha visión importante.

Segundo, as maiorías absolutas non dan nin a posesión da verdade absoluta nin lles quitan a razón aos demais. En todo caso, deberían ser o pé non para a imposición de verdades absolutas, senón para a proposición, para o debate, para o diálogo e para o acordo; sobre todo nun tema da especial transcendencia que ten este, que vai marcar o futuro non só desta lexislatura, senón de próximas lexislaturas. E nós temos a lexítima ambición de gobernar este país. Somos a principal forza da oposición e deberíamos ter algo que dicir nunha norma que vai rexeir os destinos deste país ao longo de varias lexislaturas.

E non nos pidan que renunciemos aos nosos principios, desde logo, porque nós somos nacionalistas e non imos renunciar a iso, pero tamén temos escola tradicional de décadas do nacionalismo galego e por iso somos internacionalistas; somos internacionalistas con todo o que iso significa. E ser internacionalista significa querer para todos os pobos do mundo o mesmo respecto e a mesma dignidade que queremos para o noso. (*Aplausos.*) Iso é ser internacionalistas, esa é tamén a nosa visión desta norma.

Eu dicíalles que facer política exterior custa esforzos, custa ter equipos profesionais, custa ter medios, custa ter recursos. Por certo, gustárame que lle aplicasen os mesmos criterios que utilizan para a parte —que é un título só— de cooperación ao desenvolvemento —en canto á estruturación, ao rigor, á planificación e á sistematización— ao resto da lei, porque nesa si que se fala de planificación, de proxectos, de medios, de estratexia, de recursos, etc. e na de exterior non se fala.

Dicía que custa investimentos. Datos do ano 2018 —dígoos pola memoria económica e financeira, que non fixeron referencia a isto, non sei se o señor Rueda despois nos pode dicir algo ao respecto, se vai intervir na quenda de peche—: Castela e León, 7 millóns de euros en acción exterior; Canarias, 7 millóns de euros en acción exterior; Galiza, 8 millóns de euros en acción exterior; Euskadi, 53 millóns de euros; Andalucía, 50 millóns de euros; Cataluña, 78 millóns de euros. Está claro quen xoga na división de honra, quen xoga na *Champions* da acción exterior, e quen xoga en categorías rexionais. Temos que cambiar este marco. Por iso non poden poñer unha memoria económica nun proxecto de lei con esa visión reduccionista, minimalista e dependente. Temos que cambiar ese marco, señor Rueda.

Miren, gustárame falar, aínda que fose brevemente, a respecto de Portugal e a lusofonía, porque é un dos elementos claves desta lei. A nós gustáranos que, dentro deste marco xurídico que temos no Estado, vostedes tivesen a visión e a ambición que teñen, por exemplo, en Estremadura. Estremadura ten unha política de país —ou de comunidade, ou de rexión, ou do que queiran— con respecto a Portugal; queren xogar en Portugal, queren ter algo que dicir en Portugal. Teñen unha estratexia de país, teñen *lobbys* organizados para iso. E teñen tamén unha estratexia de ensino do portugués en Estremadura que lle dá mil voltas á galega. Teñen cinco veces máis estudantes de portugués dos que temos nós en Galiza, cando teñen



un millón de habitantes; fronte a 2,7 ou 2,6 millóns que ten Galiza. Isto é, desde logo, unha radiografía demoledora da falta de interese e de visión que teñen vostedes con respecto a Portugal e á lusofonía.

Gustaríanos que dixesen algo a respecto tamén do tema da CPLP, que foi acordado nunha resolución deste Parlamento a proposta do BNG o ano pasado. Estamos agardando aínda que se cumpra.

Por último, parécenos un grave erro a concepción desta lei. Miren, a lei de política exterior dun país, dunha comunidade, dunha nacionalidade, dunha nación, dun estado... debería ser un asunto de Estado; enténdanme, un asunto de Estado. Debería dar pé a un gran acordo a partir do diálogo, da negociación, da participación de todos os axentes institucionais, sociais, políticos, culturais e económicos. Porque a acción exterior —non só esta lei— non debe ser o proxecto dun partido, como é esta —lamento dicilo, señor Rueda—, debe ser o proxecto dun país, de todo un país, non dunha parte dun país. Non debe ser o proxecto de curtas miras para unha lexislatura, como parece ser esta norma, senón a proposta sólida e duradeira, cando menos a próxima década, que vai ser unha década fundamental para o futuro do noso país e para o futuro do mundo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.) (Pausa.)

Estamos esperando a ver se entra a conselleira para o debate do Proxecto de lei de impulso demográfico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, continuamos no Pleno. Será cuestión dun minuto, imaxino. Aí está, non hai problema ningún.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ambas son de devolución.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, señorías.

«O avellentamento demográfico da poboación galega é máis elevado que o do conxunto da Comunidade Económica Europea. Este feito acentúase máis ao examinar por separado as áreas rurais máis extensas de Galicia, onde a renovación xeracional está nun momento crítico. Cambiar esta tendencia é un obxectivo preferente pero de difícil consecución, porque os seus obxectivos se acadan necesariamente a longo prazo. Pero se non se actúa con tempo —e agora estámolo— nun futuro próximo a situación será irreversible. Non nos podemos



permitir unha Galicia avellentada, porque isto constitúe o principal obstáculo para a renovación dos nosos recursos humanos e unha seria ameaza para o noso futuro».

Todas estas palabras non son miñas. Pronunciounas o presidente Manuel Fraga Iribarne no Debate sobre o estado da Autonomía do ano 1992, afondando nun asunto que xa estivera presente no seu primeiro debate de investidura en xaneiro do ano 1990.

Tres décadas despois este certo diagnóstico mantén aínda a súa vixencia. O proxecto de lei que traemos hoxe a este mesmo Parlamento supón a culminación dunha tarefa: situar a cuestión poboacional no debate político. Unha tarefa na que Galicia foi pioneira daquela, posto que a nosa aproximación á demografía non tiña paralelismo en ningunha outra comunidade autónoma e na que Galicia segue sendo pioneira no día de hoxe, pois a Lei de impulso demográfico que estamos a debater hoxe será a primeira a nivel nacional.

Hoxe, cando todo o mundo occidental fala de demografía nos mesmos termos que se facía aquí hai trinta anos, Galicia segue estando por diante ao elevar esta cuestión, por primeira vez, a unha norma con rango de lei. Non se trata dunha lei illada, senón da continuación lóxica dun traballo en materia demográfica que cobrou especial intensidade nestes últimos once anos.

Están nas hemerotecas os esforzos da Xunta de Galicia por levar a cuestión demográfica á axenda nacional e á axenda europea. Aglutinamos varias comunidades con inqedanzas semellantes e levamos ditames ás institucións europeas. E, máis recentemente, o presidente Feijóo conseguiu na Conferencia de Presidentes do ano 2017 que o Goberno de España crease o Alto Comisionado para o Reto Demográfico.

Volvendo á esfera galega, a consagración da demografía no máis alto das prioridades políticas tivo uns efectos dos que levan anos beneficiándose todas as familias galegas: a Tarxeta Benvida, unha axuda económica directa para a crianza dos fillos pequenos que xa chegou a preto de 60.000 fogares, e as casas niño, 81 centros que se crearon e crearon posibilidades de conciliación nos municipios máis pequenos de Galicia, nos municipios máis rurais, onde nunca antes houbera un servizo semellante; a importante extensión da rede pública de escolas infantís, que supuxo que dende o ano 2009 se duplicasen as prazas de atención a nenos de entre 0 e 3 anos; e neste ano 2020 a aprobación da gratuidade total da educación infantil para os segundos e sucesivos fillos, unha medida coa que, unha vez máis, Galicia se converteu en líder a nivel nacional.

A Lei de impulso demográfico chega para cumprir unha dobre función: por unha banda, blindar e consolidar todos os avances logrados ao longo destes anos e, pola outra, seguir avanzando cara a unha política demográfica de consenso e de longo prazo que sexa útil para Galicia, e non só para as vindeiras lexislaturas, senón para as próximas décadas.

Ao longo dos seus 106 artigos e 13 disposicións, esta lei aborda a demografía no seu carácter complexo e poliédrico. Non se trata só de darlles facilidades ás familias con fillos ou que queren telos, que tamén. Non se trata só de avanzar cara a unha conciliación máis doada e cara a uns horarios máis racionais, que tamén. Non se trata só de brindarlle á mocidade as



oportunidades que demanda e que merece, que tamén. Non se trata só da captación de nova poboación, especialmente a través do fomento dos galegos do exterior, que tamén. Non se trata só de falar de envellecemento activo e saudable e de promocioñalo —que tamén— nin se centra só no necesario equilibrio territorial e vertebración de Galicia, que, por suposto, tamén. A lei que presentamos hoxe aborda todos estes temas, as súas interrelacións, as consecuencias e as repercusións e como desembocan nun contexto tan difuso e, á vez, tan amplo, como é o impulso demográfico.

Naturalmente, non baixa ata aspectos moi específicos nin entra na regulación concreta das medidas que se implantarán ao longo dos vindeiros anos. Iría contra toda técnica lexislativa pretender establecer nunha lei aspectos que se definen con máis exactitude e axilidade nun texto de menor rango. Suporía tamén unha intromisión moi negativa na axenda dos gobernos autonómicos que nos sucedan.

Esta lei non pretende asentar unhas medidas de impulso demográfico inamovibles, senón os principios reitores que deberían guiar todas estas actuacións.

Señorías, os gobernantes e lexisladores temos unha responsabilidade perante os nosos coetáneos, pero tamén perante os nosos descendentes. Traballar unidos para conseguir a mellor lei de impulso demográfico posible é parte do noso compromiso cos galegos do mañá. *(Aplausos.)*

A verdade é que teño que confesar que sinto unha certa decepción ao ver as dúas emendas á totalidade que se presentaron a este proxecto de lei. Repasando os seus textos, non se atopa nin un só argumento con peso específico suficiente como para xustificar un rexeitamento tan frontal a un proxecto de lei tan importante para Galicia como é este. Atopo matices, atopo cuestións puntuais ou valoracións políticas que poderían ser tidas en consideración no debate sobre o articulado desta lei, pero ningunha cuestión tan irresoluble como para fundamentar unha emenda á totalidade.

Noutras palabras, e citando o Regulamento deste Parlamento, nos documentos que vostedes presentaron non existe ningún razoamento que sosteña que esta lei sexa importuna ou que os seus principios ou espírito estean errados. Non é o momento de debater aspectos concretos do articulado da lei, porque esa será a misión da ponencia que se constituirá nos vindeiros días.

Si me gustaría repasar as razóns que motivaron as dúas emendas á totalidade que hoxe se toman en consideración.

Respecto da do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a semana pasada participei na Conferencia Sectorial de Reto Demográfico, na que o Goberno central nos presentou a Estratexia nacional, que, ao noso xuízo, é decepcionante. Non ten medidas específicas nin referencias ao custo efectivo dos servizos e, sobre todo, non ten definición dos mecanismos de financiamento. Así e todo e a pesar de todas estas eivas que a Xunta xa lle comunicou á vicepresidenta Ribera, Galicia contribuirá para mellorar a Estratexia nacional fronte ao reto demográfico. Farémolo con observacións como as que xa lle remitimos á Vicepresidencia e como as que nos comprometemos a enviar nos vindeiros días. A actitude construtiva da



Xunta de Galicia fronte a este documento redactado polo Goberno central contrasta coa contundente negativa do Grupo Socialista respecto do Proxecto de lei de impulso demográfico, que si conta con iniciativas concretas e cun investimento de preto de oitocentos millóns de euros ao ano ben detallado na súa memoria económica.

Na súa emenda á totalidade aseguran que non se tiveron en conta as achegas que fixeron a este proxecto de lei dentro do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, e iso é falso. Como trasladei no seu día á que era a súa representante neste organismo, a señora deputada Noela Blanco, aceptáronse as dúas terceiras partes das corenta e dúas alegacións do Grupo Socialista. Aínda que iso non fose suficiente para que vostedes renunciásemos a presentar unha emenda á totalidade, garántolles que seguiremos tendéndolles a man para conseguir en Galicia o mesmo nivel de consenso que Galicia ofrece a nivel nacional.

Respecto da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, no seu caso non podo facer referencia ás alegacións que presentaron ante o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, porque non fixeron ningunha.

Chama a atención, de verdade, a insistencia no seu texto no adxectivo «natalista»; un nome de palla que xa se axitaba nos anos noventa contra aqueles dirixentes que intentaban introducir a demografía no debate público.

Por suposto, nesta lei incorpóranse axudas ás familias; por incluílas, vostedes chámannos natalistas, e, se non as incluísemos, dirían que nos falta ambición. Pero a realidade é sempre a mesma: moitos fogares necesitan e merecen todo tipo de axudas e por iso e, por suposto, queremos incorporalas no texto. *(Aplausos.)*

Pero o Proxecto de lei de impulso demográfico tamén debulla outras cuestións que a vostedes lles preocupan e á Xunta de Galicia tamén, como o envellecemento e o retorno da poboación emigrada. Neste sentido, espero que estean de acordo comigo en que é un dato esperanzador que no ano 2019 se rexistrase o mellor saldo migratorio da serie histórica e que chegasen a Galicia 6.000 mozos e mozas máis dos que marcharon.

Na súa emenda á totalidade afirman que botan en falta unha definición das etapas vitais das persoas maiores ou unha referencia expresa aos fogares unipersoais formados por mulleres de idade avanzada. Estou segura de que poderemos chegar a un acordo no debate sobre o articulado desta lei, pero convirán comigo en que ningún destes puntos invalida o proxecto de lei que hoxe lles presentamos.

Non é para nada a miña intención influír na súa forma de facer oposición, pero a verdade é que me resulta, cando menos, curioso que un grupo parlamentario que di estar preocupado polo futuro de Galicia queira anular todo un texto legal que fai fronte ao noso reto máis importante de cara ás vindeiras décadas.

Señorías, Galicia comezou a ter en conta o desafío demográfico antes que ninguén. Hoxe temos a oportunidade de legislar sobre el antes que ninguén. Pídlles, de verdade, que non desaproveitemos esta ocasión de ser, unha vez máis, pioneiros e referencia a nivel nacional.



Despois de once intensos anos de traballo a prol da conciliación, do apoio aos fogares con fillos e do dereito a facernos maiores na nosa contorna, esta Lei de impulso demográfico consolidará no máis alto do noso ordenamento legal un deses asuntos dos que ninguén falaba e que hoxe, afortunadamente, todo o mundo considera unha das cuestións máis importantes para perfilar o porvir de Galicia e a Galicia do porvir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Iniciamos a rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución, e de posicionamento a respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Marina Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira.

A realidade demográfica de Galicia é preocupante: perdemos milleiros de galegos e galegas; por cada galego que nace, morren dous; perdemos poboación; e os datos demográficos son dos peores de Europa e de España. Cada vez somos menos. Todos os expertos nos alertaron de que a evolución demográfica debe de acender todas as luces de alarma. É un asunto vital que en boa medida reflicte tamén como Galicia perde forza, perde vida e perde xente. Evidénciase tamén o fracaso do modelo económico, social e do benestar en Galicia co Goberno do Partido Popular.

Abordar este reto demográfico é unha prioridade para a Galicia que queremos. A Galicia que queremos é unha Galicia emprendedora, que xere emprego, que fortaleza o sistema do benestar para as persoas e a prestación de servizos públicos de calidade en todo o territorio, vivamos onde vivamos. Nesa Galicia poderase superar o reto demográfico porque con emprego, vivenda e bos servizos públicos hai vida e, polo tanto, hai xente.

Pois ben, despois de tantos anuncios e propaganda sobre demografía, hoxe o Goberno da Xunta trae á Cámara a tan anunciada lei demográfica. O propio enfoque de centrar a revitalización demográfica nun texto lexislativo sempre nos pareceu interesante, pero, ao descubrir o texto lexislativo, o Grupo Parlamentario Socialista confirma que no Goberno do Partido Popular non existe compromiso, nin rumbo, nin medidas para facer fronte ao reto demográfico. Non saben que facer nun momento e nun contexto tan importantes como os que Galicia está a vivir. Prefiren xogar á confusión e á propaganda cunha lei que é papel mollado e que amosa a propia incompetencia do Goberno galego en materia demográfica.

Tal como imos explicar a continuación, este proxecto de lei é unha mestura de xeneralidades e vaguidades, sen concreción nin medidas e sen compromiso de financiamento; isto é, unha es-



capada cara adiante, cun goberno autonómico superado pola propia realidade que vivimos. Hai algo que temos que ter claro todos e todas, todos os grupos que aquí representamos a cidadanía: Galicia precisa un cambio no modelo socioeconómico e asistencial para afianzar poboación e reverter, na medida en que sexa posible, a desescalada da poboación. Efectivamente, é un tema fundamental para a nosa cidadanía e para a organización e reestruturación da nosa poboación, tendo en conta os coidados que debemos dar á poboación envellecida, que vai en aumento.

Eu veño da provincia que lidera o envellecemento poboacional, Ourense. Chegar a vivir máis anos, efectivamente, é un éxito alcanzado a longo prazo polo noso Estado de benestar. Pero en Ourense e en Galicia existe outra clave, que é a fuga de cerebros, a emigración da xeración mellor preparada da historia, daqueles mozos e mozas que formaron parte desa xeración e polos que os seus pais e nais loitaron para que recibisen unha educación superior; esa que moitos deles non puideron recibir. Todos os pais e nais sempre queren que os seus fillos e fillas teñan o que eles non tiveron. Así naceu a xeración mellor preparada da nosa historia. O que non sabían era que, ao terminar os estudos, unha gran maioría se atoparía ante a disxuntiva de ter que decidir entre un traballo precario ou non cualificado ou ter que deixar Galicia. Parte desta xeración escolleu esta última opción e hoxe aportan o seu talento e coñecemento noutros países ou cidades fóra de Galicia. Isto quere dicir que Galicia investiu nun talento que logo exportou. Existe unha baixa taxa de natalidade e isto tamén se debe, en parte, a esas persoas en idade fértil que tiveron que facer as maletas por falla de oportunidades. Hoxe, eses nenos e nenas, con raíces galegas, están crescendo noutros países ou cidades fóra da nosa terra. No Congreso Nacional de Poboación do ano 2014, dende o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela alertaban da casuística galega cun documento que titularon como «Crónica dun envellecemento anunciado», onde recoñecían textualmente: «Galicia debe enfrontarse na actualidade ao declive demográfico, cun saldo natural tremendamente regresivo, e a un notabilísimo envellecemento da súa poboación, tanto no medio rural coma no medio urbano, agravados por unha forte emigración de persoas mozas cara ao exterior nunha nova onda que lembra os clásicos episodios emigratorios da nosa comunidade». Polo tanto, é fundamental facer políticas encamiñadas a mellorar as condicións dunha mocidade que tivo que prolongar forzosamente a súa xuventude e agardar, máis que outras xeracións, a unha etapa adulta acorde coa autonomía que iso require.

Non podemos obviar que chama a atención que o proxecto de lei presentado, aínda que xa formaba parte dos compromisos do Goberno galego dende o ano 2016, inicia a súa tramitación administrativa practicamente tres anos máis tarde. Incluso cabe lembrar que o plan anual normativo aprobado pola Xunta de Galicia para executar durante o exercicio do 2018, incluía, a través da Consellaría de Política Social, a remisión dun proxecto de lei de impulso demográfico, sen que a dita previsión fose cumprida e sen que se dese xustificación ningunha da tardanza evidenciada. Cabe deducir certa desidia e atraso consciente para aprobar e desenvolver tal normativa. Todo iso pese a que, como se pode comprobar, as medidas contempladas xa existen en boa medida na actualidade; polo tanto, non constitúen novidades salientables e poden ser postas en marcha sen necesidade de ningunha norma con rango de lei.

O certo é que o proxecto de lei presentado posúe un carácter sumamente xenérico —en demasiadas ocasións, meramente descritivo—, o que constata un exceso de indeterminacións e unha falla de concrecións nas súas disposicións.



Igualmente, destaca a ausencia de contidos e concreción ao respecto dos medios —principalmente financeiros e materiais— precisos para acadar os obxectivos promulgados. A maior afondamento, nin sequera a confusa e insuficiente redacción da disposición adicional primeira resolve tal cuestión, pois unicamente se refire a unha parte moi cativa do gasto que será preciso acometer.

Así mesmo, non podemos esquecer que o proxecto de lei obvia —entendemos que de maneira consciente— e non recolle —á diferenza doutros textos lexislativos— ningún artigo referido ás diferentes fontes de financiamento previstas para acometer os numerosos plans, programas ou medidas reflectidas. Preocúpanos que os recursos asignados non sexan máis que o resultado da suma de diversas partidas xa existentes na actualidade a nivel orzamentario para as distintas consellarías, sen que representen disposicións que sexan efectivamente innovadoras no proxecto de lei ou actuacións concretas para que a aprobación deste resulte de certa utilidade.

A homoxeneidade respecto das diversas cuestións sectoriais reflectidas brilla pola súa ausencia, xa que en moitas ocasións son demasiado xerais e non desenvolven, e noutras recollen simplemente aspectos que en gran medida xa están regulados na actualidade en diversa normativa sectorial de rango inferior. En consecuencia, conséntase a inconsistencia de presentar unha norma con carácter de lei para executar as medidas que se recollen nesta proposta, pois moitas delas xa puideron ser postas en marcha ou aprobadas sen amparo de ningunha norma.

Bótase en falta calquera proceso para a concreción ou a temporalización do proxecto de lei, así como os controis sobre o seu grao de cumprimento que se estimen pertinentes. Pretende o Goberno de Galicia trasladar cara ao futuro como xustificar a súa falta de iniciativas ao respecto e está máis preocupado en dar titulares de que se aprobaron medidas legais —aínda que constitúan en gran medida unha mera declaración de intencións— que en reverter realmente a situación demográfica. Ao noso entender, esta é unha cuestión na que non debería ter cabida ningunha formulación de carácter partidario, mediático ou propagandístico, como está a acontecer por parte da Xunta de Galicia.

Non existe previsión ningunha para a realización de calquera clase de programación concreta; tampouco se recollen medidas de control, coa inclusión dun calendario de evolución con indicadores demográficos ou sociais que determinen e que permitan avaliar a adecuación, ao longo do tempo, das medidas ou obxectos propostos. Lonxe de aproveitar e partir da experiencia destes últimos anos para avanzar nos obxectivos do proxecto de lei, este límitase a recoller medidas normativas xa existentes.

Este proxecto de lei debería actuar sobre aspectos moi diversos da realidade, e, sobre todo, obrigar a actuacións concretas e mantidas no tempo. E o feito é que se trata máis de plans ou programas que de regulacións legais, polo que o proxecto de lei parece ir dirixido a obter unha dimensión simplemente propagandística.

O propio partido que sustenta o Goberno galego levaba no seu programa electoral de 2016 que se aprobaría esta lei a través dun gran pacto político e social; o que, a todas luces, non



aconteceu por falta de vontade de diálogo por parte da Xunta, que decidiu presentar un proxecto de lei sen ter en conta as achegas do resto dos grupos políticos. Esta lei non xorde dun acordo político nin social, e carece de dimensión, de orientación, de financiamento e de medidas para reverter a situación actual. Hai que lembrar, ademais, que este mesmo partido político que lidera a Xunta recollía este ano no seu programa electoral que adaptaría o texto ás novas circunstancias sociais e económicas nadas da crise da covid-19, e que, de xeito evidente, obxectivo e palmar non foi así.

Por todo iso, é evidente que o proxecto de lei remitido debe ser rexeitado e devolto á Xunta de Galicia para á súa reconsideración, dada a transcendencia que o reto demográfico ten para Galicia, e máis aínda baixo o contexto no que nos atopamos derivado da pandemia.

O pasado 30 de outubro, a vicepresidenta para a Transición e Reto Demográfico destacou o compromiso nesta cuestión, que se materializará na incorporación, por primeira vez, dun capítulo específico para investimentos dedicados ao reto demográfico, proxectos que serán enfocados á reactivación económica en áreas afectadas polo despoboamento: o acceso aos servizos en igualdade de condicións no resto do territorio; a conectividade dixital no medio rural; o impulso á vivenda, así como plans de sostibilidade turística e o desenvolvemento da axenda urbana nas zonas prioritarias, e, igualmente, prestacións de servizos sociais e impulso dos propios recursos endóxeos de cada territorio mediante a coordinación necesaria do Goberno coas comunidades autónomas e coas entidades locais, o cal é moi importante.

De crises importantes —como a que temos diante con esta pandemia— poden saír importantes oportunidades de acción ante problemas que xa existían pero que a covid amosou e visibilizou. Dende a vicepresidencia do Reto Demográfico apórtanse medidas transversais acompañadas de importante articulación das oficinas contra a loita contra o despoboamento —vencelladas a procesos de innovación na xestión territorial—, e que facilitarán a coordinación entre administracións e a propia sociedade, vital para sacar resultados a medio e longo prazo.

Galicia ten un potencial evidente que temos que saber aproveitar. A propia creatividade, o tecido asociativo nos concellos e nas cooperativas, os produtores, as persoas emprendedoras..., conforman unhas das principais ferramentas que debemos impulsar para loitar contra o declive económico e social no marco do reto demográfico. É vital, neste sentido, unha aposta firme polo noso rural e impedir a degradación ambiental para así recuperar o grande atractivo que dote Galicia dun plus evidente. A igualdade de oportunidades non existe sen servizos e sen oportunidades laborais —independentemente do territorio—, polo que é un pilar básico para fixar poboación.

Non menos importante son as particularidades xeográficas e transfronteirizas, polo que o Goberno de España aprobou a Estratexia común de desenvolvemento transfronteirizo entre España e Portugal, enfocada na atención específica dos concellos que fan fronteira con Portugal e que a Galicia tanto nos afecta.

En propostas concretas, como proxectos-piloto que traballen con recursos sobre o terreo para servir como bancos de proba onde incubar proxectos multisectoriais en zonas despo-



boadas, no proxecto de lei que a Xunta de Galicia presenta non se concretan accións de calado nin propostas orzamentarias definidas. Ademais, hai un vacío evidente na coordinación ou transversalidade de áreas que reflictan un proxecto que funcione, polo que estamos ante unha lei baleira que non serve máis que para dar un titular pero que, cando a les, está baleira de contido. É unha lei de escaparate pero, lamentablemente, sen contido, xa que non compromete a blindar servizos que garantan fixar a poboación. Paradoxalmente, as políticas do Goberno do Partido Popular en Galicia nos últimos anos van na liña contraria á filosofía que require o reto demográfico, ao recortar servizos na sanidade pública, na educación, nas comunicacións, na accesibilidade e na aposta polo emprendemento —especialmente nas zonas máis deprimidas demograficamente—. A maior parte do proxecto de lei que a Xunta presenta dá lugar, efectivamente, a unha liña natalista que deixa fóra outras claves realmente imprescindibles e a propia transversalidade das áreas. Dá a sensación de que esta lei non pasou por todas as consellarías —aspecto imprescindible para encarar o reto demográfico—. ¿Onde está o traballo do resto das consellarías? ¿Ou non ten que ver con elas?

A confianza que a cidadanía debe depositar nun proxecto con rango de lei relacionado co reto demográfico é incompatible co feito de que a Xunta promova o peche, por exemplo, de servizos sanitarios como o paridoiro de Verín; é incompatible co peche das escolas no rural; é incompatible cos recortes en dependencia nos últimos anos, que aportan o carácter asistencial que unha poboación precisa para afianzarse (*Aplausos.*); é incompatible co abandono do rural por parte do Goberno do Partido Popular; é incompatible coa falta de políticas de reforzo para a nosa xuventude; é incompatible coa falta de oportunidades para o emprendemento e o propio talento asociado ao territorio.

En definitiva, non se pode escribir un título totalmente oposto ao relato da acción. Comprometan servizos, blinden a sanidade, a educación, o talento no rural, apoien o emprendemento no rural, blinden os servizos e a accesibilidade, e nós apoiaremos unha recapitulación neste sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. Bon día a todas e a todos.

Eu viña con outro ánimo, pero, claro, é que eu a escoito, señora conselleira, e vén aquí á defensiva. E eu tamén lle digo que a súa actitude di máis das carencias do propio Goberno e das carencias desta lei —da que, por certo, vostede non falou practicamente nada; só, do Bloque Nacionalista Galego—. Entón, ¡home!, sinceramente parece que lles dá ata urticaria dar o debate político e o debate de fondo, que é o que pretenden as emendas á totalidade e esta Cámara. (*Aplausos.*) Porque, non sei. Se cadra pretenden que isto pase sen pena nin gloria.



Hai un problema político e de fondo nesta lei. Ademais, creo que, señora conselleira, o inicio da súa intervención dá mostra diso. Porque, que nos traia aquí un discurso de Fraga do ano 1992 como exemplo da pertinencia deste texto legal, é para levar as mans á cabeza. (*Aplausos.*) ¿Lembran vostedes a Fraga, que era un señor que gobernou moitos anos neste país —ademais de por outra parte da súa traxectoria vital que non imos lembrar agora— e que se xactaba de que na súa vida non tocara un preservativo? Menos mal que a miña xeración non lle fixo ningún caso. Pero é que o que repetía vostede —e era terrorífico que o dixera el no 1992 pero peor me parece que o diga vostede hoxe no ano 2020— é que non podemos permitírnos ser un país envellecido. Mire, envellecen as persoas, non os países. Si que nos podemos permitir ser un país envellecido, porque iso quere dicir que vivimos máis anos, que gañamos esperanza de vida, e iso é sinónimo de benestar social. Entón si, si que nos podemos permitir ser un país envellecido. Ese non é un problema. É algo bon e do que sentírnos orgullosas e orgullosos. O reto deste país é adaptarse a esa realidade, que non é exclusiva de Galiza, que pertence practicamente a todas as sociedades occidentais, e, sobre todo, ás sociedades europeas. O reto que temos por diante —e para o que esta lei debería actuar— é, precisamente, enfrontar e intentar poñer solucións a medio e longo prazo aos problemas estruturais que este país arrastra xa non dende hai décadas senón dende hai séculos.

Pero se vemos ademais a realidade e a fotografía demográfica deste país como un problema —que é o que vostede trasladou tamén na súa intervención—, eu lémbrolles que dende o ano 1989, con excepción de tres anos e medio, sempre gobernou o Partido Popular. Están diante do reflexo das súas propias políticas. (*Aplausos.*) ¿As cousas van mal? Bueno, pois tamén sabemos a que se debe.

Eu dicíalles que viña con outro ánimo. Ía empezar a miña intervención dándolles os parabéns por algo, e agora xa me deixou así..., algo chocada. Pero voullos dar. Eu quería precisamente empezar rachando certos tópicos e dándolles os parabéns honestos e sinceros desde o BNG, sobre todo, por unha parte da exposición de motivos —o apartado primeiro— cunha diagnose que nós cremos acertada e que enfoca a complexidade que vemos na demografía do conxunto do planeta, sobre todo —insisto— das sociedades occidentais, e tamén de Galiza. Creamos que é unha diagnose acertada da situación, é unha diagnose que desde o BNG compartimos. Pero tamén lles digo que todo o que vén a partir de aí —e agora pasarei ao problema de fondo e aos argumentos que sosteñen a emenda de devolución que presenta hoxe o BNG— vai en sentido contrario ao que recolle precisamente o apartado primeiro da exposición de motivos, e vai servir de ben pouco máis alá da propaganda á que nos teñen acostumadas con esta lei desde hai catro anos. Porque non vai corrixir —insisto— os problemas de fondo, os problemas estruturais que arrastra este país e que son a causa da realidade demográfica de Galiza.

E por iso presentamos esta emenda de devolución, unha emenda que podemos resumir en tres ideas que motivan a posición desfavorable, ou o desacordo, do BNG co enfoque político á hora de abordar a realidade demográfica galega. Son tres ideas que intentarei sintetizar.

É unha lei que efectivamente está inzada de declaracións de intencións, de xeneralidades e de bastantes ocorrencias —que despois citarei—. En segundo lugar, é unha lei que teima en políticas natalistas fracasadas. E é un principio errado reducir a demografía única e exclusi-



vamente a unha suma ou unha resta entre mortes e nacementos. Non é así de simple, sería moito máis doado intervir sobre elas se fose así. A mostra do fracaso das súas propias políticas natalistas —coas que xa empezou Fraga nos anos noventa e nas que teiman vostedes agora insistentemente— son os resultados que vostedes colleitaron nos últimos anos. E eu pónolle o exemplo do Plan de dinamización demográfica —chamábanlle así— que aprobaron vostedes no ano 2013. Era o Plan de dinamización demográfica 2013-2015 horizonte 2020. Daquela parecía que era moito tempo, pero é hoxe. Vostedes marcaban como obxectivo, para responder aos retos demográficos deste país, que Galiza tiña que tender a un número de fillos por muller que se situase na media europea. E citaban unha cifra exacta, que era 1,59 fillos por muller. Eu creo que sobra. E todos os grupos aquí sabemos cal é a realidade que conseguiron esas políticas. Insistir nese camiño é un erro. Non vai servir para nada, entre outras cousas, porque a demografía non consiste en fixar un número idóneo de habitantes dentro dun país. É outra cousa, e ten moito máis a ver coa economía que coa natalidade. E, en terceiro lugar, é unha lei —fiado a isto— que non actúa sobre os dous grandes elementos, ao noso entender, que deberían centrar o texto, que son os movementos migratorios —fundamentalmente frear a expulsión de poboación, sobre todo poboación nova e formada, cara a outros lugares do Estado español e a outros lugares do mundo— e adaptar Galiza á súa propia realidade no século XXI, que é que vivimos cada vez máis. A esperanza de vida das mulleres chega aos 86 anos, e iso é fantástico, é unha marabilla. Porque ¿que queremos para ter sociedades novas?, ¿unha taxa de mortalidade moitísimo maior?, ¿queremos reducir a esperanza de vida? Non, ninguén. Ningún país do mundo enfronta a demografía pensando en que non podemos facernos vellos, senón en como conseguir as condicións de benestar social e as condicións materiais debidas que nos permitan desenvolver un proxecto vital ao longo de todas as nosas etapas da vida coas mellores e maiores cotas de benestar para o conxunto da poboación.

Insisto en que é unha lei vaga: «promoverá», «apoiará», «impulsará», «desenvolverá»... ¿Cando? ¿De que maneira? ¿Con que obxectivo? Entre ir á concreción máxima e non dicir nada hai un punto intermedio que debería ser o que tivese esta lei. É xeralista, é inconcreta. Dixo literalmente o Consello Económico e Social no seu informe que está inzada de meras declaracións de intencións e compromisos moi xenéricos —máis alá, ademais, de recoller un compendio de ocorrencias que incluso o propio CES lles di que non ten moito sentido meter nesta lei—. Tamén é verdade que, claro, a cartilla de vacinación nas escolas infantís pois non ía ir na lei de museos. Ben, pois si, mellor nesta.

¿Cales son as ocorrencias? Cito algunhas.

Unha é publicar o saldo vexetativo no DOG. ¿Para que? ¿Con que obxectivo? Non é un dato descoñecido. Publicao anualmente o IGE, publica a media galega desglosada por concellos. Non sei cal é o obxectivo, non sei se é converter en dó nacional o feito de que morra máis xente da que nace —por certo, de maneira consecutiva e imparable dende o ano 1986 ata hoxe—.

Publicar un informe anual sobre o custo da crianza. E ¿por que non da esperanza de vida vinculada ás condicións nas que vivimos —esperanza de vida en boa saúde—?

Reservar aparcadoiros para familias en centros comerciais, ou crear unha especie de selo comercial —*family friendly, eco friendly*...—. E non sabemos se ao final serán as mesmas em-



presas que vulneran os dereitos de conciliación das traballadoras as que acaben despois poñendo na porta ese selo de calidade. (*Aplausos.*)

E a min —tamén un pouco por defecto profesional— o que máis me fascinou foi iso de adiantar o *prime time* da Televisión de Galicia. E eu case me atrevería a dicir, sen medo a equivocarme, que van declararse insumisos en San Marcos. Un plan sen fisuras, ¡que dúbida cabe!, para abordar o profundo cambio demográfico de Galiza e un dos grandes retos, efectivamente, que ten este país.

Sostemos tamén a nosa emenda de devolución con base nesas políticas natalistas fracasadas. Hai ao longo de toda a lei unha identificación perversa de demografía e natalidade. E isto é miope, é torpe, pero sobre todo é ideolóxico, conselleira. E aí é onde entra a nosa emenda de devolución. De feito, esta é máis ben unha lei de familia ampliada, cun concepto, por certo, de familia profundamente reaccionario, porque o reducen vostedes única e exclusivamente ás familias en crianza, ás familias con fillas e fillos menores de idade a cargo.

E, nunha lei de impulso demográfico, e atendendo á mesma definición que fan vostedes na lei do que é impulso demográfico, eu preguntome que acontece cos fogares nos que viven persoas soas —a maior parte delas mulleres—, con pensións da agraria, de viuvez ou non contributivas. ¿Non vai con elas o impulso demográfico porque están na menopausa? Preguntámonos o que acontece con fogares nos que comparten piso tres persoas menores de 35 anos, ás que non lles dá para emanciparse porque o salario con contratos precarios non dá para chegar á fin de mes. ¿Non teñen que ter un papel fundamental e central nesta lei —que non o teñen—? Ou ¿que acontece, por exemplo, cunha nai —familia monoparental por decisión propia— que malamente chega á fin de mes, e á que se lle dedica en toda a lei, ¡en toda a lei!, dúas disposicións adicionais para dicir que van facer o que tiñan que ter feito hai dez anos, como é crear o rexistro de familias monoparentais deste país ou elaborar un plan, e non sabemos nin cando nin como nin con que orzamento nin con que condicións? (*Aplausos.*)

Todo iso —insisto— exclúese da lei e non só por torpeza, non por descoñecemento, non por miopía política, senón por unha visión ideolóxica do que é a demografía e que está radicalmente en contradición coa visión que ten non só o Bloque Nacionalista Galego senón o propio Observatorio de Demografía, que elaborou un informe marabilloso para o Goberno de máis de catrocentas páxinas e no que se aborda na súa complexidade, nese contexto tan poliédrico, a demografía ou o reto demográfico do noso país.

O que dicimos desde o BNG é que, de partida, o suxeito da lei non poden ser as familias —e menos reducir a familia á idea dunha familia en crianza—. Ten que ser o conxunto da poboación, toda ela, independentemente da etapa vital, da idade que teñamos, de se temos ou non familia ou do modelo de familia ao que pertencemos. Dito doutra maneira: ou as políticas recollidas nesta lei —precisamente eses principios dos que vostede falaba— van encamiñadas a crear as condicións de vida e de traballo dignas, a garantir o dereito de acceso a servizos públicos ou dereitos fundamentais como é a vivenda —especialmente no caso da xente moza e das familias monoparentais— ou non vai mudar nada, porque practicamente todo o que recolle a lei é o que levan facendo nos últimos dez anos. Eu non sei, pero, vendo que o seu obxectivo era incrementar a taxa de natalidade neste país e imos en sentido con-



trario, nin sequera dándolles por bo ese obxectivo que nós non compartimos --e agora explicarei por que-- cremos que vaia mudar nada.

E digo que non hai que «fetichizar» a taxa de fecundidade ou a taxa de natalidade, porque as variables demográficas que máis van incidir —e xa están incidindo na realidade demográfica deste país— son, dunha banda, as migracións —insisto, hai que frear a expulsión, especialmente de xente nova, deste país, pero sobre todo tamén crear as condicións materiais de vida que permitan situar a Galiza como lugar de destino para vivir e para traballar, independentemente do lugar onde se nacera—, e, en segundo lugar, adaptarnos á realidade demográfica. Ser vellas e vellos é bo, é bo, é positivo, e o que quere dicir é que gañamos benestar e condicións de vida dignas. (*Aplausos.*) Non é un problema, non é un problema, máis ben ao contrario.

O trazo diferenciador de Galiza --e con isto vou rematando--, o gran acelerante, o que converteu a Galiza na vangarda da transición demográfica a respecto da nosa contorna, do propio Estado español, dos demais Estados membros da Unión Europea, foi a emigración, o feito de perder durante décadas poboación por dúas vías: a xente que marchaba e, especialmente, as fillas e os fillos que non tiveron aquí. Hai unha demógrafa galega do CESIC, que está emigrada, que leva moitos anos traballando en Madrid, que é Dolores Puga, que lles dixo alí no Senado —precisamente falando desa estratexia do reto demográfico—: «O problema non é que as galegas non teñan fillos, é que os teñen no País Vasco, en Berlín e en Londres. E leva sendo así décadas.» Entón, o obxectivo prioritario é frear a raíz, a causa económica que leva á expulsión de poboación deste país de maneira sangrante.

Insisto, non podemos ver o saldo migratorio nun ano, porque as dinámicas demográficas son a longo prazo, de longo percorrido. Temos que ver a tendencia, toda a gráfica e toda a serie histórica desde finais do século XIX. Porque estamos hoxe na realidade demográfica que temos como resultado deses procesos de emigración. Tamén llelo sitúa así no seu informe o Observatorio Demográfico, que ademais fai especial fincapé —dicindo que é especialmente acusado— nas consecuencias desas vagas migratorias de entre 1950 e 1970.

Eu pódolles poñer despois, se queren, exemplos reais de como houbo casas —a miña— nas que marcharon nove, volveu unha, casou e tivo dúas fillas. Entre as nove persoas que marcharon e as catro persoas que estamos aquí, ¿cantas poboación se perdeu? E é un caso concreto. Calquera das persoas que están aquí estou convencida de que poden ter unha experiencia vital idéntica. ¿Canta xente perdeu este país? E esa xente tivo proxectos de vida, casou en moitos casos, e tivo fillas e fillos que xa non formaron parte da poboación deste país.

Son as migracións e o incremento da esperanza de vida as grandes variables que van influír na realidade demográfica presente e futura deste país, e non a fecundidade. Non se pode caer nesa visión ideolóxica, pero absolutamente miope, de que o obxectivo dunha lei de impulso demográfico é alcanzar cotas, un número determinado de poboación —iso é un erro garrafal—, senón que o obxectivo --e con isto remato-- ten que ser garantir as maiores cotas de desenvolvemento económico e benestar social que permitan vivir, traballar e desenvolver proxectos de vida neste país para os que nacemos aquí ou para calquera persoa que teña ganas e poida vir acompañarnos.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Temos agora unha rolda a favor ou en contra das emendas, ou de portavoces, do grupo parlamentario non emendante para fixar posicións.

En consecuencia, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Señora conselleira, eu quero, en nome do Grupo Popular, pero creo que en nome da maioría dos galegos e das galegas, felicitala a vostede por traer hoxe aquí unha lei innovadora. É innovadora porque é a primeira que afronta o reto demográfico en España, e tamén en Europa. Unha lei valente que lle pon nome e apelidos ao desafío que temos por diante e á necesidade de tomar medidas urxentes. É unha lei transversal, coa implicación de todos os departamentos da Xunta, de todas as administracións e de todos os axentes socioeconómicos e culturais; unha lei que se compromete cos galegos e as galegas, con obrigas claras para o Goberno, pero tamén con orzamentos establecidos —un mínimo de preto de 800 millóns anuais para levalas a cabo—. É unha lei participativa que xorde dos traballos do Observatorio Galego para a Dinamización Demográfica.

Señora Ortega, non veña vostede aquí sen falar antes coa súa antecesora, e que lle conte o que fixemos alí. Alí houbo comisións feitas *ad hoc* para falar deste tema. Alí traballouse durante semanas e semanas, con xente de todos os grupos parlamentarios, de todas as universidades, cos axentes sociais, económicos e culturais. Falouse de todo iso. Por favor, se vostede non fala coa súa antecesora, non lles transmita aos galegos esas eivas. É algo que teñen que arranxar no seu seo interno.

Porque esta é unha lei participativa, unha lei na que, ademais, no momento no que se expuxo ao público, se aceptaron o 80 % das alegacións. E incluíronse o 84 % de todas as aportacións que fixo o Consello Económico e Social. É unha lei que cremos que ten que ser unha lei de país, porque todos coincidiremos en que as políticas de demografía son políticas a medio e longo prazo. Por iso xa lles adianto desde aquí que o Grupo Popular terá man tendida e a xenerosidade para, no trámite parlamentario, traballar conxuntamente para que esta sexa unha lei non dun goberno senón unha lei de futuro, para o futuro de Galicia. *(Aplausos.)*

Por iso, conselleira, agradecemos que hoxe veña aquí esta lei. Porque nós somos moi conscientes de que neste momento as accións dos gobernos teñen que estar centradas fundamentalmente na saúde das persoas, nesa problemática sanitaria, económica e social que nos trouxo a pandemia da covid. Pero hai que mirar ao futuro. E ese futuro non se pode entender sen políticas demográficas. Por iso é unha moi boa nova que entre as primeiras leis que trouxo o Goberno da Xunta a este Parlamento nesta lexislatura estea a Lei de impulso de-



mográfico; unha lei que ademais, nese trámite parlamentario, debe recoller esas eivas que esta pandemia nos fixo ver non só en Galicia senón en toda España e en todo o mundo. E por iso esta lei debe recoller esas aportacións para que, cando volva haber unha pandemia deste tipo, estean establecidos os protocolos para a protección dos maiores e dos nenos, e tamén para a conciliación.

Por certo, xa sabemos que ao PSOE isto lle trae sen coidado, porque hai oito meses que o presidente Sánchez dixo que ía poñer axudas para as familias cando as súas crianzas non puidesen ir á escola por culpa da covid. Nada se soubo diso. Tampouco nada se soubo e desgraciadamente nada souberon a inmensa maioría das persoas que seguen esperando para cobrar o ingreso mínimo vital para poder saír a adiante.

E nestes momentos tan difíciles, cando vostedes din que tanto lles preocupa a demografía, resulta que os orzamentos do Estado nos sacan o 11 % dos investimentos mentres regan Cataluña con máis do 17 %; momento no que nos sacaron o tren aproveitando a crise da covid e non nolo están repoiñendo para longas e medias distancias en moitos casos, un momento no que seguen sen pagarnos o 50 % que nos corresponde para a Lei de dependencia e co que poderíamos atender a todos os que temos na lista de espera.

Falan vostedes, nese documento que presentan para presentar —valla a redundancia— esta emenda á totalidade, de que moitas das medidas que van na lei xa están en marcha. ¡Pois claro que están en marcha! A vostedes ¿que lles pasa? ¿Non saben que dende o 2009 o goberno de Feijóo está traballando arreo e sendo pioneiro en todas as medidas de dinamización demográfica? ¡Pois claro que si! E o que queremos é que esas medidas que xa se ve que deron froitos queden garantidas para todos os galegos e as galegas, independentemente de cal sexa o goberno que estea á fronte.

¿Están vostedes en contra da gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos, si ou non? ¿Están vostedes a favor de que os concellos en Galicia contén con recursos de conciliación para os moi pequenos, si ou non? Nós estamos a favor, ¡claro que estamos a favor!

Entendo que vostedes se sintan un pouco incómodos, porque, xa saben, ás veces isto da memoria histórica resulta un pouco incómodo. Vanme permitir que eu hoxe faga un pouquiño de memoria histórica.

Ano 2009, prazas de escolas infantís: 12.700. Ano 2020: máis de 25.000 prazas, o dobre de prazas. A ratio de cobertura pasa do 21 % ao 44 %. Hai gratuidade para o segundo fillo dende abril de 2020 —a única comunidade de España, por certo—, e o compromiso claro de que será tamén para o primeiro se o Goberno pon un granciño de area, só un granciño que nos nega sistematicamente en todo o que ten que ver con Galicia.

Seguimos. Bono concilia: máis de 21.000 familias beneficiadas a lexislatura pasada. Bono coidado: de 0 no 2009 a máis de 900 familias no 2020. Bono coidado extraordinario durante a época peor da covid. Tarxeta benvinda: de 0 no 2009 a máis de 60.000 na anterior lexislatura —con axudas extraordinarias para familias con poucos recursos, familias numerosas que viven no rural ou familias retornadas—. Casas niño: de 0 a máis de 80 —con máis de 400



prazas e coa garantía de que todas as familias, vivan onde vivan, van ter un recurso de conciliación—. Eu non sei se a vostedes iso lles importa; desde logo aos que somos de concellos pequenos, moito. Claro, a vostedes moito non, porque din que iso é intrusismo. Iso, dicir iso, si que é ridículo, señora Ortega.

Igual en casas do maior: de 0 a máis de 50. Sen contar a medida de impostos cero no rural e outras moitas medidas nas que sistematicamente o Goberno de Galicia se destacou —recoñecido por gobernos de todas as ideoloxías de España—. Non veñan vostedes aquí facer o ridículo dicindo o contrario.

O que pasa é que, miren, a vostedes a demografía impórtalles pouquiño, máis ben nada. Despois de dous anos de dicir que van poñer en marcha a Estratexia nacional para o reto demográfico, o venres pasado reúnen as comunidades e o titular de prensa —non do Partido Popular— é: «*El gobierno de Sánchez recabará la opinión de los pueblos afectados por el reto demográfico*». Gran conclusión. Ese é o resumo da Estratexia nacional para o reto demográfico de España.

Claro, vostede falaba aquí de que había orzamentos e de que ían facer e facer, e facer, e facer... ¿Saben vostedes canto ten o Goberno de España orzado para a demografía? Ten 11 millóns de euros; e para Galicia son 600.000. Señora Ortega, ¿en que os van investir? ¿En pipas? Porque para outra cousa non sei se lles van dar.

Pero non me estraña, porque, despois de todo ese tempo, resulta que Sánchez estivo dez meses sen cubrir a praza de alta comisionada para o reto demográfico. Nun día atopou tantos ministros que non cabían na sala, pero, para encontrar a persoa que se ía atopar cos problemas demográficos e tiña que solucionarlos, non atopou a ninguén.

Claro que o BNG tampouco se libra disto, porque, nese acordo de goberno que asinaron, nin unha soa frase, nin unha soa palabra, dedicada á demografía.

E imos falar precisamente desa emenda á totalidade que presenta hoxe o BNG. O BNG, señora conselleira, di que esta lei lle parece natalista. Ben, ese é un termo tan caduco como a frase que neses principios dos anos noventa —a señora Rodil loxicamente non se acorda—, neses principios dos anos noventa, cando Fraga falaba aquí de que era necesario poñer na axenda os problemas demográficos, o Bloque dicía que o que quería o PP era poñer as mulleres a parir coma se fosen coellas. (*Murmurios.*) Iso está dito neste Parlamento.

E, claro, vostedes seguen hoxe falando de que esta é unha lei natalista porque, en todo o conxunto de artigos que ten esta lei, o 10 % son de axuda á familia. Vamos ver, claramente, ¿vostedes están a favor ou en contra de que haxa axudas para a conciliación e para a responsabilidade? Díganlo claramente. Porque, sinceramente, o único que sabíamos ata o de agora era que estaban absolutamente en contra do rural, das mulleres e dos homes do rural, porque votaron en contra das casas niño. Pero resulta que agora están tamén en contra do artigo 37, onde se di que se recoñecen os establecementos que facilitan a conciliación, porque, segundo vostedes, esas son políticas natalistas. Pero aínda máis grave, ao meu xuízo, é que vostedes estean en contra do artigo 46; é dicir, de que se leven a cabo medidas de pro-



tección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación. Hoxe a señora Pontón non está aquí. Gustaríame preguntarlle a ela cara a cara se está a favor ou en contra desta medida.

Do que si estou un pouco máis a favor con vostedes é de que estean en contra do artigo 23. O artigo 23 di —do que están en contra— que se sensibilice a poboación dos problemas demográficos e que anualmente se publique no DOG o saldo vexetativo de Galicia. E digo que o entendo máis, porque, miren, a vostedes iso da transparencia moito, moito, nunca lles gustou. Non vaia ser que as galegas e os galegos se enteren de que ese mantra que veñen dicindo nacionalistas e socialistas de que en Galicia a xente pouco menos que foxe en estampida pois non é, para nada, certo. Porque os datos son moi teimudos. Si, si, señora Ortega, os datos son moi teimudos. *(A señora Arias Rodríguez amosa un papel desde o estrado.)* Vaia vostede aos datos oficiais. Os datos oficiais din que, entre 2009 e 2019, entraron a residir en Galicia 47.610 persoas máis das que marcharon, e que o ano pasado Galicia foi a comunidade con menor emigración de España, Galicia, esa Galicia que ten en marcha unha Estratexia retorna con 235 millóns de euros para que 21.000 galegos retornen ao seu país —e un 60 % deles, menores de 40 anos—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

En definitiva, conselleira, señorías, esta é unha lei necesaria e unha boa lei, unha lei que representa todos os valores da Galicia que queremos para o futuro, unha lei que aposta por unha Galicia familiar, inclusiva e atractiva, onde todas aquelas persoas que queiran ter un fillo atopen aquí o mellor lugar para crialo, que formen aquí a familia que queiran, o modelo de familia que queiran para vivir en Galicia, para desenvolverse profesionalmente en Galicia e para envellecer en Galicia porque este sexa o mellor sitio para facelo. É unha lei que aposta por unha Galicia moza, que promove a formación e a emancipación da xuventude con programas que buscan a súa incorporación a empregos de calidade e o acceso á vivenda; unha lei que aposta por unha Galicia innovadora con medidas para a cobertura e a capacitación dixital, a innovación empresarial e os servizos á poboación; unha lei que conta con medidas para contar —valla a redundancia— cunha Galicia sostible, unha Galicia sostible medioambiental, económica e socialmente, unha Galicia sen diferenzas entre o rural e o urbano; en definitiva, unha Galicia necesaria para Galicia e para os galegos.

E vanme permitir que as miñas últimas palabras sexan para vostedes. Aínda están a tempo de rectificar, aínda están a tempo de pensar. Saiban que nós temos a man tendida para que xuntos e con xenerosidade sigamos mellorando esta lei no trámite parlamentario e consigamos facer un documento co consenso máis amplo posible. Oxalá me equivoque e, por unha vez, socialistas e nacionalistas non prefiran antes as súas siglas que Galicia. Oxalá esta vez me equivoque, oxalá esta vez non fagan coma sempre.

Moitas grazas.

Nada máis, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Rolda de réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Esta é a gráfica, aínda que se ve en pequeno. É a gráfica da evolución da poboación en Galicia dende o ano 2010 ata hoxe. *(A señora Ortega Otero amosa unha gráfica desde o estrado.)* Esta é a gráfica, a triste gráfica. Ou sexa, entendemos que as políticas do Partido Popular que está vendendo aquí a portavoz do Partido Popular non sabemos onde están. Son totalmente inexistentes. Moita palabra, moito titular, pero baleiro de contido. E diso non come a cidadanía. *(Aplausos.)*

Mire, señora do Partido Popular —continuando coas preguntas que levaba a cabo a señora do Partido Popular—, ¿vostedes están a favor ou en contra de que se recorte na sanidade? ¿Vostedes están a favor ou en contra de que se recorte na educación? Porque, mire, en cuestión de dúas semanas, observando as noticias de Galicia, atopaba esta: «Un xulgado do contencioso-administrativo de Pontevedra obriga a Consellería de Educación a reabrir unha unidade de primaria». *(Aplausos.)* ¡Pechan colexios e din que están a favor de repoboar Galicia! Pero, mire, atopei outra. Despois dos recortes de sanidade —e os máis acusados están no rural, que eu veño da provincia de Ourense e non me vai dicir vostede o que é a despoboación—, sobre todo nos centros de saúde, nos hospitais comarcais —e como paradigma temos o de Verín—, atopamos esta semana a este señor, que é o doutor Castrillo, símbolo da defensa da sanidade, reprobado por parte da Xunta de Galicia cun expediente disciplinario. ¿Están a favor ou en contra, señorías do Partido Popular? ¿Están a favor ou en contra? ¡Xa basta de demagogia! ¡Xa basta! *(Aplausos.)*

Este é un tema fundamental. Se queren contribuír para o reto demográfico, deixen de recortar servizos. Aporten traballo para a cidadanía, traballo para a nosa xuventude. Di que non marchou a xuventude. ¡E vaimo dicir a min, que son desa xeración que tivo que marchar!, que teño todas as amizades fóra —e seguramente moitas e moitos dos que estades aquí tamén—, e incluso familias, e incluso fillos e fillas. ¿Vanmo dicir a min, que veño da provincia de Ourense? ¡Por favor, seriedade!

Estamos a falar de demografía. E para loitar pola demografía e polo reto demográfico non cabe outra que non recortar nin en servizos de sanidade nin en educación, e sobre todo apostar polo traballo, apostar polo rural, que aquí o Partido Popular moito fala do rural pero non fai nada polo rural.

A idea central versa sobre a utilidade dun marco de acción que supoña avanzar de cara ao reto demográfico. ¿De que serve que eu teña un fillo e que teña un cheque infantil se non teño unha escola ou un servizo de saúde ou un pediatra para levar o meu fillo?, ¿de que serve? *(Aplausos.)* ¡Coherencia! ¡Coherencia! Esta lei non pode enganar a cidadanía e a Galicia. ¡Coherencia! Está baleira de contido, non compromete os recursos asistenciais. É unha lei de escaparate, baleira de contido. O reto demográfico para a nosa terra é todo un desafío pero as liñas de acción deben ser claras e sinceras coa cidadanía, sinceras. ¡Coherencia, por



favor! Co retorno destas medidas, non vai ser a curto e medio prazo. Xa sei que isto non ten rendibilidade política para vostedes, que o que queren é o titular inmediato. Pero, cando marchan as cámaras, saen por esa porta e recortan nos servizos —sobre todo alí onde máis doe, no rural—. Hai que apoiar a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar, asegurar que as persoas con dependencia ou discapacidade teñan unha atención digna, deixar de recortar en dependencia, en discapacidade, dinamizar a creación de oportunidades locais, potenciar o talento asociado ao territorio, ¡o talento asociado ao territorio!; innovar, potenciar e garantir os servizos e infraestruturas. É fundamental asegurar a prestación de servizos a toda a poboación e en condicións de equidade, vivan onde vivan. ¡Por favor!

Dicía antes o meu compañeiro Pablo Arangüena que se dicía que había un galego sempre en cada parte do mundo, e que iso imprimía carácter e marcaba cultura. Queremos que hoxe eses galegos e galegas marchen pero só de vacacións, que regresen pronto á nosa terra e que vivan na nosa terra. Hai que impulsar a transición ecolóxica, promover o avance científico-tecnolóxico, reducir a desigualdade e protexer o Estado do benestar. Son liñas clave. Non se pode sostener a poboación en zonas despoboadas cando os centros de saúde dos entornos rurais son os primeiros que deixan de cubrir de profesionais. Este feito acontece especialmente en pediatría. *(Aplausos.)* Si, mentres en Galicia cubrimos un 88 %, en sitios como Asturias é o 98 %. ¡Por favor, sexan coherentes!, e de xeito especial na reforma da Lei de saúde de 2018, que reduciu áreas, que limitou significativamente a capacidade de decisión e que dificulta a propia xestión de profesionais nos hospitais comarcais. Isto é clave para o reto demográfico. Pero ¿non o saben?, ¿non o ven?

A cuestión é a seguinte: agora mesmo elimínanse servizos cando se perde poboación. Pero quizais o Goberno do Partido Popular debería replantexar a súa política e pasar á xestión oposta, á xestión contraria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Para que non se perda poboación, señorías do Partido Popular, para fixar a existente e para traer os que marcharon, é moi importante non recortar servizos. Hai que mantelos para afianzar a poboación. Sexan coherentes co que estamos a deseñar.

Reformulen este proxecto de lei para que a súa efectividade se transforme nunha realidade que Galicia leva moito tempo agardando coa esperanza de que non fagan a maleta máis xeracións. Blinden a poboación, atraian a que marchou e deixen de recortar servizos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bon día de novo.



A min ata me dá pena, dígollo sinceramente —non vostede, a ver se me expreso ben—. Dáme pena ver no que se converte o debate. Nós intentamos dar un debate de fondo e un debate político sobre cales son as causas que levaron a Galiza a ter unha realidade demográfica como a que ten, na que gañamos moita esperanza de vida pero fomos indo a menos. Fomos perdendo peso, ademais, sobre o conxunto da poboación do Estado español. Isto non pode reducirse, señora Arias, a esas preguntas de «¿está a favor ou en contra deste artigo?, ¿está a favor ou en contra deste artigo?...». Porque eu creo que, ademais de que non serve para nada, é un debate bastante estéril. E, máis alá da ponencia —cando se abra—, creo que non contribúe en absoluto a un obxectivo que a conselleira dicía que tiñan —e vostede nalgunha ocasión tamén o ten referido—, que é converter as políticas demográficas nun amplo consenso de país.

Cando chegou esta lei á Cámara, eu facíame unha pregunta: ¿é necesaria unha lei? —é unha pregunta lexítima ¿non?—, ¿é necesaria unha lei de impulso demográfico? E eu entendía que é moi complexo pero pode servir, pode servir para facer diso un acordo de país, para poñer no centro da política pública en Galiza a realidade demográfica e intervir sobre ela para garantir mellores condicións de vida. Nós, sinceramente, desde o BNG dicímosllelo: esta lei non cumpre con ese obxectivo e ten un problema político, de enfoque ideolóxico, e de aí tamén a confrontación que facemos desde o BNG. Porque, mire, ter fillas ou fillos é unha decisión íntima, persoal e individual, ademais de absoluta e plenamente libre, non responde ao interese de ningún goberno.

E esta lei é unha lei de familia, é unha lei inzada de políticas natalistas. E eu creo que a mellor mostra diso foi a súa intervención. De quince minutos que temos, vostede interveu o 80 % do tempo para falar de medidas de conciliación, de medidas de impulso e estímulo da natalidade. A conciliación e a corresponsabilidade son dereitos fundamentais que deben ser garantidos se aspiramos a ter unha sociedade democrática, pero non vai cambiar nada. (*Aplausos.*) Non vai cambiar nada porque a demografía non aspira a unha cifra de poboación idónea ou idílica. E eu ánimoa non xa a repasar as políticas do Goberno do Partido Popular, que eu creo que son a mellor mostra dese fracaso. Se non, analice os casos de Suecia, Alemaña ou de Francia. Gañaron cotas de benestar, melloraron as condicións de vida da súa poboación, pero seguen na mesma tendencia que o resto de sociedades occidentais dunha maneira máis ralentizada —que é o que lle acontece ao Estado español, en termo medio, a respecto de Galiza—. ¿Cal é a variable, a grande diferenza do noso país a respecto das demais sociedades? É a emigración, pero a emigración non do saldo migratorio do último ano, señora Arias, senón dunha tendencia histórica. Por iso eu facía referencia, ademais, ao que sinala o propio Observatorio Demográfico, que é o órgano consultivo que debería servir de asesoramento ao propio Goberno no deseño desta lei, e que fai énfase en que hoxe estamos vendo a fotografía que é resultado desas enormes vagas migratorias de finais do século XIX e, sobre todo, entre as décadas dos 50 e dos 70.

Eu tiven a sensación, lendo a lei unha e outra vez, que había certa nostalxia, certa nostalxia por tempos pasados, que non sempre son mellores. O que necesita este país é unha lei de futuro que enfrente a súa realidade, que non a poña en boa ou mala. Nin é mellor nin é peor, é a nosa. E o que temos é que adaptarnos a ela e aspirar a que este país poida ir sentando pouco a pouco as bases que resolvan os problemas estruturais que están precisamente como causa, ou que son en boa medida a causa, desa realidade demográfica que temos hoxe.



Vostede falaba das cifras migratorias, do saldo migratorio —efectivamente positivo— no ano 2019. Pero dentro dese saldo migratorio positivo hai 28.853 persoas que abandonaron este país; delas, 19.778 foron a outros lugares do territorio do Estado español. É unha poboación que vostedes non consideran emigrante na definición que fan de «retorno» na propia lei, porque consideran que só debe retornar aquela poboación que saíse das fronteiras do Estado español. Ir a Madrid, ir a Cataluña, ir ao País Vasco ¿non é emigrar? ¿Non inflúe no desenvolvemento demográfico do noso país? Efectivamente si que o fai, e hai que conseguir tamén que esas persoas —se así o queren e así o desexan— poidan volver a Galiza. *(Aplausos.)*

E despois hai 9.075 persoas que marcharon, efectivamente, a outros países, fóra do Estado español. Ou conseguimos frear esa expulsión de poboación e gañar maiores cotas —insisto— de benestar social, mellores condicións de vida, oportunidades laborais e salarios e postos de traballo dignos ou non imos conseguir ir á raíz do problema, se se quere ver así, que é precisamente ese: que nos imos facendo non máis vellos senón que cada vez imos sendo menos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Si, señora conselleira, ¿vai facer uso do turno?

(A señora conselleira de Política Social, García Martínez, pronuncia palabras que non se perciben.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Si, cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Señorías, calquera que seguise dende o principio a xestión desta lei de impulso demográfico puido observar como a Xunta de Galicia fixo todo o posible e todo o que estaba na súa man para lograr o máximo consenso e apoio en torno a esta norma.

En primeiro lugar, porque é unha norma que se basea nunha análise previa, nunhas liñas mestras que aprobaron por unanimidade o Consello e o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, no que están representados todos os grupos políticos, os axentes sociais, as universidades e tamén varios expertos en materia demográfica.

En segundo lugar, porque se tiveron en consideración o 80 % das 336 alegacións recibidas durante o período de exposición pública, e tamén, por suposto, as que formularon o Partido Socialista e outros partidos que antes había nesta Cámara. Estas alegacións supuxeron a creación de catro novos artigos e unha disposición, e tamén a modificación de 29 artigos e catro disposicións.

En terceiro lugar, porque o texto volveu de novo ao Observatorio Galego de Dinamización Demográfica para obter o seu aval, e obtívoo.



En cuarto lugar, porque tras o seu paso polo Consello Económico e Social se incorporaron o 83 % das súas observacións e das súas recomendacións.

Entre a súa fase de anteproxecto e o texto que hoxe en día temos nas mans cambiou o 44 % do articulado da Lei de impulso demográfico. É lóxico que esta non sexa ao cen por cento a lei que lles gustaría aos grupos desta Cámara. Tampouco é ao cen por cento a lei que elaborou o Goberno galego. Pero si que é cen por cento dialogada, cen por cento plural e cen por cento aberta ao consenso.

Se se decidiu seguir un proceso de negociación tan longo e en tantos foros tan distintos, foi porque dende un principio houbo sempre esa clara vontade de que esta non sexa unha lei de goberno, senón que esta sexa unha lei de país coa que todos os galegos e as galegas poidan sentirse ben identificados. Todos os países que conseguiron reverter a curva poboacional negativa fixérono artellando unha estratexia demográfica pensada e de longo prazo. Con esta lei, o que pretendemos é seguir o seu exemplo e trazar as vías polas que discorrerán as políticas demográficas de Galicia ao longo das vindeiras décadas.

Por iso —insisto— a Xunta de Galicia ten a man tendida para acadar un amplo consenso parlamentario e sacar a adiante a Lei de impulso demográfico por unanimidade neste Parlamento de Galicia. As emendas á totalidade que debatemos hoxe non alimentan moito as nosas esperanzas, pero teñen o meu compromiso de que ata o final non deixarei de intentar convencelos de que para Galicia é necesaria esta lei.

Se dedicamos tanto esforzo en lograr o seu voto favorable, non é, como saben, por razóns de aritmética parlamentaria. É por algo moitísimo máis importante: por responsabilidade. Será moi complicado explicarlles aos nosos fillos e aos nosos netos como os deputados galegos da undécima lexislatura tiveron a ocasión de aprobar unha lei para abordar o principal condicionante para o noso futuro e que, por intereses partidistas e de curto prazo, non o fixemos.

Igual que conseguimos chegar a amplos acordos durante a redacción do texto con xente que pensaba distinto a nós, seguiremos tamén coa man tendida durante a tramitación parlamentaria. Créanme, os cálculos políticos que nos invitan a enroscarse no «non» non pasarán á historia. Na Lei de impulso demográfico hai unha oportunidade de facelo, e aínda estamos a tempo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)

Si, señora Rodil, ¿para que quere a palabra?

(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Eu xa prevía isto, pero consulte. *(Murmurios.)* ¡Perdón, perdón...! Vou dar unha explicación. Consulte co letrado, acabo de consultar co letrado, e dime que, se a



intervención da conselleira contradí algún dos postulados... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero eu non interpretei ningunha contradición. Eu non a interpretei, máis ben interpretei man tendida para tratar de que esta lei poida saír por unanimidade. Pero iso non é contradicir ningún postulado. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, eu creo que foi así, e consulteino co letrado. Aquí non imos contradicir agora os servizos xurídicos. Grazas.

Imos votar. Imos votar, a ver se sae ao final por unanimidade todo. (*Murmurios.*) Imos intentalo.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Comezamos, en primeiro lugar, cunha votación conxunta das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e de cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Podémolas votar conxuntamente. Votamos as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e de cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, tamén de xeito conxunto, as emendas presentadas ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Rematou a votación, pero agora vou dar lectura a unha declaración institucional que, por acordo dos grupos, me fan chegar, e que é con motivo do Día da Infancia, e que di así:



«A crise orixinada pola pandemia da covid-19 está a ter graves consecuencias para a infancia. Atravesamos unhas circunstancias excepcionais que provocan un incremento da pobreza infantil e das desigualdades, un agravamento da fenda educativa e unha ameaza para a saúde física e mental de nenos, nenas, adolescentes e das súas familias.

Estas consecuencias impactan dunha maneira máis acentuada nos que están en maiores condicións de vulnerabilidade. É por isto que, no Día Universal da Infancia, desde o Parlamento de Galicia queremos sumar a nosa voz unánime e recordar o noso compromiso co cumprimento da Convención sobre os dereitos do neno e coa implementación da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable.

A situación actual está a poñer á proba a nosa capacidade de responder como sociedade, non só ante a emerxencia derivada da covid-19 senón fronte aos retos do futuro, polo que renovar o compromiso cos dereitos da infancia resulta ineludible. É o momento de reimaxinar un mundo mellor para a infancia, cando, ademais, iniciamos en Galicia unha nova lexislatura. Para iso será fundamental que desde os poderes públicos —e especialmente desde a nosa casa, o Parlamento— renovemos o noso compromiso cos nenos, nenas e adolescentes, e tamén coa Axenda 2030 como folla de ruta colectiva para responder á emerxencia actual e para reconstruír mellor, reimaxinando un mundo máis equitativo, sustentable e xusto para todas e todos.

Para facer iso realidade, será imprescindible que aseguremos que os dereitos dos nenos e nenas se poñan no centro das medidas de atención á crise e á recuperación. Debemos tomar decisións firmes para garantir que ningún neno e ningunha nena quede atrás, e que cada un deles poida desenvolver o seu máximo potencial.

Xa previamente á chegada do coronavirus, a pobreza e a exclusión afectaban en Galicia o 26 % da poboación infantil; é dicir, moitas familias están afrontando a situación provocada pola covid-19 desde condicións de extrema vulnerabilidade. Por iso debemos traballar xuntos para previr que a crise xerada pola pandemia se converta nunha crise duradeira para a infancia. É por iso que nos comprometemos a promover as seguintes accións que favorezan o cumprimento dos seus dereitos:

—Promover un maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignen os recursos necesarios para afrontar os retos antes mencionados.

—Promover a elaboración da Lei galega de infancia e adolescencia, como instrumento marco no que articular os compromisos futuros cos nenos, nenas e adolescentes na nosa comunidade.

—Promover as accións que sexan necesarias para analizar o impacto da covid-19 na infancia e adolescencia en Galicia, especialmente sobre os máis vulnerables, e abordar as súas solucións de cara a:

1. Fortalecer o sistema de protección social para garantir un nivel de vida axeitado para cada neno ou nena —obxectivo de desenvolvemento sustentable número 1—.



2. Abordar os retos da fenda educativa, atallando o fracaso escolar, o abandono temperán e a fenda dixital —obxectivo de desenvolvemento sustentable número 4—.

3. Asegurar medidas especiais de protección para os nenos e nenas solicitantes de asilo e refuxiados, así como migrantes non acompañados —obxectivo de desenvolvemento sustentable número 10—.

4. Garantir os dereitos dos nenos e nenas privados dunha contorna familiar —obxectivo de desenvolvemento sustentable número 16—.

5. Previr, detectar e atender adecuadamente os casos de violencia contra a infancia —obxectivo de desenvolvemento sustentable número 16—.

6. Protexer e promover a saúde de nenos, nenas e adolescentes, con atención especial á saúde mental e aos dereitos de nenos e nenas con discapacidade —obxectivos de desenvolvemento sustentable números 2, 3 e 10—.

7. Fortalecer a cooperación internacional para o desenvolvemento cumprindo co compromiso, recoñecido na Convención dos Dereitos do Neno, de aportar á protección dos dereitos da infancia e adolescencia en todo o mundo —obxectivo de desenvolvemento sustentable número 17—.

8. escoitar as preocupacións e necesidades de nenos, nenas e adolescentes, e contemplalas dun xeito transversal na acción política promovendo a súa participación para deseñar, xunto con elas e eles, as estratexias para a recuperación desta crise.

9. Promover as accións necesarias para o cumprimento dos dezasete obxectivos de desenvolvemento sustentable e o Acordo de París, e converter a crise actual nunha oportunidade para investir no presente e futuro da infancia, reconstruíndo mellor e cun enfoque sustentable, sen perder de vista a ameaza da crise climática e o seu impacto na infancia.

Finalmente, recoñecendo as problemáticas existentes e os grandes retos que afrontamos, reafirmamos o noso compromiso para propoñer accións e acadar resultados a favor da infancia en Galicia, pero tamén a nivel nacional e mundial, e declaramos o noso compromiso directo cos nenos e nenas para reimaxinar xunto con elas e eles un mundo no que facer realidade todos os seus dereitos». (*Apróbase por asentimento.*)

Moitas grazas pola atención. (*Aplausos.*)

Continuamos coa orde do día, e neste caso pasamos ás comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de sanidade, don Julio García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bos días, señorías.

Comparezo por petición propia neste Parlamento para dar cumprimento conxunto a dous deberes que teño con esta Cámara. En primeiro lugar, ofrecer información periódica sobre a situación da emerxencia sanitaria da covid-19, tal e como se comprometeu a facer este Goberno. En segundo lugar, informar das miñas liñas de traballo, as que o departamento de Sanidade pretende levar a cabo durante esta lexislatura.

A situación da pandemia ten unha influencia determinante sobre os plans e as actuacións que desenvolverá esta consellaría durante os vindeiros meses, e por iso consideramos axeitado informar conxuntamente de ambos temas e someter á consideración dos grupos políticos o conxunto das liñas de acción, as que se están a despregar agora en relación coa pandemia e as que continúa, reforza ou inicia en relación cos demais programas de promoción da saúde, asistencia ou investigación sanitaria.

En canto á evolución da pandemia, os datos que imos coñecendo avalan a estratexia que tomou Galicia e que explicou o presidente da Xunta no pasado pleno. Sempre apoiados no consello do Comité Clínico tomáronse as medidas equilibradas e cirúrxicas que permiten controlar o avance da pandemia mantendo un nivel de actividade aceptable. Por iso hoxe 69 dos 313 concellos galegos teñen en vigor un nivel de restricións que o Comité chama «o modelo O Carballiño», e que coincide substancialmente coas medidas que se puxeron en marcha nesta vila ourensá o pasado 21 de outubro e que permitiron reducir de xeito moi relevante a incidencia do virus. Así, o día 20 de outubro o concello do Carballiño tiña unha taxa de incidencia acumulada a catorce días de 1.240 casos por cada 100.000 habitantes. A 20 de novembro, cando tomamos a decisión de levantar estas restricións, a incidencia acumulada baixara a 85,5. Ademais, estes datos amosaban unha estabilidade no tempo, e a situación en toda a comarca era similar. Somos conscientes de que isto supuxo un mes de esforzo para a cidadanía do concello, para a hostalería e os establecementos de lecer e, por extensión, para toda a economía. Pero cremos que o resultado pagou a pena en termos de infeccións evitadas, de presión hospitalaria reducida na área de Ourense e, en consecuencia, de vidas salvadas. Nun mes conseguimos unha redución do 93 % da taxa acumulada a catorce días e levar este concello dende un nivel moi alto ata o nivel medio —exactamente na metade do que marcan os indicadores do documento de actuacións de resposta coordinada acordado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde—. Un mes despois, O Carballiño saíu.

Sabemos que acadar este obxectivo na totalidade dos concellos que se atopan hoxe baixo restricións é complexo, pero non podemos nin debemos renunciar a el. A súa principal motivación é garantir a nosa capacidade asistencial e asegurar que, do mesmo xeito que pasou na anterior onda, en Galicia todos os pacientes sexan tratados con todos os medios dispoñibles e co máximo esforzo para preservar a súa vida e a súa saúde.

Déixenme darlles algún dato máis detallado da situación xeral de hoxe en Galicia: o número de positivos detectados nestes últimos catorce días diminuíu un 19,9 % —un 20 % practicamente—; do mesmo xeito, a hospitalización convencional baixou un 8 %; e no caso dos pacientes nas UCI —neste caso na última semana— esa redución foi de case un 5 %. Por seguir con algún dato xeral, no día de hoxe o número de positivos que temos en Galicia é de



8.617, cunha redución no día de onte de 52 casos. Temos 96 pacientes en UCI, o que supón o 1,1 % deses 8.617; 456 pacientes en hospitalización convencional, o que supón o 5,3 %; e 8.065 doentes no seu domicilio, o que supón un 93,6 %. Por suposto —e hai que recoñecerlo—, temos 1.161 falecidos neste período, exactamente 15 no día de onte. E vaia por diante o noso recordo e homenaxe a eles e aos seus familiares.

Falando en termos relativos, esta ocupación de camas de UCI que temos agora mesmo —eses 96 pacientes— supoñen un 46,07 % menos dos que tivemos no noso pico máximo na primavera. Naquel momento chegamos a 178 pacientes na UCI e, como dicía, hoxe estamos en 96 —ese 46,07 % menos—. E, do mesmo xeito, en hospitalización convencional estamos nun 51,8 % menos respecto dese pico —do mes de abril neste caso—, que foi de 946 naquel valor máximo. Hoxe, como digo, estamos en 456.

A porcentaxe de positividade dos PCR segue estando máis alta do que nos gustaría; concretamente, no día de onte tiñamos un valor de 7,32 %. E falando en termos globais, en comparación co resto do Estado, a incidencia acumulada en Galicia agora mesmo a catorce días está en 276,90, fronte a un valor medio en todo o Estado de 374,52; é dicir, estamos 100 puntos por debaixo da media do Estado español.

Isto conséguese con este tipo de medidas que comentabamos anteriormente, que cortan a cadea de contaxios naqueles concellos onde a incidencia é alta, pero tamén con medidas de detección precoz naqueles lugares onde esta incidencia é baixa e queremos evitar que suba. O noso sistema de detección e manexo de casos e dos seus contactos estreitos está en permanente revisión. Como saben, dende maio a Xunta de Galicia puxo en marcha un proceso coordinado de rastrexo e detección de casos no que participan os servizos de vixilancia epidemiolóxica, os servizos de medicina preventiva, os profesionais de atención primaria, a central específica de seguimento de contactos, e os profesionais militares que o Ministerio de Defensa puxo á nosa disposición, e que, por suposto, agradecemos.

A propia evolución dos gromos, o aumento dos profesionais da central e a incorporación de novos colectivos ao proceso requiriu facer unha serie de axustes nos procedementos para intentar un tratamento homoxéneo das probas diagnósticas como dos casos positivos e dos seus contactos estreitos. Neste contexto, o pasado 29 de setembro revisouse o protocolo para atención e manexo de casos en atención primaria delimitando claramente as funcións e liberando estes profesionais da tramitación burocrática das probas, dos contactos e do seu seguimento. Esta ordenación, solicitada polos nosos profesionais, suscitou unha falsa polémica sobre unha presunta prohibición de petición de probas que nunca foi tal, como demostrou o paso do tempo.

A Comunidade Autónoma de Galicia fixo na última semana unha media de 7.000 PCR ao día, o que vén dar unhas 49.000 nesta última semana —que non ten nada que ver, por suposto, coa miña comparecencia de hoxe nesta Cámara—. Esta cifra correspóndese —como sempre se correspondeu— coa absoluta liberdade dos profesionais de primaria para solicitar cantas probas consideren oportunas, coa capacidade da central de seguimento para tramitar as solicitudes dos contactos, coa máxima disposición de persoal sanitario que atende os covid-auto instalados en todas as áreas sanitarias e co traballo inmenso dos servizos de microbioloxía e laboratorio dos nosos hospitais para procesalas.



Ademais das PCR realizadas a persoas sintomáticas ou aos contactos estreitos dos casos positivos, a Xunta continúa a facer cribados poboacionais tanto en territorios concretos —como foron os casos de Ribadavia, Ribeira ou nesta mesma fin de semana na área de Vigo— como en colectivos de especial risco. Continuamos co cribado de todo o persoal das residencias sociosanitarias, que nos permite a detección precoz dos positivos e evita así, na medida do posible, o xurdimento de novos gromos nestes espazos tan sensibles. O primeiro destes cribados localizou 20 positivos e o segundo localizou 26. E xa foi realizado un terceiro a semana pasada.

Por outra banda, seguimos incrementando a nosa capacidade diagnóstica engadindo a todas esas PCR os novos tests de antíxenos, que se suman aos de anticorpos, dos que xa dispoñemos dende hai máis tempo. Tras adquirir en setembro 50.000 destes novos tests, Galicia comezou a utilizalos en outubro nos servizos de urxencias e en cinco centros de primaria como proba piloto durante tres semanas. Posteriormente, e tal e como anunciou o presidente hai quince días, adquiríronse 300.000 tests de antíxenos máis para estender o seu uso en todos os centros de primaria, que xa os teñen distribuídos na actualidade. E seguiremos incorporando novos tests.

Pero, por se todo isto non é suficiente, temos medidas para seguir anticipándonos. O Comité Clínico avalou o plan de continxencia elaborado polo Sergas para as patoloxías respiratorias agudas para afrontar un inverno que podería unir a gripe e a covid. Este documento, con medidas organizativas, estará á disposición de todos vostedes, xa que o solicitaron como documentación da comisión de estudo.

Tamén temos un stock estratéxico, que conta polo momento con batas para máis de cinco mil días, con máscaras para máis de mil días, e con gafas ou pantallas de protección para máis de mil días. A modo de exemplo, o consumo diario de mascarillas no sistema sanitario público galego —soamente falando de sanidade— supera as 59.000 unidades diarias; o que fai, por exemplo, na semana do 11 de novembro un consumo de máis de 1.400.000 mascarillas. E, se falamos de batas de protección non estéril, ese consumo diario é de 14.323 ao día, o que fai que nunha semana se consuman máis de 385.000 batas deste tipo.

Noutra orde de cousas, xa lle presentamos á mesa sectorial un plan de continxencia en materia de persoal que prevé realizar a partir do vindeiro 1 de decembro 750 nomeamentos de emerxencia sanitaria na categoría de persoal de enfermaría. Terán unha duración de seis meses, e 150 destes contratos chegarán a unha duración dun ano. Noutras categorías poderán ser da orde de 500 ou 400 eses contratos —falo de auxiliares, celadores, PSX, microbiólogos ou técnicos de laboratorio—. Estes profesionais súmanse aos máis de 1.700 efectivos de reforzo incorporados desde que comezou a pandemia.

Outro eido no cal é fundamental actuar ante as repercusións da crise sanitaria é a atención primaria. Antes xa falei do protocolo aprobado para desburocratizar o labor destes profesionais, pero tomaremos máis medidas a curto prazo. Somos conscientes do malestar que as dificultades no acceso telefónico están a causar en moitas persoas, e levamos tempo traballando para poñer solucións. Por exemplo, reforzamos as áreas administrativas de moitos centros de saúde, e hai outra serie de medidas que serán postas en marcha a curto prazo.



En decembro, o Sergas estreará un novo sistema CRM, de administración da relación co usuario, para xestionar a relación cos pacientes, tanto dos médicos como do persoal administrativo. Para o persoal administrativo este sistema permitirá recoller a listaxe de todas as chamadas telefónicas perdidas para devolvelas en canto é posible. O usuario pode ter a garantía de que a súa chamada non atendida será rexistrada e devolta, e de que non terá que chamar por segunda vez senón que será contactado de xeito proactivo polo seu centro de saúde. Xa está en probas, tanto en primaria como en hospitalaria, un sistema de videochamada, ou de videoconsulta, que permitirá mellorar a calidade da atención sanitaria non presencial. En decembro este sistema estará integrado nunha nova aplicación móbil do Sergas que eliminará a necesidade de recibir o enlace para poder conectarse ao vídeo, o que permitirá establecer directamente esa videoconsulta a través desta aplicación. A nova aplicación móbil do Sergas terá tamén novas funcionalidades, como a xestión da solicitude da cita dun xeito moito máis amigable e rápido, a emisión automática de número de quenda no momento en que o paciente chegue ao centro de saúde e alí teña unha cita solicitada, e a dispoñibilidade, por exemplo, da tarxeta sanitaria virtual dentro da propia app, que se poderá usar coas mesmas prestacións que a tarxeta física tanto nos centros sanitarios como nas farmacias. Polo tanto, seguimos crendo nas vantaxes dun modelo mixto que combine a atención telemática e a atención presencial, e por iso a imos mellorar. Pero somos conscientes de que a presencialidade debe aumentar e por iso lles formulamos ás xerencias o obxectivo de situala, ao rematar este ano, no 40 %. E a atención telemática ten que funcionar axeitadamente, de aí as medidas de medios tecnolóxicos que acabo de detallar.

Pero as reformas en atención primaria non poden quedar no curto prazo. Seguín con moita atención as comparecencias das doutoras Estrella López-Pardo e Susana Aldecoa na comisión de estudo creada neste Parlamento sobre a reactivación. Na que pedían precisamente reactivar o desenvolvemento do Plan galego de atención primaria e do documento *Por unha atención primaria vertebradora*, interrompidos pola pandemia. Coincido con elas en que non podemos adiar máis a transformación que debe vivir a atención primaria, unha transformación que a levaría a pasar de ser esa porta de entrada da que agora falamos a un nivel asistencial central con capacidade resolutiva propia. Para acadar o dito obxectivo é preciso un novo modelo de gobernanza nos centros de saúde, no que coincidían ambas comparecencias e que está contemplado nos documentos reitores do Sergas. Temos unha experiencia magnífica no sistema educativo, no que a autonomía dos centros deu lugar a equipos directivos con liderado e proxectos educativos sólidos. Queremos introducir tamén esa autonomía de xestión nos centros de saúde. Escolleranse xefes e coordinadores de servizo a través de concursos nos que se valore un proxecto de plan local de saúde cun enfoque de medicina comunitaria. Isto require ao tempo unha reordenación de funcións entre o persoal de primaria que contemple varios aspectos nos que estamos traballando: o aumento da capacidade resolutiva do persoal de enfermaría —para o que xa iniciamos o trámite do decreto que lle permitirá renovar, axustar ou poñer fin ás receitas que prescribiron os seus compañeiros facultativos—, o fomento do papel da fisioterapia en primaria en funcións como as valoracións de dependencia ou nos informes de material ortoprotésico, o impulso da formación sanitaria do persoal de servizos xerais —que permitirá habilitalos para tarefas das que se poida liberar o persoal sanitario—. E parécenos interesante tamén algunha reflexión feita nesa comisión de estudo sobre o avance nunha maior integración do persoal dos PAC no resto de primaria.



Por suposto, non falamos só de reorganización senón tamén de incrementos de recursos. Na OPE que convocamos neste ano 2020 inclúense máis de 140 prazas para atención primaria. Na oferta formativa cubrimos o cen por cento das prazas de medicina primaria acreditadas. E tamén os orzamentos de 2021 inclúen a creación de 161 novas prazas para este nivel asistencial.

Ademais dos recursos humanos, tamén temos previsto facer unha aposta pola dotación dos mellores recursos tecnolóxicos, particularmente no desenvolvemento da estratexia de cronicidade. O sistema Telea —que tan útil foi durante a pandemia— vai ser reforzado para conectar a el todos os dispositivos de monitorización dos pacientes, como os cardioimplantables —os marcapasos, os medidores de INR, bombas de insulina ou medidores de glucosa—. A información xerada descargárase directamente na historia clínica electrónica dos pacientes e, por suposto, estará á disposición de todo o persoal sanitario que teña que ver co manexo dese paciente.

Tamén o propio sistema de historia clínica electrónica evolucionará cara a un modelo orientado a procesos chamado HCEPRO, que está a ser instalado nos postos de medicina e enfermaría de atención primaria e para o que se deseñarán módulos específicos para outras categorías, como farmacia, fisioterapia ou traballo social.

No que ten que ver cos investimentos concretos en infraestruturas físicas, como novos centros de saúde e reformas ou actuacións de mellora, permítanme que trate con maior detalle aqueles xa previstos na comparecencia de orzamentos que teremos na vindeira semana. En todo caso, avánzolle que, máis alá dos proxectos xa en marcha, o Sergas elaborará un plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria no que fixará novas prioridades en función das necesidades existentes.

Permítanme tamén que aprace a explicación detallada do desenvolvemento do Plan de saúde mental, pois, tal e como solicitou a Comisión de Sanidade deste Parlamento, será obxecto dunha comparecencia específica nesta comisión en vindeiras datas.

En calquera caso, quero remarcar que o tratamento da saúde mental vai ser unha prioridade para esta lexislatura, mediante este plan e tamén mediante o Plan de prevención do suicidio. Este último, xa en marcha, será reforzado proximamente coa creación de rexistros nas áreas sanitarias a través dos cales os profesionais poderán facer un mellor seguimento e control dos pacientes que sufriron algunha tentativa.

Tamén nesta lexislatura poremos en marcha o Plan galego de demencias. Permitirá seguir avanzando na mellora da atención ás enfermidades neurodexenerativas iniciada na anterior lexislatura co Plan galego de atención ao ictus e cos procesos asistenciais integrados de esclerosis múltiple e esclerosis lateral amiotrófica. Precisamente estes procesos asistenciais integrados, e en xeral a saúde mental, son exemplos dunha colaboración entre a atención primaria e a hospitalaria que queremos potenciar nos vindeiros anos.

Está a piques de aprobarse —en plena negociación sindical— un novo decreto regulador da categoría de médico de admisión e documentación clínica, no que se fará unha referencia



especial ao seu labor como enlace entre os centros de saúde para facilitar a comunicación e coordinación entre niveis.

Tamén melloraremos a atención posterior á alta hospitalaria que se dá dende atención primaria, actualizando o sistema Conecta 72, que potencia o seguimento desde enfermaría de primaria dos pacientes nos seus primeiros días tras a alta; e implicando tamén o persoal farmacéutico de primaria na conciliación da medicación dos pacientes que reciben esa alta hospitalaria.

E, por suposto, tal e como fora comprometido no Plan galego de atención primaria, seguiremos ampliando o catálogo de probas diagnósticas accesibles dende a atención primaria, aumentando a súa capacidade de resolución e evitando ao doente desprazamentos e esperas.

Outro plan que garantirá esa continuidade asistencial será o futuro Plan galego de enfermidades raras. Recollemos a demanda unánime deste Parlamento de crear unidades funcionais multidisciplinares para estes doentes e enmarcarémola nunha folla de ruta que dea continuidade aos avances que na anterior lexislatura supuxeron a creación do rexistro e da comisión de enfermidades raras.

O mesmo ocorrerá co futuro Plan galego de oncohematoloxía, un proceso tamén iniciado na anterior lexislatura e ao que hai pouco tempo este Parlamento solicitou que se incorporase tamén o desenvolvemento dende o sistema sanitario público dun centro de terapia CAR-T. Asumimos ese compromiso e haberá unha estratexia de terapia celular avanzada dentro do Sistema público galego de saúde. Pero ademais queremos que ese Plan galego de oncohematoloxía potencie o diagnóstico precoz e axilice o itinerario de visitas clínicas, implantando os circuitos asistenciais comúns e a homoxeneización das terapias farmacolóxicas e non farmacolóxicas máis innovadoras.

Outro dos plans comprometidos é o plan de Hado. A experiencia demostranos que alí onde se implanta a hospitalización a domicilio se converte nun éxito. É un dos servizos máis valorados pola cidadanía. Por iso asumimos todos os compromisos de dotación de prazas do plan e mantemos o obxectivo de extensión deste servizo ao cen por cento da cidadanía galega nesta lexislatura. De feito, nas vindeiras semanas remataremos a tramitación dun decreto que creará a categoría profesional de «médico de hospitalización a domicilio», porque estamos convencidos da proxección que vai ter este servizo nos vindeiros anos. Tamén o sistema Telea antes comentado vai permitir incrementar a atención domiciliaria dende o ámbito hospitalario, pois abriremos a posibilidade de utilizalo para o seguimento farmacolóxico de procesos oncolóxicos, a monitorización de doentes de enfermidade inflamatoria intestinal ou dos pacientes de rehabilitación cardíaca, por poñer algún exemplo.

Pero, máis alá desa hospitalización a domicilio, á que se recorrerá sempre que sexa posible, debemos mellorar tamén a atención aos pacientes nos nosos centros hospitalarios en varios aspectos.

Por unha banda, na accesibilidade. Durante a crise da covid-19 garantíronse os prazos daqueles pacientes de prioridade 1 e de todos aqueles cuxas patoloxías estaban cubertas pola



normativa de tempos máximos. E temos dous compromisos para esta lexislatura: ampliar eses tempos máximos a máis patoloxías e crear máis vías rápidas e poñer en marcha un plan de recuperación das intervencións, consultas e probas adiadas, para devolver Galicia a onde estaba antes da pandemia, coas mellores listas de agarda da serie histórica e por debaixo da metade da media nacional.

Tamén queremos traballar na seguridade reducindo os riscos de infeccións. O ano pasado creouse a Comisión de Control das Infeccións Relacionadas coa Asistencia Sanitaria e temos en marcha varios programas de prevención en colaboración co Ministerio e outros máis propios nosos, como, por exemplo, o Programa desnutrición cero, para pacientes críticos, ou a aplicación InNO-CBR, que axuda a previr as infeccións nosocomiais.

Tamén queremos traballar na calidade loitando contra a dor. O Sergas fixo un gran avance hai unha década coa posta en marcha da primeira estratexia de atención integral á dor. Pero hoxe faise necesario revisar o procedemento de valoración da dor aguda no hospital e elaborar un procedemento específico para a abordaxe da dor infantil.

Tamén imos traballar na humanización —ou seguir traballando—, avanzando na estratexia xa formulada antes da pandemia e estendendo á totalidade dos centros hospitalarios medidas como a apertura das UCI pediátricas e de neonatos as vinte e catro horas —para os proxenitores—, ou das UCI de adultos en canto sexa posible. E, por suposto, con melloras na humanización das infraestruturas. Todas as obras de nova construción ou ampliación hospitalaria do Sergas terán en conta necesidades como as áreas de espera específicas e adaptadas nas UCI, illamentos acústicos, salas de lactancia, sinalética axeitada a persoas con distintos tipos de discapacidade ou aseos adaptados a persoas ostomizadas.

Non enumerarei agora todas as obras previstas en hospitais, que serán comentadas con máis detalle na mencionada comparecencia de orzamentos, pero si quero indicar que estas obras teñen prioridades comúns, en liña coas antes mencionadas: mellorar os servizos de urxencias e críticos, a ampliación das unidades de hospitalización para maior comodidade das persoas ingresadas e das súas familias, e potenciación dos hospitais de día para esta mellora da autonomía do paciente e tamén dos seus achegados.

Quixera destacar que nos orzamentos para 2021 se contempla a dotación para proxectos importantes de mellora en case todos os hospitais comarcais. Temos tamén proxectada para esta lexislatura estas actuacións, unha aposta, polo tanto, polos hospitais comarcais que non queda nas obras.

Tamén na última oferta pública de emprego se incorporou nos baremos unha puntuación específica pola prestación de servizos nos hospitais comarcais de difícil cobertura; unha actuación que, xa avanzo, irá acompañada dun paquete de medidas para incentivar a práctica clínica nestes hospitais e asegurar a súa viabilidade futura —avanzando no modelo que blindamos coa Lei de creación dos distritos sanitarios—.

En xeral, a cobertura de persoal é un tema que nos preocupa e nos ocupa. Seguimos reclamando, con escasa receptividade por parte do Goberno de España, a eliminación da limita-



ción das taxas de reposición, que nos impide cubrir todas as prazas vacantes que quixeramos. Insistimos en reclamar as medidas pactadas polo Consello Interterritorial de Saúde en abril de 2018 para axilizar a creación de prazas formativas nas especialidades deficitarias. Como avancei antes, Galicia cubriu o cen por cento das prazas ofertadas tanto en medicina de familia como de pediatría, pero non é suficiente. Por iso, máis alá das declaracións ao Ministerio, faremos o que estea na nosa man para garantir esa capacidade formativa de novos profesionais.

Nesta lexislatura aprobaremos un decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada de Galicia e tomaremos tamén medidas para incentivar aqueles profesionais que colaboran como titores nas rotacións formativas e nas prácticas do alumnado. De feito, estableceremos como requisito a acreditación docente nos concursos de traslados para centros acreditados. Traballamos, en consecuencia, para ter unha estrutura formativa preparada para asumir ese maior nivel de acreditación de unidades docentes que reclamamos. E intéresanos tamén a cobertura estable destas prazas, por iso insistimos nas OPE, por iso insistimos na creación de prazas e por iso apostamos por modelos de contratos de continuidade —con 122 profesionais xa contratados e coa extensión deste modelo no plan de continxencia que antes mencionaba—.

Porén, somos conscientes de que hai eivas, de que hai máis persoal sen praza fixa do que sería recomendable, e, en consecuencia, tamén avanzaremos nesta lexislatura na aprobación dun novo plan de reordenación de recursos humanos do Sergas; un plan que, por suposto, sería máis sinxelo de facer se o Goberno nos liberase desa limitación da taxa de reposición, que comentaba antes, e puidésemos facer esa ordenación sobre a totalidade das nosas prazas vacantes.

Unha vez repasada a situación e as perspectivas para a pandemia, a atención primaria, a atención hospitalaria e a política de recursos humanos, quero determe en dúas propostas de futuro que serán prioritarias nesta lexislatura e determinantes para o futuro da sanidade de Galicia: a saúde comunitaria e a innovación. Son dous aspectos nos que a pandemia nos demostra que hai que investir no futuro: nun maior enfoque na promoción da saúde e prevención da enfermidade, cun maior impulso á investigación para os tratamentos innovadores, e na innovación propiamente dita.

No enfoque antes comentado para a atención primaria destaca ese papel da medicina comunitaria e do centro sanitario como axente de mellora da saúde local. Tamén temos exemplos en Galicia de programas de redución do sedentarismo e de combate da obesidade, que funcionaron a nivel local cun liderado sanitario. Queremos avanzar por ese camiño implicando a todos os axentes sociais en programas de mellora da saúde ou de alimentación saudable. Tamén a tecnoloxía pode axudarnos niso con ferramentas que permitan á cidadanía rexistrar información dos seus avances neste tipo de programas nunha carpeta persoal á que o seu médico e a súa enfermeira poidan acceder dende a historia clínica.

O mesmo ocorre cos programas sociosanitarios. Estamos traballando coa Consellería de Política Social no novo modelo de residencias que debe garantir o seguimento médico e sanitario constante das persoas residentes, para o que a telemedicina pode e debe ser moi útil.



Esta vocación comunitaria da sanidade tamén está dirixida a garantir un envellecemento activo. Galicia acadou o recoñecemento europeo como rexión de referencia en innovación neste eido grazas a programas de compra pública innovadora, como Código 100, que están a facilitar a vida independente e o seguimento sociosanitario dos nosos maiores.

E, respecto dos menores, avanzaremos no desenvolvemento do programa Xanela Aberta, un portal no que queremos que pediatras e familias interaccionen no seguimento e fomento de hábitos saudables dende o embarazo ata a adolescencia.

Avanzaremos tamén na prevención. Continuaremos cos programas de cribado e detección precoz de distintos tipos de cancro xa coñecidos —os de mama e colorrectal—, e estamos agora ampliándoo ao de cervix. E actuaremos sobre os problemas de adiccións na mocidade. Nesta lexislatura traeremos a este Parlamento unha nova lei de prevención de adiccións en menores. Esta norma renovará a Lei de prevención do alcohol en menores —do ano 2010— e incorporará medidas de prevención doutras adiccións entre a mocidade; en particular, o tabaquismo, pero tamén todas aquelas adiccións sen substancia, como as relacionadas coa tecnoloxía.

No tocante á investigación, queremos traballar no desenvolvemento da carreira investigadora e no marco regulatorio para a súa contratación. Imos seguir avanzando no sistema integrado de investigación clínica que se creou o ano pasado, e que vai permitir unha mellor colaboración entre centros e compartir os datos das investigacións. Orientaremos estas investigacións a través de proxectos como os *living-labs*, o Proxecto Innovatrial ou o Proxecto Microbioloxía 4.0, e outros que permitirán investigar, e ademais transferir os resultados desa investigación á sociedade e aos pacientes, seguindo os mecanismos creados na pasada lexislatura a través dun decreto pioneiro sobre a valorización e transferencia dos resultados en investigación.

Por último, queremos seguir divulgando todas as experiencias innovadoras que os distintos departamentos das áreas sanitarias levan a cabo. Creáronse os Premios de Innovación en Saúde, dos que pronto convocaremos a segunda edición, temos unha plataforma de innovación sanitaria funcionando e o ano que vén poremos en marcha a Plataforma Xare de xestión do coñecemento. Con ela acadaremos unha maior difusión da formación e compartiremos o coñecemento en saúde que atesouran os excelentes profesionais do noso sistema público.

Non quixera esquecer o papel dunha das nosas xoias en investigación, a Fundación Galega de Medicina Xenómica, unha institución que queremos potenciar integrando electronicamente os seus sistemas cos dos Sergas, para facilitar a solicitude de probas e acadando a súa acreditación baixo a Norma ISO de calidade de laboratorios clínicos. Tamén hai que destacar neste eido o papel dos institutos de investigación sanitaria da Coruña, Santiago e Vigo.

Chegados a este punto, e rematando o repaso polas liñas xerais, quixera facer unha breve mención das actuacións concretas previstas por Sanidade para cumprir os grandes compromisos da Xunta nesta lexislatura.

Sanidade colaborará co compromiso ecolóxico. Temos previstas actuacións importantes en eficiencia enerxética nos nosos centros. E participaremos, ¡como non!, na estratexia de eco-



nomía circular da Xunta no relacionado cos residuos sanitarios. Sanidade colaborará tamén co compromiso demográfico. Véñse de debater o inicio do trámite dunha lei moi importante para Galicia, e dende o noso departamento estamos decididos a contribuír a este reto potenciando os tratamentos de fertilidade no sistema público.

Sanidade estará tamén na atención á diversidade. Na lexislatura pasada creouse unha unidade de referencia para menores transexuais pero temos que completala con accións transversais no sistema. Por iso queremos poñer en marcha o protocolo sobre identidade de xénero que garanta o trato igualitario e non discriminatorio das persoas que acoden á sanidade pública e que garanta que o noso persoal teña a formación e a sensibilización necesarias para atendelas.

Último compromiso: a igualdade. O noso departamento de recursos humanos está a traballar coas organizacións sindicais no desenvolvemento do primeiro plan de igualdade para o persoal do Sergas.

Tamén queremos seguir avanzando en ofrecer aos galegos e ás galegas os mellores tratamentos dispoñibles, e cos profesionais mellor formados, a través dos ensaios clínicos desenvolto polos profesionais sanitarios e co apoio dos tres institutos que antes comentaba, pero tamén a través das últimas tecnoloxías: o ECMO, a cirurxía robótica ou os últimos avances en oncoloxía. Queremos seguir avanzando tamén no tratamento multidisciplinario e integrado, dende a atención primaria ata os comités de tumores, con todas as especialidades opinando e, por suposto, cos propios pacientes tomando as decisións clínicas —seguindo un modelo tan recoñecido no noso sistema sanitario como o das unidades de mama instaladas e funcionando en todos os hospitais públicos—.

E hoxe, na véspera do Día Contra a Violencia de Xénero, quero reafirmar tamén o compromiso do Sergas nesta loita. Na próxima semana presentaremos, xunto coa Consellería de Emprego e Igualdade, un novo procedemento que implantaremos no sistema sanitario para contribuír á detección precoz das situacións de violencia de xénero e axudar as mulleres a saír delas.

Antes de rematar, quero facer unha mención especial á situación que estes días se está dando no Hospital de Verín en relación cun dos seus profesionais.

En primeiro lugar, hai que destacar que a situación no paridoiro do Hospital de Verín está normalizada e todo funciona axeitadamente. O Servizo Galego de Saúde segue contando con todos os profesionais que desempeñan alí o seu labor e recoñece, como non podía ser doutro xeito, o seu traballo. Por outro lado, sobre o doutor Castrillo —ao que coñezo dende a miña etapa na área sanitaria de Ourense—, hai un proceso administrativo aberto derivado dunha denuncia doutro especialista —neste caso dunha pediatra— que considerou non axeitado o trato que este profesional lle deu diante dunha familia. O Sergas ten, para tal efecto, mecanismos de inspección independentes, e contrastados en máis de vinte e cinco anos de historia, que con rigor, método e garantías resolven estas situacións. Neste sentido, este proceso iniciouse en decembro do ano pasado, recabouse a documentación correspondente e producíronse as entrevistas con todas as partes. Neste contexto, a Inspección traslada agora, o 5



de novembro, o seu informe e envío seguindo estritamente o proceso administrativo habitual. O doutor Castrillo poderá facer no seu momento todas as alegacións que estime oportunas. O proceso proporciona todas as garantías ás partes. É administrativo e non afecta nin afectará o servizo que se está dando á poboación.

Remato agradecendo o seu traballo a todas as persoas que cada día, especialmente nun momento tan difícil coma este, traballan por facer unha sanidade pública mellor dende o noso sistema público. Se hoxe podo falar destes avances é porque medramos sobre unha base sólida, en cuxa construción moitísimos profesionais deixaron o mellor de si mesmos.

Particularmente, quero ter unha lembranza para o traballo de todas as persoas que me acompañaron na honra de estar á fronte desta consellaría. Sei que para ningún foi sinxelo, pero tamén sei que ningún se arrepiante de aceptar o reto que eu tiven a oportunidade de aceptar hai uns meses. E aproveito para desexarlle ao conselleiro Vázquez Almuíña a mellor das sortes na etapa que comezará pronto. *(Aplausos.)*

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, antes de comezar, e xa que vostede apelou ao de Verín, podemos poñerlle o termo: unha purga, unha represalia, un axuste de contas ou unha vendeta. Dá igual. Páreno porque é insoportable. *(Aplausos.)*

Mire, señor conselleiro, eu tiven que repasar cal era a intención da comparecencia. Decía Gandhi —creo— que se pode traballar ou presumir, pero que no primeiro dos grupos hai menos competencia. Vostede iniciou con moi boa vontade de traballar a súa dedicación á Consellería. Está empezando a pasar demasiado rápido ao lado escuro dos que queren presumir. E dígolle que ten moita competencia neste goberno, e ademais bastante boa. Mantéñase no grupo dos de traballar, porque veu hoxe aquí a presumir. Estamos diante da... *(Pronúncianse palabras que non se perciben e o señor Torrado Quintela fai unha pausa.)* Non sei se me dá a razón ou non, pero algo tiña que dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? Grazas, xa o pensaba.

Estamos diante da campaña de vacinación máis grande e máis importante da nosa historia e vostede veu aquí a falar de pacientes ostomizados —que está moi ben pero que hai ano e medio que aprobamos esa iniciativa aquí, jano e medio, señor conselleiro!— e veu falar dos premios de innovación. Estamos diante da campaña de vacinación máis importante da nosa vida e vos—



tede veu aquí falar... (*Murmurios.*) —se o Partido Popular non berra e me deixa falar...—. Vos-tede veu aquí falar dos premios de innovación, dos pacientes ostomizados e dalgunhas cousas que é a cuarta ou a quinta vez que escoitamos aquí. ¡Pero de que estamos a falar! Vivimos unha pandemia gravísima da que vostede fixo mención ao principio e así, veña, ¡rápido que quero presumir doutras cousas!... ¡Señor conselleiro, pero é que estamos nisto!

A primeira onda colleu os gobernos a contrapé, con erros, con falta de previsión, cunha situación difícil para todo o mundo. Vostedes decidiron naquel momento utilízalo para facer campaña electoral. A CECOP —que levan catro meses presumindo de que a van convocar outra vez— deixouse de convocar cando pasou o 12 de xullo. Fixeron un estudo serolóxico do que tiveron vergoña de telo feito e non o publicaron ata que o exixiu o Parlamento —que, por certo, di que fomos a comunidade coa peor ratio de falecidos por contaxiados de toda Europa, pero vostedes non deron explicacións diso—.

Na segunda onda ¿non aprendemos nada? Porque é no que estamos. É que é no que estamos, señor conselleiro. Despediron o conselleiro, o director xeral do Sergas, o director xeral de Saúde Pública e vén aquí falar dos premios de innovación que van dar o ano que vén. ¡Pero é que estamos na segunda onda da pandemia, señor conselleiro! Do que hai que falar é desta situación que temos, que temos un galimatías normativo. Vostedes escollen un modelo, defendeu aquí hoxe o que chaman «modelo O Carballiño». Sabe que desde o noso grupo imos compartir as decisións clínicas que tome este Goberno aínda que poidamos algunhas veces non comprendelas. Imos discrepar en que vostedes non as comunican ben, non as falan, non as explican, non explican os criterios e toman decisións que aínda non saben. Xa corri-xiron o de Sanxenxo —ben corrixido—, pero seguimos sen saber —xa que me permitín ese exemplo outra vez— por que Cervo non e Burela si —por exemplo, por poñer un exemplo, que hai decenas—. Seguimos sen saber os criterios e por iso non podemos debater as cousas. E vostedes consideran que non contar as cousas é unha gran política, porque así non se pode debater sobre elas. ¡E é indecente, señor conselleiro! Agora quéreno facer cun proxecto de lei —non contar as cousas—. Por certo, un proxecto de lei que é un estado de alarma encuberto, sistemático e autoritario, bastante problemático. E veremos se é constitucional. Iso si, a vostedes encántalles, porque todo o que é autoritario lles gusta moito. E nisto é no que estamos, na información cicatera, confusa á vontade. ¡Por fin agora empezan a publicar o mapa co que toman decisións! Seguen sen dicir cantos positivos hai ao día. Falan de casos activos pero non é o mesmo, e vostede sábeo. É confuso, porque notifican casos activos e non positivos.

Temos problemas asistenciais. Hoxe coñecemos que aumentaron en 101 días de media as esperas cirúrxicas —comprensible en boa parte, ten sentido— pero é que diminúen os diagnósticos dalgunhas enfermidades, como o cancro. ¿Por que diminúen? Porque temos un problema asistencial, e non estamos respondendo. Temos un problema coa vacina da gripe, e vostedes din que non pasada nada. Pero hai xente que segue demorando as súas citas. Fala agora de que temos un obxectivo, que é o 40 % da atención presencial ao final este ano. Está ben. ¿Que quere dicir? Que estamos por debaixo. Entón, cando o PP di na Comisión de Sanidade que estamos na metade, no 50 %, ¿quen está mentindo aquí? Porque vostede cita que queremos chegar ao 40 % ao final de ano. E cando o PP vén á comisión e di que estamos no



50 %, ¿que facemos? É que disto é do que estamos a falar, e vostedes estanse burlando disto. É que é unha indecencia, señor conselleiro.

Estamos falando de recursos. Vostede vén aquí a presumir dos orzamentos. Falemos un momento dos orzamentos, aínda que podemos falar a semana que vén. Os orzamentos aumentan un 14 % de media —sobre todo polos fondos da UE e de España—, aumentan un 14 %. Sanidade aumenta un 7 %, aumenta a metade porcentualmente do que aumentan os orzamentos. Debe ser que en sanidade agora non hai moito que facer. Hai que priorizar outras cousas. En deportes, o 29 %, señor conselleiro, 29 % en deportes e 7 % en sanidade. Iso si, baixámoslles os impostos ás casas de apostas e ás empresas de xogo. Igual había que tirar de aí para aumentar máis en sanidade. *(Aplausos.)*

Pero non estamos falando disto. ¿Non é disto do que hai que falar, señor conselleiro? É que xa non é entrar nese debate, que temos posicións distintas, é que xa estamos nun debate previo, espectacularmente absurdo. ¿Non é disto do que hai que falar, dos recursos que estamos poñendo nesta segunda onda ou dos rastrexadores, señor conselleiro? ¡É que xa está ben! ¿Cantos profesionais temos contratados na central de seguimento de Bergondo? ¿Cantos?. ¿quen os contratou?, ¿en que condicións? Porque vostede di que non se pode, e o señor Feijóo di cada día unha cousa distinta. E a vostedes parécelles moi ben e que están facendo un xogo fantástico, pero non é decente. ¡É que vostedes non son propietarios da información! Vostedes poden, evidentemente, contar partes da cuestión que consideran importantes, establecer as súas prioridades, os seus criterios políticos. Pero hai unha parte das cuestións, da información, da realidade, da que teñen que dar resposta. E non poden vir aquí e non dicir nada das cousas que lles dea a gana. Non poden decidir o que contan e o que non. Poden decidir o que si contan, pero non poden decidir o que non contan. Iso é un estado natural, democrático, un parlamentarismo natural. Non se trata doutra cousa.

Diso é do que estamos falando, señor conselleiro, ou nós cremos que hai que falar diso. Vostede igual cre que hai que falar dos premios á innovación que se van dar o ano que vén. Nós non, nós queremos falar dos rastrexadores, e de por que por culpa de non ter rastrexadores temos un problema coa detección das orixes, dos contaxios, da trazabilidade. E de por que vostede di aquí —collino literal— que aumentan, que están nos orzamentos, 141 prazas de atención primaria —díxoo vostede, 141 prazas—. Orzamentos 2020 da Xunta de Galicia: 8.448 persoas en atención primaria. Non é difícil de buscar, está o dato concreto, 8.448. Vostede di que aumentan 141 no ano que vén. En 2021 son 8.535, 87 máis. Vostedes presentan onte uns orzamentos nos que din que hai 87 profesionais máis de calquera categoría en atención primaria. E agora vén vostede aquí dicir que aumentan 141. ¿Onde están? ¿Quen lles paga? A ver se esta é a pregunta: ¿por que vostedes cren que poden vir aquí a mentir abertamente sobre o que poñen nos orzamentos que presentaron onte e que non pasa nada? Pero ¿como van aumentar 141? ¡Se o din os orzamentos! Salvo que mintan os orzamentos, que esa é outra historia. Son 8.448 o ano pasado e 8.575 neste. A ver se vai ser que vostede non leu os orzamentos. ¡Son 87!, 87 para unha posible terceira onda, que non desexa ninguén pero que os profesionais din que é posible despois de navidades. Para a campaña de vacinación que nos vén diante, que vai ser afrontada en atención primaria, ¿87 profesionais máis e de todas as categorías en todos os centros de saúde de primaria de Galicia?! Disto é do que nós queremos falar, señor conselleiro. Esta non é a solución para a situación na que estamos. Pero vostede veu aquí falar...



Alégrome moito de que vira as comparecencias da Comisión de Reconstrución. Nós queriamos que fose unha comisión específica sobre a covid. O PP votou en contra. Pero xa que algunhas persoas participaron, escoitou —seguro— a temporalidade inasumible que hai no sistema: máis do 30 % como termo medio e máis do 40 % en enfermaría. ¿Sabe o que pasa? Cando nós traemos este debate aquí, dinnos que somos alarmistas, mentireiros, que non é verdade, que vai todo perfecto. Xa que os escoitaron, polo menos atendan. Este é o problema en persoal: a temporalidade. Vostedes din que aumentan un 141 % —porque vén aquí vostede a dicilo— e nos orzamentos non di iso. ¡É que non estamos falando dun documento que se presentase hai seis meses —e a ver se alguén se trabuca—! ¡É que o presentaron onte! ¡Polo menos garden o loito cos orzamentos!

Vostedes veñen de reaccionar nós cremos que mal. Vostedes consideran que ben. Ese é un debate lexítimo. Pero de reaccionar, non de planificar. Veu vostede comparecer hoxe aquí, falou da pandemia o máis rápido que puido e pasou a outro tema. É que acabou falando dos premios á innovación do ano que vén. Señor conselleiro, non estamos niso. Este país non está niso. A primeira onda utilizárona para facer campaña. A segunda colleunos botándolle a culpa ao goberno de Pedro Sánchez —falou máis do goberno de Pedro Sánchez que dos problemas da pandemia— e entón non fixeron nada. A terceira —e apelando á cita de Gandhi— a ver se polo menos os colle traballando. Pero falemos disto, señor conselleiro: dos rastreadores, dos profesionais de primaria, do problema normativo que hai, do galimatías, do que imos facer coa campaña de vacinación, de por que se diagnostican menos cancros, de como imos facer para recuperar a capacidade asistencial —que é normal que se perdesa pero que necesitamos recuperar—. Falemos disto e non dos premios de innovación ou de iniciativas, señor conselleiro, que se aprobaron neste Parlamento hai un ano e medio, dicindo o Partido Popular que se traían aquí para apoiar unha iniciativa que xa se estaba facendo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Hai un ano e medio xa se estaba facendo. Tróuxose unha iniciativa aquí para someter á votación e agora anúnciana como unha novidade para o ano que vén.

Señor conselleiro, isto é unha burla. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

Eu tamén vou empezar polo que vostede acaba de cualificar como «situación normalizada do Hospital de Verín». E vou dicirlle con toda rotundidade que, por moito que vostede ten-



tara usar un ton aséptico, obxectivo e darlle un carácter de mero trámite administrativo, non oculta a realidade existente. Porque nin todas as denuncias se inspeccionan nin todas as inspeccións acaban en expediente, nin moitísimo menos. Máis ben é o raro na Consellería de Sanidade que as denuncias cheguen a algunha parte. Entón, non lle dea vostede o carácter de normalidade. E voulle dicir máis: mire, é un expediente disciplinario que pode sancionar un profesional con dous anos de inhabilitación e que non ten absolutamente ningunha xustificación para incoalo máis alá da vinganza, máis alá da represalia, e por defender os dereitos das mulleres da comarca a parir no hospital de Verín. *(Aplausos.)* E vostede sabe que foi por iso. E eu dígoille a vostede, como máximo responsable da Consellería de Sanidade, que paralice ese expediente. Porque non teña a máis mínima dúbida de que todas e todos os que saíron á rúa a defender o Hospital de Verín, e a defender o dereito das mulleres a parir nese hospital, van seguir defendendo o Hospital de Verín e van seguir defendendo os seus profesionais. Porque nin Verín se pecha nin Castrillo se toca, que lles quede moi claro a vostede e ao resto do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, mire, este é o quinto pleno ordinario desde o inicio da lexislatura, nun contexto de pandemia como non se vivira outra desde hai moitas décadas. E tivemos que agardar que vostede viñera ao quinto pleno, diante dunha situación de pandemia e como máximo responsable da sanidade, a pasar absolutamente de puntillas diante desa situación de pandemia. Dende logo, se unha imaxe vale máis que mil palabras, a imaxe súa vindo hoxe aquí a dicir «isto deixámolo aparcado» é máis que elocuente. Porque, dende logo, pretender furtar o necesario e democrático contraste sobre a pandemia sanitaria máis importante das últimas décadas, e que o máximo responsable practicamente apenas a aborde, dende logo pode cualificarse de moitos xeitos. Como normal, dende logo, non se pode cualificar.

E despois diso, de pasar simplemente cuns pequenos apuntamentos, vén vostede aquí a soltar os mesmos mantras que levan anos repetindo os seus antecesoros, os dunha sanidade do país das marabillas que vostedes teñen na súa cabeza pero que os galegos e galegas non ven por ningún lado. Esa sanidade marabillosa que vostede pretendeu trasladar aquí non existe en ningún lado.

Pois eu, a pesar de que vostede parece que non quere, si vou falar da situación da pandemia no noso país. Porque, para facer fronte a unha situación de pandemia como a que estamos vivindo, o primeiro é partir dunha diagnose certa. E para o cal é imprescindible ter información e datos. E para iso sería bo que vostedes remataran coa opacidade na que seguen instalados dende o inicio. Porque a prioridade, señor conselleiro, non pode ser impoñer un relato a calquera prezo aínda que non se corresponda coa realidade.

E quero empezar tamén por mostrarlle a preocupación do BNG, porque a resposta que está a dar a Xunta e o Partido Popular dende o primeiro momento está centrada na espiral mediática antes que en poñer o acento nas medidas efectivas. Iso está máis que contrastado. Está centrada en medidas restritivas direccionadas cara á responsabilidade individual, cara á criminalización de determinados colectivos como responsables deses contaxios. E eu quero preguntarlle onde están as medidas que lle corresponde poñer á Xunta enriba da mesa, que lle corresponde poñer á Consellería de Sanidade, para combater a crise máis alá de derivar a responsabilidade cara a eses comportamentos individuais.



¿Que medidas tomou a Xunta do Partido Popular para fortalecer a sanidade pública e como chave na loita contra a pandemia? ¿Cal é a memoria económica que deriva das actuacións realizadas para combater a covid? Gustaríanos saber cal é esa memoria económica, as persoas contratadas, os recursos postos en marcha, que reforzos materiais e humanos implantou a Xunta... Esas serían as cousas das que nos gustaría que vostede hoxe viñera falar aquí.

Porque, mire, as restricións son a solución última cando xa fallou o anterior, cando falla o control, a detección precoz dos casos, o corentenado dos contaxios. E aí fallaron estrepitosamente, señor conselleiro. Levan meses dicíndonos que todo está baixo control cando non é así. Polo contrario, levan un comportamento errático e só baseado en pretender que non se coñeza a realidade. E eu volvo dicirlle que os galegos e galegas temos dereito a saber o que está facendo a Xunta e con base en que datos toma as decisións que toma. E hoxe seguimos sen saber cales son os datos nos que se basea para tomar as decisións —aquí si, aquí non, aquí subimos PCR, aquí baixamos PCR...—. Porque a detección, o estudo dos contactos, o acceso ao sistema sanitario, téñense mostrado durante toda a pandemia como as ferramentas máis claras que as administracións deben garantir para frear o virus.

Lamentamos —pero de verdade— ese comportamento errático na realización das probas diagnósticas, que se reduza o número de PCR sen saber por que, que se reduza na área de Vigo cando estaban aumentando os contaxios exponencialmente. Gustaríanos saber que base ten ese comportamento. Gustaríanos saber se hoxe vostede vai ter a ben dicirnos cal é o sistema de rastrexo, cantas persoas. E esa transferencia de crédito que acaban de aprobar de 2,5 millóns de euros é para pagar ¿a quen?, ¿a 700?, ¿a 1.200?, ¿a 6.000?, ¿a cantos? Gustaríanos que, por unha vez, tiveran a ben darnos esa información. Porque, mire, facer menos probas PCR seguramente dá unha estatística máis presentable, pero non fai que existan menos casos, señor conselleiro. E vostede sábeo moi ben. Levan meses negando información sobre esta cuestión.

Eu tamén lle quero dicir que non pode restrinxir a pandemia a frías estatísticas dadas cada día, se soben 2, baixan 4... —e tamén son os datos que vostedes queren dar—. Porque estamos falando de que detrás das estatísticas están persoas con situacións concretas, e con sufrimentos concretos. Eu tamén lle digo que non sería bo que sobrevalore os limitados descensos para xogar a estratexias curtopracistas, e que non trate os galegos e galegas como menores de idade —porque non o somos—, que deixe de usar os datos para xustificar unhas medidas que cremos que non están sendo as axeitadas.

Mire, en Galiza xa hai case 50.000 persoas que foron afectadas dun xeito ou outro pola pandemia. E a situación segue sendo moi preocupante. Vostede dicía que estamos en cen casos por debaixo da media do Estado español, pero é que estamos douscentos e pico por encima do que a Organización Mundial da Saúde considera razoable —que son 25 casos por 100.000 habitantes— para considerar que o virus está baixo control. Co cal, sería bo que tamén deran ese dato.

Tamén é certo que a presión asistencial segue sendo moi alta: 456 persoas hospitalizadas, 96 na UCI —catro menos ca onte—. Pero levamos 1.161 persoas mortas, señor conselleiro



—15 nas últimas 24 horas—, e a positividade das probas diagnósticas dista moito de estar estabilizada. E vostede sabe que é así.

Polo tanto, nós cremos que non se pode deixar de facer balance e de facer preguntas sobre a factura que nos está pasando esta segunda onda por non facer ben as cousas na primeira, por non facer ben a desescalada e non ter feitos os deberes. Hai unha evidencia, señor conselleiro, e é que, se non se toma nota, volveremos ter unha terceira onda na que se van volver cometer os mesmos erros por non estar debidamente preparados.

E vostede veu aquí o día despois de presentar os orzamentos no Parlamento a facer esa imaxe de Galiza no país das marabillas. Presenta uns orzamentos nos que a Consellería de Sanidade perde posicións relativas dentro do conxunto dos orzamentos. O orzamento aumenta un 13,9 % de media e a sanidade 1,6 puntos por debaixo desa media, no medio dunha pandemia e despois de anos de recortes inmisericordes. Vén vostede, efectivamente, a dicir que vai aumentar non sei cantos profesionais. O orzamento eu traíao aquí pensando que non se ía atrever a dar un dato que non estea nos orzamentos. Dixen: «Non se vai atrever». Pero trouxen a copia do orzamento. Trouxen a copia e aquí di: «8.535 fronte a 8.450». ¡83!, ¡83! Vostedes ¿de onde quitan os datos? ¿En que os fundamentan? Din uns datos hoxe e mañá outros coa normalidade de quen mente todos os días. Igual que cos 20 rastrexadores, os 6.000 ou os 700... Igual fan co número de profesionais e igual veñen cos orzamentos dicirnos que imos ter unha mellor sanidade pública cando non é así.

Eu dígolle que a prioridade non ten que ser enganar os galegos e as galegas, senón que a prioridade ten que ser gañar ao virus. E a pesar de que vostede pretenda hoxe pasar de puntillas sobre a situación da covid, a realidade é que, se tomamos como referencia o último mes desde a nova declaración do estado de alarma do 23 de outubro, temos que en Galiza faleceron 305 persoas nun mes, practicamente 10 cada día. Temos que hai 131 persoas máis ingresadas nun mes, que hai 27 máis na UCI, que segue habendo 8.600 persoas positivas. É dicir, que a situación dista moito de estar controlada. E iso merecería que vostede hoxe viñera aquí dar explicacións e dicirnos realmente que é o que se está facendo, porque o peor que pode facer é instalarse nun clima de compracencia dicindo que todo vai mellor, agardando, supoñemos, a que se empecen a poñer as vacinas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...na vez de actuar sobre o risco.

Eu, por iso, quero pedirlle, señor conselleiro, que rectifique. Solicítolle que abandone a xestión de aparencia e as medidas de telediario por unha estratexia real con persoal, materiais e recursos. Porque unha estratexia sanitaria necesita esas tres cousas.

Remato dicíndolle que hai moitas persoas que se deron conta da situación da sanidade pública durante esta pandemia. Moitísimas outras xa sabiamos cal era esa situación. Moitos profesionais, moitos colectivos, viñan denunciando cal era a situación da sanidade pública, que deron a voz de alarma da deterioración da sanidade, da falta de persoal, a voz de alarma da precariedade laboral —do aumento constante que non cesa—, a voz de alarma das listas de espera...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...chamamentos apremiantes a tomar medidas diante dunha situación sanitaria desbordada. E vostede, coa explicación que deu hoxe aquí, non puxo ningunha medida real para solucionar estes problemas.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRADO CORES: Co cal eu agardo que na súa seguinte intervención nos fale de medidas reais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...para encarar esta situación —insisto— no medio dunha pandemia brutal.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, conselleiro, quero darlle as grazas por vir ao Parlamento comparecer. Grazas por informar a esta Cámara sobre a evolución da pandemia e as súas liñas de acción para seguir na mellora do sistema sanitario durante esta lexislatura.

Doulle a benvida aos debates sobre sanidade neste Parlamento. Xa viviu vostede algunha interpelación e algunha pregunta, pero é nestas comparecencias cando a oposición pode expresar a súa proposta política sobre a sanidade dun xeito máis completo. E lamento informalo de que o nivel é este que acaba de ver. Vostede acaba de chegar a este Parlamento pero algúns xa levamos catro anos aquí. E podo asegurarlle que foron catro anos escoitando exactamente a mesma cantilena, sempre o mesmo lema: recortes, desmantelamento, precariedade, destrución da sanidade pública... E agora tócanos o dos rastrexadores. É un discurso constante, idéntico en todos os voceiros e as voceiras dos distintos grupos. Mire, a única diferenza é que hai uns meses este discurso o defendían catro grupos que representaban 34 deputados e hoxe deféndeno dous grupos que representan 33 deputados. No resto non hai variacións. *(Aplausos.)* As críticas, as consignas, as propostas, son sempre as mesmas, todo é igual que antes das eleccións.

Señores da oposición, vostedes basearon todo o seu discurso na anterior lexislatura nun ataque frontal contra a sanidade pública galega, desprestixiando os seus servizos e injuriando



os seus xestores. E chegaron unhas eleccións nas que a sanidade —si, a pandemia— era o tema central do debate político. E vostedes perderon. A maioría dos galegos dixeron que non lles compran ese discurso, que non os cren. Pero, polo visto, a vostedes o que opine a cidadanía dálles igual. Vostedes cren que teñen razón, diga o que diga o pobo, e iso ten un nome, iso chámase soberbia. Eu non lles pido que aplaudan o Goberno, nin moito menos. Está claro que o seu papel é crítico e presentar unha alternativa. Pero, señorías, esa alternativa non pode ser exactamente a mesma que os galegos xa lles rexeitaron catro veces nas urnas. Iso é un insulto á intelixencia da xente deste país.

Nos resultados electorais van dous mandatos: un aos que gañan, para que sigan avanzando polo mesmo camiño —e é o que hoxe explicou o conselleiro na súa proposta de liñas—, e outro aos que perden, para que rectifiquen, para que presenten unha alternativa pero que non sexa outra vez a mesma, xa que esa alternativa xa foi derrotada. E vostedes entenden este mandato electoral exactamente ao revés, veñen aquí a pedirlle que rectifique a quen cumpre co que os votantes lle pediron que faga. E, mentres, vostedes manteñen intacto o que os votantes lles pediron que corrixiran. (*Aplausos.*) ¡Curioso concepto da democracia! (*Aplausos.*) Non é novo, xa sabemos que a vostedes lles custa rectificar.

Vostede acaba de explicar aquí polo miúdo todas as melloras, acaba de facer unha diagnose clara do sistema sanitario poñendo en valor todo o que está feito ata o de agora, que son as bases para seguir na mellora e no crecemento.

Pero aquí quero parar, señor Torrado. Coa campaña de vacinación cóidese. Cóidese de que o seu Goberno central a planifique, porque lle aseguro que o galego a ten planificada. (*Murmurios.*) E parece mentira que vostede fale de transparencia cando hai pouco liamos na prensa que precisamente afearon o Ministerio de Sanidade pola súa opacidade durante a pandemia. Lémosto todos na prensa, si, aplíquese o conto.

E aquí tamén escoitamos, sobre Verín —dos dous grupos—, «vinganza», escoitamos «represalia»... Isto é simplemente unha denuncia que unha compañeira pediatra fixo ao xinecólogo. Vostedes din que sempre defenden aos profesionais. ¿Que pasa? ¿Esa pediatra non entra dentro dos profesionais que vostedes defenden? (*Aplausos.*) ¡Claro, é que é así! (*Aplausos.*) ¡A ver!, o parto transcorre ben, a pediatra di que ese neno ten un problema e hai que trasladalo a Ourense. E ¿que pasa?, ¿decide o xinecólogo? Ata onde eu sei, quen decide, unha vez que o neno nace, é a pediatra. ¿Que pasa? Esa pediatra pon unha denuncia. E entón ¿que pasa?, ¿o Sergas agocha a denuncia? Non, señor, o Sergas ten que defender a todos os profesionais do sistema de saúde. É así. Non hai outra cousa. O fácil sería agochalo e non falar máis de Verín, calar a boca. Non, señores, as cousas non se fan así.

Mire, señor conselleiro, eu voulle poñer algúns exemplos do que pasou na anterior lexislatura.

Tanto o PSOE como o BNG dixeron na pasada lexislatura que a reforma da Lei de saúde era para pechar hospitais comarcais. Aí temos os presupostos do 2021, e vemos partidas para a ampliación. ¡Mentiron!, ¡mentiron e non van rectificar!



A Lei de garantías sanitarias ía significar unha derivación masiva á sanidade privada. Pois anos despois demostrouse que todas as intervencións e consultas, que se aceleraron, se fixeron na sanidade pública.

O Hospital Álvaro Cunqueiro era un desastre e un hospital privado. Ben, pois hai pouco tempo puidemos ver que o alcalde de Vigo non lle quería dar auga e non lle quería dar luz a ese hospital. Tivo que agocharse e escoitar cando viña o ministro Illa, que dicía que ese hospital era unha das grandes infraestruturas de España. Pero non, non rectifica, non.

Cando o conselleiro Almuíña —que está aí— presentou no ano 2017, nunha comparecencia neste Pleno, o sistema Telea, señora Prado, vostede dixo que iso era descapitalizar o sistema sanitario e que non era ningunha solución. Pois, mire, nesta recente pandemia, grazas ao sistema Telea os nosos pacientes estiveron nas casas perfectamente controlados e monitorizados, e nos nosos hospitais non faltou nin unha cama nas UCI nin unha cama nas plantas. Pero tampouco rectifican.

En resumo, señor conselleiro, vostede acostúmese a isto, porque esta é a oposición que lamentablemente parece que imos ter durante unha lexislatura máis neste Parlamento de Galicia, a que tanto defende unha cousa como a contraria. Con tal de ir contra o Goberno, todo vale.

Seguen a falar de recortes. Pois este orzamento que temos é moito maior que o que eles tiñan en épocas de bonanza. Neste ano temos —creo que son— 472 millóns de euros máis que o ano pasado.

Seguen a falar de privatización. Pero ¿non len o que di o Consello de Contas? Porque o Consello de Contas no ano 2018 dixo que nós nunca pasamos do 5 % e nos anos do Bipartito —cando eles gobernaban, no ano 2009— era un 6 %. É máis, no pasado pleno votamos aquí unha resolución para pedirlle á Xunta que mantivese ese gasto por debaixo do 5 %, e non a apoiaron.

E seguen a falar de desmantelamento da sanidade pública. Parece que non escoitan ou non entenden nin o que se fixo ata o de agora nin o que vostede mesmo hoxe acaba de transmitir desde esta mesma tribuna. Pero, miren, cando se fai un discurso tan exaxerado e tan terxiversado sobre a sanidade pública, o que ocorre é que o pobo galego non llelo cren, non lles compran ese discurso. E, cando non llelo cren, en lugar de crer que son vostedes os que se equivocaron, pois non, están convencidos de que é o pobo o que se equivocou votando. E teiman en seguir co mesmo.

Señor conselleiro, desde o Grupo Popular imos apoiar as reformas que hoxe formulou vostede porque somos conscientes de que a sanidade pública ten problemas que hai que solucionar, e sabemos que desde a Consellería están niso. E o que está claro é que eses problemas, desde logo, non son nin os que di a oposición nin teñen as solucións que propón a oposición. E por isto a cidadanía galega encargoulle a un goberno do Partido Popular resolvelos, encargoulle ao Partido Popular facerse cargo da sanidade en medio dunha grave crise sanitaria, do mesmo xeito que tamén no ano 2009 lle encargou que se fixera cargo da economía no



inicio dunha crise económica. Porque o pobo galego ve quen ten plantexamentos realistas e serios e quen non.

E agora a teima dos grupos da oposición é que, coa pandemia, a Xunta quere gañar o relato pero perde na realidade. A miña impresión, desde logo, é que é exactamente ao contrario: a realidade é a que está botando por terra todo o relato da oposición. A sanidade desmantelada da que vostedes falan non tería resistido unha pandemia desta virulencia, e fíxoo. Un goberno tan desastroso como o que vostedes pintan non seguiría a ter os datos menos malos de España en incidencia do virus, positividade das probas ou ocupación hospitalaria, e tenos. E, señora Prado, vostede dicía o outro día —e hoxe volveu repetir algo parecido— que tiña que ser unha casualidade, ou pola posición xeográfica que temos. Eu xa sei que vostedes ven Galicia como un mundo independente, señora Prado, pero xeograficamente tanto a Asturias como a Portugal témolos ao lado e os datos son os que son. Galicia ten estes datos porque ten un goberno que xestiona, que toma medidas equilibradas e sensatas. E ademais tómaas con sustento científico porque se apoia nun comité clínico independente e cuxa composición é totalmente transparente.

E como é a realidade, pois parece que a oposición se instala no negacionismo. E vemos cousas aquí como, por exemplo, o que dicía a doutora Pontón no anterior pleno sobre que a Xunta reducía as probas para mellorar os datos para a comparecencia do presidente. E o único que fai é descualificar a quen fai esas afirmacións. Iso, ¡vamos!, é non ter coñecemento científico absolutamente ningún. O número de probas non incidiría de forma positiva, senón todo o contrario. En casos como a ocupación hospitalaria...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...ou a propia taxa de positividade —remato xa— precisamente soben cantas menos probas se fagan. Polo tanto, esa teoría da conspiración non ten base absolutamente ningunha.

O mesmo fai o PSOE cando o señor Tomé sostén que os 34 membros do Comité Clínico fan as cousas porque lles peta. Pois non, estas declaracións, desde logo profundamente irrespectuosas con profesionais que non son nin do PP nin do PSOE, non teñen base ningunha. Pero tampouco escoitamos o señor Gonzalo Caballero —porque, desde logo, non se vai atrever a levarlle a contraria ao señor Tomé—, e agora isto, desde logo, é un espectáculo bochornoso para toda Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

Señor conselleiro, desde o Grupo Popular queremos darlle ánimos nesta tarefa tan dura que ten por diante e tranquilízalo respecto do que ten que oír por parte da oposición, non hai nada novo. Pero o pobo galego sabe o que fai e por iso escolleu o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.



A señora AMIGO DÍAZ: ...para xestionar estes catro anos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, para o turno de réplica, o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Torrado, chama a atención que, de 28 folios que lin con detemento e tratando de transmitir todo o que quería transmitir nesta sesión, vostede quedara con dúas cousas: os premios de innovación e os ostomizados. Non sei o que pasou co resto dos folios.

E, de verdade, o que dixeran dos pacientes ostomizados —e vaia por diante o meu recoñecemento e a miña comprensión da situación que padecen— é que, cando se faga unha obra nova no Sergas, os baños para ostomizados se incorporarán como se fixo ata o de agora. Non sei que ten de malo dicir iso.

E dos premios de innovación tamén dixeran —e ao mellor non escoitou— que imos facer a segunda edición, pero dentro dun paquete no que estaba falando, en xeral, do que é a innovación —unha innovación, por certo, recoñecida a nivel europeo e nacional—. Vexo que a vostede iso non lle xera ningún tipo de recoñecemento. *(Aplausos.)*

Dime vostede que non falo do plan de vacinación. ¡Xa me gustaría, señor Torrado! ¡Xa me gustaría! Porque resulta que nós, dende o 7 de setembro, formamos parte dun grupo de traballo de vacinas. Hai un técnico da Consellería que traballa nese grupo de vacinas, que traballa co seu coñecemento e o seu saber. E resulta que para mañá pola tarde está anunciado que o Ministerio nos vai trasladar por fin ese plan de vacinas. ¡Ah!, pero xa o sabemos hoxe. Xa o Consello de Ministros contou o plan de vacinación sen que as comunidades autónomas saibamos absolutamente nada ata o de agora do plan de vacinación. Por iso non lle podo falar, porque eu son leal e non falo do plan de vacinación antes de que o Ministerio nolo traslade mañá pola tarde. *(Aplausos.)*

Dime vostede que os casos activos e os positivos non son o mesmo. Cando queira, explícollo con detemento.

Vostedes pedían, clamaban polos datos, os datos, os datos... Ben, os datos están. E agora ¿que queremos? Os datos diarios. Tamén llelos daremos, señor Torrado. ¡Se o problema dos concellos non son os datos! O problema dos concellos son as medidas que lles tocan a eles por competencias. Os datos son o de menos. ¿Que pasa, que se hai cinco casos actúase dun xeito e se hai sete actúase doutro? ¡Xa está ben de marear co tema dos datos! Están aí, señor Torrado, e xa me dirá vostede como quere que lle expliquemos o de positivos e activos. Por suposto que llo damos, sen ningún problema.



Falando de información, señora Prado, creo que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería e a Xunta levan dende o minuto un sendo un exemplo de transparencia nos datos. En primeiro lugar, nesta sede parlamentaria, á que, como vostede ben dicía, xa vin varias veces, hoxe por iniciativa propia e outras veces por preguntas de vostedes —recordo que o primeiro día que vin aquí xa me espetou o de por que non viña por iniciativa propia, e hoxe vin—, xa dixen dende ese primeiro día que o Servizo Galego de Saúde puxo iso en mans das persoas máis importantes que teñen que ter os datos: os sanitarios. Creo que foi das primeiras comunidades autónomas nas que na historia clínica electrónica que temos —é unha pena, pero témola— incorpora información dos casos activos que ten cada médico no seu cupo —e cada enfermeira—. Puxo á disposición deses profesionais o sistema Telea —non sabía a súa opinión o ano pasado, pero alégreme sabela agora— para que se puidese facer ese seguimento. Esa información foi básica e tivérona os profesionais. Pero, a continuación, a Consellería e a Xunta dérona a diario. Vostede dime que non falei de datos, pero despois lánzame os datos que acabo de dicirlle eu a vostede. Os datos sempre se deron, absolutamente sempre: o número de casos por área sanitaria, os ingresados, os falecidos —por desgraza—, absolutamente todo. Xa me dirá vostede os datos que non damos. Vostede ao mellor o que quere é que todos os datos que o Comité Clínico revisa todos os días —en particular os martes e os venres— tamén os teña vostede. ¡Ningún problema, que o que nos faltan son epidemiólogos! Se vostede é epidemiólogo, encantado de darllos e de que tamén aporte vostede solucións. *(Murmurios.)*

As decisións que toma o Comité Clínico —tamén o repetín xa varias veces— están baseadas nos datos dos casos pero, sobre todo —e volvo insistir niso—, na información que as xefaturas territoriais, especialmente os servizos de medicina preventiva, trasladan sobre os gro-mos, sobre a trazabilidade, sobre o número de casos orfos... Non sei cantas máis veces hai que dicilo, pero parece que vostede non o entende, nin tampouco o señor Torrado. As decisións tómanse con este criterio.

Pero, ben, a decisión boa era a súa, señora Prado: o confinamento. Cando os casos empezaban a subir na segunda quincena de outubro, vostede e o seu partido dixeron: Non, a solución é o confinamento. E a Xunta de Galicia, co Comité Clínico, decidiu que o confinamento non era a solución e puxo en marcha medidas, puxo en marcha o «modelo O Carballiño», que acabo de explicar. Tamén o señor Torrado quedou cos ostomizados e cos premios de innovación. No terzo da miña intervención no que falei da pandemia non sei onde estaba vostede tampouco, porque foi un terzo do meu tempo falando da pandemia. E aí comentei distintos aspectos sobre a evolución da pandemia —que, se vostede ten dúbidas sobre algún en particular, tamén volvo insistir— Pero, repito, cos datos que se manexaron, as decisións tomáronse con base nese apoio do Comité Clínico. E, repito, ese Comité Clínico foi o que nos recomendou —e a Xunta así o decidiu— tomar medidas cirúrxicas por concellos, ¡medidas graves!, que aquí parece que non se tomaron medidas. Tomáronse medidas moi graves, como foi o peche da hostalería. Pero tomáronse esas medidas co convencemento de que ían dar resultados. E o venres pasado un concello como O Carballiño —volvoo repetir— pasou de 1.240, de incidencia acumulada a catorce días, a 85,5. Se todo vai ben, hoxe algún outro concello acadará ese resultado e sairá desas medidas de confinamento duras. E seguiremos facendo así con todos os concellos, porque se toman medidas e as medidas funcionan, señora Pardo —señora Prado, perdón—.



Despois, sobre o que dicía das vacinas da gripe, insistimos unha vez máis en que a poboación prioritaria é a poboación diana. E aí nos van atopar sempre, tratando de vacinar aquelas persoas que, polas súas condicións, necesitan a vacina.

Dicía vostede, señor Torrado, que aumentaron a 101 días os datos da lista de espera. Non, non é así. Non aumentaron 101 días. Pasaron de 53 en decembro do ano pasado —dato histórico— a 101 nese dato do Ministerio. Pero non é aumentar 101, porque, se non, estaríamos en cento sesenta e algo. Ben, pois estamos en 101, bastante por debaixo da maior parte das comunidades autónomas.

Ninguén escapa da situación que vivimos na actividade cirúrxica, ¡como non! Durante dous meses practicamente non puidemos operar ningún paciente máis que os pacientes oncolóxicos. E teño que dicir que se operaron absolutamente todos. E aquí quero facer unha chamada especial de atención ao comportamento, evidentemente, dos sanitarios. Pero ás veces non se fala suficientemente deles, dos profesionais que traballan nos servizos de oncoloxía, sexa médica, radioterápica ou incluso o das probas diagnósticas. Eses profesionais non deixaron nin un só día de ir ao centro de traballo. Atenderon a todos os pacientes de oncoloxía médica e radioterápica —incluso algúns deles poñendo turnos de noite para poder tratar eses pacientes, cando os tempos entre paciente e paciente había que incrementalos para limpar as máquinas de tratamento, por exemplo—. Fixeron turnos de noite para tratar eses pacientes e agora teño que escoitar aquí que os pacientes oncolóxicos non se trataron. ¡É falso! Os pacientes oncolóxicos diagnosticados tratáronse todos. Non vou dicir que nalgún paciente, no proceso de diagnóstico, non se retrasara algunha proba —sen saber que era oncolóxico e que o souberamos máis tarde—. Iso pode pasar e, por suposto, lamentámolo. E tomaremos as medidas para que iso non siga pasando. Pero dicir que os pacientes oncolóxicos se retrasaron non é certo, señor Torrado, non é certo.

Falaba vostede da presencialidade. Mire, nós dixemos nesta sede parlamentaria que en médicos de atención primaria, médicos de familia, o que tiñamos rexistrado nos sistemas de información é que a presencialidade estaba entre un 25 % e un 30 %. E seguimos a dicilo. Iso é así. Se analizamos o resto de categorías, a enfermaría, por exemplo, está nun 85 %. O valor medio non é 25 %, 30 %... O que eu dixen hai un momentíño —igual vostede, claro, como estaba pensando nos ostomizados e nos premios de innovación, ao mellor non se deu conta— foi que o obxectivo para os médicos de familia era acadar o 40 %, e sigo dicindo, ese é o noso obxectivo. Estamos entre o 25 % e o 30 % en médicos de familia, e queremos poñer ferramentas ao lado das actuacións do médico de familia para que poida dedicarlle máis tempo á presencial. Esas ferramentas tamén as desgraneí, pero, de novo, vostede non as escoitou. Falei de mellorar a capacidade do persoal administrativo para que poida axudar nesas tarefas, falei de que o profesional de enfermaría poida empezar a facer esa renovación, anulación ou axuste de doses da prescrición. Comentei varias cousas para tratar de liberarlle tempo ao médico de familia e que poida dedicar máis tempo a aqueles pacientes que el considera que ten que ver. Porque nós defendemos que a decisión sobre quen é presencial e quen é telemático é do médico de cabeceira, neste caso. Polo tanto, creo que iso queda perfectamente explicado dese xeito.

Falei tamén, señor Torrado, dun plan de recuperación da actividade cirúrxica. Díxeno, despois pódollo deixar escrito. Falei dese plan e falei doutros moitos plans que, tanto vostede como a señora Prado, parece que non escoitaron.



Vou falar un momentíño das denuncias. Eu, se alguén me dixo que a denuncia a metera nun caixón, non creo que escoitara ben. Non foi iso ¿verdade? O sistema sanitario público galego —repito— ten vinte e cinco anos de antigüidade e ten mecanismos transparentes e establecidos para cando un profesional fai algún tipo de declaración, denuncia ou alerta sobre un comportamento, sobre un comportamento doutro profesional. Temos mecanismos para dilucidar. Entrevístase a todas as partes, tómase nota de todo e escoitase. E o inspector, o instrutor que fai ese proceso, ao final saca as súas conclusións. A esas conclusións, ademais, os implicados teñen acceso a elas, e poden alegar. É a fase na que estamos agora. Querer facer disto algo máis, creo que non paga a pena. Dixen ao principio que coñezo o doutor Castriño. Respéctoo profesionalmente, non teño nada que dicir sobre el. Pero tamén teño que dicir que respecto profesionalmente o resto de especialistas e tamén a inspección de servizos sanitarios que ten o Servizo Galego de Saúde, que ten que facer o seu traballo. Estou seguro de que o vai facer correctamente.

Teño aquí anotado o das medidas restritivas, señora Prado. Claro, é o que dicía. As medidas restritivas que nós poñemos parécenlle pouco comparado co confinamento, que era o que vostedes querían facer hai quince días, cando a situación epidemiolóxica de Galicia crecía sen parar ata que o Comité Clínico e a Consellería tomaron a decisión de tomar estas medidas restritivas. Si, claro que son restritivas —e xa pedimos perdón por anticipado polas molestias que lle ían causar á cidadanía—, pero entendemos que era un esforzo colectivo que tiñamos que facer todos para reverter isto. E, mire vostede, esa reversión, de momento —con toda a prudencia do mundo, claro que si, con toda a prudencia do mundo—, vaise producindo. Temos a situación do Carballiño, que xa comentaba, ou a situación de Verín, por exemplo; e temos a situación dun concello como o de Santiago, ou a dun concello como o de Ourense, que, aínda non acadando eses resultados, grazas ao esforzo da cidadanía e de certos sectores deses concellos, están chegando a valores que nos permiten pensar en que en pouco tempo esas medidas poderían liberarse e volver a unha certa normalidade —sempre, insisto, con prudencia—.

Pero tamén vemos que hai outras áreas onde estes resultados non se están a producir. E o que facemos é poñer encima da mesa máis medidas, cribados selectivos, aumentar as PCR... Señora Prado, coas PCR eu non sei como dicilo. Vou poñer aquí unha gráfica que recolle o incremento das PCR nas últimas semanas. As PCR seguen aumentando. E, se non, teno vostede moi fácil, acérquese a un servizo de microbioloxía pola noite, ás doce da noite, e comprobará que os sete servizos de microbioloxía do sistema público sanitario galego están a traballar de noite tamén. Ou sexa —non sei como definilo—, dicir que non se fan PCR ou que se fan menos é, de verdade, non estar neste mundo. Cada día fanse máis, señora Prado. E ademais —xa o dixeran tamén nesa parte que non escoitaron—, ademais das PCR, engadimos 50.000 —primeiro— e 300.000 tests —despois— de antíxenos adicionais, que tamén suman.

Tamén falei —outra cousa que non deberon escoitar— dos test en saliva con PCR aos traballadores das residencias sociosanitarias. Non hai ningunha comunidade autónoma en España que estea facendo un cribado deste xeito aos profesionais das residencias sociosanitarias. Esas probas —xa o expliquei tamén— o Ministerio non as recoñece como tales PCR porque se fan cun sistema de *pooling* que, aínda que abre a posibilidade de utilizalo



nos seus documentos, non contan. E nós non queremos enganar a ninguén. Non as poñemos, faltaría máis, pero hai que sumalas. Son 60.000 probas máis por *pooling* que se están a facer, especialmente —dicía— entre os profesionais das residencias sociosanitarias de toda Galicia —máis de 15.000 cada quince días— e tamén nos profesionais sanitarios de varios centros do Servizo Galego de Saúde. Co cal, repito que no tema das PCR é insistir no mesmo tema.

Falaban tamén vostedes dos presupostos. Ben, 470 millóns de euros adicionais a vostedes deben parecerlles pouca cousa. Non teño máis que dicir, o dato creo que é demoledor.

Dicía vostede que non tomamos medidas reais. Pois vaia vostede preguntarlles aos veciños do Carballiño, aos veciños de Verín ou a outros veciños. Ou pregúntelles aos veciños de Ribeira, aos veciños de Ribadavia, aos veciños de Vigo esta fin de semana, ou esta fin de semana que vén, sobre os cribados masivos. Pode preguntarlle a todo o mundo que está implicado facendo moitísimas cousas neste caso.

Señor Torrado, o tema das prazas sería moito máis doado —xa o expliquei tamén nesa parte que non escoitou— se a taxa de reposición —unha vez máis— nola permitiran cubrir. Xa me dirá despois na réplica —supoño— o que pensa vostede da taxa de reposición. Volvemos insistirle ao Goberno do Estado nese tema, porque nos parece que o momento é este. Se neste momento a taxa de reposición non se libera e as prazas vacantes que temos sen ocupar non se permiten ocupar, non sei cando se van poder ocupar.

Respecto das prazas, un pequeno matiz —porque ao mellor esta parte se lles escapa—: hai prazas que se reconverten, que se amortizan; por exemplo, as dos APD. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro!, vostede sabe dos APD, ¿non? Ou ao mellor prefere que sigamos contratando APD. Pois non, mire, no Servizo Galego de Saúde, respecto dos APD —que respectamos o seu traballo—, hai tempo que os reconvertemos. Cando un APD se xubila, esa praza amortízase e créase unha nova. Esa é, se lle serve, a explicación; pero, se quere, doulla con máis detalle.

En definitiva, creo —repito— que fixen un esforzo por explicar varias cousas. En primeiro lugar —e así empecei a intervención— intentei trasladar a esta Cámara o estado actual da situación da pandemia, que é un compromiso que ten o Goberno galego. A iso dediquei un terzo da miña intervención. Dei todos os datos que tiña dispoñibles, os mesmos que compartimos —por outro lado— co Comité Clínico ou cos profesionais que nos preguntan por eles. E o resto do tempo dediqueino a falar de todos os proxectos, xa sexan en recursos humanos, en infraestruturas, en plans e programas para desenvolver —e falei dun número importante deles—, pero repito que parece que vostedes só quedan cos pacientes ostomizados e cos premios de innovación. Unha mágoa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Abrimos unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. E, en primeiro lugar, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, vostede leu 28 folios. Voulle explicar un pouco a dinámica parlamentaria. Non podemos contestar a todos. Vostede ten tres intervencións sen tempo e nós temos dúas moi medidas. Por iso, lembre, non lle falei de que me pareceran mal as medidas para os os-tomizados. Díxenlle que hai ano e medio que as debatemos aquí. Díxenlle que o importante era do que non falaba.

Pero non se preocupe, que non o vou facer con ese ton nin coa chamada de soberbios que nos fixo a portavoz do PP. Eu non lle vou dicir a ninguén que é soberbio. E, se o digo, é un error e pido desculpas. Non vou dicir que é soberbio, que non sabe ou que non se entera, que son termos que acaban de usar vostedes. Por certo, co consentimento da presidencia do Parlamento. *(Aplausos.)*

Pero, como non vou utilizar ese criterio, eu vou intentar debater de política, de política, señor conselleiro. Si, parécenos preocupante que vostede non falara do plan de vacinación e si dos premios. E si, parécenos preocupante que teñamos que discutir sobre datos de activos e positivos. Vostede ten tempo ilimitado e só se dedicou a dicir que non me entero. Eu vou utilizar parte do meu tempo. Se aquí hai —poñamos— 40 persoas, e entran 5 e saen 2, quedan 43. O aumento de persoas é de 3, pero os que entraron son 5. Non é o mesmo casos activos que positivos. ¿Sabe cal é o problema? Que vostede sabe isto perfectamente e está intentando enganarnos. *(Aplausos.)* Sábeo perfectamente porque isto é moi simple, e vostede sabe isto e moito máis.

Pero o que nós dicimos sobre os criterios é que teñen que ser claros, que teñen que ter claridade. E dixémoslle tamén —que non o escoitou— que nós imos respaldar as medidas e o modelo que utilicen, aínda que no caso do Carballiño funcionou pero no caso de Pontevedra-Salnés non está funcionando. Entendemos que é difícil tomar decisións. Pero o que lles dicimos é que teñen que explicar os criterios. E nisto parece que é no que discrepamos. Nós sabemos no que discrepamos. Outra cousa é que vostede o tome polo persoal.

Si que ademais explicamos que sobre a campaña de vacinación nos sorprende que non diga nada. Insisto, da campaña de vacinación máis grande e máis importante da nosa historia, vostede non di nada na súa primeira intervención —sen límite de tempo—. E na segunda di que o fai por lealdade, porque é un problema do Goberno central. E, entón, preguntámonos, xórdenos a pregunta —porque sabe que é un debate, que interactuamos, non necesitamos ler 28 folios, nós podemos interactuar no debate—, e a cuestión está en que, se é un problema do Goberno central, ¿vostedes non planificaron nada?, ¿están esperando a que llelo digan? ¿Non teñen nada previsto?, ¿non saben se o van facer en primaria ou nos hospitais?, ¿non o saben? ¿Non teñen criterio sobre como o van facer? Isto é o que nos plantexamos, a pesar do que berra o Partido Popular —que berra non sei por que, pero berra, é habitual, berra—. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Entón, vostedes non plantexaron nada, non tiveron ningún criterio sobre se somos os médicos e médicas, se é o persoal de enfermaría, se vai ser nos PAC ou se van facelo a domicilio. Non teñen nada previsto. Non considerou a ben contar nada disto. Iso si, veu contar aquí que o problema do encaixe de números é dos APD. ¿Sabe o que pasa? Que os orzamentos xa os contabilizan, e seguen dicindo que vostede mentiu. Non son 141, son 87 —xa non serían moitos 141—. É que están contabilizados —o ano pasado e este—, e, polo tanto, a diferenza son 87. E este é o problema.

Tampouco dicimos que nos pareza nin ben nin mal —non o dixemos, e nós entendemos as dificultades— que o obxectivo sexa o 40 % de presencialidade en atención primaria no Nadal. O que dixemos é que o PP leva dicindo hai tempo, hai semanas, que estamos na metade. E vostede vén de recoñecer que non. Isto é o que dicimos, que temos este problema. Isto é o que dicimos. E tamén lle chamamos a atención sobre o problema da temporalidade, que vostede non mencionou. E como ten outra intervención e pode falar sen que nós teñamos réplica —esta é a cousa do debate, que nós non podemos atender a todo senón que temos que focalizar—, pois vostede poderao facer.

E si facemos propostas, non temos tanto tempo, pero facemos algunhas propostas. Eu escoitei aquí unhas supostas leccións sobre as propostas. E ás veces collo algunha anécdota. Se queren, por coller anécdotas sobre as propostas —e non vai con vostede neste caso—, hoxe hai pleno, mañá hai pleno e o xoves hai Comisión 5ª, de Sanidade, vaia ver cantas iniciativas presenta o PP. Xa llo digo eu. Son menos de unha. Ese é o nivel de traballo parlamentario das propostas. (*Aplausos.*) Entón, cando nos falan de propoñer cousas, pois, claro, un vai ao traballo parlamentario e di: Bueno, pois aquí estamos.

En fin, señor conselleiro, nós o que lle plantexamos —lonxe doutros debates, nos que non imos entrar, sobre o que é a democracia representativa e o de gañar e perder, que usa moito Trump, lonxe da democracia representativa e do que senten as persoas cando se representan, incluso cando non son maioritarias, que ás veces non o son e outras veces si— é que o foco do debate e a convicción sobre o importante non parece estar onde nós cremos que debe estar. Porque vostede, na súa primeira intervención —na segunda falou un pouco máis e seguro que na terceira falará bastante máis, porque non temos dereito a réplica— falou máis de márketing que da realidade. E a realidade está nos problemas que temos coa pandemia. E, fíxese —pode revisar a intervención despois—, vostede fixo un ataque persoal —non mo tome a mal porque sei que non é a súa actitude— que se exacerbou un pouco porque tomou mal a crítica. Lamento se foi moi exaxerada, pero a sensación de indignación era potente. Pódeas revisar, pero non lle criticamos ningunha medida...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...non lle criticamos ningunha medida. Pero esta é a cuestión. Se nós vimos aquí e non lles aplaudimos, a vostedes parécelles mal. E nós non estamos aquí para aplaudirlos. Estamos aquí para dicirlles que a nós nos parece que na comparecencia dun conselleiro, sete meses despois da anterior comparecencia dun conselleiro, en plena pandemia...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...debería ter falado da pandemia e non —si, señor conselleiro— dos premios de innovación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Despois da intervención de tanto calado da deputada do Partido Popular, da que tanto aprendemos continuamente, pois non sei se queda moito por dicir. Porque, claro, temos que seguir traendo aquí cuestións non dos últimos catro anos, senón dos oito ou dos once últimos anos, porque son problemas sen solucionar. E, dende logo, non están poñendo enriba da mesa ferramentas para solucionarlos.

E, mire, quen fixo un ataque frontal á sanidade pública non foi a oposición, foi o Partido Popular no Goberno da Xunta, que leva once anos de ataques constantes á sanidade pública, que ten un deterioro brutal. *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

E tamén quero aclararlle, señora deputada, que non é que non entendamos o que vén explicar aquí o conselleiro. Entendémolo, pero non estamos de acordo, para nada, con esa liña argumental. E por iso a combatemos. ¡Claro que o entendemos!, e combatemos esa liña. Entendémola e non a compartimos, e por iso a combatemos con toda a contundencia.

Con todo o respecto, e con todo o cariño, señor conselleiro, exemplo de transparencia, ¿de que? A actuación da Xunta de Galicia foi cualificada por todo quisque como a máis opaca do Estado español. Están aí as revistas e os profesionais do xornalismo, que ademais a cualificaron como a máis opaca en canto á información que estaba facilitando. Entón, non é que o digamos nós, é que foi cualificada así e está aí a hemeroteca para que vostede poida consultala, se é que non tivo aínda tempo para facelo.

E o que pedimos son os datos que facilitan a maioría dos outros gobernos, ou unha parte moi importante deles. ¡Nada, ningún luxo asiático!, o normal nunha democracia, non aqueles datos que facilitan despois de facilitarlos á prensa, ou daquela maneira, para que sexa difícil poder facer un seguimento claro e para que a quen non está no día a día lle pareza que os datos transmiten unha cousa que realmente non transmiten.

E o problema non é que haxa que tomar medidas restritivas, señor conselleiro. O problema é que haxa que tomar medidas restritivas porque non se tomaron as suficientes para non ter que chegar a esa situación, porque non se actuou para evitar chegar a esa situación. Ese é o problema. O problema é cando as medidas restritivas son practicamente as únicas medidas que se toman. Ese é o problema.



E, mire, a proposta do BNG é moi clara: que a prioridade ten que ser gañarlle ao virus, actuar para que non volva coller a dianteira, que é preciso un goberno que lidere e se poña á fonte, que teña a valentía de tomar as medidas que haxa que tomar —non as medidas para o tele-diario senón as medidas reais que haxa que tomar—. Porque a falta de previsión para abordar a primeira onda foi manifesta. A non previsión nin anticipación nin implementación de medidas, sabendo que ía chegar unha segunda onda, tamén foi manifesta. E a factura que estamos pagando, o impacto en saúde, o impacto en presión asistencial e en falecementos, puido en parte ser evitada. E o que lle estamos demandando, señor conselleiro, é que non cometa o erro da primeira desescalada, o de actuar querendo ser os campións, senón que actúen para realmente tomar as medidas que sexan precisas, para prever o risco dunha terceira onda nunha época de inverno, con moito máis frío, con moita máis actividade en interiores, e que poida pasarnos esa terceira onda, de novo, unha factura que consideramos que non é asumible.

Os galegos e as galegas temos o problema da covid e temos outros moitos problemas no ámbito sanitario, por suposto. Temos un problema de precariedade do persoal —que vostede non abordou nin sequera por riba—, unha situación de precariedade que viñeron a denunciar aquí a esa comisión de reactivación económica. E, por certo, a min paréceme moi ben que vostede escoitara atentamente a señora Aldecoa e a López-Pardo, pero tamén lle solicito que dea a coñecer as conclusións do consello técnico, no que máis de douscentos profesionais traballaron para chegar a conclusións e a acordos, e que ademais o fixeron por un compromiso da Consellería a cambio de desconvocar unha folga. E dese compromiso pois non sabemos absolutamente nada. Polo cal, eu pídolle que dea a coñecer esas conclusións.

E xa que falamos de persoal e precariedade, vostede antes fixo referencia á investigación, e tamén quero preguntarlle —e agardo que teña a ben contestalo— para cando vai convocar a mesa de negociación do persoal investigador, que se comprometeu con eles, nesa visita do ministro, a que a ía convocar canto antes. Gustaríame que, xa que está aquí, aínda que pola tarde o BNG trae unha iniciativa aquí pedindo que se convoque, nos diga cando vai convocala.

E, dende logo, preocúpanos moito, señor conselleiro, que teña como obxectivo reactivar a atención primaria nun 40 % a final de ano. Porque vostede sabe que iso non é suficiente, e ademais comprometeuse aquí a tomar todas as medidas suficientes para reactivar a actividade presencial en atención primaria. Que considere que un 40 % a final de ano é o que necesita a poboación de Galicia, dende logo preocúpanos moito.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E facémoslles propostas —e remato— dun xeito moi rápido: que active esa actividade presencial en atención primaria, que estableza protocolos claros e unificados para que calquera galego e galega teña os mesmos dereitos para acceder á atención primaria, que aumente o número de profesionais que sexa preciso para atender todas as necesidades —que neste momento non son suficientes nin moitísimo menos—, que remate coa precariedade cunha contratación estable, e que non xogue a dicir «750 contratos en enfermaría», que sabe que son os contratos que rematan este mes...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e que non xogue a facerse trampas e incorpore as categorías precisas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que neste momento si que hai, que faga públicas as listas de espera de atención hospitalaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—e remato, señor presidente—, que tiña que facelas públicas no mes de xullo, señor conselleiro; e que faga un plan para...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...rematar con elas, porque hai moitísima xente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, terminou o tempo.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días de novo.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu teño que felicitalo e agradecerlle de novo a súa comparecencia. Explicou vostede polo miúdo todos e cada un dos pasos que se deron e se están dando na xestión da pandemia. Falou de PCR, falou de cribados, falou do intenso traballo que se está facendo nos servizos de microbioloxía, que están traballando día e noite. Falou tamén sobre as liñas de traballo que se van levar dende a Consellería nesta complicada e difícil lexislatura que temos por diante; grandes liñas de traballo para seguir avanzando na mellora da atención primaria, do plan de saúde mental —un plan tan importante, e que vai ser o que nos vai deixar esta pandemia unha vez que rematemos co virus—, do plan galego de demencias, de enfermidades raras, de oncohematoloxía, de Hado, de Telea, de plans de igualdade para persoal do Sergas, do protocolo sobre identidade de xénero. Falou tamén dun plan de recursos humanos do Sergas. Pero xa ve que é o mesmo, non hai variación nin na primeira nin na segunda intervención. Aquí veñen cun discurso imposto e, diga o que diga vostede, sempre vai ser a mesma cantilena.

Seguen sen escoitar, e vostede dicía que falen cos veciños do Carballiño. Eu xa lles dixen máis veces que teñen que falar con todos, non soamente cos deles, senón con todos. Un non ten que falar soamente co que lle baila a auga, hai que escoitar a todo o pobo galego.



Señor Torrado, vostede dicía que o xoves hai Comisión de Sanidade, pero o mércores é o Día da Violencia de Xénero e vostede non sei se leu a orde do día, pero vén comparecer a secretaria xeral de Igualdade. Entón, non se preocupe, que no outro aínda non está a orde do día. Este xoves vén a secretaria de Igualdade. (*Murmurios.*) E, mire, neste mesmo pleno —si, neste mesmo pleno— hai iniciativas de impulso sobre igualdade. Non sei cantas presentaron vostedes, pero, mire, imos seguir falando do que hoxe nos trae aquí. (*Murmurios.*)

Señor conselleiro, vostede falou de estabilidade na súa comparecencia, do que aquí se preguntaba. Recoñeceu que hai que tomar medidas para aumentar a estabilidade dos profesionais. E niso estamos todos de acordo, pero o discurso da oposición créame que era inasumible. Mire, na Comisión de Reactivación falou un comparecente que se queixaba, como a todos nos pasou cando empezamos na profesión, nos inicios, de que temos postos de traballo que, claro, non son estables, que imos dun sitio para outro. Iso sempre é así. Entón, a oposición dicíalle que isto había que resolvelo. Pero, claro, é moi difícil de resolver, porque no Sergas non pode haber estabilidade absoluta para todos os profesionais. Porque a xente que está fixa ten días de libre disposición, ten vacacións, algún día enferma e colle unha baixa. Entón, son servizos nos que sempre ten que haber un certo grao de inestabilidade, porque todos temos —e o persoal fixo tamén— dereitos laborais. E hai que cumprilos porque, se non, non sei como se van cubrir todas esas cousas, non sei que propostas ten a oposición. Eles queren soprar e sorber ao mesmo tempo. Dinlles aos fixos que teñen que aumentar os seus dereitos de días libres, pero dinlles aos eventuais que non pode ser que pasen anos cubrindo días libres. ¿En que quedamos? ¿A quen lles menten, señores? ¿Aos fixos?, ¿aos eventuais?, ¿a todos?

Tamén escoitamos, en canto á Lei de saúde, que era unha chapuza xurídica. Iso está nos medios. Pero, miren, señores da oposición, a proposición de reforma da Lei de saúde que rexistrou o Grupo Popular nin limita ningún dereito nin é persecutoria nin invade ningunha liberdade, e nin moito menos é unha chapuza xurídica, como di a señora Pontón. Non vén máis que a dar unha solución á inseguridade xurídica na que vivimos. Se leron a Lei orgánica de medidas extraordinarias en materia de saúde pública, do ano 1986, di exactamente: «*Con el fin de controlar las enfermedades transmisibles, la autoridad sanitaria, además de realizar las acciones preventivas generales, podrá adoptar las medidas oportunas para el control de los enfermos, de las personas que estén o hayan estado en contacto con los mismos y del medio ambiente inmediato, así como las que se consideren necesarias en caso de riesgo de carácter transmisible.*» Di «as medidas oportunas e as que consideren necesarias». Con esta norma teñen que operar as comunidades autónomas e os tribunais, e o que se fai coa proposta é concretar cales son esas medidas oportunas e cales se consideran necesarias, fixar como se teñen que facer, definir cales dereitos teñen os cidadáns e que obriga teñen as administracións de tomarlas. O que fai é poñer garantías, poñer garantías.

O feito de que vostedes crean que non fai falta regulalo, despois de pasar meses dicindo, desde os concellos que gobernan, que non había un procedemento claro para sancionar, é sorprendente. Parece que están vostedes sempre do lado de quen vulnera as normas. Nós, desde logo, non.

Sabemos que vivimos momentos duros, momentos difíciles, tempos complicados que non recorda ninguén das nosas xeracións. Pero temos a confianza e a certeza de que temos un



Goberno que xestiona, que goberna e que pensa nos intereses de todos os galegos. E iso, conselleiro, dámos confianza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia polo señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, voulle insistir no plan de vacinación, e voulle insistir dende a lealdade. Volvo repetir que a Xunta de Galicia vén participando dende que se creou o grupo de traballo de vacinas —o 7 de setembro, para ser exactos—. Naquela reunión do Consello Interterritorial creouse ese grupo, e Galicia propuxo o seu técnico, que leva traballando dende entón.

O compromiso da Xunta de Galicia co Ministerio de Sanidade é que, ata que ese grupo presente o seu documento ao Consello Interterritorial, a Xunta de Galicia está esperando esa proposta do grupo técnico, grupo —fíxese que non digo nin sequera do Ministerio— formado por oito técnicos de vacinas de comunidades autónomas de todas as cores e tipos, profesionais de distintas áreas científicas, con algún apoio de matemáticos. E esas persoas están facendo un documento no que fan propostas de moitos aspectos, evidentemente.

Nós sabemos, porque non somos alleos ao debate, como están as cousas nas vacinas coñecidas, nos sistemas de transporte, nos viales que fan falta. En todo iso estase a traballar, señor Torrado, pero eu non lle vou contar aquí... *(O señor Torrado Quintela fai acenos desde o escano.)* Non, pero deixe que llo explique. Porque o Ministerio leva mañá pola tarde o documento do grupo de traballo, que eu en particular non coñezo porque creo que o grupo técnico ten que traballar con independencia e con criterio técnico. E, cando mañá nolo presente, pois eu poderei contarlle a vostede, e a quen vostede estime oportuno e a todos os membros desta Cámara, o plan.

Evidentemente, nós temos a nosa idea, por suposto, ¡faltaría máis!, e que a estas alturas descubrir que o sitio para vacinar é a atención primaria, pois é un pouco..., bueno, discutible, ¿non? *(Aplausos.)* Pero, en todo caso, como digo, ata que mañá pola tarde o Ministerio presente ese documento pois non imos opinar sobre el nin imos adiantar nada sobre ese documento —repítoo— porque non o coñecemos, señor Torrado. Eu non coñezo o documento, e creo que ningún conselleiro de sanidade de ningunha comunidade autónoma —ao mellor, algunha si— coñece o documento. Nós non o coñecemos e, polo tanto, de verdade, non pode dicirme que fale dun documento que non coñezo, señor Torrado. Non coñezo o documento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Repito que non son alleo, nin somos alleos na Consellería, ao debate deste documento.



Ben, respecto do tema dos diagnosticados e dos casos positivos, lamento se a miña intervención lle pareceu mal. Nada máis lonxe da miña intención. O que si é certo é que, para manter non digo coherencia pero si unha homoxeneidade nos datos, xa que o informe diario do Ministerio fala de casos activos, o máis doado é falar todos do mesmo. Porque se nós empezamos a falar de activos, de positivos, dos que entran e dos que saen, nin nos imos entender nós nin o vai entender a cidadanía.

En todo caso, teño que dicirlle, señor Torrado, que, nas máis de oitenta videoconferencias que tivemos neste período cos concellos que teñen algún tipo de restrición —e veñen xa dende antes—, se dan estes detalles. Dáse a información que cada alcalde pide, ou que cada concelleiro pide, sen ningún problema. E explícase o que hai que explicar. Non temos ningún problema nese sentido.

Respecto da presencialidade, volvo insistir en que eu non falei en ningún momento dun dato diferente de presencialidade dos médicos de atención primaria. Dicimos que os médicos de primaria están no 25 % ou 30 %. Parécennos ben dúas cousas. Unha é que sexa o médico de familia o que determine, cando recibe a chamada do paciente, se ten que ver o paciente en presencial ou non. Ten criterio e ferramentas dabondo para facelo. Estamos traballando para que teña máis ferramentas aínda e que poida dedicar máis tempo se o precisa. E estamos dicindo que hai outras categorías que están noutros valores, lóxicamente; como, por exemplo, a enfermaría. Non podo dicirlle máis, señor Torrado, que isto.

Sobre a estabilidade no emprego, eu creo que comentei varios aspectos relacionados coa estabilidade —e, de paso, pois contéstolle á señora Prado—. Eu falei de 750 contratos de enfermaría, que, efectivamente, poden acabar mañá ou pasado pero que, en lugar de contratalos por un mes, por quince días —como viñamos facendo por distintas circunstancias, e que tamén apuntou moi ben a doutora Amigo sobre o motivo polo que o facemos—, pois temos plantexado poder facer moitos deles por seis meses —e por un ano tamén nunha porcentaxe importante—. Ao mellor iso non lle parece estabilidade, pero nós cremos que si, que é estabilidade. E ademais dixen que non só en enfermaría, senón que había un número importante de contratos noutras categorías, como en auxiliares, celadores, PSX ou microbiólogos, por exemplo.

Si que queremos avanzar na estabilidade. Tamén anunciei un plan de ordenación de recursos humanos que vai recoller, por suposto, estas tendencias. Tamén, por suposto, levamos xa un tempo cos contratos de continuidade, tanto no ámbito de médico de familia como de enfermaría, nos que queremos seguir avanzando. Recordo que o contrato de continuidade é un contrato de entre un e tres anos para os médicos de familia. Se iso non é estabilidade, pois non sei...

E a estabilidade, ademais, señor Torrado, tamén pasa polo que a vostede non lle gusta que lle recorde. Pero pasa por poder sacar as prazas vacantes que non nos deixan sacar. Se puidésemos sacalas, estaríamos falando de máis de tres mil prazas. Ben, pois iso si que ao mellor sería estabilidade, ¿verdade? Pero, en todo caso, seguiremos traballando para iso.

Si teño que dicir, señor Torrado, que vostede nunca criticou as medidas. Iso tamén é certo. Vostede nunca criticou as medidas que tomamos. Nalgún caso podemos explicalas, pero



nunca as criticou. Non é o mesmo en todos os membros do seu partido. Temos algún membro do seu partido que sistematicamente critica as medidas. E aí está. Supoño que vostede llo vai trasladar. (*Murmurios.*)

Señora Prado, sobre os datos, eu teño, de verdade, que insistir. Quen ten que ter o datos, fundamentalmente, son os profesionais. E o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Saúde e a Xunta de Galicia púxolles eses datos na man aos profesionais dende o minuto un. Dende a xerencia de Vigo —e todos os xerentes— remitiamos os datos a todo o mundo que os necesitaba.

Igual non lles serve, pero todos os comités clínicos que facemos, a maior parte deles, van seguidos dunha rolda de prensa, na que informamos a toda a cidadanía, a toda a cidadanía, dos motivos que nos levan a tomar as decisións. A Dirección Xeral de Saúde Pública informa polo miúdo da situación epidemiolóxica de cada concello onde se toman as medidas, e incluso nos que non se toman. Porque avisamos tamén a aqueles concellos onde estamos vendo algún parámetro que escapa do que nos gustaría. Díciámoslle cal é a situación e, ademais, non soamente iso, senón que imos facer cribados a eses pobos, falamos cos médicos de familia e traballamos con eles. Repito que teñen toda a información precisa, pero tamén digo que, se non é suficiente, por suposto que estamos á súa disposición para aclararlles os datos que precisen. ¡Faltaría máis! Hoxe mesmo temos reunión do Comité Clínico, e repito que, despois das decisións que se tome no Comité, por suposto que ningún problema en explicalas.

Respecto do convenio das fundacións, señora Prado, efectivamente, o outro día, na visita do ministro Illa a Vigo, algúns dos investigadores reclamaron esa convocatoria. Xa o tiñamos falado previamente con eles, e estase falando. Será en canto sexa posible. Non hai ningunha intención despois dos anos que levan estes investigadores sen ningún tipo de convenio, incluídos outros anos nos que non gobernou o Partido Popular e non se fixo convenio. A vontade é facer un convenio para as fundacións e que as condicións laborais e retributivas destes traballadores sexan mellores. Esa é unha vontade firme. E do único do que se está pendente é de fixar a data para seguir con esas reunións —que, por certo, se fixeron incluso durante a pandemia—.

Falaba eu deses 750 contratos de continuidade para enfermaría de seis meses, e de 150 dun ano. E falaba vostede do Plan de atención primaria, de que quedou nun caixón. Bueno, pois a realidade é que das accións do Plan de atención primaria, que contemplaba —como vostedes recordarán— accións a curto e a medio prazo, pois o 99 % das de curto prazo xa están rematadas ou en marcha. Creáronse as direccións de atención primaria en cada área. Na OPE do 2019 convocáronse máis de 250 prazas de medicina de familia, 93 de pediatría, 30 de enfermaría especialista en familia e 18 de enfermaría pediátrica. Dotáronse as prazas de nova creación comprometidas. Incrementáronse as prazas de formación de especialistas en medicina familiar e pediatría. Implantouse Telea no cen por cento dos centros de saúde —que era unha das medidas a curto prazo—. Habilitouse a interconsulta entre atención primaria e hospitalaria bidireccional para todas as categorías profesionais. E repúxose o material de diagnóstico e mobiliario dos centros de saúde —o importe total licitado para equipamento sanitario e mobiliario xeral ascendeu a 8.581.000 euros—.



Por suposto, séguese a traballar nas medidas que estaban previstas a medio e logo prazo, que son esas transformacións máis organizativas que me comprometín a implantar na miña primeira intervención. E seguiremos traballando con ese documento do plan vertebrador de atención primaria.

Para finalizar, quixera deixar claro aquí que todo o dito non van ser palabras que leve o vento. Como saben, a Estratexia Sergas vixente vence este ano; e o Plan galego de atención primaria, no ano que está a piques de comezar. En consecuencia, a Consellería de Sanidade debe dotarse dun novo documento reitor.

Unha das cousas que nos ensinou a pandemia é que, ante os grandes retos da saúde, os distintos eidos deben traballar cos mesmos obxectivos, dende a saúde pública á asistencia sanitaria e á investigación. Por iso proporemos unha estratexia de saúde integral que fixe prioridades sanitarias, medios para abordalas e resultados en saúde para avalialas. Nesa estratexia para o escenario postcovid integraremos as liñas aquí esbozadas e identificaremos con maior detalle as patoloxías ou problemas de saúde sobre as que actuaremos con máis intensidade.

Por suposto, unha vez elaborado este texto volverei solicitar a miña comparecencia nesta Cámara para escoitar con atención as súas achegas, tal e como fixen hoxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.15.

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto 3º, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de Seguimento de Contactos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Continuamos nós o debate de sanidade e plantexamos unha moción hoxe sobre a información. A verdade é que é interesante, porque eu reflexionei despois da comparecencia do con-



selleiro —e chamo á reflexión— sobre o que plantexou. Tiña sentido pensar só unha cousa, e lembrei unha cousa que dixo hoxe aquí o conselleiro pola mañá. Eu reprocheille que non falara do plan de vacinación en ningún momento, e dixo o conselleiro que falar do plan de vacinación sería ser un desleal. Reflexionei sobre iso e descubrín que no mesmo momento que el dicía iso estaba o señor Feijóo na Estrada falando do plan de vacinación. (*Aplausos.*) ¡Para que logo digan que non compartimos nada! O Partido Socialista comparte co conselleiro de Sanidade que o señor Feijóo é un desleal. Agardamos que a sinceridade do conselleiro de Sanidade non lle cause máis problemas.

Tamén compartimos que andar dicindo números sobre rastrexadores é impreciso. Pero sobre isto imos falar, e tamén temos oportunidade de votar hoxe sobre se queremos saber cantos hai ou cantos non hai.

En definitiva, nós plantexamos unha moción sobre a información despois desta lúgubre e sinistra pero clarificadora expresión do que é a lealdade e o seu exemplo práctico no debate paralelo que tiveron o conselleiro de Sanidade e o señor Feijóo esta mañá, e plantexamos dende o Grupo Socialista unha proposta que ten que ver... Digo unha proposta porque á mañá tamén incidiron en que non presentabamos propostas. Non sei que nos contaron dunha orde do día que estaba... —lémbrolles que o xoves, na Comisión 5,^a o PP non trouxo nada de sanidade, e neste pleno tampouco, para saber quen trae propostas de sanidade—. Nós facemos unha proposta sobre a claridade na información. ¿Por que? Pois, en primeiro lugar, porque a incerteza na información xera normalmente moitos problemas e xera bastante inquietude, especialmente nos xestores públicos, que teñen ás veces dificultades —pensaba neste caso nos concellos— porque teñen que executar, teñen que poñer en marcha medidas normalmente de contención, normalmente de restrición de mobilidade en moitos casos, con medios propios, e moitas veces non teñen de todo; medidas que veñen ditaminadas por un goberno —xa que alguén se queixaba á mañá de que non lle pasaban información— e medidas das que os alcaldes se enteran cando están dándose pola CRTVG en comparecencias de *Aló presidente*. Entón, cando sae o presidente e as conta pola TVG, os alcaldes entéranse do que teñen que facer.

Nós o que plantexamos é que a información é posible, é interesante, e que é mellor compartir; non necesariamente todas as decisións antes de que se tomen, iso non ten sentido, pero si os criterios en función dos que se van tomar. ¿Quen decide os criterios? Neste caso temos técnicos, temos comités. Nós aí sempre dixemos que apoiamos as decisións que tomen o Comité e o Goberno neste sentido, pero polo menos cremos que é importante saber os criterios.

Os criterios son importantes porque saberemos en función de que se toman, e, se non, estaremos sempre a expensas de interpretar ben, por suposto —porque hai que interpretar sempre ben todas as grandes bondades deste goberno—, e de que pasen cousas como que, por certo, seguimos sen saber explicar por que hai concellos que, tendo o duplo ou o triplo de contaxios por habitante, non teñen ningunha limitación e outros concellos do lado, xusto limítrofes, que teñen a metade ou tres veces menos contaxios teñen limitacións. E non esqueceremos, de verdade, lembrar que as alcaldías teñen apoios políticos distintos. Ía mencionar Ourense, pero como xa non sabemos que pensa o PP de Ourense, entón, xa aí non me vou meter.



En todo caso, nós si compartimos que é necesario ter criterios e que os criterios deben de ser públicos. O nivel dos criterios, o rango nos criterios, cales se utilizan e cales non son decisións técnicas, pero compartilos é unha decisión política, e non compartilos tamén é unha decisión política. Non compartir, ocultar e agochar tamén é unha decisión política.

Dixo hoxe o señor Feijóo —nesa comparecencia na que o conselleiro acabou por cualificalo indirectamente de desleal— que quen agocha algunha información é porque non sabe que información ten. Creo que é literal; pode ser matizable, pero creo que é literal. Compartimos iso tamén co señor Feijóo —non digan que non compartimos cousas—. Entón, nós preguntámonos cantos rastrexadores hai en Galicia. Tamén o plantexamos nesta iniciativa. Preguntámonos por unha cuestión esencial, porque se fora unha función ou unha profesión, un persoal que non tivera nada que ver na situación na que vivimos, pois, en fin, pasaría isto como unha pequena brincadeira, pero como broma xa non ten nada de graza.

Nós o que plantexamos é que necesitamos saber que ocorre coa contratación, que ocorre coas funcións e que ocorre co persoal que traballa para frear a pandemia. ¿Por que? Pois basicamente porque se non temos rastrexadores, temos un problema; se temos de máis, tamén teremos un problema de falta de coordinación; e se temos hoxe un número, mañá outro e, ao final, o número depende do que diga alguén na Televisión de Galicia, tampouco temos moito criterio.

Nós cremos que é importante saber varias cousas, pero, en primeiro lugar, hai un volume de persoal contratado na chamada Central de Seguimento de Contactos. Si. Hai unha empresa contratada para que esa empresa delimite cantos, como e en que condicións. Creamos que ocultar o que está pasando significa que alguén ten algo que esconder. Tamén o di o señor Feijóo. E, por tanto, nós o que preguntamos é: ¿cantas persoas contratou a Xunta de Galicia para traballar na Central de Seguimento de Contactos que hai en Bergondo? Sabemos que llos contratou a unha empresa determinada e sabemos que esa empresa ten algúns vínculos. Pero non estamos preguntando por iso, estamos preguntando cantos son. ¿Cantos? Porque a propiedade da información non existe; non se pode decidir que información comparto e que información non. Iso non existe. Nunha concepción do poder blasfema case, podería ser, pero é que non estamos niso, ou non deberamos.

Por tanto, nós plantexamos isto. Pedimos nesta moción, entre outras cousas, un informe que se facilite a este Parlamento e que diga cantas persoas ten a Xunta de Galicia contratadas, cantas tivo e se ten unha previsión de, se pode variar o volume, en función de que.

Tamén preguntamos polos contratos. ¿Como estamos pagando a ese persoal? ¿En que condicións laborais está? Estarán cun salario digno, con condicións laborais decentes para que poidan exercer ben o seu traballo, porque do seu traballo depende a saúde de todos. Vivimos unha pandemia complicada, aínda que o conselleiro hoxe falase doutras cousas na comparecencia, pero vivimos unha situación complicada sanitariamente, e plantexamos iso.

Plantexamos tamén que a información que ofrece a Xunta é confusa á vontade; é confusa, como dixemos, na cuestión de non compartir os criterios para provocar que existan concellos con precisións distintas dificilmente explicables, pero tamén é certo que se comparten datos



confusos á vontade. Hoxe pola mañá explicabamos a diferenza entre casos activos e positivos, con reproche do conselleiro sobre que estabamos confundindo e non nos enterabamos. Como xa o expliquei antes, non vou incidir moito niso, pero non é o mesmo un caso activo que un positivo. Se tres persoas curan e cinco se contaxian, aumenta en dous o número de casos activos, pero contaxiáronse cinco. E non podemos dicir que é o mesmo dous que cinco. Ben, nos orzamentos si, porque onde se poñen 2 aparecen 7, onde se poñen 14 anúncianse 26, pero non son o mesmo dúas persoas que cinco. E, por tanto, o que nós plantexamos é que non podemos confundir uns casos con outros nin podemos dicir que se toman decisións con base nun criterio e utilizar outro, que é o que está pasando.

Plantexamos tamén unha idea que cremos interesante, que nos trasladan moitos investigadores, matemáticos, algún epidemiólogo e investigadores do ámbito biosanitario, que é que os datos sexan abertos —abertos en termos de que se poidan utilizar, reutilizar—, e que todos os datos que sexan do histórico se poidan aproveitar. Tamén periodistas o comparten e habitualmente afirman que isto podería ser útil. ¿Para que? Para facer estudos lonxitudinais, para facer estudos comparativos ou para permitir analizar a evolución da pandemia. Se cadra, é posible que existan investigadores, xente do coñecemento, xente do ámbito clínico ou xente do ámbito académico que poida aportar bastante se ten os datos. ¿Por que Galicia non abre os seus datos? ¿Por que os datos unicamente se facilitan de maneira case analóxica e non se comparten? É unha das poucas —pouquiñas— comunidades autónomas de España que o fai, porque parece que existe unha sensación de propiedade sobre a información, e a información o Goberno ten a responsabilidade de xestionala, pero non é propietario dela. E, por tanto, nós o que defendemos é que a información se comparta.

Estas son as cuestións que plantexamos: datos abertos, compartir ou publicitar os criterios, ter información diferenciada e clarificada dos datos e ter un informe sobre o volume de persoal que existe na Central de Seguimento de Contactos.

Son cuestións de información. Estamos seguros de que pode haber discrepancia e de que pode haber incluso algunha idea nova, boa, que aporte algo e que poida construír máis sobre esta moción. O que plantexamos é que existe unha manipulación torticeira da información para vender un relato; si, para vender un relato, para promocionar o máis listo da clase. Pero nós o que dicimos é que esa información debe de ser compartida e debe de ser pública, porque, se non, teremos que preguntarnos que é o que esconden, non vaia ser que chegue o momento en que descubramos que nada do que están contando é certo, e nós cremos que iso non pode ser. Por tanto, cremos que é moito máis útil compartir información.

Polo de agora máis nada, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.



A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

O pasado martes foi o aniversario do SARS-CoV-2, un virus que leva con nós máis de nove meses de dificultosa convivencia, e máis unha vez vimos a esta tribuna a demandar cousas elementais, que xa empezan a cruzar a barreira do meramente tolerable e que puideron ser aceptables na primavera, pero que non o son agora. Auga pasada non move muiño, pero incluso poderíamos valorar nalgún momento se realmente era aceptable na primavera negar a información.

O pobo que non coñece a súa historia está condenado a repetila e sabemos ben de enfermidades que se agocharon, de datos de infección que non se daban, de ocos nas historias clínicas, e sabemos ben que non comunicar as cousas con claridade acabou por crear un gran monstro cheo de tabús e de rexeitamento durante as décadas dos oitenta, e sobre todo dos noventa. Negar a realidade e barrer os datos debaixo dunha tupida alfombra no fai que esa realidade desapareza; precisamos información epidemiolóxica concreta e veraz.

Nunha época como a actual resulta imprescindible a coordinación entre as diferentes estruturas para que todo o sistema poida traballar na mesma dirección, e para que esta coordinación exista a canle de información ten que estar totalmente operativa. A información ten que ser accesible, xa non só por ser un dereito da poboación, senón porque tamén ten a importancia a nivel organizativo entre as diferentes administracións, nomeadamente na Administración local.

Levamos tempo e tempo insistindo, é certo, e habemos de seguir insistindo polo visto: ten que estar dispoñible a serie de casos, desglosada por concellos, e incluso atendendo a outras variables de interese, como pode ser a franxa de idade. Non poden seguir amparándose, como xa o fixeron algunha vez, na idea totalmente falaz de que é perigoso proporcionar información, porque o que é realmente perigoso é seguir actuando a estas alturas coma se nada pasase. *(Aplausos.)*

Negáronse a dar datos alegando que se pon en risco a intimidade das contaxiadas, cousa que, ademais de ser falsa, non deixa de ser un xeito de infantilizar toda a poboación. É preciso ter a maior información posible, tela ben explicada, dun xeito conciso e claro; sen alentar o morbo, evidentemente, pero tamén sen que queden espazos para a especulación.

Mencionaba agora o señor Torrado casos de concellos limítrofes. Pois, por exemplo, está o caso do concello do Pino e do concello de Arzúa, que están limítrofes. As veciñas non entenden por que unhas están afectadas por un peche perimetral e outras non, cando a información que poden atopar na web é a mesma para os dous concellos: o número de novos casos diagnosticados está entre 1 e 9 e a incidencia acumulada é maior de 50 e menor ou igual a 150. Non pode ser que a única explicación que reciban estas veciñas sexa practicamente equiparable a un mandato divino ou a unha lei universal da natureza. *(Aplausos.)*

E cando falamos de datos, non falamos só de número de contaxiadas, tamén falamos do número de probas realizadas en cada concello e do tipo de proba que se realiza, porque non é o mesmo unha PCR que un test serolóxico ou que un test de antíxenos; non ten a mesma repercusión clínica, e é necesario saber por que se fai unha e por que se fai a outra.



Mencionei antes que a actitude que existe é totalmente infantilizadora e paternalista, e dígoo porque o que está facendo con esta política da información é tratar a poboación como crianzas, como nenas de teta, como nenas que non son capaces de entender a situación e que, polo tanto, só poden acatar ordes e obedecer. E como contraste a esta situación que temos aquí no noso país, está a doutros lugares onde esta información se proporciona; incluso se chegan a proporcionar datos de cantos pacientes son sospeitosos por concello, e non pasa nada, nin aumentou o índice de criminalidade, nin se perseguen entre as veciñas.

Volvo insistir no que comentei antes: a información ten que ser clara e ten que ser accesible. De nada vale subir protocolos a unha páxina web e deixalos aí aparcados. De nada vale publicar un protocolo ás sete menos cuarto da tarde dun xoves coa idea de que comece a funcionar na seguinte semana. De nada vale que as profesionais teñan sete protocolos diferentes con sutís matices entre cada un deles, adaptados cada un a unha casuística poboacional moi concreta. De nada vale ter protocolos que están pouco unificados e pouco harmónicos que deixen aberta unha fenda á interpretación persoal, porque deixan de ser fiables. E, por descontado, de nada vale publicar un protocolo ideal que se afasta da realidade material e de persoal dos centros, se non se acompaña ese protocolo doutras medidas.

Non pode ser que os instrumentos de consulta cos que teñen que traballar as nosas profesionais caian, precisamente, polo lado contrario, por facer documentos abigarrados, extensos e pouco claros. As instrucións teñen que ser claras, teñen que ser sinxelas e áxiles e teñen realmente que axudar á toma de decisións; non teñen que ser cadros case barroco-rococó cun deseño enrevesado e que leva un tempo considerable descifrar, porque, de verdade, custa lelos.

A respecto da Central de Seguimento e do tema dos rastrexadores, lamento profundamente que haxa quen considere que isto é unha copla sen máis, que non pasa dunha ladaíña e que non sexa quen de ver de onde vén a motivación da pregunta. É imprescindible saber cantos rastrexadores son e cal é a súa función; saber se eses 20, se eses 6.000 ou se eses 700 son persoas contratadas para este labor ou se se está contando no cómputo con todas as traballadoras de atención primaria; saber que tipo de información reciben, e saber con que medios están a contar, porque o labor de rastrexo é un labor que, sen ter unha grandísima especificidade técnica, si que require de tempo e dedicación, e nos seguimentos hai que saber orientar as dúbidas que poida ter cada unha das persoas que están illadas.

En cambio, no día de hoxe, a Central de Seguimento que temos non deixa de ser unha figura semidivina, un ente abstracto que está aí posto nalgún lugar, que non se sabe moi ben quen é nin que aspecto ten e que non sabemos moi ben o que fai. Deducimos que, sendo a Central de Seguimento, fai seguimentos, pero ao mesmo tempo é a quen nos encomendamos totalmente para controlar a pandemia. As profesionais poden dirixirse a ela, pero diríxense como quen reza unhas preces que rara vez teñen contestación. Hai unha conta de correo, é certo, pero as profesionais non saben nin con quen están a falar, nin en moitos casos se obtén resposta por parte da central. É un ente, ademais, que é moi susceptible de ser mellorado.

O control dos contactos debera ser minucioso para evitar a expansión da infección e, no fondo, o que estamos vendo non é así. Hai pacientes aos que non se lles comunicou o resul-



tado da PCR. Incluso hai PCR solicitadas desde a central que, como teñen o resultado indeterminado —cuestión que non se contempla en ningún dos numerosos protocolos—, ningún máis as cita para indicarlles que teñen que facer outra proba, e quedan aí esperando ata que algunhas destas pacientes se aburren e piden cita coa súa médica de cabeceira. Hai seguimentos que non se fan, que non se fan dabondo. Incluso sucede en numerosas ocasións que os contactos que se notifican despois de detectar un positivo se citan para a primeira PCR unha semana ou incluso dez días máis tarde desde esta notificación, tempo que estamos sen saber se ese contacto é positivo ou non o é, polo tanto, sen saber se hai máis afectadas e se hai máis potenciais positivos ou non.

A información que debe proporcionar un goberno ten que ir máis alá das notas de prensa e das estatísticas bonitas. Non pode ser que consideren que a información é un activo para negociar, xestionándoa sen máis ao seu gusto e sen atender a outros criterios. A información ten que ser coñecida, ten que ser accesible, e toda, toda a poboación, ten que ter acceso a ela, e máis, se cabe, nun tempo de crise.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señor Torrado, non me diga, porque me desilusionaría, que se vai sumar vostede ao carro do señor Tomé, o alcalde de Monforte, presidente da Deputación de Lugo, que di que as medidas restritivas que se toman nos concellos son en función das cores do mapa dos concellos. Paréceme que vostede, que ten coñecemento sanitario, non pode subir ao carro de desprestixiar desa maneira os membros do comité... ¿Non me escoita? ¿Si? Díciálle que me parece mentira que vostede diga que estes criterios que toma o Comité Clínico os toma en función das cores do mapa —acaba de dicilo agora mesmo—; que me parece mentira que vostede se una ao carro de desprestixiar eses magníficos profesionais que ten o Comité Clínico.

Vostede tamén sabe que o señor Feijóo esta mañá —o presidente Feijóo— non foi desleal con ninguén. O único que criticou foi a falta de información e de comunicación sobre o plan de vacinación e sobre as formas tan curiosas que ten este Goberno central. Lamentou esas formas porque non comunicou nada ás comunidades autónomas, e o mesmo dixo o señor Urkullu no País Vasco. E tamén dixo que os políticos non vacinan, que os que vacinan son o persoal de atención primaria, os médicos de familia e as enfermeiras.

Pois ben, centrándonos xa no tema, no tema da información, no tema da falta de transparencia, eu tampouco creo que vostede vaia por un camiño adecuado. Creo que se equivoca.



Acusou a Xunta de querer ocultar os datos do informe de seroprevalencia, cando, nada máis pedilos, se enviaron sen ningún problema a este Parlamento.

É sorprendente, de verdade, que se critique a falta de transparencia da Xunta sobre a pandemia dende o Partido Socialista, ¡é sorprendente! Un goberno socialista que pechou o trámite das solicitudes de información do Portal de Transparencia durante o estado de alarma —a Xunta nunca o fixo—; un goberno socialista que se negou durante meses a dar os datos dos provedores aos que se lles adquiría material sanitario —en Galicia estiveron na web do coronavirus da Xunta á disposición de todo o mundo—; e un goberno socialista que segue a negarse a dar a información da que dispón sobre os datos da incidencia da covid nas residencias de maiores en toda España, cando Galicia publica detalladamente os seus.

Efectivamente, Galicia tamén publica na páxina web todos os días os datos de evolución da pandemia. Os datos de hoxe —ténnoos aquí, saqueinos hoxe (*A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez mostra uns documentos.*); estes son os datos que se publican na web, téñoos aquí— son: os casos activos de hoxe, desglosados por áreas sanitarias, a situación dos pacientes positivos, o número total de persoas curadas, de falecidos, de contaxiados, o número de persoas que están na UCI, o número de persoas hospitalizadas en unidades de hospitalización, no seu domicilio, os casos confirmados por PCR nas últimas 24 horas... Publícanse tamén os mapas de afectación por concellos, o que vostede dicía que se podía mellorar. Pois é certo que se melloraron. Dicía o conselleiro no pleno pasado que se incluíría o número novo de casos por probas diagnósticas de infección activa e o seu rango de incidencia acumulado. E aquí o ten. (*A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez ensina un documento.*) Xa está publicado. E tamén se permite a descarga de formato en aberto de todos os apartados. Vostede teno aquí, que iso é o que pide no primeiro punto da moción.

Criticou vostede tamén que os mapas sobre os niveis de incidencia que se ofrecían aos concellos e á poboación non permiten predicir con exactitude a toma de medidas restritivas, porque a Xunta considera outros datos, algo que é certo e que segue pasando con estes mapas. E isto explicase moi fácil: é porque a Xunta toma as decisións estudando moitos factores e circunstancias concretas en cada caso. Se nós puidésemos introducir nun mapa o número de contaxiados, por exemplo, e que nos sinalase automaticamente os concellos onde hai que tomar restricións, pois xa non se necesitaría o Comité Clínico para nada; estaría automatizado, sobraría o Comité Clínico.

En Galicia as decisións non se toman con regras de tres sinxelas, tómanse tendo en conta moitísimos máis factores e considerando indicadores que non son secretos; indicadores que os membros deste Comité Clínico nos dan. Ás veces entrevistáanos nos medios. O mesmo domingo un dos membros do Comité Clínico falaba destes indicadores sen ningún tipo de problema, da incidencia acumulada a sete ou catorce días, das taxas de reprodución do virus, das taxas de persoas maiores de 65 anos, da porcentaxe de PCR positivas, dos circuitos de urxencias, etc., etc. Non son indicadores secretos, son coñecidos polo persoal sanitario que traballa con eles. E a nós parécenos correcto que en Galicia se tomen as decisións tendo en conta estes indicadores que avalían as xefaturas territoriais, os servizos de medicina preventiva, as xerencias de área sanitaria, etc. E a xulgar por como van as medidas —falaba o conselleiro do caso do Carballiño— parece que para vostedes non son tampouco acertadas.



Tamén, tal e como imos en Galicia —que xunto con Canarias somos as comunidades autónomas que mellor imos— parece que as decisións que se toman van funcionando.

Vostedes son sempre os campións da transparencia cando están na oposición, e exixen coñecer pormenorizadamente a información, pero cando gobernan parece que non teñen vostedes o mesmo criterio, polo menos isto é o que di o presidente de Reporteiros sen Fronteiras Pierre Haski, que pon de relevo no informe presentado por esta organización a preocupación pola falta transparencia en España sobre a comunicación da pandemia da covid-19, onde nin se coñece con exactitude o número de mortos. Noticia do 19 de novembro pasado.

En Galicia esta cifra, desgraciadamente, publícase todos os días na páxina web —oxalá que esta cifra sexa cero pronto—. Pero, segundo vostedes, o Goberno galego non informa. Non. O que liamos a semana pasada nun xornal de tirada nacional era: «*Transparencia afea a Sanidade su opacidad durante la pandemia*». «*El Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, creado en 2015 afea a Sanidade que esté dificultando la adecuada protección y garantía del derecho constitucional a acceder a la información pública*». Noticia de *El país*. E non quero falar de novo da contestación de requirimento do Consello de Transparencia, recoñecendo que non existía ningún comité de expertos. Aquí si que hai esas reunións onde se toman as decisións.

Respecto do informe da Central de Seguimento de Contactos, dígolle que a central o que fai é axudar o persoal sanitario nunhas tarefas novas e específicas derivadas dunha pandemia que todos esperamos que sexan temporais, e, por iso, precisamente, a súa plantilla varía dependendo das necesidades e de como van evolucionando os indicadores epidemiolóxicos. O centro funciona sempre baixo a supervisión dos técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública, que son os profesionais de referencia para formar as persoas, que o que fan son tarefas —como falamos moitas veces— burocráticas, tarefas de enquisa, de chamadas, de seguimento ou de control das corentenas.

O que é difícil é aclararse, señor Torrado, coa postura do PSdeG. A dirección do PSdeG vai por un lado, os cargos provinciais van por outro e as persoas que están nos concellos por outro. O 19 de outubro o presidente da FEMP, o alcalde de Vigo, dicía sobre a Xunta —e cito literalmente—: «*Que non se invente pantomimas de que alguien le pide nombres y apellidos*».

Pouco antes, a alcaldesa socialista de Meis —aquí o ten— (*A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez mostra un documento.*) publicaba un bando no que di textualmente: «Tendo en conta a proliferación de contaxios da covid-19 na nosa área de influencia e a falta de comunicación oficial por parte das autoridades sanitarias, cómpre que aquelas persoas que se confinen ou se contaxien llo comuniquen ao concello.» Aí o deixo.

Efectivamente, non hai comunicación oficial de datos persoais, por parte do Sergas non hai comunicación nin as haberá, porque vostede sabe que as historias clínicas son confidenciais. É un dereito fundamental ademais, non é un tema de propiedade de información nin de falta de transparencia; é un tema de responsabilidade no uso desa información, e vostede creo que nisto está perfectamente de acordo comigo. Pero de aí a dicir que os alcaldes non teñen información vai un treito. Todas as semanas hai unha reunión informativa cos alcaldes dos concellos, co secretario xeral da consellería e o xerente de cada área sanitaria. Outra cousa



é que algún alcalde non se conecte a esta reunión; iso xa é unha elección de cadaquén. Ademais, nos concellos con restricións reciben diariamente un correo electrónico coa información do seu concello, diariamente, por correo electrónico, cos datos do seu concello.

A semana na que o venres se tomou a decisión de restrinxir a mobilidade das sete cidades galegas o conselleiro mantivo conversas cos alcaldes destas sete cidades. E cando se tomou a decisión o venres, ¿sabe o que dixo o señor Bugallo, que foi parlamentario, que estivo con nós neste hemiciclo? Pois dicía: non é unha decisión que nos sorprenda. O mesmo dixeron o alcalde de Vigo, as alcaldesas de Lugo e da Coruña, citando os datos que lles dera o conselleiro. E no mesmo día ¿sabe o que dixo o secretario xeral do PSdeG? Pois que a Xunta estaba improvisando. É rechamante —¿non?— que o secretario xeral dun partido considere unha improvisación aquilo sobre o que os seus alcaldes non están sorprendidos.

Polo tanto, señor Torrado...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...—xa remato, señor presidente—, cando vos tedes falan de falta de fluidez na información entre a Xunta e os alcaldes, quizais debería de reflexionar, porque a escasa fluidez de información quizás a teñen os alcaldes e a dirección do seu partido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Quero agradecer o que interpretei como un apoio do BNG á iniciativa, e compartimos a relevancia dos datos, e aí hai algunha cuestión que non comparto coa voceira do Partido Popular.

Non dixeron —de feito, creo que o expresei claramente— que queríamos pensar que as decisións se tomaran por cor política, non o queríamos pensar. Vostede xa me atacou porque se supón que eu dixeron que si. Mire, a vostedes non lles gusta o galego, voullo dicir en latín: *excusatio non petita, accusatio manifesta*. Vostede deféndese de algo do que eu non a acusei, pero está ben que se defenda porque entón xa o sabemos. Mire, cando alguén se defende, pois ten esas cousas e tal. En fin...

Eu o único que mencionei sobre as declaracións do señor Feijóo hoxe foi que dixo vostede que non dixo nada. Non dixo nada pero houbo notas de prensa sobre os seus disparos permanentes ao plan de vacinación; a favor non dixo nada do plan de vacinación. Non ten por



que estar a favor, non ten porque estar a favor, ¡faltaría máis! ¿Imos dicirlle nós...? Non, non. O que dicimos é que, mentres el opinaba en contra do plan de vacinación, o conselleiro dicía aquí que opinar do plan de vacinación era desleal. Iso é o único que dixemos. Dígoo porque, xa que falan das contradicións, en fin...

Compártense algúns datos. Nós nunca o negamos. O que nós dicimos é que hai que diferencialos, hai que dar os datos de positivos e os de casos activos, e hai que dar os criterios. Non dicimos que se teña que poñer a todo o mundo a participar sobre cales son. Non, non. Os criterios que teñen que ser —e explíqueino na intervención anterior, pero como sempre discuten sobre cousas que non dicimos...— están establecidos, e deben establecer quen ten que facelo, pero logo hai que compartilos e trasladalos; é dicir, imos tomar decisións en función destes criterios.

Os criterios pónenos os técnicos, as decisións tómanas os políticos, e aos concellos que van ter que executar polo menos que se lles informe. Isto é o que plantexamos. Pero non me vale que me diga, señora Rodríguez-Vispo: non, é que son coñecidos.

Mire, o outro día houbo unha entrevista nun medio de comunicación a un membro do comité clínico. Se levamos oito meses de pandemia. Pero ímonos fiar, porque o outro día entrevistaron. ¿E se ao periódico lle dá por non entrevistar ese profesional?, —digo— despois da entrevista do conselleiro. Si, se ten algunha información máis, tamén pode sacarme a entrevista do conselleiro, na que lle pedían información e dicía: «non, esa non lla vou dar»; se ten esa, tamén ma pode dar.

Polo tanto, nós o que plantexamos é que, se teñen información, que a faciliten, porque vostede me está compartindo unha información que está nas webs, pero nós o que lle dicimos é que, a maiores desa, hai información que é sobre a que se toman as decisións, que é a que os concellos queren. Se non se trata máis que diso, de que hai información que non se comparte, e os criterios non se comparten.

E ninguén plantexa que haxa que tomar outras decisións ou que haxa que ter outros criterios. O que dicimos é que aquela información que se vai ter en conta que se diga, porque logo —e non o dicimos por mal nin por discutir nada, nin por facer nin sequera partidismo— pasa que hai moita xente pasándoo mal, que hai moita xente sufrindo moito os peches dos negocios, e que a xente non entende o que pasa no concello de ao lado. E entón, o que dicimos é que, para traballar mellor, para ser capaces de que a poboación entenda ben as decisións, imos explicar en base a que criterios.

E iso é o que plantexamos. E o problema co que topamos é que vostedes teñen unha sensación de propiedade sobre a información. Séntense máis guapos, máis altos, máis listos, máis intelixentes, máis poderosos por ter información e non compartila. E iso nós non o compartimos. Non cremos que deba facerse así, e é o que trasladamos, é iso o que trasladamos.

Se quere, tamén compartimos o que opinan os periodistas sobre o Goberno galego, cando vostede fala do que di un periodista, que probablemente ninguén máis saiba —e vostede mañá non se acordará quen é o periodista que dixo tal cousa—, e se o dixo ten razón, e se o



Goberno de España fai algo mal, faino mal. Pero ¿quere que compartamos tamén o que din os periodistas sobre a manipulación que sofren con respecto ao Goberno galego? ¿Os da CRTVG tamén? ¿Quere que falemos diso tamén? Vostede citou aquí un periodista noruegués, sueco ou o que sexa, pero hai periodistas de aquí, de Teo, de Arzúa, de Melide, da Coruña, de Ribadeo, da Guarda, que din que este é un goberno manipulador. ¿Quere tamén que falemos diso? Podemos, pero non se trata diso.

E, por último, sobre o persoal da central de Bergondo. Vostede dixo na última comisión, señora Rodríguez-Vispo —creo que con toda a razón—, que o labor de rastrexo, no que participan moitos profesionais, era un labor que non se lles podía sobrecargar aos médicos de primaria, porque, cando se fai con intensidade, leva un tempo, e teñen un traballo xa intenso e non o poden facer; e, por tanto, vostede asumiu e dixo que os médicos de primaria non poden facer todas os labores de rastrexo.

Ben, é o que levamos dicindo nós moito tempo, e entón preguntamos, ao fío diso: xa que eles non poden facer todo, ¿quen demoños está facendo agora o rastrexo? ¿Cantos son? E se a Xunta ten contratado unha empresa cun número de rastrexadores nunha central, en Bergondo, unha empresa que se chama Konecta, que ten conexións co presidente Feijóo, que-remos saber cantos, como, canto diñeiro e ata cando. E iso é o que queremos saber.

E, trasladando unha cousa sobre iso, unha: vostedes poden crer que son os máis listos e non o comparten, pero temos dereito a esa información. Aínda que o artigo 9 deste parlamento non funcione, aínda que o Goberno non responda a preguntas e a este parlamento non lle diga nada, temos dereito a esa información. Poderán manipular e sentirse moi listos se non a comparten, pero sabemos todos o que é iso. E, se están ocultando algo, algo están ocultando por algunha razón, e iso é o que trasladamos.

Se vostedes se senten contentos coa información, está ben. Nós cremos que fai falta máis, e non somos os únicos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda que formula o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 5329 (11/MOC-000011).

Emenda de adición.



Engadir un novo punto co seguinte texto:

«7. Intervir todas as residencias de maiores e centros de discapacidade privados para avaliar a implementación dos protocolos COVID-19, así como a adecuación dos cadros de persoal ás necesidades sanitarias e asistenciais das persoas usuarias e adoptar as medidas que sexan pertinentes para garantir as condicións óptimas na atención das persoas residentes e traballadoras.»)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, para defender a moción, a señora Marina Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

O pasado pleno tivemos a oportunidade de interpelar a conselleira de Política Social en canto a situacións que estamos a vivir en Galicia, en canto aos centros de atención residencial e a covid. Fixemos unha serie de propostas por parte do noso grupo, en resposta ao que agora mesmo está a demandar a propia cidadanía e os propios especialistas na materia de atención residencial en Galicia.

A cidadanía está solicitando que, nun momento como este, os representantes políticos cheguemos a acordos e fagamos unha representación propositiva con solucións que poidan mellorar do xeito máis inmediato a vida dos galegos e das galegas e, sobre todo, dos nosos maiores, levando a cabo un balance sobre o que aínda estamos inmersos en canto á situación das residencias de maiores. E o certo é que, con máis medios, máis recursos á nosa disposición, temos unha situación aínda máis preocupante se cabe que na primeira onda da pandemia.

O contexto hoxe é totalmente distinto ao de marzo. Existen medios de protección e unha capacidade de testar que entón non tiñamos, pero o certo é que os contaxios abruptos e masivos no contexto residencial acontecen demasiado. ¿Como é posible chegar a que nun centro aparezan de golpe máis de cen positivos, como sucedeu, por exemplo, en tantas como O Pereiro de Aguiar ou, por exemplo, máis recentemente, en Mos?

Por todo iso, dende o noso grupo levamos tempo trasladando unha serie de propostas para ter en consideración nun momento crítico, no momento máis crítico que están a vivir os nosos maiores en Galicia, como neste caso motivado pola pandemia da covid. Aspectos claves e que xa deberamos de ter aprendidos na primeira onda da pandemia, como son: tempos de reacción, vitais nestes momentos. Coordinación sociosanitaria; ¿onde está?; temos unha nova dirección xeral; queremos saber que propostas exactamente temos sobre a mesa con esa incorporación da dirección sociosanitaria. Énfase no rastrexo e na atención primaria; din que nalgúns comunidades autónomas chegou tarde; o dubidoso é en Galicia se chegou, non chegou, en que medida; faltánnos datos, como comentaba agora o meu compañeiro Julio.

Debemos lembrar que o estado de alarma non desapodera as administracións competentes en servizos sociais, que son, foron e serán as comunidades autónomas. Protección laboral do persoal do sector de coidados aos maiores, que repercute directamente no benestar dos mesmos. Abordaxe integral dos coidados. Non esquezamos que servizos aos nosos maiores, como por exemplo a necesaria reformulación do servizo de axuda no fogar ou recortes na libranza da contorna familiar, repercuten no transvase de usuarios aos centros residencias.



A alternativa que se propón, non só por parte deste grupo parlamentario senón por parte de persoas expertas na materia, é a derivación de todos, todos e cada un dos positivos en covid, a centros intermedios, evacuando os mesmos do propio centro de atención residencial canto antes.

Ademais, esta medida permite que o resto dos residentes poidan levar unha vida o máis parecida á normalidade, o que é moi importante para manter non só a súa saúde física senón tamén mental e cognitiva. Trátase de levar a cabo unha xestión preventiva, que esa sexa a filosofía: a prevención.

En canto ao futuro dos coidados dos nosos maiores, debemos deixar de acoutar o novo modelo residencial como única opción e ter altura de miras, ir máis alá, reformular o novo modelo de coidados para os nosos maiores de xeito integral, na súa totalidade, non só no ámbito residencial, senón apostando por recursos que permitan vivir nas casas aos maiores que así poidan facelo e que queiran. E con iso temos que apostar polo impulso dos centros de día, polo impulso do servizo de axuda no fogar, polo impulso de reformulación tamén da libranza para coidados na contorna familiar, pola teleasistencia, o envellecemento activo como un conxunto dun todo, como medidas dentro dun programa integral de coidados para os nosos maiores. Temos que cambiar a visión que temos dos nosos maiores e ver que son persoas que teñen moitísimo que aportar á nosa sociedade, son persoas que deben espremer ao máximo o seu rendemento e a súa propia autonomía, hoxe máis que nunca.

Pero o que é urxente neste momento é cambiar o que non funciona correctamente, e neste caso é evidente que os protocolos ou a forma de intervención non están a ter os resultados esperados. O máis importante nestes momentos é obter unha retroalimentación de todas as propostas que traten de construír unha realidade que sabemos que é moi complexa. É evidente que blindar as nosas residencias é complexo, que o virus vai entrar cando convive no resto da poboación, pero debemos extremar os protocolos baseándonos na prevención, sobre todo prevención. E o máis importante nestes momentos é facer un cortalume naqueles casos onde aparecen positivos e, de xeito inmediato, evacuar todos —e digo todos— os positivos que aparezan no momento no que aparezan, para que cando hai sete positivos non se convertan ao cabo dun tempo en cen.

A prevención é imposible —digo: imposible— se non aportamos un incremento significativo de recursos e inversión. A semana pasada o sector de traballadoras e traballadores dos centros de atención residencial tomou unha vez máis as rúas para manifestarse e alzar a voz alertando da falla de persoal nas residencias de maiores. Hai que contextualizar o momento que estamos a vivir e hai que salientar non só que as traballadoras teñen o seu labor incrementado cualitativamente, senón tamén cuantitativamente, tendo en conta as medidas, as novas medidas que impón o contexto da covid, que, como sabedes, é un contexto sen precedentes e no que aumenta moitísimo a carga laboral. E co agravio que supón para os nosos maiores é urxente poñer todos os recursos sobre a mesa, todos. E o piar de acción susténtase no necesario aumento de persoal para atender con dignidade os nosos maiores.

Os propios centros de maiores recoñeceron que tiveron que desprazar equipos de traballo dunha residencia a outra para cubrir emerxencias ante os contaxios das propias traballadoras.



E a Xunta de Galicia, tendo as competencias na materia, non debera consentir esta situación, senón que debera fomentar a contratación de recursos humanos e poñelos á disposición nunha situación límite para moitos centros desprovistos destes recursos neste sentido.

Gustaríanos coñecer tamén se por parte da Consellería de Política Social teñen pensado reunirse co sector das traballadoras das residencias, xa que é urxente —e xa o solicitamos— aclarar dunha vez por todas as cuestións que denuncian. E, sobre todo, é urxente escoitar a información que aportan, froito dun coñecemento de causa directa do trato diario que teñen cos nosos maiores.

Diversos medios de comunicación a nivel nacional fixéronse eco das demandas das traballadoras, que, en concreto, é o foco de atención: o centro residencial de Salvaterra, onde as propias traballadoras denunciaron as supostas deficiencias nun centro que levaba intervido pola Xunta quince días atrás, feito que é urxente que dende a administración se aclare canto antes neste parlamento, para dar conta á cidadanía e, sobre todo, información transparente e tranquilidade á opinión pública nun momento e nun contexto tan delicado como o que vivimos.

Hai que ter en conta que dende a Consellería de Política Social se asegurou neste parlamento en varias ocasións que todas as residencias de maiores estaban baixo a estrita tutela da Xunta de Galicia, polo que é urxente que a consellería aporte claves sobre en que tipo de tutela se basea para dilucidar que é o que está a fallar cando continúan contaxios de xeito masivo nas residencias de maiores, contando por centos os contaxios en moitos casos.

Non nos cansaremos de propoñer elaborar un plan de evacuación inmediato que permita a todas as persoas residentes que resulten positivos en coronavirus de inmediato, ao coñecer tal resultado, saír inmediatamente do centro de atención residencial. Existen centros intermedios para este motivo. Reforzar o equipo de inspección dependente da Consellería de Política Social encargado da supervisión dos centros de atención residencial para maiores. Incrementar significativamente o número de inspectores. Elaborar e aportar ao Parlamento unha memoria por parte da consellería na que consten o número de inspeccións, polo menos dos últimos dous anos atrás, e o resultado e a motivación do tipo de sanción, de ser o caso. Informar o Parlamento de Galicia dos parámetros que definen o sistema no que a consellería tutela estes centros de atención residencial en Galicia. Aportar ou incorporar a diario, xunto aos datos que habitualmente se expoñen, os datos e a porcentaxe de afectación en centros de atención residencial, por unha banda, e, separadamente, os datos doutros centros, tamén separados, por parte da consellería, dependentes da Consellería de Política Social; ou sexa, o número de centros de atención residencial de maiores separadamente por exemplo dos das persoas con discapacidade, que normalmente cando tenden a falar de datos xuntan todos para que pareza que os contaxios son menores. O número de contaxios por coronavirus no resto de centros dependentes tamén da Consellería de Política Social.

É o maior agravio o tema da covid nas residencias de maiores en Galicia. Na xestión das residencias cada día conta, polo que non podemos esperar máis. Pedimos á Xunta de Galicia: actuemos de inmediato.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Vaia por diante que desde o noso grupo imos apoiar a proposta que hoxe presenta o Partido Socialista. Incluímos tamén unha emenda para solicitar de novo a intervención por parte da Xunta de Galiza de todas as residencias privadas, porque é evidente que algo non está a funcionar cando continúan a sumarse non casos puntuais, senón contaxios masivos que atinxen a práctica totalidade das persoas usuarias nalgúns destes centros. Por citar tan só os dous exemplos máis recentes, Doralresidencias, ese macrocomplexo tanto para persoas maiores como para persoas con discapacidade que hai no concello de Mos, que atinxe xa nos últimos partes que deu a Consellería de Sanidade máis de cento trinta persoas, 139 en total, persoas usuarias; é o maior gromo que se ten detectado no noso país desde que se decretou a emerxencia sanitaria e a situación de pandemia desde o mes de marzo. E tamén máis recentemente o asilo de Vilalba, con 117 persoas usuarias, algunhas delas desprazadas a ese centro intermedio ou integrado do Cegadi. En total no noso país hai, de acordo co último parte, 492 persoas usuarias de residencias e máis de duascenas persoas traballadoras destes centros que son casos activos, positivos.

Tamén queremos aproveitar desde o BNG para trasladarlles todo o noso apoio e ánimo, pero necesitamos facer unha reflexión máis profunda da situación.

Eu lembraba, preparando precisamente esta intervención, as palabras dunha das persoas que compareceu recentemente na Comisión de Reactivación deste parlamento, o responsable das residencias intervidas na área sanitaria da Coruña e Cee, que indicaba que, efectivamente, era legal e era perfectamente posible a intervención desas residencias privadas con distintos graos de intensidade en función das necesidades dos centros. Cremos que a tutela que ten que exercer a Xunta de Galiza é esta, é a de entrar e coñecer de primeira man cal é a situación en todas as residencias, valorala, analizala e adoptar as medidas que sexan necesarias en cada un deses centros para garantir as condicións tanto asistenciais como de atención sanitaria óptimas das persoas que residen nelas. Porque é responsabilidade da Xunta de Galiza, independentemente do centro, da titularidade ou do modelo de xestión das residencias, garantir que se cumpren as condicións asistenciais e de prevención da covid-19.

Unha e outra vez, cada vez que imos coñecendo casos novos como este de Vilalba, como o de Mos, como o do Pereiro de Aguiar ou, no seu momento, o do Incio ou o de Outeiro de Rei, o que escoitamos dicir ao Goberno da Xunta de Galiza é que non sabe que é o que aconteceu, que o van analizar, que o van estudar. E non podemos ir a remolque do virus. Dixémolo moitas veces e sempre partindo da base de que as residencias non son un búnker —aí estamos de acordo—, pero o Goberno ten a responsabilidade de ir, na medida das súas posibilidades, por diante da



propia covid, ten que anticiparse. Non vale nunha situación coma esta caer na resignación, no «é o que hai», nin moito menos buscar escusas para intentar xustificar situacións tan dramáticas, nin na prevención da covid, no que ten a ver coa prevención da covid, nin tampouco a respecto das condicións nas que se atopan as persoas usuarias nas residencias.

Na denuncia que coñeciamos hai apenas unhas semanas, feita pública precisamente por traballadoras e traballadores que o Sergas e a Consellería de Sanidade levaron, trasladaron á residencia do concello de Salvaterra, nesa denuncia o que nela se relata é absolutamente inadmisíbel, é inadmisíbel. E agardamos de verdade desde o BNG que a Consellería de Política Social estea a actuar con todo o rigor e, sobre todo, coa maior axilidade para esclarecer que é o que aconteceu nese centro privado.

Pero tamén nos suscita esta situación e outras semellantes unha pregunta ao BNG: ¿como é posible que algo así poida acontecer no noso país sen que o saiba o Goberno, sen que o saiban as autoridades sanitarias e a Consellería de Política Social? Porque —insisto— a lei obriga a Xunta a inspeccionar os centros nos que se prestan servizos sociais, independentemente de se se trata de centros públicos, de centros privados ou, como é este caso, se o propio Goberno ten concertadas prazas, 70, nada máis e nada menos, de 108 prazas de persoas maiores que ten como capacidade a residencia de Salvaterra; falamos dun grao de concertación do 65 % das prazas públicas.

A pregunta que nos facemos é: ¿como é posible que as persoas usuarias se atopen nese estado e as instalacións nas condicións como recolle esa denuncia sen que a Xunta de Galiza saiba nada?

¿Que denunciaban as traballadoras? Falta de organización, falta de hixiene, incumprimentos nos protocolos, carencias de material e produtos esenciais para a atención das persoas usuarias, carga de traballo excesiva pola raquílica ratio de persoal, etc.

Con honestidade, se non se chega a producir o contaxio masivo por exemplo nesta residencia, ¿a Xunta de Galiza tería feito algo? E se non se chegan a facer públicas as denuncias, moito nos tememos desde o BNG que a resposta do Goberno tería sido moito menos contundente.

E chove sobre mollado, señorías, porque temos aquí a denuncia trasladada por unha traballadora á Inspección no ano 2017 —é dicir, hai tres anos—, unha denuncia que remataba dicindo: «Por favor, investiguen. É unha cuestión de humanidade». Unha denuncia feita de maneira anónima —diciu a traballadora—, ademais, por medo a represalias, e na que recoñecía: *No se les asea correctamente. Muchos de ellos incluso desprenden olor. No se les da de comer de una manera adecuada, ya que la carga de trabajo es tanta y el personal tan poco que no da tiempo a hacerlo profesionalmente. Hay un aumento en las caídas. Por favor, comprueben el registro de las mismas y el libro de enfermería.*

Non foi a única denuncia feita ese ano diante da Inspección de Política Social e da Inspección de Traballo precisamente sobre ese centro de Salvaterra. A CIG tamén denunciou esa situación nunha reunión con Inspección de Traballo e representantes da Inspección dos Servizos



Sociais da Xunta de Galiza. De novo, excesiva carga de traballo, falta de persoal e deficiencias que provocan unha desatención das persoas usuarias.

O medo ás represalias, que, ademais denunciaba a traballadora na súa queixa, na súa denuncia, non era ademais unha exaxeración. Precisamente con motivo da denuncia feita pública pola CIG, seis traballadoras afiliadas a esta central sindical foron despedidas, precisamente por iso, por denunciar, e hoxe hai sentenzas ademais do Xulgado do Social que así o confirman.

¿Que denunciaban? Que cada auxiliar debía asear once persoas nunha soa mañá en prazos de non máis de quince minutos por residente: espertar, asear, vestir. Que unha soa limpadora asumía na súa quenda cincuenta e seis camas diarias e trinta e dous cuartos en menos de sete horas. Que só contaban cunha cociñeira, sen axuda, para facer as comidas, preparar o comedor, servir, recoller, lavar e limpar. Que había traballadoras entrando na súa xornada unha hora e media antes da súa quenda para poder sacar o traballo adiante nas mellores condicións para as persoas usuarias.

E o que non é de recibo é que a atención de persoas maiores dependentes no noso país —nin en ningún outro— se asente na explotación laboral e na vulneración de dereitos fundamentais das traballadoras. (*Aplausos.*) Todas e cada unha delas dan o mellor de si mesmas —non nos cabe a menor dúbida—, cada día, pero non se pode soste un dereito fundamental e un servizo público, un dereito —insisto— como é a vellez sobre a precariedade e a vulneración de dereitos laborais; iso é inadmisíble. É evidente que a Inspección de Política Social non funciona, e non queremos pór en cuestión ou en dúbida a profesionalidade do persoal funcionario da Inspección, pero é obvio que algo non vai ben.

E volvemos ademais ao que dixo o Consello de Contas en 2018 precisamente a respecto do labor da Inspección e a presión da Inspección sobre estes centros —insisto— independentemente da súa titularidade ou modelo de xestión. Diciáo o Consello de Contas: algunhas —e cito literalmente— das incidencias están recollidas nas actuacións da Inspección de maneira reiterada. Nas actas de Inspección advírtese de que no prazo dun mes deben levarse a cabo actuacións necesarias para emendar os incumprimentos constatados, acreditando documentalmente a súa corrección. Ademais, a Inspección advirte nas actas de que os feitos constatados poden ser constitutivos de infraccións e sancións. No entanto, apreciouse que, malia que os centros non corrixiron as irregularidades observadas, a Inspección non propuxo a iniciación de expedientes sancionadores. Engadiríamos nós: a Xunta non actuou diante de denuncias reiteradas das residencias como a de Salvaterra, a DomusVi Porta do Camiño ou a DomusVi de Ribadumia, só por citar os exemplos daquelas que nós temos documento físico da denuncia co carimbo da Xunta de Galiza e do rexistro nos servizos de Inspección da Consellería de Política Social.

¿O que falta na Inspección é persoal suficiente para atender todos os centros que hai no país? Pois refórcense os equipos. Esa é a lección ou a reflexión que temos que tirar de todo o que levamos vivido neste país nos últimos meses.

Remato simplemente cunha reflexión máis alá do caso concreto, do momento conxuntural no que nos atopamos. Estamos na segunda onda da covid. Fálase xa de iniciar a fase de fle-



xibilización dos peches perimetrais e das restricións que se impuxeron nas últimas semanas e meses. Hai que facelo ben, sen prásas e adoptando medidas que impidan que dentro dun mes ou de dous volvamos estar igual ou peor que hai quince días. Porque cada vez que o virus entra e se descontrola nunha residencia, que é do que falamos hoxe, as consecuencias, señorías, teñen nomes e apelidos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, señor presidente.

Quero empezar dicindo que, no mesmo momento en que estamos a manter este debate na Cámara, o 98 % dos usuarios de residencias galegas están libres da covid-19. Dígoo porque creo que é unha noticia que a todos nos gustará saber e porque parece razoable que, se vos-tes atribúen ao Goberno a existencia de contaxios, de maior ou menor número, en sesenta e cinco residencias, recoñezan tamén que as medidas implementadas por este mesmo go-berno manteñen o virus alonxado de máis de catrocentos oito centros residenciais que non teñen a día de hoxe nin un só contaxio e que conforman o 87 % da totalidade dos centros de Galicia. *(Aplausos.)*

Eu, a diferenza de vostedes, non creo que este sexa un mérito exclusivo do Goberno, nin a súa responsabilidade. Creo máis ben que é froito do traballo conxunto de moita xente. Por suposto, da Consellería de Política Social, da Consellería de Sanidade, do persoal dependente de ambas as consellerías, das direccións dos centros desas residencias; por suposto, dos seus empregados; das familias, que están facendo importantes renuncias para protexer os seus maiores; e, por suposto, dos propios maiores, que creo que están a dar nuns momentos moi difíciles unha auténtica lección de responsabilidade, créoo sinceramente. *(Aplausos.)*

E creo que todos eles se enfrontan a un virus do que sabemos bastante máis do que sabiamos hai algúns meses pero do que aínda descoñecemos moitas cousas. Falábase aquí de contaxios abruptos. É certo, é unha das dúbidas que xorden: ¿por que afecta de maneira distinta este virus persoas que teñen similares características?, ¿por que? Descoñecémolo. ¿Cales son as súas vías de contaxio? Aínda o descoñecemos en boa medida a día de hoxe. Mire, 1 de outubro, doutor Simón: *No tenemos hasta ahora evidencia sólida de que haya habido transmisión probada por aerosoles en medios sociales normales.* Ministerio de Ciencia e Inno-vación, un mes despois: *Un informe científico español ha concluido que hay evidencias significativas sobre la transmisión del virus SARS-CoV-2 por aerosoles.* Isto —non mo entendan como unha crítica— é a constatación dunha realidade, de que aínda temos moito que coñecer deste virus.



Hai algunhas semanas Asturias era un exemplo a nivel mundial para a Organización Mundial da Saúde. Hoxe ten unha situación moi complicada. ¿Por que? ¿Por unha mala actuación? Pois non o creo. Simplemente porque estamos a vivir momentos e circunstancias moi difíciles. Estamos a vivir unha situación de incerteza, na que o Goberno galego e o grupo parlamentario que o sustenta pretende seguir transitando o camiño que a nós nos parece máis seguro. ¿E cal é? Aquel que sinale a evidencia científica.

Seguimos indicacións dos organismos científicos, da Organización Mundial da Saúde, do CSIC, das universidades, un longo etcétera. E aplicamos esa ciencia, ese coñecemento que nos van aportando conforme o criterio *técnico*, de técnicos cualificados e de prestixio recoñecido. No caso de Galicia, nun comité científico da Xunta de Galicia cuxa composición é pública, cuxos membros son coñecidos, e algúns deles, por certo, teñen comparecido nesta mesma cámara. En contraposición, hoxe vostedes trasládannos unha serie de propostas cuxo fundamento científico é absolutamente descoñecido.

Señora Ortega, eu pregunto: ¿quen os asesora para propoñer estas medidas? ¿Acaso ese comité científico do Goberno de España, que permanece oculto para o resto dos españois? Non o sabemos. Pero hai unha pregunta que si me fago: se vostedes realmente coñecen a fórmula para evitar contaxios e mortes nas residencias, ¿por que non a trasladan aos gobernos autonómicos dos que forma parte o seu partido? E fágome outra pregunta: se o fixeron así, ¿por que presentan peores datos de contaxio e de mortalidade que Galicia?, ¿por que? É unha pregunta que creo que merecería a pena ser contestada.

Analicemos algunha das medidas que propoñen vostedes.

Propoñen a evacuación de todos os positivos das residencias. E fano —teño que dicir— en contra do criterio establecido polos técnicos en Galicia. Isto é así. Os especialistas afirman que esa decisión debe tomarse valorando cada caso e cada circunstancia de maneira individual. Así llo dixo o doutor Lamelo, efectivamente, que compareceu na Comisión de Reactivación, que lle dixo que esta medida era a solución fácil, igual que metelos nunha habitación e tirar a chave.

Por certo, señora Rodil, é certo que o señor Lamelo dixo que era legal intervir as residencias. Tamén dixo que ao seu parecer o traballo que se estaba facendo nas residencias por parte do seu persoal e da súa dirección era magnífico e que, polo tanto, non había que tomar esa medida. Porque creo que, se vimos informar a Cámara e o conxunto dos cidadáns, debemos facelo no seu conxunto, trasladando a información veraz e certa do conxunto da opinión dos expertos que por aquí están pasando.

A señora Ortega saca de contexto a frase dun escrito do CSIC —que o teño aquí, señora Ortega— (*O señor Pazos Couñago mostra un documento*): *que se puede hacer mejor*, efectivamente. Teño que dicirlle que, en realidade, isto é un resumo; o documento é este, (*O señor Pazos Couñago mostra outro documento*.) o documento é este, completo. E eu recoméndolle a súa lectura, porque, se fai a súa lectura completa, igual rectifica, en parte polo menos, as afirmacións que fixo hoxe aquí.



Mire, ese informe, efectivamente, fala dos centros intermedios, as residencias integradas, esas que dicimos que en Galicia se crearon de maneira pioneira. Por certo, no informe, a pesar da súa extensión, non se fala de que Galicia, efectivamente, foi pioneira na creación destas residencias. Pero o informe avalía o proceder de tres comunidades autónomas en concreto, as que pon como exemplo. Son tres comunidades —por certo, as tres, seguro que casualmente, gobernadas por equipos, por gobernos socialistas—, que son a de Aragón, a de Castela-A Mancha e a de Asturias. Eu teño aquí a ratio de falecementos de vítimas de covid sobre o total das prazas residenciais. (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) Falemos desas tres comunidades: Aragón, un 6,31 % dos residentes; Castela-A Mancha, un 5,94 % do total dos residentes; Asturias, un 3,89 % do total de residentes. Galicia, o 2,46 %, por debaixo na ratio das tres comunidades que se poñen como exemplo por parte do Goberno de España e do CSIC. Eu creo que isto debería levalos á reflexión. É a miña humilde opinión.

Cuestionan vostedes a Inspección no momento da historia en que máis están controladas que nunca as residencias, polas circunstancias que estamos a vivir. É certo, porque están controladas non só pola Inspección de Política Social, que o están, senón tamén polas inspeccións de Sanidade e polo propio escrutinio público.

Dicía a señora Rodil que ela non dubidaba da profesionalidade dos inspectores. Eu agradézollo, pero vostede sabe tan ben coma min que iso é o que se está poñendo en dúbida, non por vostede. Pero sabe que algúns dos denunciante da situación das residencias precisamente o que poñen en dúbida é a profesionalidade e —aínda máis grave— a ética deses funcionarios públicos, porque estamos falando de funcionarios públicos, de traballadores públicos. E a min paréceme ben que se defenda os traballadores públicos, pero haberá que defendelos a todos ou, polo menos, ser prudente respecto a todos.

Porque, claro, vostede di que lle merecen moito respecto as traballadoras de Salvaterra que denunciaron a situación na residencia. Eu tamén as respecto, eu tamén as respecto. Pero supoño que as traballadoras de Salvaterra que saíron desmentindo esa situación e dicindo que obedece a unha manipulación flagrante da realidade da residencia merecerán tamén respecto. A min merécenme o mesmo, nin máis nin menos. ¿E que aconsella a prudencia? A prudencia aconsella esperar o resultado dos expedientes inspectores que están abertos e que coñecemos polo miúdo cal é a realidade nesa residencia. Ten que haber un pouco de equilibrio na crítica.

Esta mañá vivimos un exemplo paradigmático de no que se están convertendo de verdade os posicionamentos dalgún partido. Criticaban, falaban do expediente que se abriu ao doutor Castrillo, un profesional que dixo aquí o conselleiro que lle merece toda a súa consideración. O doutor Castrillo é obxecto dunha denuncia por trato vexatorio, unha denuncia dunha doutora do Servizo público de saúde de Galicia. Se iso tivera lugar hai algúns meses, estaríanlle dicindo aquilo de *Hermana, yo sí te creo*. Pero hoxe... (*Murmurios.*) Non, non, perdón, perdón..., é que hai que ser serio. É que hoxe o que escoitamos aquí é: Castrillo non se toca. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Trato vexatorio, esa é a denuncia. ¿Ou cuestionamos entón a denuncia que fai unha muller que se sente vexada por un profesional que ten a súa mesma categoría? Pois nin unha cousa nin a outra: prudencia, e esperemos a que se resolva o expediente para coñecer a realidade do que aconteceu entre estes dous profesionais.



Por último, cuestionan a transparencia dun goberno que facilitou información puntualmente, namentres calan sobre a ausencia total de datos do Goberno de España; un goberno de España que oculta datos comparados de contaxios e falecidos en residencias por comunidades autónomas, que si lle foron facilitados; oculta os datos comparativos entre residencias públicas e privadas, para que coñezamos a realidade de certas afirmacións; oculta o desglose entre aquelas que teñen ánimo de lucro e aquelas que non o teñen, que tamén sería un compoñente interesante para coñecer; e que oculta incluso o número real de mortes en España.

Onte mesmo coñeciamos que (*O señor Pazos Couñago le un documento.*) *la Audiencia Nacional obliga al Gobierno a informar de los viajes privados del señor Sánchez en el Falcon.* Porque ata acudir á voda dun cuñado se converteu en España en segredo de Estado. Paréceme a min que con estes antecedentes poucas leccións de transparencia poden vir dar a esta cámara. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu o que lles pido, señorías, é medida. Eu o que lles pido é que, se queren información, lean; se queren saber o que é a tutela da Xunta, está explicada nos documentos públicos que están colgados na páxina da consellería, só hai que ler. E o que lles prego —e isto si llelo prego encarecidamente, encarecidamente— é a mínima responsabilidade. E o que lles prego é que, se non van tirar do carro, polo menos non poñan paus nas rodas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da moción, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, cada día sorpréndeme máis a súa actitude. O que dixo agora en canto ao doutor Castrillo eu penso que é unha das maiores demagoxias que escoitei aquí, nesta Cámara, no tempo que levo; non sei o resto. Pero é sacado de contexto totalmente. Á parte de que non sei se vostede ten acceso a maior información que o resto dos que aquí estamos; pero se a ten, pois agradeceríamos que a explicase.

Outra cousa: deixen de dar os datos conxuntos das residencias de maiores xunto cos dos centros de discapacidade, ¿vale? Están falando do 98 % libre de virus, pero é xuntando os datos cos dos centros de atención de discapacidade; non son os dos centros de atención residencial. Aporten os datos de forma sincera á cidadanía, póñanse a traballar, acepten a crítica e falen en serio dunha cuestión tan importante como é a dos centros de atención aos maiores. Póñanse a traballar, acepten a crítica e ofrezan información sincera á cidadanía.



Mire, a portavoz do Bloque Nacionalista comentaba un caso. Dábase conta dunha nota de prensa, neste caso de *El País*, que viña moi completa e aportaba moita información sobre o caso da residencia de Salvaterra. Era unha denuncia sobre o funcionamento da Residencia de Maiores de Salvaterra de Miño (Pontevedra) rexistrada no 2017 na Consellería de Política Social polas traballadoras, e cun rogo desesperado: «*Por favor, investiguen; es una cuestión de humanidad. La denunciante, una trabajadora que señalaba que no firmaba el escrito por temor a represalias. Aseguraba que no cumplía la ratio de personal, y describía el trato a los residentes*». Dícían: «*Por favor, compraben o rexistro das mesmas e o libro de enfermería*». Tres anos despois repítense no mesmo contexto denuncias similares, e entón agora a empresa e a Xunta negan deficiencias. Pero por aquel entón —no 2017—, ¿saben quen era a directora xeral de Maiores? ¿Quen? ¿Sábeo, señor Pazos? A actual conselleira de Política Social. Entendemos que, polo tanto, ela ten que ter unha información pormenorizada deste caso. Por iso, nesta Cámara consideramos que temos o dereito, como representantes da cidadanía, de saber máis información ao respecto nunha situación que está preocupando tanto a cidadanía en Galicia.

Por favor, respecto pola información. Non xunten datos dos centros das residencias cos datos dos centros para persoas con discapacidade, porque as propias persoas con discapacidade están dicindo que non é xusto, porque non é o mesmo contexto e non queren que se xunte todo no mesmo saco. Son cousas distintas.

Efectivamente, este centro de Salvaterra conta con 70 prazas concertadas para a Xunta de Galicia. Entón, entendemos que esa rigorosa tutela que exerce a Xunta de Galicia aínda máis, se cabe, debería darse no centro de Salvaterra, por exemplo, que ten 70 prazas concertadas de 108. ¿Onde consideramos que falla a cuestión? Pois, efectivamente, na inspección, por falta de recursos; como tamén nas traballadoras das residencias. E di vostede que se están facendo moitas inspeccións. Estaranse facendo moitas inspeccións, pero hai case dez anos facíanse aínda máis, e así o dixo o Consello de Contas.

Entón, por favor, bote un vistazo outra vez ao informe do Consello de Contas e mire os números, porque as cifras son claras: incluso máis de 400 nun ano, cando agora estabamos falando de que non chegabamos a 300 hai dúas semanas.

Entón, falaba de quen nos asesora. Pois, mire, os profesionais. Iso é información pública que vostede debería saber. O propio artífice da primeira residencia integrada que tanto anunciaron dende a Xunta de Galicia, o señor Miguel Ángel Vázquez —que é o presidente da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía en Galicia—, sinala segundo declaracións públicas: «*Xa non se cumpren as propias normas da Administración*». Sostén, así mesmo, que nos concursos non se prima a calidade senón o menor custo. E no caso dos concertos de empresas privadas coa Xunta de Galicia entende que, aportando 53 euros por persoa e día, ofrecer os servizos necesarios e pagar soldos dignos non sería rendible. Compárao cun hotel de tres estrelas, onde poden cobrar de media 45 euros só por durmir.

Esta é parte da xestión da Xunta de Galicia e, ao noso modo de ver as cousas, señor Pazos, consideramos que ten que facer autocrítica e deixar a guerra; asumir as propostas que por parte dos grupos da oposición estamos lanzando, acollelas e poñerse a traballar porque un só día conta. Entón, xa dixen na primeira intervención e repito que non pode ser que a liña



de actuación sexa non recoñecer os erros e poñer un semblante de aparente tranquilidade cando a cousa se desmadra. E non pode ser que, por unha banda, as intervencións públicas se baseen en alabanzas ás traballadoras do sector e que logo non as reciban para escoitar as súas demandas.

Non poden existir tampouco os contaxios masivos. Cambien a ruta de acción. Repito, cada día conta, e están en xogo os nosos maiores. Actúen de inmediato, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

¿Acepta a emenda do Bloque? ¿Acéptaa? *(Asentimento.)* Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para defender esta moción ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Obrigada, presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

O día 14 de marzo decrétase o estado de alarma no Estado español. Hoxe estamos a día 24 de novembro. Pasaron máis de oito meses; exactamente oito meses e dez días. ¿E que fixo a Xunta de Galiza para axudar as persoas autónomas e as pemes do noso país ata o de agora? Pois máis ben pouco.

En contraposición, o día 17 de marzo —tres días despois de decretarse o estado de alarma— a Generalitat de Cataluña anunciou axudas directas para persoas autónomas de ata 2.000 euros, cun orzamento de 7,5 millóns de euros.

O 26 de marzo o Goberno de Cantabria publica axudas de entre 150 e 300 euros por semana para autónomos e microempresas, cun orzamento de 9 millóns de euros. E así, entre marzo e abril: País Vasco, 3 millóns de euros; Comunidade Valenciana, 57,5 millóns de euros; Castela e León, 34 millóns de euros; Andalucía, 40 millóns de euros; Asturias, 4 millóns de euros; Madrid, 38 millóns de euros... E podería seguir, porque estas foron só algunhas das medidas urxentes que outros gobernos autonómicos puxeron en marcha nos primeiros 45 días da pandemia para garantir a subsistencia das persoas autónomas e das pemes e mais dos postos de traballo que dependen delas.

Pero non pararon aí. A estas alturas —a 24 de novembro— o País Vasco xa sacou axudas directas para persoas autónomas, pemes, hostalería, sector cultural, comercio, turismo, pesca,



emprego social, etc. por unha contía que supera os 100 millóns de euros. En Cataluña as axudas directas a estes colectivos superan os 150 millóns de euros. E estes son só dous exemplos; unha boa parte das comunidades autónomas leva apoiando os seus sectores produtivos dende o comezo da pandemia.

E, por fin, o Goberno galego —oito meses tarde— convoca axudas directas para as persoas autónomas deste país. Pero van tarde e enriba son insuficientes. Son insuficientes porque as 10.700 solicitudes que se fixeron nas trinta primeiras horas da apertura do prazo son só a punta do iceberg da cantidade de persoas e negocios que precisan estas axudas.

E as contas non dan porque, segundo os datos que deu a propia Xunta de Galiza, 30 millóns de euros —que é o orzamento para estas axudas para 30.000 autónomos— a min dáme que lle toca a cada un 1.000 euros. E iso non é máis que a metade dos 2.000 euros da axuda máxima que prometen esas axudas.

Pero miren, teño unha dúbida: ¿e que pasa coas 70.000 persoas autónomas que non contemplan no seu cálculo o señor Feijóo? Porque en Galiza cotizan no réxime especial de traballadores autónomos máis de 200.000 homes e mulleres. ¿Non teñen dereito a axudas, se as precisan?

Estas axudas, ademais, son insuficientes, porque non acollen todas as persoas que as necesitan para subsistir xa que quedan excluídas as que non teñen recoñecido o cesamento de actividade, para o que tes que ter unha redución da facturación de polo menos o 75 %. E díganme, ¿como pode subsistir un negocio cunha facturación do 25 % durante oito meses? Dígollo eu: non pode, é imposible.

Por este motivo temos unha gran cantidade de autónomos e autónomas que non poden acceder a estas axudas, a pesar de necesitalas, por non chegar a esa redución do 75 % da facturación. Pasou coas axudas ás mariscadoras que a Xunta de Galiza convocou en agosto, das que quedaron fóra unha gran parte das traballadoras ao non poder cumprir este requisito. ¿Pois saben que? Nas axudas ás persoas autónomas que o Goberno galego acaba de convocar, este colectivo volve quedar fóra polo mesmo motivo. Ao igual que as mariscadoras, pásalles a outros moitos autónomos e autónomas que están na mesma situación. Tamén quedan fóra das axudas sectores como os provedores e distribuidores da hostalería, as perruquerías e os locais de estética, as escolas de música, os artesáns, os ensinos regrados, as persoas que estiveron de baixa por IT ou asimilados —como as que se contaxiaron de covid— as que a acadaron a idade ordinaria de xubilación, as persoas que iniciaron a súa actividade no 2019..., e seguro que queda algún sector, colectivo ou situación máis que non menciono.

A semana pasada o Goberno galego anunciou axudas para a hostalería. De verdade, desexamos que a axilidade que anunciou sexa real e que as condicións para acceder a elas sexan as adecuadas para atallar a situación na que se atopa o sector, porque as persoas afectadas están reclamando medidas que non se corresponden coas que anunciou a Xunta de Galiza. Reclaman que, á hora de conceder as subvencións, se collan como referencia as axudas convocadas por outras comunidades autónomas como Asturias ou o País Vasco, nas que se utiliza un criterio de repartición xusto, tendo en conta o número de traballadores, ou que se teñan en conta as diferentes restricións segundo as localidades.



Paralelamente ás axudas directas é necesario adoptar medidas, dende o Goberno galego e dende o Goberno do Estado, que garantan a supervivencia dos negocios. É necesario que a Xunta negocie coas entidades bancarias o aprazamento dos pagos dos créditos solicitados polo sector. A situación económica das persoas traballadoras por conta propia e das pemes é moi delicada, e este aprazamento sería un balón de oxíxeno que lles permitiría amortecer o impacto da covid na súa economía.

As entidades bancarias foron axudadas e rescatadas na crise do 2008. Agora a cidadanía necesita a súa axuda e teñen que corresponder, acorde co que se espera delas. Dende as administracións hai que reclamarlles que estean á altura das circunstancias e que arrimen o ombreiro.

Dende o Goberno galego hai que poñer en marcha actuacións de promoción e estímulo para reactivar o consumo, especialmente nas cidades, ao seren as máis afectadas polas restricións derivadas da covid. Estas medidas teñen que ir dirixidas aos sectores máis prexudicados, nomeadamente a hostalería e o turismo, aínda que non só a estes.

Os orzamentos da Xunta para o vindeiro ano teñen que recoller unha partida específica para a posta en marcha dun plan integral de rescate para os traballadores por conta propia que estea dotada cunha contía inicial ampliable de 200 millóns de euros.

Un colectivo de máis de 200.000 persoas en Galiza e que supón máis do 20 % do emprego do país é vital para a nosa economía, polo que hai que traballar para garantir a súa supervivencia e darlle futuro e estabilidade. É necesario que este plan de rescate saia do diálogo co colectivo e cos sectores afectados.

Ao mesmo tempo, dende a Xunta de Galiza hai que instar o Goberno do Estado a tomar medidas que complementen as galegas, tales como aprazar os pagos do IRPF e do IVE do cuarto trimestre do 2020 ata doce meses ou ampliar o prazo dos pagos fraccionados do imposto de sociedades.

No País Vasco os autónomos están exentos do pago fraccionado do terceiro trimestre do IRPF do 2020. Estas son as vantaxes de ter un sistema fiscal propio; algo que dende o BNG levamos reclamando dende hai tempo para o noso país.

Pero xa que non podemos tomar esas decisións porque non temos o noso propio sistema fiscal, hai que reclamarlle ao Goberno do Estado que o faga, que rebaixe a presión fiscal sobre os traballadores por conta propia e as pemes para evitar a destrución dos postos de traballo.

O Estado ten que establecer condonacións especiais no pago das cotas empresariais á Seguridade Social correspondentes ao tempo de peche e de redución drástica da actividade para aqueles autónomos gravemente afectados polas medidas adoptadas no marco das restricións sanitarias. Ten que impulsar as actuacións necesarias para prorrogar un ano o período de amortización e carencia dos préstamos ICO. Como xa dixen antes cando falaba dos préstamos bancarios, isto suporía un balón de oxíxeno importante e aliviaría a presión económica dos negocios.



E, por último, o Goberno do Estado ten que aplicar un IVE reducido do 4 % para o sector da hostalería e o turismo. Aínda que esta medida xa foi rexeitada no Congreso, dende o BNG cremos que é necesario insistir para que o IVE destes sectores se reduza, co fin de incentivar a hostalería e o turismo.

Moitos autónomos e autónomas de Galiza quedaron xa polo camiño. O Goberno galego ten que activar todas as medidas necesarias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: ...para parar esta sangría e garantir os postos de traballo do colectivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora González.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Presidente.

Boa tarde a todos os deputados e deputadas.

Efectivamente, no último Pleno debatíase unha interpelación do BNG con relación aos autónomos que dá pé a esta moción. Unha interpelación e unha moción coas que nós dende o PSdeG coincidimos en parte; substancialmente, no fondo do asunto, de xeito importante. Eu creo que todos os grupos políticos somos conscientes da situación dramática que hoxe está vivindo a economía galega, a estatal, a europea e a economía mundial como consecuencia da pandemia. Unha situación que, no caso específico de Galicia, leva a que teñamos neste momento 60 concellos confinados. E, ademais dos problemas que en si mesmo xera a pandemia, con consecuencias adicionais para eses 60 concellos, como a actividade da hostalaría absolutamente pechada.

É unha crise absolutamente profunda, da que aínda non temos punto de saída, e aínda descoñecemos determinadas cuestións de como vai avanzar a pandemia e, polo tanto, de cal é a situación de saída para a crise económica, pero reflicte basicamente que existe unha crise fonda de demanda —unha crise tamén de oferta, pero basicamente de demanda— que afecta, por tanto, a renda dispoñible que teñen as familias, que afecta o consumo e que, en consecuencia, afecta a actividade económica, os negocios, e especialmente, neste caso, o sector dos autónomos e o sector das pemes.

Os datos en Galicia son malos, como no conxunto do Estado. A media quizais sexa un pouco mellor en España en canto á caída do PIB, estimada para este ano —tal como reflicte o Proxecto de orzamentos da Xunta— nun 9,7. Probablemente sexa unha caída menor á da media



do Estado. Pero esa caída menor ten a ver fundamentalmente co menor peso que na economía galega —evidentemente— ten o turismo. Polo tanto, en consecuencia, a caída do PIB reflíctese, efectivamente, en función dos sectores económicos que existen no país.

Hoxe en día, 12.800 negocios —aproximadamente 40.000 persoas que viven da hostalería— teñen a súa actividade pechada, non están percibindo ingresos de ningún tipo. E, dende logo, aínda que aquí ninguén ten receitas máxicas e ninguén pode establecer axiomas definitivos de como se solucionan estes temas, a realidade é que hai un criterio que é compartido. Ademais, na Comisión de Reactivación así o amosaron todos os expertos que alí compareceron e están comparecendo. Ese criterio compartido é que, neste contexto, a acción dos poderes públicos —a acción masiva, a acción precisa— se torna absolutamente indispensable. Polo tanto, a actuación das institucións públicas é absolutamente indispensable.

A posta en funcionamento de toda a capacidade de gasto público da Administración pública, de toda a capacidade de endebedamento público da Administración pública, é absolutamente indispensable. E, neste sentido, é como ten que reaccionar a Xunta de Galicia diante dunha situación como a que estamos vivindo.

Efectivamente, a señora deputada do BNG referenciaba algunhas comunidades autónomas que xa no inicio da pandemia adoptaron medidas de choque fronte á situación económica negativa que afectaba os autónomos e as pemes nesas comunidades autónomas. Reaccionaron o conxunto das institucións, máis ou menos de xeito inmediato; reaccionaron as institucións europeas, pondo en funcionamento mecanismos xa existentes naquel momento, como o Mede, e mecanismos de rescate á disposición dos estados; habilitaron mecanismos *ex novo* creados no marco das institucións europeas; flexibilizaron o orzamento, o pacto de estabilidade orzamentaria, optimizaron o orzamento; instrumentalizaron fondos europeos de contía multimillonaria —fondos *Next Generation*—, que en España van supoñer 70.000 millóns de subvencións a fondo perdido e a posible e probable dispoñibilidade doutros 70.000 millóns en concepto de préstamos; tamén o Fondo React-EU, de 10.000 millóns de euros que van xestionar as comunidades autónomas dos 12.000 que se contemplan para o Estado español —430 millóns xa os contemplou a Xunta de Galicia no Proxecto de orzamentos do ano 2021—; reaccionou o Estado —e nós entendemos que de xeito positivo— ao inicio da pandemia, adoptando medidas de mantemento da actividade económica no conxunto do país e tamén en Galicia: 282.000 galegos e galegas percibiron unha prestación en concepto de ERTE e 80.000 autónomos percibiron durante os meses da pandemia unha prestación, tamén do Estado; e reaccionou o ICO —o Instituto de Crédito Oficial—, con datos que manexamos de finais de xuño: o ICO establecera en Galicia 2.500 millóns de euros en liñas de liquidez a empresas e autónomos.

Loxicamente, aquí a pregunta que nós facemos é: ¿cal é o papel que está xogando o Igape nesta crise económica? ¿Cal é a relevancia do Igape no financiamento e no mantemento da actividade económica en Galicia? Quizais os datos do Igape non sexan comparables aos do ICO, é evidente. Nós non queremos facer este tipo de plantexamentos, pero é evidente que o Igape ten que ser reorientado, sen dúbida, para que cumpra unha finalidade de mantemento e de financiamento da actividade económica de Galicia, sobre todo nun momento dramático como o que estamos vivindo.



E reaccionaron e están reaccionando igualmente, como dixo a deputada do BNG, as comunidades autónomas de xeito inmediato, neste momento, cunha segunda ola de axudas.

Tamén reaccionaron os concellos, modificando o seu propio orzamento, utilizando os remanentes, non tendo competencias en materia de financiamento da actividade económica e utilizando o diñeiro do seu orzamento para axudar os autónomos das súas localidades e as pemes; mesmamente prestando axudas directas. E falo de todos os concellos, dende o máis grande ao máis pequeno; e dá igual a ideoloxía do que governe neses concellos. Falo dun concello socialista, podo falar da Coruña e podo falar dun concello máis pequeno, de Oímbra —ao pé da miña localidade—, concello gobernado polo Partido Popular, que foi quen de pór en marcha axudas, financiamento ou subvencións para financiar as cotas da Seguridade Social de todos os autónomos dese concello.

E logo está a reacción da Xunta. Nós non dicimos que non fixera absolutamente nada. A Xunta de Galicia o que fixo foi adoptar medidas de xeito ineficaz, de xeito lento e que, dende logo, non teñen a profundidade que é desexable nunha situación coma esta.

A Xunta de Galicia percibiu fondos da Administración do Estado contra a pandemia; percibiu centos de millóns de euros e vai percibir tamén, no orzamento do 2021, aproximadamente 685 millóns de euros. Percibiu ou vai percibir —e vaise contemplar tamén no orzamento— axudas que veñen dos fondos europeos. Utilicemos isto, utilicemos este fondo adicional de 1.500 millóns de euros —este suplemento de gasto que permite o teito de gasto e que se contempla tamén no orzamento— para dar viabilidade e saída á economía galega, neste caso aos que máis o necesitan: os autónomos e as pemes.

A Xunta de Galicia anunciou plans, anunciou... En fin, fixo bastante anuncio —ao meu xuízo bastante propaganda— e algunhas veces introducindo bastante confusión. O señor Feijóo anunciaba hai pouco un plan de 70 millóns de euros para autónomos. Efectivamente, acaba de aprobarse unha liña de financiamento ou de axuda aos autónomos de 30 millóns, dos cales 2 millóns se adican a actividades absolutamente pechadas ou que estiveron pechadas totalmente nestes últimos tempos. Evidentemente, nós entendemos que as axudas son absolutamente insuficientes e que é necesario amplialas.

Logo anunciouse un plan específico para a hostalería. En fin, eu hoxe lía nun *chat* que teño por aquí —publicado nun medio de comunicación— unha resposta do señor Feijóo a unha hostaleira que lle preguntaba canto ían ser as axudas da hostalería, e falaba de 100 millóns de euros, cando el a semana pasada nos anunciara un plan de 17 millóns de euros. Eu aplaudo que o señor Feijóo, atendendo ao que publica hoxe un medio de comunicación, poña enriba da mesa 100 millóns de euros para atender a hostalería. E, dende logo, se é así, nós ímolo apoiar e, se non é así, ímolo demandar.

En relación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, remato xa. Voume posicionar en torno á iniciativa do BNG.



Con relación á súa iniciativa, evidentemente, compartimos fundamentalmente o seu punto 1. Respecto do punto 2 temos algunhas dúbidas; especialmente sobre unha cuestión que vostede plantexa aquí con relación aos créditos ICO. Os créditos ICO xa están aprazados, xa se poden amortizar de tres a oito anos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...e, en consecuencia, pois non ten demasiado sentido que se plantexe este tipo de cuestións.

E respecto dos fraccionamentos, están contemplados na normativa fiscal; ata para a débeda de 30.000 euros se poden plantexar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...absolutamente fraccionamentos sen ningún tipo de dúbida.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA. Respecto ao IVE turístico, entenderá vostede que sen impacto recadatorio, sen medidas..

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco. Rematou o seu tempo.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...que vostede contempla aquí como compensatorias... (*O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, o meu respaldo a todos os autónomos de Galicia, e en especial aos profesionais dun sector tan importante como é o da hostalería, que están a sufrir de forma especial, en primeira persoa, as restricións impostas polas autoridades sanitarias para loitar contra a pandemia. Un sacrificio —hai que dicilo e hai que recoñecelo— que está permitindo salvar vidas e loitar contra ese inimigo invisible que condiciona a vida de todos dende hai xa bastantes meses.

Señor Rivera, os deputados non debemos informarnos en grupos de WhatsApp, especialmente se son do partido; hai que informarse no *Diario Oficial de Galicia*. Porque cando un fala de grupos de WhatsApp e non do que está publicado —as convocatorias publicadas nos diarios oficiais—, ao final, contribúe á desinformación da sociedade. Se vostede quere desin-



formar, en hora boa; é vostede un auténtico profesional. Vaia ao DOG e consulte as ordes e as convocatorias de apoio aos autónomos. Mire, somos unha das comunidades autónomas con máis axudas de toda España. Esa é a realidade.

Como xa nos teñen acostumados, chegan tarde. Curiosamente, despois de que no último pleno acusaran a Xunta de Galicia de lentitude na resposta á pandemia, agora presentan esta lista de demandas que xa están amplamente cubertas, sobrepasadas, polo plan de rescate elaborado polo Goberno galego.

A Xunta de Galicia acaba de ampliar as axudas para os autónomos e a hostalaría, chegando a preto de 100 millóns de euros, que beneficiarán uns 50.000 profesionais. Son ordes e convocatorias publicadas no DOG, señor Rivera. É o maior paquete de axudas a un sector da historia da nosa comunidade, un dos maiores investimentos na hostalería de toda España —de toda España, esa é a realidade—, demostrando así que a situación é moi complexa —claro que si, moi difícil— especialmente para os que a sofren en primeira persoa e que non deben ser utilizados politicamente como arma arrojadiza para facer oposición. Claro que si, sofren en primeira persoa unha situación moi complexa, pero, dende logo, o Goberno galego está á altura das circunstancias.

As axudas deste plan de rescate están dirixidas a autónomos, a microempresas, a establecementos hostaleiros... Foi posto en marcha un día antes de que empezasen as restricións nos sesenta concellos galegos afectados. Un día antes anunciáronse as medidas para xerar coñecemento de todos os afectados. E acaba de ser, ademais, ampliado, atendendo todas e cada unha das demandas que solicitou o propio sector, axilizando a súa tramitación, flexibilizando requisitos e aumentando o investimento. O resultado é que nas primeiras 24 horas se recibiron máis de 11.000 solicitudes desta axuda —dun total estimado de 50.000—, que empezarán, ademais, a cobrarse xa neste mes de decembro; dentro duns días, en decembro.

Miren, para vostedes as axudas da Xunta nunca son suficientes; e eu enténdoo, son vostedes a oposición. Pero eu o que lles pido é certa obxectividade, porque cando estas dependen dos concellos ou das deputacións nos que gobernan vostedes, o discurso é moi distinto.

Miren, señorías, Galicia é por moito unha das comunidades que dá maiores axudas á hostalería. O País Vasco dá entre 3.000 e 4.000 euros; La Rioja, entre 3.500 e 5.000; Castilla y León, 3.500; Cataluña, 1.500; Galicia, entre 3.600 e 9.200 para máis de 50.000 profesionais. Esa é a diferenza. Ogallá puidésemos facer máis. E estou seguro de que se a situación se alonga teremos que facer máis, pero non se nos pode dicir que non facemos máis que os demais, cando si facemos máis que os demais. Vostedes non son xustos nin co Goberno, nin sequera coa realidade, nin sequera cun sector, ao que están utilizando.

Ademais deste plan de rescate da Xunta, tamén se acaban de poñer en marcha outras medidas como axudas para a adaptación de terrazas ou axudas para a compra de envases para comida para levar —máis de tres millóns de euros—; tamén puxemos en marcha axudas para sufragar os gastos de alugueiro do sector do ocio nocturno; préstamos con tres anos de carencia —preguntaba vostede que facían dende o Igape, pois préstamos con tres anos de carencia—; ou a liña de axudas para o mantemento do emprego neste sector.



Os orzamentos de 2021 consolidan rebaixas fiscais por valor de 500 millóns de euros. ¿Sabe que fai o Goberno socialista en Madrid? Subirlles impostos aos autónomos, aos hostaleiros e ás familias. Iso é o que nos diferencia, señor Rivera; vostede que non entendía as diferenzas. Mire, as medidas aprobadas pola Xunta foron aplaudidas publicamente polos representantes dos sectores do turismo e da hostalaría de Galicia; polo clúster do turismo, sen ir máis lonxe. ¿Por que? Porque traballamos man con man con eles para poñelas en marcha; co clúster e coas distintas entidades que representan a hostalería de Galicia.

E, por iso, expertos económicos como Santiago Lago recoñeceron na súa comparecencia neste Parlamento que a resposta da Xunta de Galicia fora áxil e eficiente —jáxil e eficiente!—, e, por iso, as medidas foron aplaudidas tamén a nivel nacional, con declaracións como as que fixo o presidente de ATA España, Lorenzo Amor, que comenta unha noticia na súa conta oficial de Twitter onde se fala das axudas establecidas pola Xunta de Galicia e onde di: *«A ver si cunde el ejemplo en el Gobierno central y en otras comunidades. Así es como se apoya a autónomos y a empresas de hostelería: decreto el cierre por restricciones sanitarias pero compenso a los afectados. Así se ha hecho también en Francia y Alemania»*. Isto é o que pensa ATA España, que representa un bo número de autónomos.

Mire, nós o que lle pedimos é a implicación de todas as administracións. O Goberno galego fai o que desenvolveu ao longo destes días, publicadas as convocatorias e as ordes no DOG, pero, ¿que fan outras administracións, especialmente aquelas nas que gobernan vostedes? Voullo contar eu. Mire, mentres a Xunta aprobaba a maior liña de axudas ao sector na historia de Galicia, ¿que facía o BNG? É máis, o día despois de rexistrar esta moción que estamos debatendo —ao día seguinte de rexistrar vostedes esta iniciativa—, ¿que facían no BNG, señorías —eu refréscolles a memoria—? ¿Que facían alí onde gobernaban? (*O señor Tellado Filgueira amosa un documento.*) Pontevedra: *«El acuerdo entre los hosteleros y el Concello continúa en vía muerta»*. Pontevedra: *«La hostelería clama por ayudas claras y la exención de tasas en una caravana por el centro de Pontevedra»*. Ayer: *«El Concello de Pontevedra se queda solo en su rechazo a aliviar la carga fiscal por el covid»*. Señora González, isto é o que facían vostedes.

Mire, onte no Pleno do Concello de Pontevedra debatíase unha moción do Partido Popular na que pediamos axudas directas do Concello e exención de taxas e impostos municipais para a hostalería. ¿Sabe que votaron vostedes? Votaron en contra. ¡Votaron en contra! Non parece razoable, señora González —ten que convir comigo—, seguir cobrándolle taxas e impostos municipais a quen non pode desenvolver a súa actividade. ¿Sabe cal foi a proposta que fixo onte o Goberno do señor Lores? Pois montar unha tirolina de 150 metros na rúa Reina Victoria; esa é a solución do Goberno municipal de Pontevedra onde vostedes gobernan. ¿Sabe cal é a súa filosofía? Fagan o que eu digo, non o que eu fago. Esa é a filosofía do Bloque Nacionalista Galego.

Non é moito mellor a actitude e o comportamento do Partido Socialista. ¿Que facían no PSOE? Pois explícollo eu, denunciar e bloquear as axudas de autónomos e da hostalería que establecía a Deputación de Ourense: *«El PSOE de Ourense eleva un recurso contencioso-administrativo por las ayudas de autónomos»*. Catro millóns de euros, 5.000 autónomos beneficiados de 91 concellos, axudas directas de 600 euros xa cobradas... ¿Cal é o compromiso de PSdeG-PSOE cos autónomos e cos hostaleiros? Recorrer nun xulgado esta convocatoria para ver se con-



segue que os autónomos de toda a provincia de Ourense teñan que devolver as axudas. Iso é o que lle preocupan ao PSdeG-PSOE os autónomos e os hostaleiros de toda Galicia.

Mire, señora González, a orde da Xunta de Galicia di que os locais de hostalería, para poder acollerse a estas axudas directas, teñen que verificar unhas perdas do 45 % con respecto á facturación do mesmo período no ano anterior. Unha vez que se constata ese feito, poden cobrar esas axudas. ¿Sabe que exige o Goberno de España para poder cobrar as que estableceu dende o Goberno? O 75 % e que paren. Non lles permite adicarse á actividade a domicilio. Non, non, o que piden é que paren, que paren. Nós, dende logo, imos apoiar os hostaleiros para que poidan traballar, gañar o diñeiro e ter os recursos que precisan as súas familias. Queremos que poidan traballar, e mentres non o poidan facer con normalidade, haberá axudas da Xunta de Galicia.

Eu pediríalles propostas concretas que contribúan á mellora deste sector, fundamental para a economía galega. Pero o que non é de recibo é que vostedes veñan aquí facer demagogia cunha iniciativa. E pediríalles que apliquen o conto e que alí onde gobernan adopten decisións para contribuír. Porque se todas as administracións colaboran —a local, a provincial, a autonómica...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e a estatal— estou seguro de que contribuiremos a mellorar a calidade de vida de moitas familias galegas que viven dun sector como é a hostalaría. Se vimos aquí a criticarnos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e a facer demagogia con desinformación —como fai o PSdeG-PSOE— ou con iniciativas trampa, que vostedes nin sequera aplican alí onde gobernan, dende logo, fraco favor lles facemos ás familias que dependen da hostalería.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Imos pedir votación por puntos da súa iniciativa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Mire, señor Tellado, en primeiro lugar, agradézolle que non me diga que estou desinformada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Xa, pois por iso, estou agradecéndollo. Pero hai un problema, porque os datos que dei eu non son os mesmos que deu vostede. Ou estou mal informada ou está vostede mal informado, ou vostede ten información que nós non temos. Aquí hai algo que non cadra. E despois acusa vostede o



deputado do PSOE de informarse en Twitter e vostede acaba de lanzarnos unha información sacada directamente do Twitter. *(Aplausos.)* Aquí hai algo que non nos cadra moi ben.

E mire, é certo, a Xunta de Galiza acaba de sacar axudas, axudas directas. Eu díxeno na miña intervención. O problema desas axudas é que acaban de saír agora mesmo e chegan tarde. ¿E sabe cal é o problema de cando algo chega tarde? Que curar unha enfermidade custa máis. É dicir, se as axudas saen antes, a situación vai sendo controlada; no momento no que as perdas continuadas de oito meses están acumuladas nun autónomo, recuperarse diso é moito máis difícil e as axudas van ter que ser maiores. Esa é a realidade. A Xunta de Galiza acaba de sacar as axudas a autónomos este mes, e iso é irrefutable. Non nos diga que foron os primeiros porque non é verdade. *(Aplausos.)*

Despois dime vostede que os hostaleiros están facendo un gran sacrificio para salvar vidas. Dende logo, dende o BNG nunca vai oír unha palabra en contra diso. O que non é de recibo é que ese sacrificio por salvar vidas vaia sempre ao custo e ás espaldas dos hostaleiros e dos autónomos. *(Aplausos.)* Niso temos que estar os que estamos aquí para reverter esa situación e que poidan saír adiante.

E despois faláballes dos datos. Claro, dime vostede que non sei cantos millóns, que axudas de microempresas... Pero é que iso non saíu; a orde non está. Por iso digo que debe ter vostede datos que nós non temos, porque nós non sabemos como van saír as axudas da hostalería. Sabemos o anuncio que se fixo dende a Xunta de Galiza no que dan unhas condicións para a prensa, pero a orde está sen convocar. O mesmo pasa coas de microempresas. É dicir, non podemos vir aquí con datos e dicirlle a vostede se está ben ou está mal se non temos esas axudas. Non saíron, non están.

E as maiores de toda España asegúrolle que non son, porque, ademais, mire, eu pódolle garantir unha cousa: os datos que eu manexo son informacións das comunidades autónomas, nin sequera da prensa. Entrei en todas as comunidades autónomas de todo o país e fixen unha comparativa das axudas e podo asegurarlle... Falamos de axudas, non de préstamos, porque se lle poño os préstamos, entón, xa quedamos case á cola con algunhas.

Dinos vostede que temos problema porque no concello de Pontevedra están protestando os autónomos. Eu creo que vostedes tamén teñen algún problema, jeh!, porque os hostaleiros están na prensa e están saíndo e reclamando o que eu lle dicía, e mañá van estar aquí no Parlamento. É dicir, algo pasa. *(Aplausos.)* Algo non se está facendo ben.

Ben, pois iso é o que insta o BNG. O BNG sempre está instando en plan construtivo: queremos que senten coas persoas responsables, cos interlocutores válidos, e pacten. *(Murmurios.)* Non. Vamos ver, o que fixeron vostedes foi: chegar a unha reunión final, poñer diante deles unha proposta e que a asinasen. E eles dixeron que non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non se ampliou. Ampliouse a cantidade e nada máis. *(Murmurios.)*

Mire, claro, pero é que eles non están falando de ampliar cantidade, están falando de que queren medidas que garantan os seus negocios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, mire... Claramente estamos ante un problema de falta de medidas para salvar a hosta-



lería, os autónomos e as microempresas deste país. E, ante iso, temos que facer un plan de rescate. A Xunta ten que pór en marcha un plan de rescate real para as persoas autónomas; un plan de rescate dialogado e consensuado cos sectores, no que se recollan as súas demandas e que garanta a continuidade dos negocios e das empresas. Un plan de rescate con previsión de futuro; non para agora, senón a medio, curto e longo prazo. E un plan de rescate que se poña en marcha de inmediato; non con anuncios, senón no DOG —como vostede di—. E para o ano que vén nos orzamentos da Xunta de Galiza ese plan de rescate ten que ter unha partida mínima de 200 millóns de euros. En definitiva, hai que poñer en marcha un plan de rescate que garanta a supervivencia dos autónomos, das autónomas e das pemes deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rematado o debate sobre as mocións, procedemos á votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos concellos respecto da incidencia da covid-19, así como ao Parlamento de Galicia, en relación co persoal que traballa na Central de Seguimento de Contactos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que foi aceptada.

Votamos.



Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora González Iglesias... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vamos ver o que di a señora González Iglesias, que é a que formulou esta moción.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Non hai problema, votámolo por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a votación por puntos?

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Si, aceptámola.

O señor PRESIDENTE: ¿Que puntos? ¿Como queren separar os puntos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Hai dous? ¿1 e 2? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoe, eu non sabía os puntos que había. Preguntei... Podía haber máis, ¡eh! (*Murmurios.*) É normal que pregunte porque non sei os que había.

Hai dous, perfecto. Pois nada...

Votamos o 1.

Votación do punto 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2.

Votación do punto 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 14.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto 2.

O señor PRESIDENTE: Un punto aprobose e outro non se aprobou, pero esa é a moción.

Grazas.

E agora continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Espere, que hai moito barullo, espere un momento.

Esperamos a que se desaloxe un pouco isto, que hai moito barullo.

(Pausa.)

Vale, imos comezar. Por favor, baixemos un pouco o ton para que poida intervir a señora Rodríguez Dacosta.

Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

O Grupo Parlamentario Socialista traemos hoxe unha proposición que trata da situación do mercado laboral dos nosos mozos e mozas, instando o Goberno galego a que con inmediatez poña en marcha un plan de choque do emprego xuvenil que deseñe medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo o efecto desánimo dos mozos e mozas galegos e facilitando a súa inserción laboral.

Faremos unha diagnose previa da situación das condicións nas que se atopa baseándonos nos datos do terceiro trimestre da EPA e nun informe elaborado pola UGT en relación con esta temática. Os datos, como verán, cualifican a situación do mercado laboral da xuventude en Galicia como precaria, inestable e sen dereitos.



A precariedade é un conxunto de situacións que determinan unha situación de desvantaxe ou desigualdade, caracterizada neste caso por unha curta duración dos contratos. A maioría dos contratos que ostentan os mozos e mozas teñen unha duración inferior a un ano, como veremos, con elevados índices de temporalidade, reducións de xornadas non desexadas, alto índice de xornadas a tempo parcial —tamén como veremos—, brecha xeracional, salarios inferiores con respecto ao resto de idades ocupadas, exceso de horas extraordinarias con ou sen remuneración —case sempre de realización obrigatoria— e todo o que conleva a maiores, incluso un sistema de perigo para a saúde dos traballadores, mozos e mozas.

Ben, hai un tempo que somos testemuñas en Galicia de que estas variables definen perfectamente a situación no mercado laboral galego. Os datos da EPA do terceiro trimestre reflicten que se reduce de forma alarmante a poboación activa. Temos 17.400 mozos e mozas inactivos máis, 7.600 mozos e mozas desempregados máis e unha perda de poboación activa —como dicía— de máis de 20.000 persoas neste colectivo.

Se comparamos a evolución da situación de desemprego entre os anos 2019 e 2020 —datos, como dicía, actuais—, pódese observar como se produce un importante aumento de persoas desempregadas menores de 35 anos en termos absolutos de 7.600. Por tramos de idade, dentro do colectivo da xuventude o que presenta un maior volume de persoas en situación de desemprego é o dos mozos e mozas de 25 a 29: 22.100, nada máis e nada menos.

Pero, como dicía, aínda máis grave que a evolución do desemprego resulta a caída da actividade e o incremento da poboación inactiva, porque, se ademais de analizar a poboación en situación de desemprego —como fixemos—, temos en conta a avaliación da poboación activa, obsérvase unha forte caída: 20.200 persoas menos entre os mozos e mozas. No que respecta á poboación ocupada, hai en Galicia actualmente 208.900 persoas menores de 35 anos nesta situación, o que supón unha contracción con respecto a hai un ano de 27.900.

Pero tamén moi preocupante é a taxa de paro da xuventude galega, que se sitúa nun 21,6 %; 9,8 puntos superior á do conxunto de idades, que é dun 11,8 %. En tan só un ano os mozos e mozas galegos perden catro puntos de taxa de actividade. En sectores, a expulsión do mercado laboral sabedes que se produce sobre todo no sector servizos, que é onde máis están representados os nosos mozos e mozas, no sector da hostalería, por exemplo, e tamén no do comercio.

O alto nivel de desemprego e a mala calidade deste son as principais liñas que definen a precariedade laboral da xuventude. As políticas de emprego que se viñeron desenvolvendo pola Xunta de Galicia, as políticas activas de emprego que competen en exclusiva a esta comunidade autónoma, son transferidas dende o Estado á comunidade e foron totalmente deficientes para eles. A posta en marcha pola Consellaría de Economía e Emprego dun programa para a xente moza galega, dende logo, non está a ver os resultados esperados, porque os datos do plan son os que son.

En canto á formación, se tamén miramos as variables da formación das persoas novas menores de 30 anos en situación de desemprego, chama a atención que, a pesar de que teñen máis formación, un 22,87 % de persoas menores de 30 anos e con estudos superiores se ato-



pan en situación de desemprego. É certo que, canta máis formación, menor taxa de paro, salvo —como dicía— nos estudos superiores, sobre o que temos un problema, pois xa falamos en sede parlamentaria da fuga de cerebros que se está a producir en Galicia.

Se corenta persoas das persoas menores de 30 anos tamén as encontramos en situación de desemprego e teñen a primeira etapa de educación secundaria ou similar, son necesarias políticas de formación e emprego para mellorar a súa cualificación e empregabilidade.

Outra variable é a xornada de traballo. Se analizamos a situación laboral da xuventude segundo o tipo de xornada, obsérvase que un 19 % traballa a tempo parcial en Galicia —5,7 puntos máis que no conxunto de idades—. Entre os menores de 25 anos, como sempre, a parcialidade dispárase a un 32 %. Hai que indicar, ademais, que, lonxe de diminuír, no último ano se contrataron 6.900 persoas novas máis a tempo parcial que no ano anterior. Creo que é complicado facer un proxecto de vida con este tipo de contratos.

Lonxe de ser unha opción voluntaria —porque ás veces nos venden que os xoves queren estudar e compatibilizalo cun contrato de xornada a tempo parcial—, isto non é certo. O 54,9 % das persoas novas contratadas a tempo parcial manifesta que non o fan por iniciativa propia, senón porque é o que teñen encima da mesa. Como dicíamos, a temporalidade afecta un 45,8 % das persoas asalariadas menores de 35 anos, 21,2 puntos máis que no conxunto de idades.

Os datos referentes á duración dos contratos —tamén os asignados, é unha importante variable— poñen de manifesto como a xuventude se enfronta a peores condicións que o resto da poboación traballadora en Galicia. O 34 % dos contratos das persoas novas ten unha duración inferior a un ano. E tan só un 4 % manifesta ter un contrato dunha duración superior a tres anos. Entón, como dicíamos, ¿como se emancipan?, ¿como fan un proxecto de familia e un plantexamento de vida? A maioría deles son contratos laborais asinados —como sabemos— como contratos de obra, a un servizo determinado, ou como contratos por circunstancias da produción.

Ademais de aumentar a contratación temporal fronte á indefinida —concretamente seis puntos no último ano—, a taxa de temporalidade das mozas e dos mozos galegos é dun 52,7 %, fronte ao 27,2 % do resto de idades; nada máis e nada menos que 25 puntos máis.

Se falamos de salarios, a brecha salarial é impresionante. As persoas menores de 25 anos perciben unha media de 12.417 euros ao ano fronte aos 24.009 que se percibe no conxunto de idades, o que supón unha diferenza de 11.590 euros anuais. Isto dá lugar, loxicamente, a unha brecha salarial do 48,20 %.

En referencia ás horas extraordinarias, podemos seguir coas variables nas que nos encontramos: os xoves galegos están nunha situación totalmente precaria, e é que o 6,2 % da xuventude galega realiza horas extraordinarias, fronte ao 4,98 % do total de idades —máis de dous puntos por riba do resto da poboación ocupada e tamén superior ao 5,39 % do conxunto do Estado—. É dicir, en todas as variables, as mozas e mozos galegos —sobre todo se contamos a etapa de 25 a 29— superan as estatísticas.



O Programa de garantía xuvenil, señores e señoras do Partido Popular, non está a funcionar. Os datos son clarificadores, xa que na EPA do terceiro trimestre hai un aumento de 7.600 persoas en desemprego e unha perda de poboación activa, que resulta alarmante, de 20.200. Se a pandemia afecta de por si ao mercado laboral de forma contundente, no colectivo xuvenil é, se cabe, máis alarmante, xa que se constata como as porcentaxes de afectación son máis acusadas en calquera das variables analizadas. As políticas de Feijóo nestes anos, na última década, só precarizaron o mercado laboral. Non se buscou un mercado de calidade, non se buscou que os salarios subisen, non se buscou que os contratos fosen estables... Prímase outro tipo de contratos, como ocorre en sanidade, onde se chama a unha persoa cada dous por tres por dúas semanas, por unha semana, por un día. Se iso o fai a propia Administración galega, ¡que non farán outros ou outras empresarias! —non todos, por suposto—.

Esta situación de escaso dinamismo do mercado laboral prexudica especialmente aqueles que teñen que iniciar a súa vida laboral, porque...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Nada máis na miña primeira intervención. Seguirei na segunda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Eu, hai ano e medio, aproximadamente, facía unha intervención arredor desta cuestión e falaba dunha cousa. E é que ser moza neste país significaba varias cousas: saber que non vas ter un emprego; saber que, se o tes, vai ser en completa precariedade; e saber que tanto unha cousa coma a outra abocan directamente a unha emigración forzosa en busca dun traballo ou ben de mellorar as condicións dos que se teñen.

Ano e medio despois vemos como isto segue completamente igual. Hoxe en día a mocidade galega ten que enfrontar unha situación de precariedade extrema se ten a sorte de traballar ou, case diría, o milagre de poder traballar. E a gran maioría continúa no desemprego ou na emigración. Os datos tamén fan, e fálannos de preto de 80.000 mozas menos neste país dende que o señor Feixóo goberna. Isto viría a engrosar directamente a porcentaxe de desemprego que marca a EPA. Os datos son moi útiles pero tamén moi manipulables. E creo que todo o mundo sabe que, cando interesan, se dan dunha forma; e, cando non, danse dou-



tra. Pero temos que entender que á realidade tamén lle gusta impoñer o seu criterio. E a realidade das mozas deste país —e a voceira do PSdeG-PSOE facía alusión a isto— é a desmobilización, a desilusión, a tremenda preocupación que teñen, xa que non saben cando van poder volver traballar, non saben canto lles vai durar o seu contrato —que normalmente é moi pouco, como veremos— e non saben onde estarán no ano seguinte, en que parte do mundo.

A mocidade galega asinou neste ano 2020 preto de 130.000 contratos. Temos que salientar que un dos grandes indicadores da precariedade é a temporalidade nos contratos de traballo. Máis do 90 % dos contratos que asinou a mocidade galega neste ano 2020 foron contratos temporais, contratos por horas, contratos por días ou contratos por poucos meses. Eu, como traballador da hostalaría durante moitos anos, sei perfectamente o que é asinar tres ou catro contratos cada semana; sei perfectamente o que é traballar nunhas condicións de precariedade absoluta e de condicións laborais cero ao traballar doce ou trece horas diarias, durante seis días á semana e sen que ninguén che pague as horas extras. Iso sabémolo. A mocidade galega sábeo. Eu creo que iso tamén debería sabelo este Parlamento e tomar medidas ao respecto. *(Aplausos.)*

Precisamos de ter un emprego digno, un emprego de calidade, un emprego que axude a fixar poboación. Falabamos pola mañá dese devalo demográfico que ten o noso país e que é salientable eu creo que para todas as forzas. Pero ¿como vai existir un emprego digno na nosa terra cando a acción do Goberno galego nos últimos dez anos foi dirixida a enfraquecer o noso tecido industrial e a debilitar os nosos sectores produtivos?! ¿Como a mocidade galega, nestas condicións, vai poder traballar no país con dignidade?!

O Goberno do Partido Popular é un experto —iso di moita xente, e eu tamén o digo—, pero é un experto en vender o noso país á precariedade que impón a axenda neoliberal, ao afondar nun modelo colonial cunha sorte de hostalaría e turismo de baixo custo que trae unhas condicións laborais totalmente precarias e que vén a converter o noso país nun parque temático da precariedade laboral para así seguir mantendo os privilexios da metrópole.

Ás mozas deste país estáselles negando o dereito de ter unha vida propia, unha vida digna no noso país e na nosa terra. ¡Xa abonda, señoras e señores do Partido Popular de desprezar a mocidade galega!

Sabemos que a mocidade galega non confía no Partido Popular, non confía nin a nivel social nin a nivel político. E iso vímolos perfectamente nas urnas. Pero eu creo que iso non pode ser motivo para que o Goberno galego do Partido Popular obrigue á emigración forzosa das mozas galegas ou as condene á precariedade absoluta. ¡Xa basta, xa basta de desprezar as mozas deste país!

Adiantándome aos argumentos que pode dar o Partido Popular, vemos como o Plan estratéxico da xuventude 2021 propón unha serie de medidas para o emprego xuvenil que entendemos que fican moi lonxe de reverter o problema do que vimos falando nesta iniciativa. Nos doce titulares, nas doce epígrafes que contempla o Plan estratéxico en termos de emprego, asistimos a unha intención clara, que é a de inserir a mocidade galega nun mercado



de traballo imposto polo neoliberalismo, e que constitúe unha falta de respecto obscena cara ás mozas deste país. Non existe ningún plan real para rematar con esta situación. O único que fan vostedes é un transvasamento perverso de cartos públicos cara a petos privados ao facilitar a contratación en precario das mozas deste país.

O negocio —hai que dicilo— é redondo. Nesta etapa do sistema capitalista vemos como as administracións públicas son os principais garantes do retroceso nos dereitos laborais, que se traduce directamente en maior extracción de plusvalía, na perda de elementos chave, como son os procesos de negociación colectiva, e na perda de dereitos fundamentais para a clase traballadora.

O problema real, o problema de fondo, non é simplemente o desemprego —que tamén o é—, senón o actual mercado de traballo, que é realmente o problema de fondo. É un problema de modelo. É este mercado de traballo ao que accede a nosa mocidade e todas as medidas que van enfocadas a introducila na precariedade máis absoluta con cartos públicos.

Desgraciadamente, o problema non está só focalizado nunha bancada, xa que este mercado de traballo e o agravamento da precariedade laboral son posibles grazas ás contrarreformas laborais levadas a cabo polo Partido Popular e tamén polo Partido Socialista no Goberno central —que un bando e outro se negan a eliminar—.

Pero non quedo aí. A pandemia da covid-19 non pode utilizarse como unha escusa para todas estas situacións. Os datos eran nefastos antes. Ao que veu a crise da covid-19 foi a agravar aínda máis os problemas, a facelos aínda máis palpables. Vemos como no sector dos servizos, nun sector como é o da hostalaría, que vai ser golpeada e que está sendo golpeada duramente por esta crise, a mocidade galega vai perder moitísimo, xa que as persoas mozas que traballan nestes sectores se poden contar por milleiros.

Dicía que esta pandemia —a crise da covid— non se podía utilizar como escusa, mais si que a están utilizando como escusa. Estana utilizando como escusa para acelerar o avance da axenda neoliberal neste país, ao levar a cabo unha aceleración —como dicía antes— da dixitalización do mundo do traballo que lle vira as costas por completo á clase traballadora e que non fai máis que traer máis precariedade e máis retrocesos nos dereitos das mozas e do conxunto deste país. Nesta aceleración as administracións públicas non estiveron á altura á hora de defender os nosos intereses, como se pode ver no decreto do teletraballo ou nas nulas medidas en contra da «uberización» do traballo. Moitos mozos e mozas deste país tamén teñen moitas veces que recorrer a xogarse a súa integridade física e psicolóxica facendo de repartidoras de Glovo ou doutras empresas en situación de falsas autónomas. Isto é algo que tampouco se está combatendo, pois estáselles dando manga ancha e carta libre ás empresas para facer o que queiran coa nosa mocidade.

Non é hora de parchear, é hora de poñerse do lado da mocidade galega sabendo que é preciso tratar esta cuestión como un asunto de país. Falaba antes desa debacle, dese enfraquecemento do sector industrial do noso país e dos sectores produtivos. Isto está directamente relacionado con iso. Necesitamos un acordo de país para garantir o traballo da mocidade galega, para xerar máis traballo na industria, para xerar valor engadido nos nosos sectores



produtivos, para facer que se poida fixar aquí poboación e para que o noso país realmente avance, realmente prospere e sexamos quen de crear un emprego estable e de calidade que permita que a xente quede aquí, que volvan esas preto de 80.000 mozas —se así o desexan— ao noso país e que esta terra teña futuro.

Obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos Santomé.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías, moi boas tardes.

Señor Ríos, estiven escoitando atentamente a súa exposición, e agradézolle o ton, que ademais entendo que foi construtivo. Só houbo unha cousa que non lle entendín. Dixo vostede que se notara nas urnas que a xuventude non apoiara neste caso o Partido Popular. Eu non sei onde o notou nas urnas. O que sei é que o Partido Popular ten unha maioría ampla en Galicia e vostedes teñen o que teñen. Non sei se vostede sabe diferenciar nas urnas cales son os votos da xuventude e cales son os votos do resto. (*Aplausos.*) Desde logo, eu, que levo algunha campaña electoral e que ademais tiven a honra de dirixir algunha, iso nunca o souben. Se vostede mo pode dicir despois, agradeceríallo, porque un sempre está disposto a aprender.

Señorías, tan só hai que ler a proposta deste acordo, ou desta iniciativa, para ver que o Partido Socialista non toma en serio este tema. Aproveita que todas as forzas políticas coincidimos na necesidade de traballar por un futuro mellor para os mozos, un colectivo dos máis prexudicados pola crise laboral derivada da pandemia —niso estamos seguros—. Pero vostedes limítanse a pedir máis medidas neste sentido sen aportar ningunha idea, ningunha acción para que o executivo leve a cabo.

Mire, señora Rodríguez, voulle dar tres datos:

A taxa de paro dos mozos e mozas de menos de 25 anos é inferior en Galicia á media estatal. En Galicia é do 36,63 % e en España, do 40,45 %. É dicir, contamos cun diferencial de catro puntos a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo dato: a taxa de paro dos menores de 30 anos tamén é significativamente inferior na nosa comunidade autónoma que en España. En Galicia é o 28,2 % e en España, o 31,4 %. É dicir, un diferencial de 3,2 puntos.

Pero, se queremos ir máis alá, se queremos ir máis alá e analizamos o paro rexistrado dos menores de 30 anos con respecto a abril do ano 2009 —co Goberno bipartito—, estaban re-



xistrados 210.662. En outubro do ano 2020, 181.307; é dicir, case 30.000 menos. Esa é a situación neste momento.

Pero é certo que vostedes insisten na fórmula que ten o Partido Socialista, que é recrearse nos problemas que logo teñen que solucionar os outros. E, a pesar de todo, no Grupo Popular e na Xunta de Galicia non nos resignamos —nin estamos satisfeitos, por suposto que non—. A situación de desemprego xuvenil constitúe unha das principais preocupacións e é o centro de atención de diversas medidas postas en marcha pola Xunta en materia de políticas activas de emprego. Froito das mesmas, nos últimos anos acadáronse bos resultados que validan a efectividade das iniciativas de apoio á mellora da situación laboral do colectivo de mozas e mozos.

Nos últimos meses, o Goberno galego, consciente da especial situación do mercado laboral por mor da covid, está a traballar sen pausa para garantir o mantemento da actividade e do emprego. Un dos ámbitos prioritarios de actuación do Plan estratéxico de xuventude Galicia 2021 é precisamente o emprego e o emprendemento. E neste eixe enmárcanse os diferentes programas que ten a Xunta de Galicia en marcha. Está previsto investir máis de 9 millóns de euros en accións para o emprego das mozas e dos mozos galegos nos próximos dous anos. Deste xeito, poríanse en marcha programas orientados á mellora da capacitación para que poidan incorporarse ao mercado de traballo.

Falamos, señorías, dos programas de emprego para persoas mozas para comezar a etapa profesional; dunha liña específica para persoas mozas menores de 30 anos, que prevé beneficiar máis de trescentos desempregados; do programa Emprega Xuventude; do apoio dual ás empresas, que inclúe o bono de contratación de 3.000 a 6.000 euros para as empresas que contraten menores de 30 anos, ou o bono de formación. Falamos das iniciativas dirixidas a promover, entre as mozas e os mozos, a economía social, como fórmula para o emprendemento e o emprego; ou do incentivo adicional para as persoas que se incorporen como socias traballadoras a cooperativas xuvenís. Falamos de formación e emprego, con programas mixtos que permiten obter un salario á vez que se está aprendendo —como, por exemplo, os obradoiros xuvenís—.

E poderíamos seguir, pero é só para citar nesta folla de ruta algunha das iniciativas máis importantes que ten a Xunta de Galicia. Por iso desde Galicia, señorías, queremos seguir o exemplo dos gobernos do Partido Popular, alí onde gobernaron —en España e tamén en Galicia—, que lograron baixar á metade a taxa de desemprego xuvenil —todo o contrario do que fixo o Partido Socialista alí onde gobernou—. Introduciron iniciativas como o complemento salarial de 430 euros en contratos de formación para menores de 25 anos, ou como a bonificación de 3.000 euros para empresarios que fixesen contratos indefinidos a mozos e mozas. Medidas, por certo, que eliminaron o Partido Socialista e Podemos cando chegaron ao Goberno de España —tanto unha como a outra—.

Polo tanto, nós queremos consolidar os bos datos de Galicia, que leva cinco anos consecutivos conseguindo que o número de retornados sexa superior ao de traballadores que marchan fóra (*Murmuros*). Nós non cremos na falacia daqueles que aseguran que a pandemia evidenciou o fallo do sistema liberal. Non, señoría, non. Nós non cremos nesa falacia, pois o emprego xuvenil non é mellor nos países que aplican outro modelo, como pode ser Cuba ou Venezuela. (*Aplausos*.) (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)



Remato, señorías.

Nestes días, os mozos están mostrando a súa solidariedade coas súas comunidades, ao coidar dos nosos maiores en hospitais ou simplemente nos seus vecindarios, ao afastarse da vida social ou ata organizando iniciativas conxuntas para acadar doazóns e axudar neste caso as persoas máis vulnerables.

Os mozos galegos poden ter claro que, polo menos no que ao Partido Popular corresponde e tamén ao Goberno de Galicia, non os esqueceremos. O emprego mozo será a nosa prioridade antes, durante e despois da pandemia, pero non con propostas baleiras de contido —como a iniciativa que hoxe presenta o Partido Socialista— senón con políticas avaladas con feitos e co apoio orzamentario previsto nas contas máis sociais da historia, como o está a facer a Xunta de Galicia.

Pero téñolles que dicir que, ata certo punto, resulta sorprendente que precisamente sexa o Partido Socialista quen acuda a esta Cámara —ao Pleno do Parlamento de Galicia, a máxima institución que temos na nosa comunidade autónoma— para promover un debate sobre medidas para mellorar a situación do emprego xuvenil. Digo isto —que nos sorprende que sexa o Partido Socialista— porque, empreguemos o dato que empreguemos, é moi sinxelo verificar que son os gobernos socialistas, no conxunto de España e nas comunidades autónomas onde gobernan, os que teñen o dubidoso mérito de ser os campións en destrución de emprego mozo. É dicir, son as políticas do Partido Socialista —acompañadas en moitas ocasións, tamén é certo, da imprescindible axuda dos seus socios, as forzas nacionalistas e de esquerda— as que dun xeito obxectivo e medible máis dano e máis precariedade provocaron á xuventude galega.

A conclusión é moi sinxela. Cando goberna o Partido Socialista, convértese nunha auténtica máquina de destrución do emprego xuvenil no noso país —sexa a última etapa de Zapatero, sexa o seguinte ou sexa o actual—. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, vostedes rían, vostedes rían, que estamos falando de cousas que son pouco serias...! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, vostede ten bastante na Coruña! *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, non, vostede non faga nada! *(Risos.)* Vostede, que o puxeron de arreglador na Coruña, arregle o da Coruña. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* ¡Non, vostede ten bastante na Coruña! Non sei o que quere dicir co de «tres», con «dous», con «cero»... Non entendo moi ben. Pero vostede arregle o da Coruña. A vostede nomeárono arreglador na Coruña. *(Risos.) (Fortes murmurios.)* E, como o nomearon arreglador na Coruña, ten bastante que facer, se o dá arreglado. E créame que non o vexo politicamente capacitado para arreglalo. *(Risos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Agora veñen de aprobar unha lei educativa, unha lei desastrosa, coa finalidade de igualar por abaixo, e que supón un ataque á liberdade, ao esforzo e ao mérito. Reduce avaliacións e permite pasar de curso con materias suspensas. En definitiva, recorta as capacidades das mozas e dos mozos e empeora as súas condicións profesionais, a pesar de que son básicas para que no futuro poidan atopar emprego estable e de calidade. Polo que non penso que o Partido Socialista poida dar leccións nin facelo.



E, señor..., vostede —termino— arregle o da Coruña, arregle o da Coruña...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...porque vostede, na tribuna deste Parlamento... Ademais, tiña ganas de dicirlllo. Porque, mire, cando eu entrei neste Parlamento non lle peinaba canas. Hoxe mire as canas que teño. E a verdade é que o que oín esta mañá neste Parlamento —e esta é a miña quinta lexislatura—, non llo oín a ningún deputado nada máis que a vostede. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non o mencionou, non, non... *(Murmurios.)*. Un momento, imos poñer unha pouca de orde. El dá unha opinión, pero non o mencionou a vostede *(Fortes murmurios.) (Protestas.)* Non, vamos ver... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Un momentíño, por favor! ¡Non o nomeou, non o nomeou! É verdade que foi unha intervención —tamén teño que dicilo— que ata certo modo me resultou... En fin, tamén ás veces son incapaz de conterme e, se unha intervención me gusta... E esta hoxe tamén me provocou un certo relax, ¡que quere que lle diga! *(Risos.)* Entón, eu non oín nada que, a xuízo desta Presidencia, fose ofensivo para vostede. *(Murmurios.)* ¡Non, non o oín!, por iso o estou dicindo. As alusións —xa que, neste caso, vostede me vai pedir intervir por alusións— serán valoradas pola Presidencia. Eu valoro que non houbo ningunha alusión e ningún xuízo de valor en contra de vostede neste momento, ou que puidese, dalgunha maneira, atentar contra a dignidade de vostede. Non o escoitei. Polo tanto, eu non lle vou dar a palabra. Considero que non lla debo dar, porque non, non... E, ademais, tócalle agora intervir a esta señora. Creo que non procede. *(Murmurios.)* Non, non, non. Por favor...

Señora Rodríguez Dacosta, correspóndelle a vostede pechar este debate da proposición non de lei.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Eu entendo que o señor Balseiro non queira falar de emprego xove e que prefira mirar nesa bancada a un compañeiro meu, chamarlle arranxador e facer unhas críticas que non viñan ao caso para este tema. Pero, bueno, nós si queremos falar de emprego xove e non da Coruña.

Imos falar de datos, como vostede dicía, porque vostede sacaba peito respecto duns datos comparativos coa variable estatal. Eu tamén podo darlle datos e non sei que lle van parecer, porque a parcialidade —a dobre parcialidade, falamos— dun contrato temporal dun tempo determinado —de menos dun ano normalmente, e ademais a tempo parcial— en España está nun índice dun 6,9 %, pero é que en Galicia está nun 14,3 %. Quero dicir que a min non me parece que poida botar peito sobre os datos se os comparamos cos do Estado español. É que sempre imos perder, sempre imos perder.



Cando tamén falamos dos parados que temos en Galicia menores de 30 anos, ou menores de 25 anos... Claro, en Ourense —eu son de Ourense— dentro de pouco van chegar ao pleno emprego, e non imos ter xoves desocupados. ¿Por que? Porque non imos ter xoves.

E cando antes eu lle falaba de que 20.200 mozos e mozas se foron de Galicia, o que lle dicía é que se foron a outras comunidades que teñen máis opcións de emprego de calidade ou ao exterior. ¿Pero que pasa? Que, nese momento, eses 20.200 mozos e mozas xa non buscan traballo en Galicia e xa non son desempregados de Galicia. Entón, claro, así creo que é bastante inapropiado utilizar os datos. Porque eu creo, señor Balseiro, que vostede coñece un montón de xente que ten fillos, ou ten netos, que acabaron as carreiras, que os formamos aquí en grandes universidades galegas e resulta que tiveron que coller a maleta esa da que falaba o señor Feijóo e tiveron que marchar. Agora fixeron un proxecto de familia, un proxecto de futuro e un proxecto persoal fóra da nosa comunidade e xa non van retornar.

O Partido Socialista facía unha proposta en positivo, que era elaborar un plan. ¿E que hai que facer? O que hai que facer é mirar a demanda que temos no mercado laboral de abaixo a arriba, por zonas, por comarcas, formar os nosos xoves e facer incentivos para a contratación das empresas que teñan esa necesidade de contratación. E iso non se está a facer, estase a facer de arriba a abaixo e non de abaixo a arriba, porque facemos obradoiros con categorías de peóns, pero, claro, son seis meses formándose para que despois chegue un momento en que non teñan a formación adecuada, xa que para peón, que eu saiba, non se necesita un título profesional; simplemente con traballar nunha obra adquires esa condición.

Despois, podemos falar de datos concretos e de testemuños concretos que saíron publicados na prensa e que non os digo eu, pero antes quería facer mención —porque me acordo dun plan que concretamente mencionou vostede ou que está na relación da Consellería de Traballo, que é «Programas integrados de emprego»— a que o ano anterior foi concedido ao concello de Dodro, que conseguiu un compromiso de integración laboral dun 60 %, e resulta que este ano non se lle concede este programa, como a outros concellos da comarca, para concederllo —un destes programas, destes proxectos— á fundación DomusVi, e non creo que sexa a fundación DomusVi o exemplo de contratación que queremos en Galicia.

Ben, voulle falar tamén dalgunha publicación ao respecto na prensa, concretamente en xullo do 2020 —e non o escribín eu, jeh!—. Di: «As alarmas demográficas resoan en Galicia máis alto que nunca. O territorio galego queda sen nenos e xoves, e a emigración forzosa non é un fenómeno do pasado. As estatísticas da Xunta cifran en cerca de 300.000 os galegos que fixeron a maleta con destino ao estranxeiro e a outros puntos de España». A diferenza da diáspora... Como non me vai dar tempo, vou pasar ao testemuño desta persoa.

Di: «En Galicia hay un aumento continuo y una acuciante falta de persoal sanitario para atender a una poboación que emula en envejecimiento a países como Japón. Desde que se graduó en el 2011 la coruñesa pasó cuatro años metiéndose en la ducha con el teléfono móvil por si la llamaba el Servicio Gallego de Salud para hacer sustituciones, a veces de pocos días y a distancias que podían llegar a varias decenas de kilómetros de su domicilio. Tras probar la esclava vida de enfermera eventual de la sanidad pública gallega, decidió coger la maleta: “O me marchaba o me quedaba en casa de mis padres pegada al móvil, ya que si no contestas te penalizan y dejan de llamarte. Una vez me llamaron



quinze minutos antes de empezar el turno para que me incorporara ya”, explica a sus 29 años. Solo llegar al Reino Unido, entró a trabajar en la UCI de un hospital público con contrato indefinido, sueldo y vacaciones. No se lo podía creer. En los tres años y medio que pasó en ese centro, ha recibido varias subidas de sueldo por su experiencia, además de cursos de formación. Pero ha decidido volver. “La experiencia con el coronavirus ha sido muy estresante, me ha ayudado a pensar que quiero estar cerca de mi familia y amigos”, explica María. Su experiencia en el hospital inglés le permite subir puestos en la lista del Sergas y aspira a lograr contratos más estables de uno o tres meses.»

Bueno, eu creo que estes testemuños dino moi claro: precariedade, baixos salarios, condicións francamente indignas para os nosos xoves...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: É certo que agora estamos nun horizonte complicado, pero temos armas para conseguir que os que están hoxe aquí —os mozos que acaban hoxe as carreiras profesionais, os mozos que están facendo formación profesional— sigan o camiño do emprego, dun emprego de calidade, dun emprego estable. Que a Xunta de Galicia analice o programa que está a desenvolver tanto na xuventude galega como no resto —pero neste caso nos mozos e mozas— e evite que estes mozos teñan que fuxir da nosa comunidade.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia Innova 2020

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 3552 (11/PNP-000381).

Emenda de adición.

Engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

«3. Convocar, con carácter de urxencia e á maior brevidade posíbel, a orde de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galiza, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para 2020.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000381).



Emenda de substitución.

Débese substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a: Elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar o gasto total en Investigación, Desenvolvemento e Innovación para situar a Galicia na media Española»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

A actual crise económica ten a súa orixe nunha crise sanitaria —como todas e todos saben— e as consecuencias sobre a vida e a saúde das persoas en todo o mundo son potencialmente devastadoras. As consecuencias económicas son un resultado derivado directamente da estratexia de minimizar os custos humanos da epidemia en condicións de incerteza colectiva.

A estratexia para suprimir a epidemia reduciu considerablemente a actividade económica. A produción e o consumo en condicións normais son inseparables do contacto social; canto máis tempo dura o illamento social máis profundas e incalculables son as consecuencias para os individuos e as empresas.

A evolución da economía está moi determinada pola evolución sanitaria e, polo tanto, pola posibilidade de realizar actividades sociais con normalidade, entre elas as de moverse facilmente.

Ninguén ten total seguridade, porque ninguén sabe o que vai pasar. Descoñecemos a duración da crise, se haberá máis gromos ou como será, se, pola contra, os esforzos de investigación están facendo posible unha vacina ou dúas, segundo as últimas novas. Temos que apostar cada vez máis pola investigación, o desenvolvemento e a innovación. É imprescindible avanzar cara a novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional.

As expectativas para o ano actual e os anos 2021 e 2022 falan dunha ralentización do crecemento moi importante debida á pandemia da covid-19. A aparición de novas actividades e novas formas de produción obriga o ámbito público a reforzar esta transformación estrutural. O elemento central deste novo escenario da produción industrial é o coñecemento, que tería que conducir a nosa economía cara a unha maior produtividade, que permitirá, á súa vez, unha mobilidade no emprego.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas da I+D+i, de apoio ao emprendemento e de estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas. É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxec-



tivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial; non só dos tecidos industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais tradicionais.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da industria 4.0.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos consolidar a Galicia como territorio innovador para mellorar a competitividade das empresas, favorecer o crecemento sostible e xerar postos de traballo de calidade. Para conseguir eses obxectivos, o plan pretendía: incrementar nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D; aumentar nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras; sumar un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras; incrementar un 15 % do volume de negocio en produtos novos ou mellorados; e acadar un 1,7 % de gasto sobre o produto interior bruto. ¡O 1,7 %! —despois veremos que nada máis lonxe da realidade—.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia non cumpriu estes obxectivos, resulta insuficiente e carece de contido á altura dos retos do sector ante esta pandemia provocada pola covid-19. A investigación, o desenvolvemento e a innovación teñen que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta crise sanitaria e económica que estamos a vivir.

O Grupo Parlamentario Socialista demanda á Xunta de Galicia que aposte por unha I+D+i reforzada e orientada aos resultados, atendendo en prioridade as actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, fortalecendo o sistema de ciencia e tecnoloxía e incrementando as aportacións públicas a este.

O noso grupo tamén aposta por poñer en marcha mecanismos que incentiven a participación privada no sistema xeral de innovación, de maneira que o seu gasto avance cara a alcanzar o 1,5 % do produto interior bruto.

Hai un axioma que se cumpre sempre: só aumenta o investimento privado en I+D+i cando previamente aumenta de forma sostida no tempo o investimento público.

Se algo evidencia esta crise da covid-19 é a importancia de apostar pola investigación. A investigación ten a capacidade para dar resposta aos grandes retos e aos problemas do mundo no que vivimos.

O Grupo Socialista aposta por reducir as cargas burocráticas que lastran a realización de proxectos de investigación, por incrementar o número de contratos predoutorais e posdoutorais e por dotar de estabilidade a carreira investigadora. Por pór un exemplo, as plantillas das tres fundacións galegas en investigación sanitaria levan dous anos negociando o seu convenio laboral coa Consellería de Sanidade para resolver a súa precaria situación laboral. ¡Dous anos! (*Aplausos.*) Algúns investigadores da Fundación Biomédica Galicia Sur levan unha década encadeando os seus contratos.



A investigación sanitaria baixou un 11,5 % do 2018 ao 2020, como pode verse na partida orzamentaria 621B. ¿Como pode acontecer isto? ¿Como pode baixar o orzamento en investigación sanitaria? (*Aplausos.*) Mensaxe para o conselleiro de Sanidade, que hoxe falou disto e dixo que estaban niso; levan dous anos niso.

Apostamos pola investigación en eidos punteiros e tamén nos específicos, que resultan moi importantes para Galicia, como, por exemplo, nos sectores da pesca e do marisqueo. Alí onde goberna a dereita —e Galicia non é unha excepción—, o investimento en I+D+i é mínimo. Despois de tres lexislaturas deste goberno do Partido Popular, houbo tempo máis que suficiente para darse conta do erro económico e social que supuxo non apostar pola I+D+i. Non volvan cometer eses erros, señoras e señores do Partido Popular; non volvan cometer este erro.

A Xunta ten que apostar por un modelo que priorice a I+D+i, e máis nestes momentos onde a economía vai depender da innovación e da investigación. O Goberno galego ten que darlle pulo á investigación e á innovación, se non, seguiremos sendo os últimos en I+D+i. Temos que apostar por unha Galicia innovadora con compromisos concretos e avances reais ou perderemos a batalla do futuro. Xa sei que van dicir que a Axencia Galega de Innovación incrementará o seu orzamento un 25 %. Este incremento segue sendo moi insuficiente, ¡moi insuficiente!, e logo hai que executalo.

Este goberno autonómico ten moitos deberes para o futuro, como buscar unha senda de crecemento máis estable. Os sistemas produtivos baseados na innovación vense moito menos afectados pola conxuntura económica adversa. Xa non hai dúbida sobre o vínculo entre o investimento en I+D+i e o crecemento económico nos territorios. Os que máis investiron —e de xeito máis constante ao longo dos anos— son os que gozan dos máis altos niveis de riqueza e, sobre todo, de maior forza económica para soportar o ataque das crises económicas. Co vello modelo a nosa produtividade non medra. Iso soamente se pode superar se redobramos esforzos e melloramos o noso capital humano e a nosa tecnoloxía.

É imprescindible incrementar moito máis o investimento en I+D+i. Hai que mostrar aos investigadores e investigadoras que teñen unha perspectiva de carreira clara, que teñen futuro.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Socialista insta a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan de I+D+i cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar o gasto en investigación, desenvolvemento e innovación, para situar Galicia na media española. Espero que todos os grupos apoien esta proposición non de lei.

No Grupo Parlamentario Socialista defendemos a importancia de apostar por un modelo que priorice a investigación e a innovación. Por iso reclamamos á Xunta que incremente a porcentaxe de investimento en I+D+i a fin de pasar do 0,9 % actual ata o 1,5 % do produto interior bruto nos vindeiros dous orzamentos.

No actual escenario de crise económica derivada da covid-19 parte dos fondos de reconstrución serán orientados a proxectos ligados á transformación dixital e tecnolóxica da nosa



economía e a proxectos tractores para activar o cambio de modelo produtivo. Irremediabilmente a aposta pola I+D+i será a aposta polo futuro do país, e Galicia non debe nin pode quedar atrás.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde.

Lonxe de apostar na economía do coñecemento, o Partido Popular recortou durante a última década o investimento público en investigación, facendo que Galiza non só non avanzase, senón que perdesse posicións.

O investimento galego en investigación, desenvolvemento e innovación en relación co seu PIB caeu desde o 1,04 no 2008 até o 0,94 dos anos 2017 e 2018 e chegou a retroceder no ano 2019 até o 0,93 %. Un escasísimo 0,93 % fronte ao 1,24 % de media no Estado español, ocupando a oitava posición por detrás, por exemplo, de Euskadi, que leva o seu investimento en I+D+i até o 1,96 % do seu PIB —máis do dobre que Galiza—; ou Navarra, co 1,68 %; Cataluña, co 1,52 %; ou Castela-León, co 1,3 % do seu PIB, un 30 % máis que Galiza en termos relativos.

Máis lonxe aínda queda o 2,2 % da media da UE. E moi lonxe tamén o 1,53 % que se inviste na Rexión Norte de Portugal e que está gañando posicións no ámbito da UE mentres que Galiza as perde.

Estes feitos denotan, señorías, unha tendencia; non é unha foto fixa nin unha cuestión circunstancial. Galiza perde posicións nos parámetros da UE, feito que describe con precisión o nulo grao de compromiso coa I+D+i dos gobernos do Partido Popular, mentres territorios da nosa contorna máis próxima, cos que necesariamente debemos compararnos —como insistimos, norte de Portugal ou Euskadi— conseguen avanzar e gañar posicións.

Hoxe por hoxe ocupamos a posición 212 das 238 rexións europeas analizadas a través dos parámetros da UE que miden o investimento realizado en I+D+i. As causas deste retroceso teñen toda a súa orixe na deficiente asignación de recursos económicos, aínda que se manifestan de xeitos diferentes que hoxe non imos debullar completamente, senón que imos facer fincapé exclusivamente nunha das máis importantes —por non dicir a máis importante—: a xestión dos recursos humanos.

Todas as persoas investigadoras coinciden en que a falta de estabilidade laboral é o principal atranco para o avance das propias investigacións. O feito de ter que preocuparse permanentemente pola continuidade no posto de traballo; de ter que estar pendente de trámites e pra-



zos para renovar subvencións; de que os contratos teñan unha duración menor que a requirida para poder acceder a determinado status investigador e con iso a proxectos de maior dimensión; o feito de existir estruturas públicas onde o 90 % do persoal investigador é eventual; os baixos salarios, etc. son grandes atrancos desde o punto de vista de chegar a consolidar o sistema, porque estas dificultades provocan abandono ou provocan fugas; é dicir, que unha estancia no estranxeiro que debería ser temporal poida converterse en definitiva debido ás mellores condicións comparativamente que atopan. En calquera dos supostos o sistema perde persoas moi preparadas nas que se investiu moito diñeiro público, que irá, no mellor dos casos, a producir coñecemento e riqueza noutros territorios.

O sistema de contratación do persoal investigador está tan en precario que ten que autopuentearse para manter a marcha. Así, atopámonos normas que falan da expectativa de superar un proceso de contratación público, ou do compromiso da entidade contratante respecto da continuidade do investigador como requisitos para optar a determinados proxectos. Todo para sortear a posibilidade —moi real— de que o persoal investigador en cuestión non teña contrato en vigor no momento de facer os trámites. Esta realidade conduce a que a mellor opción —se non a única— para gañar esa necesaria estabilidade é chegar a ser persoal docente investigador; situación na que, aínda que estable do punto de vista laboral, tampouco poderán dedicarse á investigación a tempo completo. E iso sempre que na concreta área de investigación exista esa posibilidade.

Outras circunstancias que requiren da atención do persoal investigador son o traballo administrativo, técnico e de xestión e mais a avaliación continua. A falta de persoal de xestión debidamente formado e especializado non só provoca unha gran sobrecarga de traballo para o persoal investigador, senón que tamén provoca ineficacia na xestión dos recursos; do mesmo xeito que un sistema de avaliación continua burocrático e redundante en exceso tampouco responde á súa finalidade primaria.

E, coma sempre, a precariedade e a eventualidade penalizan sobre todo as mulleres que, malia seren máis do 50 % das persoas licenciadas e de teren mellores expedientes académicos, chegan en menor medida a postos de dirección. Así que temos abandono, fuga, traballos complementarios de docencia, de xestión e coordinación, falta de medidas de fomento da igualdade e de conciliación, baixos salarios, etc. Circunstancias que conxuntamente desembocan —tal e como veñen advertindo desde certos ámbitos— en que non teñamos garantido nin tan sequera o necesario relevo xeracional.

A visión do conxunto —como dicía— que ofrecen estes feitos non dá para a compracencia. Nunca chegaremos a tecer unha rede eficiente de xestión do coñecemento nestas condicións. Cómpre tomar medidas, a comezar por aumentar o investimento en I+D+i e por modificar en profundidade o modelo de contratación e xestión dos recursos humanos en todo o sistema galego de investigación.

A este respecto, a representante de InvestiGal, na súa comparecencia na Comisión de Reactivación, deixaba algunha reflexión de interese que facemos nosa e tamén algunhas propostas. Primeira reflexión: os recursos humanos son precisamente o pilar fundamental da investigación, polo que debemos poñer en valor o punto de partida profesionalizando e es-



tabilizando o persoal investigador. E segunda reflexión: o financiamento da investigación non é un gasto, senón un investimento con rendementos certos a medio e longo prazo. E engadía catro propostas: dar estabilidade, eliminar períodos mortos provocados polos calendarios das subvencións, contratar persoal de xestión e implantar medidas para fomento da igualdade e da conciliación.

No BNG entendemos que a debida consideración da investigación como un sector estratéxico — e mais a constatación de que o éxito que poidamos ter neste ámbito depende de mellorar as condicións nas que o persoal investigador desenvolve a súa actividade — nos obriga a dotar o sector dunha auténtica carreira profesional do persoal investigador que contemple con claridade todas as súas fases e que garanta condicións dignas de traballo.

En canto á nosa emenda de adición sobre a convocatoria posdoutoral, como saberán esta é a única convocatoria existente na Galiza para que aquelas persoas doutoras continúen a carreira investigadora. Unha modalidade coa que non concordamos desde o BNG e coa que somos inmensamente críticos polas súas condicións, pero que é practicamente a única opción no día de hoxe se as nosas investigadoras e investigadores queren quedar na Galiza e continuar aquí a súa carreira profesional. Segundo puidemos saber, a Xunta de Galiza decidiu deixar sen convocar as posdoutorais no ano 2020 argumentando que a situación sanitaria e epidemiolóxica provocada pola covid impide volver á estadía no estranxeiro correspondente á modalidade A, que, como saben, é de dous anos de estadía na primeira etapa. Un argumento que máis parece unha escusa, porque convocatorias semellantes correspondentes a outras institucións — como as Marie Curie da Comisión Europea ou as posdoutorais do Goberno vasco — si que foron convocadas.

Sería comprensíbel que a pandemia puidese demorar a convocatoria, sobre todo pola paralización dunha parte da actividade administrativa durante o confinamento, mais o que non pode facerse é usar a covid-19 como escusa para deixar un ano en branco e non convocar — igual que aconteceu no 2015 — a orde de axudas, porque iso prexudica enormemente, en primeiro lugar, a quen xa estaba na modalidade, que queda no paro a partir do 31 de decembro, sen posibilidade de dar continuidade á súa formación e aos seus proxectos de investigación; e, en segundo lugar, a quen rematou a tese e quería concorrer a esta convocatoria porque — insisto — é a única que hai na Galiza. Desde o BNG cremos que, lonxe de non convocar, a Xunta de Galiza debería incrementar o investimento, incrementar o número de prazas e redeseñar a convocatoria para que de verdade sexa unha aposta decidida e estratéxica pola I+D+i.

Para rematar, señorías, coido que no se refire á importancia da investigación científica a pandemia veu poñernos a todos e a todas diante do espello. Tamén en moitas outras cousas, pero en canto a isto, desde logo, o seu xuízo foi implacábel en termos de vidas humanas e en termos de crise económica e social. E, como dicía, os gobernos do Partido Popular non saen ben parados do exame da súa política para I+D+i. Agardamos que haxa mudanzas de calado a este respecto. Sen ciencia non hai futuro, señorías; a investigación científica debe ser unha aposta estratéxica. É necesario e, ademais, é rendíbel.

Máis nada e obrigado, señor presidente. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Señorías, hai hoxe un ano estabamos na recta final da tramitación orzamentaria dunhas contas para o presente ano 2020; unhas contas rigorosas pero prudentes. Unha aposta por reforzar o apoio a sectores estratéxicos nos que pivotaba e pivota o modelo de crecemento económico da nosa comunidade.

Os orzamentos estaban centrados no gasto social, na I+D+i e nas axudas a autónomos e a pequenas empresas. Galicia seguía pola senda do crecemento estable, que permitía o crecemento do PIB galego preto do 3 % e un aspecto tamén moi importante: o aumento do emprego.

Un ano despois, estanse a tramitar uns orzamentos para o vindeiro ano 2021; uns orzamentos excepcionais para unha situación excepcional. Un ano no que todos os esforzos deben centrarse na loita contra a covid e na loita contra a forte recesión que se prevé que viviremos ao longo dos vindeiros anos. Para iso o Goberno galego deseñou o orzamento máis alto da historia de Galicia, pero non só en cantidade —que son 11.664 millóns de euros—, senón en calidade, investindo en gasto social, en gasto sanitario e na reactivación da economía.

Centrándonos nisto último e na Proposición non de lei traída polo Grupo Socialista, a Axencia Galega de Innovación está a xogar un papel moi importante para adiantar a capacidade investidora e así activar a economía e o emprego. A crise provocada pola covid xerou unha resposta inmediata por parte da Axencia Galega de Innovación, que trouxo consigo a posta en marcha de proxectos e de axudas orientadas na loita contra a covid-19. Non hai máis que entrar na súa páxina web e comprobar as axudas que neste ente se poñen á disposición das empresas na súa loita contra a covid-19. Galicia exporta dixital, programas de liquidez, nova aceleradora Connect, que pon co fin de consolidar proxectos centrados nas solucións innovadoras fronte á covid, ademais de programas Innovapeme, unidades mixtas de investigación ou mesmo axudas de apoios a etapas posdoutorais.

A señora Gallego e o señor Fernández indicaban na súa intervención que é imprescindible un maior esforzo económico. Por suposto, estamos de acordo. Pero, a ver se ten máis sorte a señora Gallego e llo solicita ao seu xefe de filas —a Pedro Sánchez—; a ver se lle fai caso e nos adianta algúns deses 700 millóns que aínda nos debe para poder incrementar o orzamento na Axencia Galega de Innovación.

O portavoz do Bloque Nacionalista Galego dicía que non se estaba a incrementar o orzamento na Axencia Galega de Innovación. Eu creo que non tivo ocasión ou ao mellor non tivo tempo para poder estudar polo miúdo o incremento orzamentario que se fai na Axencia.



O presuposto de Gain para o próximo ano 2021 sobrepasa os 126 millóns de euros, señor Fernández, fronte aos 101 que había no ano 2020, e supón un 25 % máis. O dos recortes, eu creo que, como sempre se está a falar deles, pasóuselle un pouco e tamén o lanzou para a Axencia Galega. Pero 126 sempre foi moito máis que 101. *(Aplausos.)*

A aposta do Goberno galego é indiscutible; os datos falan por si sós. E ese incremento no capítulo VII, pasando dos 63 millóns de euros aos 87, supón un aumento do 38 %. É dicir, son unhas contas que medran por oitavo ano consecutivo; unhas contas que teñen nos últimos catro anos un incremento medio dun 20 %; e unhas contas cuxo orzamento se multiplica en 2,5 puntos con respecto ao ano 2013.

Fala vostede, señoría, de que non se cumpriu ningún dos seus obxectivos. Eu creo que está a faltar á verdade. Os últimos datos sobre o gasto en I+D publicados polo INE son do ano 2018 —xa que os do ano 2019 non saíron polo de agora— alcanza a cifra máis alta, con 591 millóns de euros, supoñendo un incremento do 3,3 % con respecto ao ano anterior. Se facemos un balance conxunto dos últimos tres anos, veremos que o crecemento de gasto en I+D foi do 19 % en Galicia fronte ao 12 % en España. E o dos investigadores, do 22 % fronte ao 14 % a nivel estatal.

Falaba a portavoz do Grupo Socialista de que había comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista que investían máis. ¡Home! Eu non sei se o País Vasco está gobernado polo Grupo Socialista. Creo que ata agora segue a gobernar a ideoloxía nacionalista. Ou mesmo a Comunidade de Madrid, que está a ser gobernada polo Partido Popular, inviste máis que os gobernos socialistas. Eu téñoille aquí a gráfica, *(A señora Vázquez Domínguez mostra unha gráfica.)* que lla podo pasar perfectamente para que poida analizar polo miúdo os datos que lle dou. Esas cifras que estaba a dar anteriormente da aposta por parte do Goberno galego reflicten esa firme aposta de Galicia pola innovación como unha clave para incrementar a competitividade e o benestar.

Así mesmo, todos os programas e todas as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego na súa loita contra a pandemia é necesario que se fagan dun xeito eficaz e eficiente. E para xestionar os ditos recursos —necesarios en I+D— creouse moi recentemente, no último Consello da Xunta, unha comisión interdepartamental para reforzar o devandito desenvolvemento. A comisión vai contar cun grupo técnico —que é o que teñen que ter todas as comisións— para realizar ese estudo de iniciativas, propostas e proxectos concretos.

Señora Gallego, na resolución da súa iniciativa pretende que o Plan galego de I+D+i se remate en menos dun mes. Miren, señorías, é imposible o que están a solicitar, xa que depende do seu goberno estatal, que ten aínda sen facer o Plan Innova para o ano 2021-2027.

Para centralizar un pouquiño máis o debate, na Lei de medidas fiscais e administrativas de hai dous anos fíxose unha modificación esencial pola cal a Estratexia de especialización intelixente —é dicir, a RIS3— se convertía tamén no plan. É dicir, é necesario que a estratexia —a RIS 3— vaia da man do plan, porque, se non, sería totalmente incomprendible. Iso é o que lle solicitamos, que debe ir a estratexia encauzada da mesma man —como dicía— do plan; se non, é imposible poder consensuar e chegar a un maior acordo.



A emenda proposta por parte do Grupo Parlamentario Popular é acaída. É necesario ter o ano 2021 para poder realizar a nova RIS3 e avaliar o Plan Galicia Innova 2020. Por suposto que se vai realizar ese novo plan, señorías. Non teñan dúbida de que o Goberno galego así o vai facer. E vaise guiar pola Estratexia de innovación do marco financeiro plurianual do ano 2021–2027, na que se está a facer unha grande aposta económica, como dixeran ao inicio da miña intervención.

Por iso, señoría, non é realista que vostede pida facer un plan nun mes. Non está a ser obxectiva, xa que a Estratexia estatal por parte do Ministerio de Ciencia e Innovación pechou recentemente, e pechou recentemente despois de levar meses á espera. Cremos que foi a causa da covid, pero entendémolo por parte do Goberno galego. A Estratexia española da ciencia e tecnoloxía é necesario tela, para que as comunidades autónomas poidan facer o dito plan.

En canto á emenda de adición do Bloque Nacionalista Galego, é un copia e pega; tal cal, un copia e pega da Comisión 4ª. Como alí non foi proposta, trouxérona aquí a ver se coaba, ou se podíamos plantexala doutra maneira.

Señor Fernández, está a abordar unha cuestión puntual que responde a un momento temporal concreto, e xa foi informado de que, influído pola pandemia mundial, foi necesario que fose prorrogado —como xa se dixo anteriormente—. A convocatoria posdoutoral para o ano 2020 foi prorrogada, que nada ten que ver coa definición dunha planificación máis xeral e de futuro.

E remato xa, señor presidente. O actual escenario exige activar todo o potencial de innovación para axudar as empresas e as persoas a anticiparse ao cambio, así como a maximizar as oportunidades que supoñen profundos avances ligados á globalización e aos retos socioeconómicos afrontados neste momento pola sociedade.

O novo plan debe acadar os obxectivos de modernización da economía, da competitividade e do progreso social para loitar contra a crise económica, social e sanitaria que nos toca vivir.

Por tanto, este grupo parlamentario presentaba unha emenda ao primeiro punto, onde o Parlamento de Galicia instaba a Xunta de Galicia a elaborar —¡como non!— ese ambicioso plan, pero durante o ano 2021, cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar —como o está a facer o Goberno galego e como o dixeran ao inicio da miña intervención— o gasto social de investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media de España.

Pola miña parte máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da Proposición non de lei, a señora Gallego.



A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señora Vázquez, se a prudencia se establece na falta de execución do orzamento en I+D+i, si, a Xunta de Galicia ten moita, moita prudencia. (*Aplausos.*) Si, si, non o dubidamos.

Antes de continuar, quero dicir que imos aceptar a emenda do BNG. De feito, xa levamos a iniciativa sobre axudas de formación posdoutoral en comisión e mesmamente onte o grupo parlamentario estivo reunido coa asociación InvestiGal. E tamén imos aceptar a emenda do Partido Popular, para que vexa que nós queremos consensuar e queremos que isto saia adiante. Tamén imos aceptar a súa emenda. (*A señora Vázquez Domínguez asente.*)

Pero, señora Vázquez, o gasto de Galicia en relación ao PIB é do 0,94 % fronte ao 1,24 % en España e ao 2,18 % na media europea. En Galicia temos que construír un novo modelo de crecemento, dedicando á I+D+i o 1,5 % do produto interior bruto galego. Isto é realizable en dous exercicios orzamentarios. Para que isto sexa así, a Xunta de Galicia ten que apoiar o campo da I+D+i, incrementando moito, moito máis, esa partida nos orzamentos dos próximos dous anos. Eses 126 millóns anunciados nos orzamentos son insuficientes para que Galicia chegue a ser unha rexión de forte innovación. E logo hai que executalos, hai que executalos.

A Xunta de Galicia ten que elevar o nivel de aportación de fondos públicos á I+D+i. Galicia está regazada neste eido, con menos investimentos sobre o produto interior bruto na actualidade que en etapas anteriores. Ademais, mentres outras comunidades avanzaron moito, a nosa queda rezagada. E eu non falei do País Vasco; se vostede quere falar del, moi ben, pero eu non falei do País Vasco. Así o reflicte a comparación co norte de Portugal, así como coa media de rexións europeas e tamén das comunidades autónomas de España. O índice que fixa a Unión Europea afunde Galicia ao posto 189 das 238 rexións analizadas, perdendo 27 postos e co cualificativo de rexión innovadora moderada. Mentres, a rexión Norte de Portugal está no posto número 100 —rexión con forte innovación—, despois de gañar 29 posicións.

No exame dos 17 indicadores cos que a Comisión Europea elabora a ratio da I+D+i que lle permite clasificar as rexións comunitarias, o Norte de Portugal supera Galicia en 15 deles. O norte portugués destaca —e moito— en números de pemes innovadoras: é a décima rexión; Galicia, a 194. En innovación do produto e procesos: posto 15 para o Norte de Portugal contra o 189 en que está Galicia. Ou en aplicacións de marcas comerciais: posto 19 para o Norte de Portugal contra o posto 89 de Galicia.

Esta comparativa coa rexión Norte de Portugal reflicte perfectamente o atraso da nosa comunidade autónoma en I+D+i. Non sigan por ese camiño, deputadas e deputados do Partido Popular, non sigan por ese camiño. Así imos mal.

A Xunta de Galicia só executou o 25 % dos fondos europeos previstos para I+D, dos que gastaron 21,9 millóns, cando o obxectivo para o 2018 eran 89 millóns. Este é un exemplo de como en Galicia as partidas dedicadas á investigación e ao desenvolvemento son as que acumulan máis atrasos na execución ou directamente non se executan. A I+D é o ámbito con peor execución dos Feder, e isto non pode ser, ¡isto non pode ser! (*Aplausos.*)



A Unión Europea xa fixo unha advertencia á Xunta de Galicia. Leo textualmente: «É necesario incrementar o ritmo de execución do gasto e intensificar a dinamización do investimento privado que combina axuda pública en proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación». Máis claros non poden ser. ¡Clarito, clarito!

Deputados e deputadas do Partido Popular, estes datos da Unión Europea son demoledores. Espero que o queiran ver. Se non o queren ver é porque non lles interesa que Galicia avance na I+D+i, e van cometer un erro gravísimo.

Para situar a I+D+i nun eixe de crecemento económico, habería que poñer en marcha algúns puntos básicos, como, por exemplo, unha planificación bianual. Para iso, hai que incrementar, nos dous próximos exercicios orzamentarios, os niveis de financiamento público en I+D+i —nos capítulos de gasto de persoal, investimento real e transferencias de capital—, para garantir un financiamento sostido que represente unha porcentaxe dos ingresos públicos tendente á media española e europea.

A Xunta debería establecer un compromiso plurianual que garanta a normalización e o cumprimento de todas as actuacións previstas nos diferentes plans autonómicos de investigación —bolsas de posgrao, proxectos de investigación, programas de captación de talento...—, tanto no relativo aos prazos das súas convocatorias como na resolución das mesmas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: O Goberno autonómico do Partido Popular ten que desenvolver, na Axencia Galega de Innovación, mecanismos que permitan contratos, programas, e os orzamentos bianuais correspondentes, con criterios estritamente científicos e coa autonomía necesaria. A Xunta de Galicia tería que ter como obxectivo catalizar unha transformación dixital que impulse o emprego, o desenvolvemento da industria e a revitalización da economía. A transformación dixital é un dos retos máis urxentes aos que a nosa sociedade se enfronta neste momento, debido á importancia que teñen os datos en todos os ámbitos das actividades económicas e sociais. Invistan en I+D+i, señores do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa noite.



Imos seguir falando de investigación, e agora imos cun caso práctico. Esta iniciativa que o BNG trae hoxe aquí trasladámola porque así nola fixo chegar o persoal investigador das tres fundacións biosanitarias de Galiza: a Fundación Biomédica Galicia Sur, a Fundación Profesor Nóvoa Santos e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela. Representantes da Plataforma Galega de Traballadoras/es en Investigación Sanitaria (Plag-tis), conformada polos comités de empresa destas tres fundacións, reuníronse co BNG e cos outros grupos políticos para expoñer a situación laboral que este persoal padece, en demanda de apoio para que dende a Consellaría de Sanidade se acepte desbloquear as negociacións para conseguir un convenio colectivo digno.

Precisan dun convenio colectivo porque, despois de practicamente vinte anos da fundación destas fundacións —valla a redundancia—, nunca tiveron e seguen sen ter un convenio colectivo. Estamos a falar de cincocentos e cincocentas profesionais que teñen os seus dereitos laborais baixo mínimos. Como dicía, non teñen convenio colectivo e están por debaixo de calquera empresa que aplique tan só o Estatuto dos Traballadores. Eu teño que recoñecer que non coñezo ningunha empresa cun volume de traballadores e traballadoras como esta —de cincocentas persoas— que non teña un convenio colectivo.

E a situación ¿cal é? Que o 90 % do persoal é eventual. E do que ten estabilidade, practicamente ningún pertence ás persoas que fan investigación. Levan anos encadeando contratos; algunhas persoas levan vinte anos en contratos temporais, en constante fraude de lei. A primeira xeración de persoal investigador das fundacións biosanitarias públicas de Galiza vaise xubilar sen ter accedido, ningunha vez, a un só contrato estábel. Van rematar toda a súa vida laboral con contratos temporais. Dende logo, dende o BNG cremos que isto é un auténtico insulto. É o neoliberalismo elevado á súa enésima potencia.

Non estamos a falar de persoas bolseiras nin tampouco de persoas que están aínda estudando. Estamos falando de persoas adultas que están desenvolvendo a súa carreira laboral, de persoal con moi alta cualificación e que desempeñan labores especializados con salarios ao nivel do salario mínimo interprofesional.

E vou falar de datos claros. Salarios brutos: un técnico superior en laboratorio, 15.000 euros brutos; un titulado superior en química, en farmacia ou en sanidade, 16.500 euros brutos ao ano; un doutor ou doutora, 19.000 euros brutos ao ano. Creo que estes son números que deberían facer avermellar a calquera que logo queira falar das necesidades da investigación no noso país.

¿E que reclaman? Pois o que dixeran: un convenio colectivo que recolla dereitos, que recolla obrigas e deberes, que estableza a regulación da xornada, os días libres, as vacacións, as táboas retributivas, a estrutura de categorías e a definición da carreira investigadora; en resumo, que elimine as condicións de precariedade na que se atopan.

No BNG consideramos que é un paso imprescindible para dignificar o labor profesional destas persoas que se dedican á investigación sanitaria, porque é imprescindible coidar o persoal investigador porque —como xa se dixo aquí na anterior iniciativa— son un pilar fundamental do sistema. Se non se dignifica as persoas que fan investigación, non é posíbel dignificar a investigación.



Hai arredor dun ano e medio conseguiron iniciar as negociacións para acadar este convenio colectivo; conseguiron condicións laborais estábeis para todo o colectivo e foron conseguindo avances nalgúns aspectos, mais as negociacións están paralizadas desde o mes de xuño. O que tería que ser, en principio, un *impasse* porque viña a época estival e porque había eleccións no mes de xullo —e de aí tiña que derivarse a conformación dun novo goberno—, na práctica está converténdose nunha paralización *sine die*. Cinco meses despois desta paralización, non se volveu convocar a mesa de negociacións.

O conselleiro de Sanidade, diante do ministro de Sanidade, comprometeuse a convocar a mesa de negociacións. Pola mañá dixo que ía facelo en canto puidese. Dende o BNG cremos que non hai ningunha xustificación para esta demora. Demandan avanzar no que queda pendente, que non sexa un «trágala» nin un convenio que veña definido con base en convenios á baixa aprobados noutras partes do Estado; demandan que sexa unha negociación sen liñas vermellas e un convenio digno; demandan que haxa unha interlocución con capacidade negociadora dende a realidade galega, que é propia e específica e con necesidades concretas.

Dende logo, no BNG cremos que este convenio é preciso para o recoñecemento profesional que merecen, e que tamén debe ser acompañado dun mínimo recoñecemento económico. Dende logo, non podemos ter profesionais que exercen un labor tan importante como é a investigación cunhas retribucións como as que relatei hai un momento. Non podemos estar formando persoas para que logo emigren nin estar exportando coñecemento porque aquí non teñen un mínimo de condicións para desenvolver os seus proxectos vitais.

Trátase —insisto— de dignificar os que están para que non marchen —porque están marchando—, de poder captar talento novo, de recoñecer o traballo e de permitir desenvolver proxectos vitais. Cremos que hai que facelo porque é preciso para cada un dos investigadores e investigadoras —dende un punto de vista individual—, mais tamén para o conxunto do país.

Se a pandemia da covid-19 puxo algo en evidencia, é que un modelo económico baseado nos servizos —antes baseado tamén no ladrillo— fainos tremendamente vulnerábeis, fainos tremendamente dependentes. Unha estrutura económica baseada no sector dos servizos, desligada da I+D+i, ten consecuencias dramáticas para o país. E a inexistencia de tecido innovador déixanos a mercé das economías que si realizan esa aposta.

Se no conxunto da sanidade esta crise puxo de manifesto as enormes dificultades existentes, no campo da investigación coido que tamén o fixo dun xeito moi patente. Xa se fixo aquí referencia a que non é posíbel a investigación sen investimento, e o nivel de investimento na investigación en Galiza é realmente pírrico, o 0,94 % do PIB, lonxe da media do Estado —que, dende logo, non é para botar foguetes—, e moi lonxe de Euskadi ou da media europea.

O grave é que en Galiza se inviste pouco, pero o máis grave é que esta situación vai a peor; é dicir, invístese pouco e, sobre todo, invístese menos con respecto a outros sitios onde si invisten. Co cal, cando un queda quieto e outros avanzan, resulta que retrocedemos moitísimo máis. Esa é a situación na que está Galiza.



Por iso apostar por un modelo baseado na economía do coñecemento precisa poñer en valor as persoas que o practican. E a primeira medida ten que ser respectar as persoas que investigan, porque o que non se pode producir no país son titulares coma estes que estamos vendo na prensa estes días. Titulares que din: «Denégannos proxectos debido á nosa inestabilidade». Isto é respecto de persoas que traballan nunha das fundacións, da Fundación Biomédica Galicia Sur, que fan declaracións neste sentido. Tampouco Galiza pode permitirse un titular coma este: «Os impulsores da vacina galega lamentan a falta de apoio da Xunta de Galiza». Non podemos permitirmos que o proxecto de investigación da vacina contra a covid-19 deseñado en Galiza, e que xa está a punto de pasar a ensaios en animais, non reciba ningunha subvención da Xunta de Galiza. Estas son realidades e podíamos traer bastantes máis, o cal, dende logo, é —insisto— un drama colectivo para as persoas que traballan nestas condicións, pero tamén é un drama para o país.

Por iso traemos aquí esta iniciativa, pola que demandamos que se convoque de inmediato a mesa de negociación para acadar ese convenio colectivo das fundacións biomédicas de investigación sanitaria en Galiza; que a Xunta se implique dun xeito claro para conseguir que antes de que remate este ano 2020 se pechen os termos deste convenio, no que se contemplen as categorías profesionais, a carreira investigadora, condicións laborais dignas, a estabilidade, as condicións retributivas... Creo que non é pedir demasiado. Despois de vinte anos de existencia das fundacións biomédicas, parece que é unha cuestión realmente de mínimos.

O terceiro punto da nosa iniciativa é que se designe un ou unha representante para esta negociación, que teña capacidade de decisión e que forme parte da Consellaría de Sanidade. Non nos parece de recibo que se contrate unha consultoría de Madrid para negociar un convenio que ten que partir da realidade e das necesidades galegas, que ten que incardinarse nas condicións laborais deste colectivo de cincocentas persoas —insisto, cincocentas persoas, non estamos falando dunha cuestión anecdótica— e que ten que concretarse dunha vez por todas porque nos parece máis que de xustiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa noite.

Falar de investigación en Galicia —practicamente en calquera lugar de España— ten un compoñente difícil. Eu adoito poñer poucos casos particulares, pero hai un que me chama moito a atención. Miren, el chámase Toño e é de Velle; ela, Rocío e é da miña provincia de Pontevedra. Son investigadores moi bos, con teses de doutoramento, que fixeron bioloxía e



que traballan aquí en Santiago, arredor do Clínico de Santiago, sobre cuestións de cardioloxía —eu non son un especialista nas súas facetas de investigación—. Traballan, sobre todo, para evitar problemas cardíacos súbitos. Van facendo avances. Son grupos moi potentes —vostedes saben que temos grupos potentes—.

Encadearon entre os dous, probablemente, entre oito e dez contratos, pero nunca, en ningún caso, dun ano. Cando leron a tese, un deles xa non puido encadear máis contratos. E despois de pasar algúns meses firmando —case, case, por meses, porque o financiamento do grupo non permitía máis—, decidiron emigrar. Emigraron ao centro de Europa. O primeiro que lles preguntaron no grupo de investigación —no que el fixo unha entrevista— foi que como era posible que este país —o noso país— se permitía o luxo de desperdiciar talento e cartos en formar investigadores e mandalos fóra. Formar un doutor universitario, dependendo das áreas, digamos que custa sobre 45.000 ou 50.000 euros. Nalgunhas áreas é máis —sobre todo nas áreas biomédicas—, e pode ser que se superen os 50.000 euros. Engadamos, despois diso, todos os anos que se traballa despois, investimento en material... Sorprendíanse. Traballaron en Holanda, en Bélxica, con ofertas en Alemaña, en Austria... A cuestión está en que eles non tiveron a oportunidade de volver. Hoxe teñen tres fillas. Á mañá falabamos de impulso demográfico, e isto tamén é impulso demográfico. Teñen tres fillas —que, por certo, eu xa non sei cantos idiomas falan, que é unha marabilla—, pero viven fóra. A máis pequena non está en idade de moverse facilmente; a maior ten os seus grupos sociais. É moi difícil que movan a súa vida. ¿Por que? Porque este país expulsounos, botounos fóra. ¿Por que? Porque temos un país que aínda non é capaz de entender que investir en I+D é investir nunha xeración, é investir nun cambio de modelo produtivo. Son cousas que dicimos habitualmente pero que os gobernos non fan, non fan.

Este é o problema da investigación. Hoxe tráese aquí un debate sobre a investigación e as condicións dos investigadores. As fundacións de investigación biomédica en Galicia non teñen convenio laboral para os investigadores. Son, probablemente, o maior talento en investigación ao que hoxe podemos aferrarnos para superar a pandemia. Hai boa parte dese talento en empresas privadas, e algunha está facendo un traballo potentísimo. Pero en investigación biomédica probablemente temos o maior talento da investigación sanitaria. ¡Non teñen convenio laboral! Este non pode ser un país decente. ¡Non teñen convenio laboral! Os investigadores nos que estamos depositando o avance da investigación, aos que entregamos a capacidade de resolver o grave problema que estamos a vivir, teñen que emigrar ou teñen que quedar baixo condicións moi precarias se queren vivir en Galicia, ou se queren volver.

Presumíase aquí, non hai moitos meses, dun gran programa para atraer talento investigador. ¡Cinco prazas! Iso si, deu para máis páxinas de publicidade en medios de comunicación que para prazas de investigadores que volveron a Galicia.

Temos un problema con este sistema. É certo que os orzamentos que este ano se presentan aumentan a partida para investigación sanitaria; en termos porcentuais, de maneira potente respecto do que existía. ¡Si!, viñamos de moi abaixo. E viñamos de que nos últimos dous anos a partida para investigación sanitaria da Consellería de Sanidade, a 621B, baixou 11,5 %. Agora aumenta, é certo. A que máis aumentou este ano tamén é a do Ministerio, 59,4 %,



para a investigación en España —sobre todo centrada, evidentemente, na loita contra a covid—. Tamén é certo que estaba baixa.

Permítanme a cuña publicitaria. É certo que está baixa e tamén que ningún goberno atinou en investir realmente o necesario, pero se vostedes collen o gráfico estandarizado de hai dez anos, de hai quince ou de hai vinte, só sobe cando goberna o Partido Socialista. Esta tamén é unha realidade da que hai que ser conscientes.

Temos un problema coa I+D, e é que hai que crer neste sistema. A I+D non dá rendementos mañá, e probablemente e aparentemente dea menos votos mañá. Pero necesitamos crer neste modelo e non vale con dicilo sistematicamente.

Os investigadores que están traballando na investigación médica punteira de Galicia non teñen convenio laboral. Hai moitos anos que non teñen convenio laboral. Hai non moito, un deputado ou deputada do Partido Popular —non lembro— dicía —non recordo se no Pleno ou na Comisión de Sanidade—: «Iso non quere dicir que non teñan condicións dignas de traballo». ¡Home!, ¡que menos! Aínda así habería que saber se realmente é condición digna non ter un convenio laboral, porque iso é un problema para poder resolver cando hai un problema laboral. Porque ¿a que se aferran? ¡A nada, a nada!

Entón, deixemos de enchernos as bocas co moito que apostamos por non sei que, ou co moito que facemos. Están marchando, e non a Cuba ou á Venezuela, que é o chiste fácil que algún deputado fixo aquí. Non, non se trata diso. Trátase de que este país non está investindo nas cousas que debe, e, por tanto, a iso nós tamén queremos sumarnos. Nós recibimos estes investigadores, conversamos con InvestiGal, con Platgis, cos traballadores e traballadoras das fundacións biomédicas, e compartimos plenamente esta iniciativa. Temos rexistrada unha semellante e, como non podía ser doutra maneira, imos votar a favor desta.

Estes son os colectivos que nos van resolver moitos problemas. Nós plantexámoslles, durante o debate, durante as conversas, durante as xuntanzas, moitos temas sobre cal era a súa valoración, sobre se realmente debían de pertencer a fundacións, sobre integrarse plenamente no sistema público, sobre os convenios público-privados para o avance dalgunhas tecnoloxías de investigación. Todo iso son debates realmente interesantes, complexos, con matices, con arestas. Pero dicían: «Non, non, non queremos debater iso, ese é un debate do que xa non estamos convencidos de que se poida dar sequera. Nós só queremos que se fale do convenio. Porque, se se fala de todo, non se vai resolver isto». E esta era a súa petición: só querían un convenio laboral, ¡un convenio laboral! Son doutores universitarios, traballadores de investigación biomédica, e só queren un convenio laboral. ¿De verdade é posible que Galicia non teña un convenio para estas persoas, que son ao redor de quíntas? (*Aplausos.*) ¿De verdade é posible?

Eu agardo, de verdade, que me poidan dar unha explicación. Porque eu non dou entendido o que pasa. É certo que agora houbo unha pandemia; pero nos nove anos anteriores, non. Tamén é certo que para asinar un convenio fan falta cinco minutos, ¡eh!, ¡cinco minutos! Porque para redactalo non hai que facer xuntanzas que nos poñan en perigo de contaxio do virus. Para asinalo fan falta cinco minutos. Así que o da pandemia xa valeu como excusa.



Sobre todo sabendo que quen antes lles prometía que todo se ía arranxar —con este xogo de que alguén promete e logo sempre hai un xefe que di que non, que non aparece nas xuntanzas e ao que se lle pode botar a culpa, que é un xogo moi habitual— hoxe é, curiosamente, o conselleiro de Sanidade. Entón agora debe ser que hai un xefe intermedio para botarlle a culpa ao conselleiro de Sanidade —que antes era o que lle botaba a culpa a outro e ao final non había convenio—.

Esta é a situación, e é que este debate non dá para máis. Nós imos apoiar esta iniciativa. Creamos que é indecente que isto siga existindo. Sabemos que hai erros de todos os gobernos en moitos lugares, pero tamén creamos que é necesario recordar que hai gobernos que apostan de verdade, hai gobernos que apostan menos e hai gobernos que non apostan nada. Iso si, todos din que fan moito. Nós imos apoiala e agardamos que o Partido Popular vote a favor. Estamos convencidos de que o fará, xa que, se non, tería moi difícil explicar por que non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, ou noites xa.

Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, todos estamos de acordo en que a importancia da investigación é fundamental nas sociedades, e é a maneira de solicitar e de obter información. Grazas á investigación as sociedades avanza. A investigación científica xoga un papel moi importante para a sociedade na actualidade, porque, grazas a ela, se avanzou en moitos aspectos. E é importante poñer en valor a grande importancia que ten a investigación, xa que —a pesar de vivir en sociedades avanzadas— existe moita ignorancia sobre este tema e hai quen cae no erro de pensar que a investigación científica non nos serve de moito. Todos concordamos en que a investigación é a base fundamental do coñecemento.

Señorías, os gobernos teñen a responsabilidade de impulsar a investigación, a docencia, a innovación e o desenvolvemento científico-tecnolóxico. Aí atoparán unha forte aposta do Goberno galego. Pero imos falar de investigación sanitaria, pola que tamén o Goberno galego aposta firmemente. E é importante destacar que nesta época de pandemia o sector biotecnolóxico galego lidera unha vintena de investigacións sobre a covid-19, que van desde a vacina ata o tratamento, a detección do virus ou mesmo a fabricación de material. Nesa mesma noticia que se comentou aquí tamén vén que a GAIN acaba de investir tres millóns de euros.

Na nosa comunidade autónoma, a execución da investigación sanitaria estrutúrase —como ben se dixo aquí— ao redor de tres institutos de investigación biomédica: o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (o IDIS), o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña



(o INIBIC) e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (o IISGS). Os grupos de investigadores destes tres grandes institutos fan posible que neles se execute a maioría das accións de investigación sanitaria en Galicia, que teñen o seu centro nos hospitais públicos. É importante remarcar que, ao mesmo tempo, estes investigadores dos institutos acadan sinerxías cos investigadores das universidades galegas. Polo tanto, a dotación e o orzamento de investigación sanitaria atópanse principalmente neses centros.

En Galicia contamos con dous institutos que foron acreditados polo Instituto de Saúde Carlos III. En concreto, o Instituto de Santiago, no ano 2010 —reacreditado tamén no ano 2015—, e o da Coruña, no ano 2014. Neste momento estase traballando na acreditación do de Vigo. Este é un elemento importante, xa que a acreditación oficial outorgada supón a confirmación da existencia de grupos básicos e clínicos con excelencia investigadora, así como a existencia dunha adecuada infraestrutura de apoio a esta investigación.

En Galicia están constituídos máis de 150 grupos de investigación ao redor destes tres institutos, que están estruturados en distintas áreas: en oncoloxía, en xenética e bioloxía de sistemas, en endocrinoloxía, en neurociencias e en epidemioloxía e saúde pública. Estes grupos levan consigo unha rede na que se inclúen preto de 1.500 investigadores, con dedicación exclusiva ou compartida coa clínica, ademais do persoal do *staff* e de apoio.

Pese ás dificultades económicas, nos últimos anos os institutos de investigación galegos incrementaron de xeito moi significativo as súas fontes de financiamento. No ano 2009, os ingresos que captaban eran a cuarta parte do que se está a obter neste momento, o que indica claramente o impulso que a investigación biosanitaria está a ter en Galicia.

Pero isto non é o realmente importante. É claro que a calidade dos investigadores destes institutos de investigación é a razón que permitiu este incremento na captación de fondos, pero o fundamental é que se multiplicaron as publicacións de artigos científicos, e cun maior factor de impacto; duplicouse nos últimos anos o número de ensaios clínicos e quintuplicáronse os estudos observacionais; e, fundamentalmente, déronse os pasos necesarios para trasladar os resultados da investigación aos cidadáns, cun número xa significativo de patentes conseguidas e licenciadas.

No referente aos convenios colectivos, en Galicia no ano 2009 existían sete fundacións de investigación sanitaria, e ningunha delas formalizara ningún convenio colectivo cos seus traballadores. O primeiro no que se traballou foi en refundir e unificar esa dispersión para agrupala nas tres fundacións de investigación que existen neste momento, para fortalecer estruturas e aproveitar sinerxías coas universidades e cos institutos de investigación.

Neste momento, por primeira vez desde que existen estas fundacións de investigación, as mesmas están a negociar convenios colectivos específicos para cada unha delas. O conselleiro díxoo, precisamente esta mañá, na súa intervención.

Vostede, señora Prado, indica no texto da PNL que hai investigadores que levan traballando máis de vinte anos con contratos temporais. É verdade, señora Prado. É verdade este recoñecemento. E é verdade tamén o que dixo o voceiro do Grupo Socialista aquí. Todos os go-



bernos incorremos niso. Pero vólvolle repetir que por primeira vez desde que existen se está traballando nun convenio. En calquera caso, é un erro identificar a existencia dun convenio colectivo propio con que esas condicións laborais sexan dignas. Hai moitas entidades e empresas que non teñen o seu propio convenio colectivo e non por iso maltratan os traballadores, e teñen condicións de traballo que son adecuadas.

Por outra banda, vostede tamén indica na PNL: «Que se peche un convenio laboral no que debe contemplarse que as condicións retributivas partan, como mínimo, da proposta que realizan os comités». Isto non parece medianamente razoable, e non por cales poidan ser as condicións propostas polos comités —eu non entro nin saio do que o comité vaia propor—, senón porque iso non é unha negociación, parece máis ben a imposición dun convenio. Por tanto, non é razoable que, por unha banda, vostede propoña que se celebre unha mesa de negociación e, por outra, que se recollan os criterios soamente dunha parte para negociar. Para iso non é necesario facer unha negociación.

Volvo dicirle que por primeira vez se está traballando co obxectivo de conseguir a formalización de convenios colectivos nestas entidades e que se están elaborando distintos aspectos importantes referidos aos dereitos e aos deberes dos traballadores; entre outros, o réxime de xornada laboral, o horario, as vacacións, o réxime de permisos, as excedencias, os dereitos de representación... Nós consideramos que se debe seguir traballando niso, pero, loxicamente, a través da negociación, porque é a forma en que se establecen estes acordos, e non a través da imposición, que parece que é o que vostede propón.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: A verdade é que estamos chegando ás oito e media da tarde e unha, sinceramente, non sabe que pensar. A min gustaríame saber o que vai facer o Partido Popular, se vai votar a favor ou non desta iniciativa, porque o deixou un pouco na indefinición. Eu agardo que rectifique, porque di a deputada do Partido Popular que ter un convenio non garante nada. Ter marcos legais non garante nada, pero axuda de carai. *(Aplausos.)* ¡Axuda de carai que haxa unha lei que estableza dereitos, que estableza dereitos, señores e señoras deputadas do Partido Popular!

Parécelles unha barbaridade que a iniciativa que o BNG presenta diga que as cantidades non estean por debaixo das que plantexan os que están negociando. E é que esas cantidades que plantexan son moi pouco superiores ás que mencionei. Señora deputada, lémbrolle, mire: 15.000 euros para un técnico superior de laboratorio, 16.500 euros —¡brutos, eh!, ¡brutos!— para titulados superiores ou 19.000 para doutores... ¡¿Vostede cre que este Parlamento pode lanzar a mensaxe de que se pode negociar algo por debaixo disto?! ¡¿Pódese negociar algo por debaixo disto?! *(Aplausos.)* ¡¿Vostede cre que isto é unha imposición?! ¡¿Imposición de que?! ¿De que está falando?



Vostede cansou de falar aquí de «*lo bueno de la investigación*», de que as sociedades avanzan... ¡Pero a investigación non avanza soa, fana persoas que necesitan unhas condicións mínimas e dignas, señora deputada! ¡Mí-ni-mas! ¡Mínimas! Iso é o que están pedindo, un convenio onde se recoñezan dereitos cunhas condicións mínimas. Están falando de condicións mínimas.

E, miren, vostedes sempre teñen excusas. Dá igual, a cuestión é deixar a xente na precariedade absoluta e que traguen co que sexa. Hai un ano, o 14 de novembro, o BNG traía a este Parlamento unha iniciativa moi similar a esta, porque xa daquela estaban negociando. E pedíamos que se desbloqueara porque estaba bloqueada. ¿Que dixo o Partido Popular? ¡No, hombre, no!... porque onte houbo unha reunión y ya está! (Murmurios.) ¡Está aí gravado!: «Onte houbo unha reunión y ya está!» (Aplausos.) E un ano despois resulta que non. Un ano despois, non, porque non imos impoñer unhas condicións... Hai que tomalo case a broma, porque é tan serio o conto, ¡é tan serio, señores e señoras deputadas do Partido Popular...! ¡Estamos falando de cincocentas persoas, de persoal de excelencia, cualificado...! E vostedes toman a pitorreo as condicións laborais nas que teñen que desenvolver a súa actuación!

Logo, aínda se atreve a dicir que conseguen captar recursos e sacar adiante proxectos. ¿Á custa de que, señoras deputadas e deputados do Partido Popular? Á custa case exclusivamente do seu lombo, ¡já custa do seu lombo!

Dende logo, o BNG trae esta iniciativa aquí para que lancemos unha mensaxe clara de que a investigación é fundamental, pero se é de verdade e se se apoia as persoas que fan esa investigación. E está claro que o Partido Popular na Xunta de Galiza maltrata o persoal investigador, maltrata o persoal investigador. Eu agardo que, de aquí a mañá, como hai unha noite de por medio, consulten coa almofada e teñan a dignidade de votar a favor desta iniciativa.

Miren, o conselleiro de Sanidade actual era o representante da Xunta na mesa de negociación antes de que o nomeasen conselleiro. Polo tanto, debe coñecer moi de cerca cal é a situación. Debería estar sensibilizado con esa situación e ter un pouco a delicadeza de convocar unha mesa de negociación. Tampouco estamos pedindo aquí que lle dediquen o orzamento da Xunta a este colectivo, senón que se convoque unha mesa de negociación.

Falouse aquí do produtivos que son e do ben que fan os proxectos. Si, a persoa que veu comparecer por InvestiGal dixo unha cousa que tamén debería quitarlles as cores. Dixo que, a pesar do escaso investimento en investigación en Galiza, resulta que teñen a sexta posición en produción científica e retorno económico e a quinta posición en patentes concedidas. Iso é polo bo traballo, que os rifan fóra. E resulta que o Partido Popular se pode permitir o luxo de que formemos estes profesionais, de que estean altamente cualificados e logo permitir que desenvolvan o seu traballo nestas condicións laborais e tamén sociais. Sen condicións laborais e sen salarios dignos non hai capacidade, non hai posibilidade, de desenvolver proxectos de vida dignos.

Eu dixen na primeira intervención unha cuestión, e tamén vou rematar coa ela. Estase a punto de consolidar o tema de que toda unha xeración de persoal investigador das funda-



cións públicas se vaia xubilar sen ter accedido nunca a ningún contrato estábel. Isto é un insulto e é, dende logo, inaceptábel para estas persoas. E é inaceptábel para un país telas nestas condicións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Eu agardo que reflexionen e que mañá sexan capaces de ter un pouco de decencia e de votar a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.


Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

